



Procesos de urbanización na parroquia de Bembrive, Vigo

Anxo Vila Riveiro
Vila Nova de Cerveira
Janeiro de 2016

Procesos de Urbanización na parroquia de Bembrive, Vigo

Anxo Vila Riveiro (autor)

Rui Florentino (orientador)
Francisco Fumega (co-orientador)

Vila Nova de Cerveira
Janeiro de 2016

Prefacio.

A presente tese de disertación foi desenvolvida para a obtención do grado de Mestre en Arquitectura e Urbanismo pola Escola Superior Gallaecia, entre o mes de abril do 2015 e o mes de xaneiro do 2016. O autor da tese é o alumno Anxo Vila Riveiro, coa orientación do Prof. Doutor Rui Florentino e a co-orientación do Prof. Doutor Francisco Fumega.

Desenvolvida no ámbito do urbanismo, baixo o título “Procesos de urbanización na parroquia de Bembrive, Vigo.”, ten por obxectivo o estudo da evolución urbana de Bembrive e a influencia que nela ten o planeamento urbano do municipio.

Agradecementos.

Os meu agradecemento ao meu orientador Rui Florentino e ao meu co-orientador Francisco Fumega, pola súa cercanía e apoio constante. Non podo deixar de expresar a idea de que son parte desta disertación de Mestrado, e que non tería sido posible desenvolve-la sen a súa inestimable axuda.

Aos traballadores do Concello de Vigo e da Entidade Local Menor de Bembrive, pola súa disposición a axudarme en todo o solicitado para elaboración da disertación. Cunha especial mención a Roberto Ballesteros, Alcalde Pedáneo de Bembrive, e a Antonio Alonso, xefe de desenvolvemento urbanístico do Concello de Vigo, que se comprometeron persoalmente ao ser entrevistados; ao igual que Ángel Vila, técnico superior proxectista. Tamén agradezo a súa axuda e aportación a Diego Perez.

Quero agradecer tamén o apoio e camaradaría de todos os compañeiros de estudos na Escola Superior Gallaecia durante a miña etapa académica, moi especialmente a Alex, Antón, David, Fredo, Guille, Katia, Mili e Noelia, que antes que compañeiros, son xa amigos.

Por último, quero agradecer o apoio, interese e cariño, recibido durante a elaboración desta disertación, aos meus amigos e a miña familia.

Esta disertación está dedicada a miña compañeira Lorena, polo seu derroche de apoio, amor e comprensión, no académico e persoal. E moi especialmente aos meus pais, Angel e Lola, por acompañarme en todos os meus logros e fracasos, cunha fe inquebrantable que non sempre merecín. Sen o seu apoio e cariño incondicional, nada disto sería posible.

Resumo. Galego.

Bembrive é unha parroquia da área periurbana da cidade de Vigo, que dende un pasado eminentemente rural de natureza labrega, foi evolucionando, a través da mudanza das súas actividades económicas e tipoloxías urbanas, até converterse nunha zona residencial de baixa densidade.

O contexto xeográfico de Bembrive determina a súa evolución, que se encadra dentro dos procesos de urbanización experimentados na orla periurbana das grandes cidades galegas, en concreto na de Vigo. Historicamente, estes espazos periurbanos foron tratados coma un solo de reserva para a expansión da cidade, sen atender a súa natureza e necesidades. Debido a isto, non existen estudos urbanos pormenorizados que sitúen á parroquia de Bembrive no centro desta problemática.

O obxectivo é estudar os procesos urbanísticos vividos na parroquia, dende a metade do século XX, e as ferramentas empregadas polas administracións públicas para a ordenación e o planeamento urbano de Bembrive, permitindo achegarse á natureza e causas dos cambios experimentados, acadando a base necesaria para identificar directrices relevantes en futuras intervencións urbanas.

A metodoloxía empregada para a consecución destes obxectivos é o estudo de caso da propia parroquia de Bembrive. Coa análise de cartografías e datos, históricos e actuais, de diversas fontes, trazarase a evolución urbana experimentada até os nosos días. Posteriormente estudaranse as ferramentas utilizadas para a ordenación urbana da parroquia, centrándose nos Plans Xerais de Ordenación Municipal do Concello de Vigo; para despois analizar a súa influencia nos procesos urbanísticos de Bembrive.

A presente tese de disertación procura así contribuír ao coñecemento máis profundo da natureza urbanística, pasada e presente, de Bembrive e servir de modesta ferramenta para futuras intervencións urbanas sobre a parroquia, concluíndo que é necesario un estudo previo máis profundo para un planeamento urbano axeitado nas zonas periurbanas das grandes cidades.

Palabras chave: Periurbanización, Planeamento, Bembrive.

Resumo. Português

Bembrive é uma “paróquia” da área periurbana da cidade de Vigo, que de um passado eminentemente rural, de natureza agrícola, foi evoluindo através da mudança das suas atividades económicas e tipologias urbanas, até se converter numa zona residencial de baixa densidade.

O contexto geográfico de Bembrive determina a sua evolução, que se enquadra dentro dos processos de urbanização experimentados na orla periurbana das grandes cidades galegas, em concreto na de Vigo. Historicamente, estes espaços periurbanos foram tratados como um solo de reserva para a expansão da cidade, sem atender à sua natureza e necessidades. Devido a isso, não existem estudos urbanos pormenorizados que situem a “paróquia” de Bembrive no centro desta problemática.

O objetivo é estudar os processos urbanísticos ocorridos na paróquia, a partir da metade segunda do séc. XX, e os instrumentos utilizados pelas administrações públicas para o ordenamento e o planeamento urbano de Bembrive, permitindo que nos deparemos com a natureza e as causas das mudanças experimentadas, encontrando a base necessária para identificar diretrizes relevantes em futuras intervenções urbanas.

A metodologia utilizada para a prossecução destes objetivos é o estudo de caso da própria “paróquia” de Bembrive. Com a análise de cartografias e dados, históricos e atuais, de diversas fontes, se traçará a evolução urbana experimentada até aos nossos dias. Posteriormente se estudarão os instrumentos utilizados para o ordenamento urbano da “paróquia”, centrando-se nos Planos Gerais de Ordenamento Municipal do Concelho de Vigo; para então analisar a sua influência nos processos urbanísticos de Bembrive.

A presente dissertação procura assim contribuir para um conhecimento mais aprofundado da natureza urbanística, passada e presente, de Bembrive, e servir de modesta ferramenta para futuras intervenções urbanas sobre a “paróquia”, concluindo-se que é necessário um estudo prévio más profundo para um planeamento urbano adequado nas zonas periurbanas das cidades.

Palavras-chave: Periurbanização, Planeamento, Bembrive.

Abstract.

Bembrive is a parish in the peri-urban area of the town of Vigo, which has evolved from a mostly agricultural rural background to become a thinly populated residential area, by changing its economic activities and urban typologies.

Bembrive's geographical context has determined this evolution, which is taken within the urbanization processes experienced by Galicia's main towns' peri-urban borders, specifically Vigo's. These peri-urban spaces have historically been considered as spare building sites for the town's growth, without dealing with their nature and needs. Due to that, there are no detailed urban studies available which put Bembrive in the centre of this situation.

The goal is to study the urban processes that have affected the parish since the middle of the twentieth century, as well as the tools used by the Public Administration in Bembrive's urban development and planning, allowing us to deal with the nature and causes of the changes it has gone through, and giving us the information required to identify relevant directives in future urban interventions.

The methodology used to meet these goals has been a case study of Bembrive Parish itself. Analysing cartography and historical and current data from several sources, its urban evolution until today will be followed. Later, the tools used in the urban development in the parish will be studied, focusing on Vigo's Council General Urban Development Plan. After that, its influence on Bembrive's urban processes will be analysed.

This dissertation aims to contribute to a deeper knowledge of Bembrive's past and its present urban nature, and to be useful as a modest tool for future urban interventions in this parish. As a conclusion, it can be said that a closer previous study is needed in order to perform suitable urban planning in peri-urban areas around big towns.

Keywords: Peri-urbanization, Urban planning, Bembrive.

Índice de contidos.

Prefacio	
Agradecementos	
Resumo galego	
Resumo portugués	
Abstract	
1. Introducción	10
1.1. Identificación e xustificación da problemática	11
1.2. Obxectivos	12
1.3. Metodoloxía	14
1.4. Estrutura dos contidos	18
2. Marco teórico	21
2.1. Rural e urbano	22
2.2. Urbanización	29
2.3. Procesos de urbanización nas periferias urbanas	33
2.4. Sistemas de asentamento poboacional na Galiza	44
2.5. Evolución dos asentamentos rurais nas ultimas décadas	64
2.6. A ordenación do territorio	70
3. Contextualización	82
3.1. Vigo	83
3.2. Bembrive	104
4. Análise da evolución urbana de Bembrive (1943 – 2008)	156
4.1. Introducción e xustificación das técnicas empregadas	157
4.2. Ano 1943	166
4.3. Ano 1956	180
4.4. Ano 1985	191
4.5. Ano 2000	208

4.6.	Ano 2008	224
4.7.	Cruzamento de datos dos diferentes puntos de control cronolóxicos	236
5.	Análise dos Plans Xerais de Ordenación Municipal	266
5.1.	Introdución e xustificación da análise dos Plans Xerais de Ordenación Municipal	267
5.2.	Plan Xeral de Ordenación Municipal de 1972	269
5.3.	Plan Xeral de Ordenación Municipal de 1993	284
5.4.	Plan Xeral de Ordenación Municipal do 2008	306
	Conclusións	332
	Bibliografía	350
	Índice de figuras e imaxes	358
	Índice de táboas	366
	Anexos	369

1. Introducción.

1.1. Identificación e xustificación da problemática

O obxecto de estudo da presente disertación é a parroquia de Bembrive, localizada na orla periurbana da cidade de Vigo, e dentro do mesmo termo municipal. Dende un pasado eminentemente rural e labrego, ten evolucionado cara unha zona de ámbito basicamente residencial, caracterizada por unha edificación dispersa e falta, polo xeral, de condicións urbanas, de vivendas unifamiliares illadas que se estenden por grande parte do territorio parroquial.

O contexto xeográfico de Bembrive determinou a súa evolución urbana, encadrándoa dentro dos procesos de urbanización experimentados polos espazos periurbanos das grandes cidades galegas. Historicamente, nas políticas de ordenación do territorio desenvolvidas polas administracións públicas, estas zonas periféricas foron tratadas coma unha ferramenta ao servizo da cidade; “deste xeito o rural actuaba como un solo de reserva, que agardaba os proxectos urbanos, así como tamén un espazo que acochaba unha poboación que se despraza conxunturalmente a traballar á cidade” (Souto, 1994, p. 10).

Debido a isto, o planeamento urbano da parroquia foi, practicamente, inexistente até finais do século XX, polo que o proceso de urbanización resultou, no xeral, caótico e falto de racionalidade. Dende esas datas, a evolución e asentamento dos Plans Xerais de Ordenación Municipal coma a principal ferramenta de ordenación do territorio urbano, permite observar unha maior preocupación das administracións públicas no planeamento urbano de Bembrive, pero que aínda esta lonxe de ser suficiente para responder ás necesidades urbanísticas da parroquia e os seus habitantes.

Os motivos deste déficit, pódense atopar en diversos factores, como é a persistencia da idea do rural como reserva para o urbano ou as lóxicas do mercado inmobiliario. Pero, ao noso parecer, o principal escollo para un bo planeamento urbano de Bembrive é a falta de estudos pormenorizados sobre a mesma, que afonden nas súas características, físicas, naturais, patrimoniais, históricas, sociais, económicas, etc. e que sitúen á parroquia como actor protagonista.

Este feito, fíxose evidente unha vez comezou a recompilación de datos para a presente disertación. Ao tempo que existen centos de estudos e miles de documentos relativos á cidade de Vigo, no momento de procurar información sobre unha parroquia periurbana do mesmo concello, xorde un enorme baleiro de información. Así pois, un dos obxectivos deste traballo é, na medida do posible, encher ese oco.

Outro factor que pode axudar na mellora do planeamento urbano da parroquia, é a análise da pegada real dos Plans Xerais de Ordenación Municipal sobre o territorio, entendendo estes Plans como a normativa máis achegada á realidade e que condensa ao resto de leis e normas que regulan a urbanización. Ao noso entender, é primordial estudar os efectos das ferramentas de ordenación, para entender e concluír cales son elementos que se deben de mudar ou mellorar.

Unha vez acadado un coñecemento profundo da natureza da parroquia e das ferramentas que regulan o proceso urbanizador, será posible determinar directrices xerais que guíen futuras intervencións urbanas.

A parroquia de Bembrive presentase coma un caso de estudo pertinente dentro do proceso de periurbanización da contorna de Vigo, pois é unha das parroquias viguesas que menos mudou a súa morfoloxía urbana e estrutura social, das implicadas no citado proceso. Este feito, permite unha mellor identificación dos elementos que se poden empregar para unha urbanización axeitada da parroquia, antes de que a probable expansión da cidade a envolva por completo.

1.2. Obxectivos.

Como xa foi referido, a presente disertación ten como obxecto central o estudo dos procesos de urbanización na parroquia de Bembrive, localizada no termo municipal do Concello de Vigo. Para isto, establécense os seguintes obxectivos:

1º. Determinar os procesos de urbanización de Bembrive dende a metade do século XX.

A consecución deste obxectivo permitira acadar o coñecemento necesario sobre a evolución urbana experimentada pola parroquia dende a metade do século XX até os nosos días. Estableceranse unha serie de puntos de control cronolóxico que permitan observar a natureza urbana de Bembrive en cada un deles e determinar as diferentes etapas nos procesos de urbanización; a través de diversas técnicas e apoiándose nun marco teórico axeitado. Así, comprenderase dun xeito adecuado o urbanismo actual da parroquia e cales son os factores que o desenvolveron.

2º. Definir a relación entre a evolución urbana e os instrumentos de ordenación do territorio.

Para acadar este obxectivo, comezase por elaborar un marco teórico a través de autores de referencia, que axude a comprender a ordenación do territorio; para despois analizar pormenorizadamente os Plans Xerais de Ordenación Municipal aplicados sobre o territorio de Bembrive. Finalmente, confrontase a información obtida sobre as ferramentas de ordenación do territorio coa obtida no obxectivo 1º, para determinar a influencia real da planificación urbana no urbanismo de Bembrive.

3º. Identificar as directrices relevantes para futuras intervencións urbanas.

Coa base adquirida a través da consecución dos obxectivos 1º e 2º, trazaranse unhas liñas xerais que, dende a nosa modesta aportación, podan axudar a desenvolver, no futuro, unha planificación urbana axeitada para as características da parroquia de Bembrive e os seus habitantes; dende unha perspectiva realista e integradora coa contorna. Este obxectivo será desenvolvido na parte final da disertación, no capítulo de conclusións.

1.3. Metodoloxía.

O campo de investigación son os procesos de urbanización da parroquia de Bembrive, no Concello de Vigo, dende a metade do século XX.

Para levar a cabo a investigación, seleccionouse coma método o estudo de caso. Xustifícase este método porque permite unha maior aprofundación nos obxectivos propostos, sobre un obxecto contemporáneo no contexto real, sen perderse na xeneralización. Ademais, permite o emprego dunha ampla aplicación de técnicas e apoíase na accesibilidade do estudo de campo (Yin, 1984).

Usaranse diversas técnicas para a recolla da información necesaria na análise, relatadas e explicadas a continuación:

A análise documental (Saint-Georges, 1997) é unha das principais técnica empregadas na compilación de datos, tanto na construción do marco teórico que serve de base para as análises posteriores, como para a recolla de datos referentes á evolución urbana de Bembrive e os instrumentos de ordenación do territorio que influíron sobre a mesma. As fontes consultadas divídense en:

Fontes escritas: A través da revisión de literatura de diversos autores de referencia, principalmente no campo do urbanismo, a estrutura de asentamentos poboacionais na Galiza, a ordenación do territorio, a historia do obxecto de estudo e o seu contexto.

Fontes escritas oficiais: Empregaranse principalmente leis e normativas no ámbito do urbanismo e datos estatísticos.

Fontes non escritas oficiais e privadas: Tales coma cartografía actual e histórica oficial e privada, fotografías aéreas actuais e históricas de orixe oficial e fotografías do obxecto en estudo de diversas naturezas e fontes.

Empregase de xeito complementario a observación (Gil, 1995), que permite achegarse á información dun modo directo, sen intermediarios. Esta técnica será desenvolvida na súa modalidade de observación sistemática e participante

de modo natural, isto é unha visión planeada e non aleatoria, na que son establecidos previamente os aspectos a ter en conta; ademais o observador/autor participa da vida real da comunidade, á que pertence.

A fotografía (Bogdan & Biklen, 1994) é outra técnica auxiliar na recolla e análise de datos. Son tomadas polo autor, fotografías de aquelas situacións urbanas que exemplifiquen ou expliquen o discurso desenvolvido. Ademais, estas fotografías son empregadas coma complemento visual da disertación.

Empregarase a entrevista (Ghiglione & Matalón, 1997) coma técnica para recoller o punto de vista de algúns actores implicados nos procesos de urbanización da parroquia de Bembrive. Recorrerase á modalidade de entrevista semidirectiva, na que existe un esquema de preguntas amplas que se usa de xeito flexible para situar ao entrevistado no cadro de referencia da investigación. As persoas obxecto das entrevistas son profesionais relacionados coa urbanización ou a arquitectura e representantes públicos da Entidade Local Menor de Bembrive.

As persoas entrevistadas son:

Roberto Ballesteros Costas, alcalde pedáneo da Entidade Local Menor de Bembrive dende o ano 2011 e funcionario no departamento de urbanismo do Concello de Vigo.

Antonio Alonso Fernández, arquitecto municipal e xefe de desenvolvemento urbanístico do Concello de Vigo.

Angel Vila Maceira, técnico superior proxectista, asesor en urbanismo e xestor inmobiliario, con máis de 40 anos de experiencia no traballo sobre a parroquia de Bembrive.

As notas de campo (Bogdan & Biklen, 1994) son unha técnica que apoia ao resto de técnicas empregadas. Realízanse notas de campo de carácter descritivo das situacións observadas e de carácter reflexivo das mesmas.

Atendendo a esta metodoloxía, o primeiro paso no proceso de desenvolvemento da disertación será a creación dun marco teórico, apoiándose nos textos dos autores de referencia no urbanismo, o asentamento poboacional na Galiza, as áreas periurbanas, a ordenación do territorio, e demais campos que axuden a crear a base teórica necesaria para unha análise axeitada do obxecto de estudo.

O segundo paso será a recolla de datos a través das técnicas expostas, para levar a cabo o estudo de caso da parroquia de Bembrive. Unha vez finalizados os procesos de recolla de información, esta será tratada de xeito cualitativo para a interpretación dos datos (Bogdan & Biklen, 1994), permitindo analizar a evolución urbana da parroquia e as ferramentas de ordenación do territorio que foron empregadas para a planificación urbana da mesma.

A través do estudo paralelo da evolución urbana e o planeamento urbano de Bembrive, obteranse resultados de cada unha das análises, que serán confrontados para interpretar a influencia das ferramentas empregadas no planeamento urbano da parroquia. Ao mesmo tempo, esta confrontación de datos, permitirá acadar unhas conclusións xerais e desenvolver directrices para futuras intervencións urbanas en Bembrive.

A continuación é presentado un esquema do procedemento a seguir na análise e tratamento de datos.




Fig.1. Esquema do proceso metodolóxico da disertación.

1.4. Estrutura dos contidos.

En base aos obxectivos propostos e á metodoloxía aplicada, a presente disertación estrutúrase nos seguintes capítulos.

Introdución.

Neste capítulo preséntase unha descrición da disertación científica a desenvolver, a través de subcapítulos que tratan: a xustificación da problemática, nela preséntase o obxecto a analizar e explícase a pertinencia do estudo; os obxectivos propostos cunha breve explicación dos mesmos; a metodoloxía empregada para a consecución dos obxectivos e a presente estrutura de contidos.

Marco teórico.

Neste capítulo desenvólvese a teoría da arte relativa aos campos tratados na disertación. En base a textos de autores de referencia, preséntanse os conceptos de rural, urbano e urbanización. Posteriormente afondarase nas teorías elaboradas para os modelos de urbanización nas periferias das cidades, os sistemas de asentamento na Galiza, a evolución experimentada polos asentamentos rurais nas periferias das cidades nas últimas décadas e a ordenación do territorio e as ferramentas empregadas para este fin. Deste xeito, será construída unha base teórica na que apoiarse para o estudo de caso da parroquia de Bembrive.

Contextualización.

No capítulo de contextualización é presentado o obxecto de estudo, a parroquia de Bembrive. Para isto, comezase por caracterizar o contexto municipal da parroquia, o concello de Vigo, tratando temas coma a localización, o medio físico, a demografía, a economía, o clima, a evolución administrativa, ou a

historia. Unha vez realizada a contextualización municipal, será desenvolvida a caracterización da parroquia, na que se tratan os mesmos temas, pero a nivel parroquial, acrescentados cunha presentación do patrimonio, o goberno parroquial, as unidades poboacionais e datos estatísticos. O obxectivo deste capítulo é situarse no contexto no que se desenvolven os procesos urbanísticos a analizar.

Análise da evolución urbana de Bembrive (1943 – 2008).

Neste capítulo analizarase a evolución urbana experimentada pola parroquia de Bembrive entre os anos 1943 e 2008. O capítulo comeza cunha descrición da estrutura da análise, na que se introducen e xustifican a elección dos puntos cronolóxicos de control, as técnicas empregadas e os campos estudados. Realízase unha análise individual para cada un dos puntos de control cronolóxicos, correspondentes aos anos 1943, 1956, 1985, 2000 e 2008. Posteriormente preséntase un subcapítulo onde se confrontan os datos dos diferentes puntos de control, incluíndo un estudo dos equipamentos e da funcionalidade do sistema urbano de Bembrive.

Os temas tratados nos puntos de control son: a estrutura dos asentamentos poboacionais, a densidade de edificación, a accesibilidade dos barrios, a demografía e os usos do solo.

Análise do planeamento urbano de Bembrive.

O capítulo de análise do planeamento urbano de Bembrive céntrase no estudo dos Plans Xerais de Ordenación Municipal do concello de Vigo, tratando en exclusiva o planeamento da parroquia en estudo. Igual que no anterior capítulo, comézase por unha introdución e xustificación dos puntos analizados nos PXOM dos anos 1972, 1993 e 2008. A estrutura de cada subcapítulo, relativo a cada PXOM, é constituída por: unha introdución das características xerais, a clasificación xeral dos solos, as normas urbanísticas de aplicación na

parroquia, a ordenación dos solos e unha conclusión do planeamento da parroquia.

Conclusiones.

Neste capítulo son presentadas as conclusións finais que dan resposta aos obxectivos propostos. O capítulo segue a seguinte estrutura: en primeiro lugar preséntase un resumo desenvolvido a partir da síntese da análise da evolución urbana de Bembrive, seguido dunha clasificación sectorial da parroquia segundo a tipoloxía urbana predominante. A continuación expóñense as principais problemáticas no planeamento urbano da parroquia e, ao seguir, preséntanse e xustifícanse unha serie de directrices ou recomendación para futuras intervencións urbanas en Bembrive, desenvolvidas a partir da análise dos procesos de urbanización experimentados na parroquia e tomando coma base o Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 2008.

Bibliografía.

No capítulo de bibliografía son referenciadas todas as fontes da información empregada para a elaboración da presente disertación. O capítulo é dividido en: bibliografía xeral, bibliografía específica, fontes dixitais, cartografía, lexislación, plans urbanísticos, índice de figuras e imaxes e índice de táboas.

Anexos.

Neste capítulo é adxuntada toda a información secundaria, que non foi incluída no corpo da disertación pero que pode axudar a unha mellor comprensión da mesma. Tal como son, táboas de calculo, información sobre as entrevistas, mapas e planos, etc.

2. Marco teórico

2.1. Rural e urbano.

A continuación será achegada a definición dos termos, rural e urbano, a través das exposicións de autores de referencia neste ámbito. Unha vez dentro do controvertido debate da dicotomía rural-urbano, estudarase a categorización do territorio a partir dos dous conceptos.

2.1.1. Definición dos conceptos.

A primeira dificultade que se atopa na tarefa de distinción entre rural e urbano é a definición dos propios termos, sobre todo do rural, que en moitas ocasións caracterizouse como o que non é urbano, estando o urbano máis definido nas teorías urbanísticas, xeográficas ou sociais, e na concepción popular do propio termo. Tal como expresa Gómez Orea (1992, p. 22), no seu libro *Planificación rural*, a noción de espazo rural é algo máis intuitivo que teórico, unha “noción que resulta mais asequible a partir dun conxunto de características étnicas, culturais, sociais, económicas, administrativas, físico-naturais e visuais, se ben para cada unha delas o medio rural ten unha significación distinta”.

Como apunte inicial pódese definir o urbano cunha acepción clásica que dá o propio Gómez Orea (1992), resaltando que o medio urbano está definido por núcleos de poboación de maiores dimensións que no rural, con predominio dunha paisaxe artificial de edificios, fabricas e rúas e onde as actividades baséanse no sector secundario e terciario con certa independencia do medio natural. Máis adiante profundarase neste termo cando sexa tratada a diferenciación rural-urbano e o fenómeno da urbanización, centrándose agora en tentar definir o rural.

Baixo a perspectiva que proporciona a xeografía tradicional, o medio rural constitúese “polo *`ager`* (espazo cultivado), o *`saltus`* (espazo inculto), o hábitat e os camiños; por suposto, os hábitats definidos como comunidades rurais e os camiños de pequena envergadura” (Gómez Orea, 1992, p. 22).

Dende un encadramento galego no primeiro cuarto do século XX, para Otero Pedrayo (1927) o rural formábase por diferentes tipos de asentamentos das persoas que viven da actividade agrícola.

A través dunha análise económica, Beiras Torrado (1970) relaciona o medio rural coa dispersión poboacional, cando di que Galiza é un país caracterizado polo hábitat disperso, sendo este, un fenómeno que establece un predominio do medio rural na estrutura demográfica.

Gómez Orea (1992) define como características do espazo rural fronte ao urbano, o asentamento poboacional en pequenos núcleos illados e dispersos; o medio físico está marcado polo natural, cunha paisaxe de explotacións agrícolas, forestais ou gandeiras e onde, no xeral, a actividade económica depende dos recursos do medio natural, cobrando grande importancia a actividade agraria, como un medidor do nivel de ruralización.

Sancho Comíns e Reinoso Moreno (2012), no seu libro *‘La delimitación del ámbito rural: una cuestión clave en los programas de desarrollo rural’*, coinciden nestas características do medio rural e as amplían:

O concepto de rural enténdese clasicamente coma participe de catro características comúns: en primeiro lugar, unha densidade de poboación baixa, determinada historicamente pola capacidade de explotar os recursos cercanos; en segundo lugar, pola importancia da actividade agraria, que si ben vai perdendo peso progresivamente nos países máis industrializados con respecto a outros sectores, é indubidable que aínda segue sendo o centro sobre o que se articula maioritariamente a economía das comarcas rurais; en terceiro lugar, a forte relación entre os habitantes e o medio natural que os rodea, que determina a súa propia identidade, actividade económica, festas, materiais e formas de construción, etc.; e en cuarto lugar, as fortes relacións sociais que se establecen entre os seus habitantes, marcadas por pertencer a unha colectividade de reducido tamaño e relativamente estable, até a afección do impulso migratorio. (p. 601)

Seguindo coa dicotomía rural-urbano, pero xa abandonando a idea da agricultura como eixo vertebrador, o autor Pazo Labrador (1995) defende que se debe de considerar como asentamento rural todo aquel que non mostre unha morfoloxía urbana, aínda que non teña unha función agrícola: “máxime cando nesta rexión a coexistencia de actividades características diferentes é xeral e xa se producía de sempre e de feito en boa parte do territorio , aínda que a integración do mundo agrícola nos sistemas de mercado borre progresivamente as características diferenciais entre o mundo cidadá e o mundo aldeán” (pp. 12,13).

Dende un enfoque das administracións públicas, a Comisión Europea define o rural da seguinte maneira:

O mundo rural abarcaría aquelas zonas e rexións onde se levan a cabo actividades diversas e incluírían os espazos naturais e cultivados, os pobos, vilas, cidades pequenas e centros rexionais, así coma as zonas rurais industrializadas de ditas rexións , pero a noción do mundo rural non implica unicamente a simple delimitación xeográfica. Evoca todo un tecido económico e social, un conxunto de actividades do mais diverso: agricultura, artesanía, pequenas e medianas industrias, comercios e servizos. Serve de amortiguador e espazo rexenerador, polo que resulta indispensable para o equilibrio ecolóxico ao tempo que se converteu nun lugar privilexiado de repouso e ocio. (OCDE, 1988, citado por Sancho Comíns & Reinoso Moreno, 2012, p. 600)

A diferenciación da natureza dun territorio na dicotomía rural-urbano é un debate controvertido e pode que, na actualidade, falto de lóxica no chamado primeiro mundo. Debido á globalización cultural, o estilo de vida urbano chegou a practicamente todos os recantos do territorio galego, así como do occidente europeo; polo que a poboación asentada en territorios que coloquialmente son definidos como rurais teñen un modo de vida máis ou menos semellante ao urbano. Incluso podese chegar a situación de que os termos non sexan excluíntes.

2.1.2. Categorización do territorio en rural ou urbano.

Na distinción entre o espazo rural e o urbano non existe unha formula universal e “non pode condensarse nunha soa definición aplicable a todos os países, e nin sequera á maioría dos países dunha rexión ou ámbito zonal/continental” (Sancho Comíns & Reinoso Moreno, 2012, p. 608)

A dificultade de diferenciación entre rural e urbano é referida por Baigorri, quen explica que nos países desenvolvidos, cos seus actuais modos de produción, a categorización do territorio en rural ou urbano é ,nestes espazos, baseada en delimitacións arbitrarias, tales como o tamaño dos municipios ou como moito a proporción de poboación activa agraria. Sostén que “o rural nunca foi definido, quedando como residuo do que aínda non é urbano” (Baigorri, 1995, p. 2); resaltando que o proceso civilizatorio ten como un dos seus pilares a urbanización do territorio e a poboación.

Moitos estados diferencian entre rural e urbano pola demografía dos núcleos poboacionais. Segundo Farcy (1975, citado por Gómez Orea, 1992, p. 25) algunhas das cifras a partir das cales se considera unha aglomeración coma urbana, dependendo dos diferentes estados, son as seguintes: En Corea 40.000 habitantes, en Suíza ou Francia 10.000 habitantes, en Bélxica ou Escocia 5.000 habitantes, nos EUA 2.500 habitantes e en Dinamarca 250 habitantes. Tornándose visible a grande variación dos límites.

En Inglaterra clasifícanse os asentamentos en colectividade rural ou cidade a partir de consideracións de administración local, atendendo exclusivamente a un principio de operatividade.

No caso do estado español, tal como refire o propio autor, o Instituto Nacional de Estadística define que os núcleos rurais son aqueles de menos de 2.500 habitantes, entre 2.500 e 10.000 habitantes xorde a categoría intermedia e a partir de 10.000 é considerado urbano.

A medida que se avanza no afianzamento da sociedade posindustrial en Europa as diferencias entre o rural e o urbano fanse máis difusas, “até ben entrado o século XX, semellaban claras e inequívocas, cunha correspondencia entre rural e agrario e unha morfoloxía urbana caracterizada pola construción

en altura e a alta densidade de poboación” (Sancho Comíns & Reinoso Moreno, 2012, p. 600).

Hoxe en día “a maior parte do espazo presenta características que mesturan elementos de ambos mundos” (Formigo Couceiro & Aldrey Vázquez, 1999, p. 317) podendo distinguir os paradigmas do urbano e do rural “pero xa non están tan claros os límites da cidade, saber onde acaba o urbano e comeza o rural ou viceversa” (p. 317), o rural subordina a súa produción aos mercados urbanos e serve de reserva de solo, para crear novos asentamentos residenciais ou industriais ou para satisfacer as necesidades de ocio ou contacto coa natureza da poboación urbana.

A evolución da nosa sociedade, das estruturas económicas e da ocupación do territorio levou á procura de novas lecturas que superan a definición do rural en contraposición ao urbano, deixando atrás a visión dicotómica baseada na dualidade, que sustentaban as teorías clásicas e as definicións de rural xa mencionadas.

Sancho Comíns e Reinoso Moreno (2012) falan da teoría do continuum rural-urbano, publicada por Sorokin e Zimmerman no seu libro “*Principes of rural-urban sociology*”, do ano 1929. Esta teoría defende que as diferencias entre o urbano e o rural son graduais e non existe unha fronteira definida entre os dous espazos, baseándose na proporción de agricultores para establecer o gradiente. Esta idea foi acollida por numerosos teóricos ao longo dos anos, que a foron modificando e introducíndolle novas variables para a gradación, como a densidade de poboación, o illamento, a solidariedade grupal, etc.

A proporción de agricultores é un parámetro que en países europeos, como é o caso concreto de Galiza, cada vez ten menos sentido, pois atópanse numerosos casos de persoas inscritas na actividade agraria pero que non a desenvolven, predominando os campos ermos en moitas aldeas, a pesar de ter unha proporción elevada de poboación activa dedicada a actividades agrarias.

O continuum rural-urbano está presente na teoría de Roca (2003), máis actual, onde fai unha revisión crítica dos métodos clásicos de delimitación do espazo urbano, introducindo na mesma os fenómenos modernos de desconcentración

urbana. Para Roca, hai que abandonar a idea da fronteira entre o rural e o urbano e pensar no grado de urbanización do territorio, analizando a intensidade de edificación, a actividade e estrutura económica, a mobilidade da poboación e das mercadorías, etc.

A dicotomía rural-urbano xa non serve para explicar a estrutura territorial actual, tendo que recorrer á concepción do continuum rural-urbano graduado a partir do nivel de urbanización (Baigorri, 1995; Johnston, Gregory & Smith, 1987, citados por Lois González & Torres Luna, 1995b).

Esta idea apoiase no pensamento de que o espazo rural non se pode entender de xeito independente do urbano, xa sexa dende a concepción do rural coma 'interland' dunha cidade determinada ou coma un sistema específico que interactúa co sistema de cidades nos diferentes niveis de división administrativa do territorio (Gómez Orea, 1992); xa que "o espírito do capitalismo e a sociedade da información penetraron até tal punto neses supostos espazos rurais que non é fácil percibir hoxe as diferencias en hábitos, actitudes e valores, e menos aínda no que se refire ás estruturas e relacións de produción" (Baigorri, 1995, p. 1).

O propio Baigorri (1995) pregúntase se estas novas concepcións do territorio significan que o rural deixou de existir na nosa sociedade:

Faltan datos empíricos para unha afirmación semellante, aínda que si creo factible defender a inutilidade da separación epistemolóxica entre o rural e o urbano. Se as teses que vimos desenvolvendo son acertadas, o rural serían apenas algúns intersticios fora da mancha da civilización, que quedarían no interior do que denominamos a urbe global. (p. 7)

Deixando unha posibilidade á existencia do rural cando afirma que "só na medida na que un espazo estea incomunicado poderá falarse de certa carga (de intensidade variable) de ruralidade" (Baigorri, 1995, p. 8).

É polo tanto necesario acudir a novos conceptos como periurbano, rururbano, cidade difusa, etc. para introducirse axeitadamente na problemática estudada e tratar, dende o punto de vista epistemolóxico, de solventar as carencias conceptuais que caracterizan a abordaxe do continuum rural-urbano

característico na periferia das cidades do atlántico ibérico, onde se localiza a parroquia de Bembrive.



Fig.2. Imaxe típica do rural galego.



Fig.3. Imaxe urbana en Galiza, cidade de Vigo.

2.2. Urbanización.

O concepto de urbanización pode ser explicado dende a perspectiva das ciencias sociais a través de tres procesos complementarios: O primeiro é “o fenómeno de concentración do efectivo demográfico en torno a unha serie de núcleos principais ou espazos privilexiados” (Lois González & Torres Luna, 1995a, p. 732), comunmente representados polas cidades; está é a acepción mais estendida no imaxinario popular cando se fala da urbanización da sociedade. O segundo “fai referencia á localización da industria e outras actividades económicas non agrarias nas cidades e as súas periferias” (p. 732). E o terceiro, ao que mais acoden os autores actuais, “expresa a difusión dos modos de vida urbanos ao conxunto da sociedade, nunha dinámica que se estende a todo o territorio” (p. 732).

O achegamento ao concepto de urbanización basearase principalmente naqueles autores que, xa na etapa industrial, tomaban como principal punto de análise dos procesos de urbanización a difusión do mundo urbano polo resto do territorio.

A cidade preindustrial presentábase, normalmente, coma un espazo amurallado separado do mundo rural mais alo dos muros. Coa revolución industrial e a aparición da sociedade capitalista, os `muros` foron desbordados e comezou a difusión do urbano, e das redes que o sustentan (como poden ser as infraestruturas nun plano mais físico), por grande parte do territorio (Roca, 2003). Vinuesa (1991, citado por Torres 2013), lembra que ademais da difusión do urbano, con urbanización tamén se entende o propio crecemento físico das cidades.

Xa no século XIX, Karl Marx (2013) expresaba que a urbanización é un proceso no que o urbano imponse sobre o rural, cando afirmaba que o capitalismo “someteu o campo á cidade” (p. 56) e non só pola concentración da poboación nas cidades, senón pola mudanza das relacións sociais e modos de produción asociados ao mundo rural en favor da sociedade e produción urbana (Baigorri, 1995).

No mesmo século XIX, Kautsky tomaba en consideración a necesidade de facilitar as relacións entre o mundo rural e o mundo urbano, “como base para a difusión da civilización no campo e para borrar o antagonismo cultural que separa a este da cidade” sendo a industria o instrumento que permitiría -como así foi- a modernización do campo” (Kautsky, 1898/1974, citado por Baigorri, 1995, p. 4).

Dende a perspectiva de que as sociedades deixan de ser rurais para converterse en urbanas, “sempre se considerou que a urbanización era sinónimo de modernización e desenvolvemento, e isto segue a manter a súa vixencia no noso entorno xeográfico e económico europeo” (Precado Ledo, Míguez Iglesias, & Fernández Justo, 2008, p. 2).

Estas teorías presentan ao mundo urbano coma o berce onde se desenvolve a civilización e a modernidade, para despois ser difundidas polo resto do territorio. A cidade foi o escenario da revolución industrial, que mudou as relacións socio-económicas da sociedade, primeiro no mundo urbano e despois, por extensión, no mundo rural. Lefebvre (1969) ou Gaviria (1971) referían a urbanización do mundo campesiño coma un proceso de colonización cultural, estendendo ao rural o mundo industrial e capitalista durante os séculos XIX e XX.

Deste xeito pódese entender a urbanización coma “a resultante dos procesos de cambio socioeconómico que tiveron lugar no mundo desenvolvido durante os últimos douscentos anos” (Lois González & Torres Luna, 1995a, p. 732); e deriva nunha concepción da organización do espazo “a partir do papel que cumpren as cidades e os espazos urbanos como centros económicos, de poder e focos onde se producen as innovacións” (p. 732).

A relación entre o campo e a cidade potenciouse cun continuo intercambio de persoas que se desprazan de medios rurais a medios mais urbanos. As condicións económicas e poboacionais do urbano implican cambios no rural e viceversa. Por exemplo, un aumento da poboación urbana supón un aumento da produción agrícola no rural, con menos persoas; isto é posible gracias a tecnoloxía urbana que inunda o rural (Gómez Orea, 1992).

Tal como expón Souto González (1994), neste contexto “o rural actuaba como un solo de reserva, que agardaba os proxectos urbanos, así como tamén un espazo que acochaba unha poboación que se despraza conxunturalmente a traballar á cidade” (p. 15).

Coa desindustrialización dos países desenvolvidos do mundo occidental e a perda de peso do sector secundario en favor do terciario, xorde un novo estadio denominado sociedade posindustrial, baseada no desenvolvemento técnico e científico, a educación e as tecnoloxías da información e a comunicación. Esta nova etapa social:

Estivo acompañada de novos procesos de asentamento da poboación; a confirmación de grandes áreas metropolitanas e a difusión da ‘urbanización’ a grande parte do territorio, son dúas das súas principais características. A concentración da poboación, que se agudiza ao iniciarse o despegue económico, alcanza un punto álxido e, despois, decrece na medida en que aumentan os niveis de desenvolvemento do país e o impacto urbanizador alcanza a unha boa parte do territorio. (Vinuesa & Vidal, 1991, citados por Sancho Comíns & Reinoso Moreno, 2012, p. 599)

Neste novo escenario o proceso de urbanización non resposta á “mera acumulación demográfica en torno a unha acumulación de recursos” (Baigorri, 1995, p. 3) do modelo industrial. Na época posindustrial, ademais da acumulación, a urbanización debe de ser analizada “en canto extensión de estilos culturais, de modos de vida e de interacción social” (Baigorri, 1995, p. 3), concluíndo que o urbano xa non é exclusivo da cidade. A urbanización consiste na “difusión dos modos de vida urbanos ao conxunto da sociedade, nunha dinámica que se estende a todo o territorio” (Lois González & Torres Luna, 1995a, p. 732).

Pódese concluír, a través destas teorías, que na etapa posindustrial o rural xa non é sometido ao urbano, senón que é asimilado por este. Nun proceso que envolve á totalidade do territorio.

Baigorri, expón que “vivimos nunha urbe global na que os espazos que son considerados rurais, ou non urbanos, son baleiros que “cumpren exclusivamente a mesma función que, en termos de microurbanismo, cumpriron os parques e as zonas verdes na cidade industrial” (Baigorri, 1995, p. 1), e defende que “as bases deste proceso están na transformación tecnolóxica e ecolóxica (é dicir, tamén funcional) destes espazos. Por elo, si queda algún ámbito para o exercicio da Socioloxía Rural esta só pode darse en termos de Socioloxía da Urbanización, co obxectivo de analizar os procesos de mudanza cara unha urbanización xeral do territorio” (pp.1,2).

Esta `cidade global´ da que fala Baigorri (1995) basease na idea, expresada anteriormente, de continuum rural-urbano, no que o territorio é unha sucesión de espazos con diferentes morfologías e funcións, con densidades poboacionais variables, que teñen a súa cohesión en diversos nodos e centralidades, e son participes en maior ou menor medida, todos eles, do mundo urbano.



Fig.4. A cidade de Vigo absorbendo ao espazo rural.

2.3. Procesos de urbanización nas periferias urbanas.

O estudo de caso da presente disertación é a parroquia de Bembrive, situada na contorna da cidade de Vigo, e inserta administrativamente no propio concello de Vigo. Comezarase por estudar este tipo de espazos, envolventes da propia cidade, así como as diferentes denominacións que dende as escolas urbanísticas e xeográficas se lles da aos mesmos, para despois continuar cos modelos de urbanización que se dan nestes espazos, facendo especial realce no proceso vivido na parroquia de Bembrive, obxecto do presente estudo.

2.3.1. Da área metropolitana ao espazo periurbano.

A evolución socio-económica da sociedade creou novos modos de produción que se reflexan na “propia produción e reprodución da cidade, e de aí os grandes conflitos que se desenvolven en torno á fronteira física entre o rural e o urbano” (Baigorri, 1995, p. 1). Entendendo estes conflitos dentro do campo do urbanismo.

A sociedade posindustrial, tal como expresan Vinuesa e Vidal (1991), trouxo novos modos de asentamento poboacional. Neste novo escenario, hai autores coma Precado Ledo (1988) ou Lois González e Torres Luna (1995a) que defenden que se debería mudar o concepto da vella cidade coma un núcleo principal illado, polo de área metropolitana ou rexión urbana. Nestas áreas considerase tanto “a poboación central como a de toda a orla periurbana intensamente conectadas con ela por fluxos laborais cotiás” (Lois González & Torres Luna, 1995a, p. 733).

Son os denominados movementos migratorios pendulares, que se realizan dun xeito cotián e intercomunican intensamente a cidade de Vigo e a súa contorna inmediata. Estes fluxos organízanse por corredores e vías de comunicación que difunden dun xeito lineal a propia área de influencia da cidade, aparecendo elementos que reforzan ditos fluxos (hospitais, polígonos industriais, centros de ensino, etc.) e mudan a expansión concéntrica dende o centro da cidade, sostida polas teorías clásicas de urbanización, por outra que xera unha cidade

difusa e moi determinada polas vías de comunicación e a concentración das actividades económicas.

Nas áreas metropolitanas esténdese a urbanización a bastas áreas de influencia das cidades nun marco de descentralización urbana; producíndose “movementos centrífugos de poboación e dos modos de vida urbanos dende a cidade cara a súa periferia” (Ferrás Sexto & Lois González, 1993, p. 116), deste xeito a urbanización esténdese “a modo de mancha de aceite dende a cidade central cara os sectores rurais, perdendo estes a súa caracterización morfolóxica, funcional e incluso socio-cultural” (p. 116), en favor “das actividades económicas, sociais, de residencia e tamén de ocio que se xeran no núcleo urbano central” (p. 116).

A estrutura destas áreas mostra un espazo central, representado pola cidade compacta ou vertical, rodeado de una serie de aneis nos que vai diminuindo a intensidade urbana a medida que vai aumentando a distancia. Para que se concrete unha área metropolitana é necesario “un proceso de urbanización maduro, polo que a cidade central rexedora do espazo metropolitano deberá ter un protagonismo funcional que cree unhas dependencias a un amplo espectro demográfico localizado sobre un territorio adxacente á propia cidade” (Ferrás Sexto & Lois González, 1993, p. 116).

O anel ou aneis máis próximos á cidade compacta son denominados por moitos autores coma área, zona ou orla periurbana. Estas zonas periurbanas, segundo Entrena Durán (2005), “maniféstanse coma espazos de transición entre a cidade e o campo” (p. 63) onde se mesturan actividades urbanas e agrícolas que compiten polo mesmo solo; nunha “xustaposición de áreas construídas ex-novo, hábitat rural preexistente, polígonos industriais, espazos agrarios, vías de comunicación e espazos de ocio” (Formigo Couceiro & Aldrey Vázquez, 1999, p. 318).

Nesta mesma perspectiva, moitos autores coma Carter (1987), Precado Ledo (1988) ou Zárate (1984) concíbenos coma “espazos multifuncionais sometidos a grandes e rápidas transformacións (...) determinadas pola cidade” (Carter 1987, citado por Entrena, 2005, p. 63); xa que “están recibindo unha cantidade importante de poboación, procesos de desconcentración industrial e un

incremento importante da actividade construtiva” (Formigo & Aldrey, 1999, p. 319); o que Font (1997) define coma un proceso de descentralización das actividades e da poboación urbana.

Por todo o exposto, é difícil definir os límites do periurbano. A nivel xeográfico non existe unha separación nítida entre a cidade e as zonas periurbanas, ou entre estas e o rural. O mesmo sucede cando se tenta establecer as fronteiras atendendo a unha cuestión socio-económica. A raíz de esta indefinición, Carter (1987) ou Entrena Durán, que conciben estes espazos coma unha especie de construcións híbridas entre o urbano e o rural, propoñen o concepto de `franja rural-urbana´ para referenciar estas áreas intermedias. Nela consérvanse moitas das características do rural “no que moitos dos seus habitantes viven de feito, pero sen que elo signifique que socio-economicamente dependan dese ámbito, (...) Unha das súas características máis destacadas é a pluriactividade dos seus habitantes” (Entrena Durán, 2005, p. 68).

Ampliando o significado do termo, é posible diferenciar varios tipos de áreas periurbanas:

En primeiro lugar atopámonos coas periferias das cidades, onde se distinguen diversas coroas segundo a intensidade da dinámica urbanizadora. En segundo termo, están os sectores costeiros, que se viron beneficiados pola diversificación das súas actividades económicas, entre as que cabe citar a irrupción dun potente sector turístico. Por último, chegan a considerarse periurbanos aqueles espazos nos que a maior parte da poboación activa desenvolve un traballo remunerado nun núcleo urbano próximo, co que o cartografiado dos territorios afectados polos fenómenos de urbanización difusa pode incluír a boa parte da superficie rexional” (Soumagne, 1987; Dexert, Metton & Steinberg, 1991, citados por Lois González & Torres Luna, 1995b, p. 437).

2.3.2. Modelos de Urbanización nas áreas periurbanas.

Para denominar os modelos de urbanización que se manifestan no crecemento urbano a través da desconcentración ou dispersión, “diversos autores consideraron necesario propor novas denominacións para aludir a estas manifestacións emerxentes de cidade, cuxas características son cada vez máis distintas das formas compactas de cidade” (Entrena Durán, 2005, p. 62).

Algúns dos termos máis empregados son: suburbanización, periurbanización, urbanización difusa, rururbanización, contraurbanización, desurbanización, cidade difusa, cidade desconcentrada ou dispersa, etc. Estes termos teñen “o problema de non ter acepcións unanimemente aceptadas e ser empregados con acepcións distintas segundo os autores, co que a confusión terminolóxica é patente” (Formigo Couceiro & Aldrey Vázquez, 1999, p. 318), idea que comparten Ferras Sexto e Lois González (1993).

Entrena Durán (2005) achega outro enfoque para explicar o porque desta variabilidade terminolóxica, que podería ser debida á procedencia xeográfica de cada autor. O termo suburbanización é mais empregado na literatura anglosaxoa, española e italiana; os termos rururbanización e periurbanización na literatura francesa e española; e o termo contraurbanización na norteamericana e en parte da europea.

Sen entrar a analizar aquí en detalle as causas desta diversidade de interpretacións e denominacións, poderíase afirmar que é moi probable que estea asociada á escala coa que se mira á realidade e ao país e/ou á cidade onde se xera a reflexión acerca do crecemento da urbanización dispersa, a cal manifesta en cada situación unhas singularidades específicas. (Monclús, 1998, citado por Entrena Durán, 2005, pp. 62,63)

De acordo á lectura dos varios autores e debido a enorme variabilidade na definición dos termos que fan referencia á urbanización dos espazos periurbanos, e co obxecto de poder aproximarnos ao significado de cada un, tómase coma referencia o texto “Periurbanización e rururbanización en Galicia” de Formigo Couceiro e Aldrey Vázquez, onde os autores relacionan os termos

periurbanización, rururbanización e contraurbanización. Podendo contrastar, así, os seus significados dentro dunha única teoría.

Para estes autores “O termo periurbanización define un novo proceso de ocupación do espazo nas proximidades das cidades” (Formigo Couceiro & Aldrey Vázquez, 1999, p. 318) . Considerando que a rururbanización e contraurbanización teñen acepcións semellantes, pero o termo periurbanización “é o mais apropiado para aplicar ao conxunto de calquera periferia urbana, mentres que os outros dous serían partes desa franxa periurbana” (p. 318). Continúan dicindo que “por rururbano pode entenderse aquel espazo no que se mesturan as paisaxes urbanas e rurais, xustapoñéndose e competindo por esas áreas” (p. 318) e a contraurbanización “sería un movemento de abandono dos centros urbanos por grupos acomodados da súa poboación buscando unha residencia en contacto coa natureza e próxima á cidade” (p. 318).

Continuarase a exposición destes fenómenos de urbanización, empregando o termo periurbanización como comodín, entendendo que é o mais amplo para aplicar ás zonas periurbanas, que son as que nos interesan por estar o caso de estudo, da parroquia de Bembrive, situado na orla periurbana da cidade de Vigo. Terase en conta que nas referencias a autores o termo periurbanización pode ser substituído por algún dos citados anteriormente, con coidado de non derivar cara significados paralelos.

Até, aproximadamente, os anos 60 do século XX, tanto os centros tradicionais urbano coma os suburbios, “configuráronse mediante unha expansión vertical e densificadora, por un desenvolvemento relativamente compacto” (Monclús, 1998, p. 4) debida a forte presión demográfica da cidade industrial. Sen embargo, “as novas periferias aparecen nun novo contexto de crecementos débiles ou de estancamento demográfico” (Monclús, 1998, p. 5). Dándose, incluso, o caso de que estas periferias absorban poboación do núcleo central (Lois González & Torres Luna, 1995b).

Así, dende a segunda metade do século XX, comeza un proceso de desconcentración no que as industrias e boa parte das vivendas das clases medias trasládanse ás periferias, ocupando solos suburbanos con promocións

residenciais de baixa densidade, na procura dun espazo cada vez mais escaso nos conxestionados centros urbanos (Monclús, 1998).

Tal coma expresa Dematteis (1998):

Os recentes procesos de periurbanización e de difusión reticular da cidade (cidade difusa) están dando orixe a periferias urbanas dun tipo moi distinto daquelas que se formaron en Europa dende a revolución industrial até a década de 1960. Estas novas periferias son o resultado de profundas mudanzas nas estruturas territoriais urbanas (desurbanización, contraurbanización), nas tecnoloxías da comunicación e da información (telemática), na organización e na regulación social (posfordismo), que transformaron aos países industrializados a partir de finais da década de 1960. (p. 9)

Estas novas periferias foron cobrando importancia a nivel territorial e superaron a imaxe negativa que delas se tiña durante a etapa da cidade industrial. Hoxe en día a periferia contraponse ao espazo insalubre que representa a cidade tradicional, percibida coma un freo ao avance da calidade de vida (Dematteis, 1998; Entrena Durán, 2005).

Un dos factores que permitiron o fenómeno da periurbanización foi a crecente accesibilidade ao vehículo privado por parte do groso da poboación, ampliándose o territorio accesible e as áreas de mercado, facendo que “os desprazamentos demográficos relevantes dentro dunha rexión funcional urbana teñan o mesmo significado de aqueles que no pasado se daban entre os barrios dun único centro urbano” (Dematteis, 1998, p. 13); e contrarrestando deste xeito a ausencia de densidade e intensidade, que facilita a actividade dos mercados e a dotación de servizos na cidade compacta (Indovina, 1990).

Atendendo a unha análise pormenorizada, Indovina (1990) describe a evolución urbana nas zonas periféricas, anteriormente rurais, que poderíamos denominar como periurbanización.

Nunha primeira fase, a mellora económica da poboación autóctona debida ao abandono do sector primario polo secundario, vese reflexada na casa, normalmente unifamiliar, autopromovida ou autoconstruída en propiedades

familiares ou en solo agrícola de baixo prezo, dentro do mesmo municipio de orixe.

Font (1997) refire tamén este fenómeno de ocupación individualizada que segue unha lóxica autoorganizativa e de autopromoción, e identifica ás infraestruturas de transporte e enerxéticas coma elementos de organización territorial.

Este proceso de desprazamentos curtos da poboación e dos edificios non crea unha forte demanda de servizos, polo que esta fase, que Indovina (1990) denomina de urbanización difusa, presentase como de baixo nivel. A estrutura do asentamento constitúese en illas, con conexións pouco relevantes entre elas, o que leva a unha relación reducida co territorio circundante (exceptuando desprazamentos laborais), reducida tamén a nivel comercial (producción para autoabastecemento), no uso de servizos colectivos (axuda recíproca no marco familiar) e no uso dos servizos superiores (por falta de oferta e limitacións económicas).

Unha segunda fase, ten a súa orixe na insatisfacción pola cidade compacta das clases medias urbanas, que elaboraron unha concepción do habitar que non poden acadar, a nivel económico, na cidade, polo que “unha parte da poboación da cidade, para facer realidade o modelo residencial propio vese obrigada a desprazarse no territorio urbanizado” ao ámbito da urbanización difusa (Indovina, 1990, p. 52).

Segundo Ferras Sexto e Lois González (1993), esta mudanza no sistema de valores das clases medias urbanas desembocan en procesos de contraurbanización, onde as clases acomodadas abandonan os núcleos urbanos en busca dunha residencia mais ampla, unifamiliar, en contacto coa natureza pero próxima ao centro urbano (Formigo Couceiro & Aldrey Vázquez, 1999; Berry, 1976, citado por Entrena Durán 2005; Font 1997; Dematteis 1998); “o campo ofrece solo barato e calidade medioambiental que atrae a determinados grupos sociais e incluso a determinadas industrias que se instalan nel e contribúen á proliferación dos caracteres propios das áreas rururbanas” (Ferras Sexto & Lois González, 1993, p. 117).

Deste xeito a descentralización urbana superponse ao desenvolvemento propio das zonas periféricas das pequenas cidades, conformando extensas áreas rururbanas, que debido á insuficiente planificación, resultan nunha desorde territorial. Danse dous procesos de forma simultánea “por unha parte, a rururbanización difusa, caracterizada pola dispersión residencial e polas actividades económicas derivadas dos recursos endóxenos (incluíndo pequenas industrias locais); e, por outra parte, unha acusada descentralización do crecemento urbano canalizado por unha densa rede de estradas” (Precedo Ledo, Míguez Iglesias, & Fernández Justo, 2008, p. 13).

O resultado destes procesos de periurbanización (e/ou rururbanización e/ou contraurbanización) é o que Indovina (1990) denomina como urbanización difusa, e define coma:

privada dunha imaxe debuxada e non sostida por unha adecuada rede de infraestruturas e de servizos. Difúndese a partir dos centros habitados preexistentes, (...) sen directrices predominantes, nin sequera en mancha de aceite, porque moi a miúdo está caracterizada por solucións de continuidade. Estase polo tanto, fronte ao fenómeno do campo ‘construído’ (p. 50).

Na etapa posindustrial na que vivimos substituíuse o concepto de habitar da cidade industrial, que se baseaba na relación entre a casa/individuo e os servizos colectivos/veciñanza, por outro no que o habitar relacionase mais estreitamente coa vivenda, perdendo forza a relación vivenda-servizos colectivos e substituíndo a estes polos servizos privados (Indovina, 1990).

Pero para que a urbanización difusa sexa funcional, ten que posuír certas características urbanas, debido a que a poboación que se despraza a ela ven de entornas de forte urbanización, coa consecuente existencia de servizos colectivos. Polo que a demanda de servizos ira aumentando co tempo e, se é atendida, reforzara a atracción (Indovina, 1990).

Esta urbanización difusa pode presentarse coma un estadio previo a un novo modelo de estrutura territorial, no que os conceptos empregados até o momento non son satisfactorios para a súa definición. “Se anteriormente o

adxectivo 'difuso' cualificaba a urbanización (urbanización difusa), hoxe necesítase atopar unha nova terminoloxía; nun primeiro intento definimos esta nova estrutura territorial como cidades difusa" (Indovina, 1990, p. 50).

Entre a urbanización difusa e a cidade difusa existe un salto cuantitativo e cualitativo, "tanto no marco territorial coma no ámbito económico social, e constitúen estadios distintos de organización do espazo, como consecuencia da reorganización dos procesos socioeconómicos. Atopámonos, por tanto, ante a manifestación dun novo fenómeno real que reclama algunha nova elaboración conceptual" (Indovina, 1990, p. 50).

Indovina (1990), expón que a cidade difusa ten coma características:

- Unha masa consistente de poboación e, polo menos de xeito parcial, de servizos e actividade produtiva.
- Unha dispersión elevada no territorio que non presente nin a densidade nin a intensidade relacionadas coa cidade compacta. Pudendo existir, coma excepción, algún punto de alta densidade.
- Alta conexión de tipo horizontal (infraestruturas) entre os diferentes puntos do territorio, permitindo unha alta mobilidade. (p. 55)

Este é un novo modelo de cidade, que non debe de ser confundido co concepto de área metropolitana, as diferencias entre ambas céntranse nas xerarquías. A área metropolitana enténdese coma un territorio fortemente xerarquizado. Ten unha grande cidade central e unha serie de cidades satélite pequenas e medianas, difusas nun territorio caracterizado por relacións verticais; a localización dos servizos e das actividades, así como os movementos poboacionais, sitúanse no espazo que lles corresponde polo seu nivel de xerarquía (Indovina, 1990).

Pola contra, a cidade difusa baséase nas conexións horizontais, que definen un territorio non xerarquizado, obviamente estase presentando un modelo levado ao extremo para unha mellor comprensión. Se se toma como referencia os fluxos de movemento da poboación, na cidade difusa, existen movementos

verticais preexistentes que se sobrepoñen aos horizontais, sobre todo os laborais, e diríxense a certos pólos (Indovina, 1990).

Durante a fase de urbanización difusa, anterior á cidade difusa, existen enclaves pechados nos que se xera un movemento pendular, por razóns de traballo, cara pólos externos, de xeito unidireccional e xerárquico. Cando se chega á cidade difusa, este movemento combínase con outro interno, aos novos centros de traballo creados na cidade difusa; xurdindo movementos de traballo multidireccionais. Podendo trasladar este modelo aos demais tipos de movementos (Indovina, 1990).

No caso de estudo desta disertación, a parroquia de Bembrive sitúase na orla periurbana da cidade de Vigo, se analizamos este espazo coma unha cidade difusa, estaríamos ante unha cidade difusa que ten no seu interior a unha cidade concentrada, situada no chanzo máis alto das conexións verticais, que se combinarían coas conexións horizontais propias do resto da cidade difusa (Indovina, 1990).

Segundo Indovina (1990), no caso de que existira unha cidade concentrada dentro da cidade difusa, a cidade concentrada seguirá mantendo unha das características fundamentais da función tradicional das urbes, que non é outra ca concentración do poder. Este poder vai asumindo novas formas, pois:

as funcións que xerarquizan o espazo na fase histórica actual non son as que teñen relación con grandes masas (de consumo, de ocupación, de produción, etc.), senón máis ben coas funcións máis innovadoras e capaces de orixinar procesos de `control` (sobre a poboación, os mecanismos económicos, a difusión da innovación, os mercados financeiros, a produción cultural, sobre os mesmos niveis cualitativos da vida, etc.). (Indovina, 1990, p. 57)

Así, as actividades que a cidade concentrada expulsa á zona extraurbana serán as máis maduras, mentres mantén ou atrae as máis innovadoras, o mesmo pasará cos servizos. Igualmente, se algunha característica urbana é propagada no territorio, dando lugar á urbanización difusa ou á cidade difusa, continuará a

‘producción’ de características urbanas que confirmen a xerarquía do espazo (Indovina, 1990).

Polo que na cidade difusa seguen existindo xerarquías espaciais, as internas e as externas que son relativas ás divisións administrativas superiores, aínda que as segundas de maneira menos acentuada que na cidade concentrada, gracias á alta mobilidade e accesibilidade (Indovina, 1990).

Os autores García Docampo, Dalda Escudero e González Harguindey (2005), no seu libro ‘A cidade difusa en Galicia’, empregan o modelo de cidade difusa na análise dos asentamentos poboacionais galegos, estes din que a cidade difusa: “pode situarse nun gradiente morfolóxico e topolóxico entre a ‘cidade compacta’ e a ‘dispersión’, como un ámbito propio de alongamento e prolongación da cidade nucleada tradicional, que se produce sobre a extensión das redes que configuran a urbanización” (p. 14).

Así a cidade difusa, debe de ser interpretada nun marco no que “as tendencias centrífugas propias da explosión metropolitana debuxan un vasto e complexo campo de estruturas compostas e subcentralidades múltiples nas que a fragmentación e diversificación dos asentamentos non permiten xa unha lectura xeográfica e urbanística única e xerarquizada” (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, p. 14).



Fig.5. Zona periurbana de Vigo, urbanización difusa.

2.4. Sistemas de asentamento poboacional na Galiza.

Como primeiro paso para estudar os sistemas de asentamento poboacional na Galiza, farase unha aproximación ao hábitat rural tradicional, entendendo que este é a base dos actuais sistemas de asentamento poboacional, que se analizará no noso caso de estudo da parroquia de Bembrive.

A continuación, analizaranse as unidades de asentamento poboacional nas que se articula o hábitat galego.

2.4.1. Aproximación ao hábitat tradicional galego.

Achegándose ao concepto de hábitat rural, Otero Pedrayo (1927) o define coma “as diferentes formas de agrupamento dos homes que viven predominantemente do directo traballo do campo” (p. 10) e Pazo Labrador (1989) coma calquera establecemento humano que non é considerado urbano, dito doutro xeito, que se localiza fora da cidade, aínda que poda ter unhas relacións estreitas coa mesma. A través destas definicións pódese explicar o hábitat coma o xeito de establecerse a poboación no territorio.

Nunha aproximación histórica das dinámicas de asentamento poboacional na Galiza, estas son situadas dentro de procesos antigos e intensos de colonización do territorio de tipoloxía europea atlántica, común nas fisterras europeas coma a irlandesa, británica ou bretoa. “Fases unitarias destes procesos foron a colonización castrexa, a fundación de cidades, itinerarios e vilas rurais baixo o dominio romano e, sobre todo, como herdanza e continuidade coas fases anteriores, a colonización medieval” (Dalda Escudero & González Harguindey, 2005, p. 71). Chegouse de este xeito a un sistema polinuclear de pequenas células de poboamento, representadas polas `aldeas´ e os `lugares´, dentro duns ámbitos territoriais de pequena dimensión, que son as `parroquias´.

Este sistema, que se desenvolveu durante séculos, foi complementado coa aparición dun sistema de pequenas cidades e vilas ben implantado no territorio, “cunha distribución pouco xerarquizada e interconectado por unha rede viaria

camiñeira, afastada dos mercados terrestres e centros estatais, que non completou a súa adecuación e transformación en rede de estradas ata finais do século XIX e o século XX” (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, p. 71).

Na Galiza, esta fase medieval de colonización do territorio, prolongase mais que noutras rexións e evoluciona cara un modelo propio, “no marco dunha acomodación interna do réxime feudal de señoríos monásticos, eclesiásticos e, en menor medida, nobiliarios, sen que o desenvolvemento de relacións económicas de tipo mercantil ou de transformación produtiva industrial tivese efectos decisivos na estrutura de poboamento” (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, p. 71).

Como resultado deste proceso de asentamento poboacional no territorio, Galiza ten máis de 33.000 asentamentos de poboación en tan só 29.574 Km² de superficie, o que supón a metade dos asentamentos totais do estado español, que ten unha superficie total de 504.645 Km². Isto é, un 50% dos asentamentos en menos do 6% do territorio.

Dantín Cereceda (1925) expón que o hábitat galego responde ao modelo das rexións cun releve accidentado, con gran número de mananciais e correntes de auga. Neste tipo de territorios a poboación tende á dispersión e non son frecuentes os núcleos pechados e de gran tamaño, sumándose, no caso galego o fenómeno da pequena propiedade ou minifundismo.

Un dos adxectivos máis empregados para definir o sistema de poboación tradicional rural galego é o de complexo. Isto é “debido a súa peculiar morfoloxía e distribución, que se resiste aos numerosos intentos de ordenación e clasificación” (Sánchez Pardo, 2013, p. 76). Esta complexidade evidénciase ao observar a paisaxe tradicional, na que:

chama a atención xa en primeiro lugar a altísima densidade de ocupación do espazo. Miremos onde miremos é difícil non atopar algunha casa, un pequeno conxunto de casas ou unha aldea, comunicadas entre elas a través de pequenos e numerosos camiños. (Sánchez Pardo, 2013, p. 76)

Ademais da altísima densidade de asentamentos, é curiosa a disposición dos mesmos: “salteada, salpicada entre espazos de cultivo e monte, formando pequenos *racimos* e aglomeracións, normalmente non demasiado compactas, e estendéndose ao longo de vales e ladeiras, as veces incluso sen poder establecer un límite exacto entre un asentamento e outro” (Sánchez Pardo, 2013, p. 76).

A idea de dispersión é a mais empregada para definir o hábitat tradicional galego, encadrándoo dentro do modelo representativo de moitas zonas da Europa atlántica. Esta dispersión só é clásica e total nalgunhas zonas costeiras. No groso do territorio galego, abundan as pequenas aldeas diferenciadas pero próximas entre si, con formas e tramas pouco definidas, con moitísimas formas de transición entre o compacto e o disperso (Torres Luna & Lopez Andión, 2000).

Debido á existencia de factores que difiren da idea de dispersión clásica, hai autores, como Fariña Tojo (1980), que engaden a diseminación coma fenómeno paralelo. Diferencia entre as dúas dicindo que a dispersión consiste en pequenas aldeas ou entidades dispersas, mentres que a diseminación correspondería a ‘caseríos’ ou casas labregas illados. É dicir, a dispersión é de núcleos illados e a diseminación é de vivendas illadas. Sendo o modelo de dispersión o maioritario e o de diseminación relegado, sobre todo, a zonas de costa.

Outros autores defenden outras propostas, Pazo Labrador (1989) matiza a idea de dispersión, cunha tendencia á nuclearización, que ampliaremos máis adiante; mentres Souto González (1982) considera que non ten utilidade establecer a fronteira entre concentrado e disperso, sendo suficiente diferenciar entre asentamentos que tenden á dispersión e asentamento que tenden á concentración; evitando unha análise focalizada sobre a morfoloxía e atendendo a factores coma a funcionalidade das infraestruturas ou o grado de accesibilidade.

Para concluír a natureza ‘dispersa’ do hábitat, Mírales Bereda e Torres Luna (1976), describen este modelo da seguinte maneira:

Nalgúns casos tratase de dispersión aglomerada, coas casas independentes, pero seguindo un principio ordenador como estradas, camiños, ríos e vagantas. Noutros, de aglomeración con tendencia á dispersión. Este é o máis frecuente, coas casas reunidas en agrupacións que non son propiamente concentración e están separadas por hortas, campos de cultivo e prados, destacando da agrupación principal outras máis pequenas. Nestes casos, máis que os principios ordenadores mencionados influíu a existencia de pequenos rodais de terra cultivable no emprazamento e distanciamento do hábitat. (p. 395)

As causas de este modelo de asentamento son variadas e con distinto grado de importancia. Para Precado Ledo (1988), as causas deste hábitat tan atomizado e denso son catro; a primeira é un medio natural favorable á intensidade e dispersión do poboamento, a segunda é a forte presión demográfica ao longo da historia da Galiza, cun grande aproveitamento do territorio e a grande fragmentación da propiedade (minifundismo), como terceira causa estaría a unidade de explotación, constituída por terras de labor e monte próximas, sumado ao pequeno tamaño das mesmas, que influíu na dispersión dos asentamentos, e a cuarta foi o réxime foral medieval. Souto González (1982), presenta catro causas moi similares, engadindo o sistema agrario de policultivo e a densa rede de camiños veciñais como factores.

Fernández de Rota (1984) achega unha aproximación ao fenómeno do minifundismo, explicando que a reprodución e intensificación do mesmo pode estar na natureza das explotacións agrarias, esta basease no policultivo de subsistencia en pequenas parcelas. Coas sucesivas herdanzas, cada herdeiro precisaba terras de todos os tipos posibles, para acadar o policultivo, así, cada tipo de terra era fragmentada, no canto de traspasar parcelas enteiras. Habería que sumar a isto, feitos coma a falta de iniciativa comunal, a excesiva defensa da propiedade privada e a procura, parece que cultural, da autonomía individual ou familiar.

Para Fariña Jamardo (1975), as causas desta dispersión parecen un pouco mais folclóricas, cando di que “a xeografía, a raza, e a vocación ruralista dos galegos semellan ser as principais causas que o establecen, ou isto é o que coidan a maioría dos autores” (p. 317).

Frecuentemente recórrase ás unidades básicas de asentamento poboacional para explicar o hábitat galego, xa Otero Pedrayo (1927) fala da importancia da parroquia coma elemento estruturante do territorio, que estaría composta por aldeas. Fariña Jamardo insiste na importancia da parroquia, incluso na posterior configuración dos Concellos, sobre todo no rural: “A organización parroquial no medio rural non só serve de soporte e base á nova organización, senón que enche e cubre a etapa da transición entre dous sistemas” (Fariña Jamardo, 1975, p .340).

A parroquia presentase coma unidade de organización social e a aldea coma entidade singular do hábitat galego (Souto González, 1988).

2.4.2. Unidades de asentamento poboacional.

No anterior apartado introduciuse xa a importancia das unidades ou células de asentamento poboacional, coma elementos que estruturan o peculiar hábitat rural e/ou tradicional galego. Neste apartado profundarase na análise destes elementos.

Como primeiro punto de situación e para un achegamento xeral ás unidades de asentamento galegas, tómase coma base o texto de Fernández de Rota “Antropología de un viejo paisaje gallego” do ano 1984, quen realizou unha profunda análise deste tema, a través dun estudo de caso, dende unha visión antropolóxica, na área do antigo Mosteiro de Monfero, na provincia da Coruña. Hai que ter en conta que as denominacións e incluso a natureza das unidades pode variar dunha zona a outra e dun autor a outro.

Axúntase primeiro, un cadro esquemático realizado polo propio autor, onde presenta a parroquia e as subunidades dentro desta, segundo as súas conclusións:

UNIDADE	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
Casa					A B						
Lugar				A B							
Lugar funcional											
Partido ou barrio (coma subdivisión)				A							
Barrio (Expresivo de forte identidade)				A							
Anexo				A	B						
Parroquia				A	B						

Criterios de avaliación.

Identificación:

1. Delimitación espacial
2. Veciñal
3. Comunitaria

Nome:

- Oficial
4. Simple denominación clasificatoria
5. Con efectividade administrativa
- A. Eclesiástica
- B. Civil

Funcionalidade:

6. Operativo
7. Pragmática
8. Simbólica e representativa

Organización:

9. Centro comunal fixo e completo
10. Centro comunal incompleto
11. Figura humana encargada de control e cohesión

Táboa 1. Táboa esquemática das unidades de asentamento poboacional na Galiza, do autor Fernández de Rota (1984).

Fernández de Rota presenta como primeira unidade a casa, para a partir dela presentar ás unidades de asentamento poboacional.

As casas son agrupadas nun `lugar`, que está encadrado dentro dunha unidade ecolóxica descritiva que o autor denomina `enclave`, é dicir, entre as casas dun `lugar` non existen franxas nítidas de monte que que illen unha de outras. No mesmo `enclave` pode existir mais dun `lugar`, e mesmo un `lugar` non precisa de casas para existir como tal. Dentro dos `lugares` poden existir sublugares con denominación propia, para un grupo de casas.

O autor diferencia entre os `lugares` topográficos e os `lugares` sociais ou funcionais, cunha connotación de veciñanza e cunha área maior que os topográficos. A orixe dos `lugares` funcionais está nas relacións veciñais de axuda mutua, por exemplo nas actividades agrícolas, deste xeito constituirían aquela áreas na que os veciños se desprazaban, con facilidade por cercanía e topografía, dunha propiedade a outra cando as tarefas requirían mais mans que as da propia familia. “Os `lugares funcionais` apoiábanse, en moitos casos, en necesidades ou conveniencias económicas inmediatas, aínda que fundaban, sobre todo, a defensa duns intereses profundos, a longo prazo, da continuidade das `casas`” (Fernández de Rota, 1984, p. 164).

Polo exposto e polo feito de que o `lugar` pode estar ubicado en dúas parroquias, Fernández de Rota o presenta como a unidade básica e indisoluble do asentamento poboacional galego.

Na análise de unidades, o autor, centrase no `lugar` e na `parroquia`, coma unidades mais importantes do hábitat galego. En canto aos `barrios` ou `partidos`, descríbeseos coma subdivisións da parroquia, mais habituais en canto máis grande sexa a extensión da mesma. “Algúns `barrios` podían ser recoñecidos oficialmente coma `anexos`: non posuían cemiterio propio, pero si unha ermida ou capela onde se celebraba a misa en determinados días e tiñan a súa festa ou festas propias” (p. 158).

En canto á `parroquia`, Fernández de Rota (1984) explica que mentres o `lugar` está máis relacionado coa identificación espacial das `casas` e enténdese “como centro de irradiación dun sentido de veciñanza difuso nunha dobre vertente funcional (pragmática e funcional-simbólica)” (p. 130); a `parroquia` representa “o sentido máis profundo de comunidade que posibilita a participación dos seus fragmentos internos, segundo a necesidade” (p. 130).

A administración pública tiña en conta á `parroquia` coma importante unidade territorial e social. A normativa coa que se constituíron os concello, do ano 1836, recomendaba a unión de `parroquias` para este fin, incluso recomendando o nomeamento dun alcalde pedáneo en cada unha delas, como intermediarios entre a parroquia e o concello, ou como testemuñas ou árbitros en enfrontamentos xurídicos veciñais.

A `parroquia` actuaba coma unha “unidade globalizante de áreas de funcións, coma unidade sistemática que permitía que no seu seo se formasen redes de agrupamentos estables” (Fernández de Rota, 1984, p. 134), achegando os `lugares` entre si. Así, permitía expandir o universo do `lugar`, ampliando os mercados e as relacións, ao mesmo tempo actuaba coma unidade de pertenza para as relacións con outras parroquias.

O centro da `parroquia`, ou cabeceira, era o lugar onde se situaba a igrexa co seu adro e o cemiterio, existindo rituais parroquiais que aumentaban a importancia dese centro, ubicando as funcións socio-culturais nun pequeno espazo. Así, a Igrexa xoga o papel de mestra de cerimoniais culturais. “O seu poder xurídico e o seu influxo moral son elementos decisivos na agrupación social dun hábitat disperso” (Fernández de Rota, 1984, p. 161). É a loita entre o eclesiástico e o popular, mediante evolucións paralelas que se confrontan e retroalimentan, a que vai creando a realidade socio-cultural da `parroquia`.

“En resumo, podemos dicir que a organización oficial dunha comunidade como parroquia é aquí a forma máis contundente de catalizar ou confirmar a identidade comunitaria dun grupo socio-espacial de `casas`” (Fernández de Rota, 1984, p. 163).

Despois desta aproximación á xerarquía xeral das unidades socio-espaciais do hábitat galego a través do texto de Fernández de Rota, atenderase aos discursos de outros autores sobre estas unidades de asentamento poboacional.

A maioría de teóricos tentan buscar cal é a unidade básica de asentamento poboacional na Galiza, sendo, sobre todo, defendidas como tais a `aldea`, o `lugar` e nalgúns casos o `caserío`, `casa` ou `casal`. Preséntasenos aquí a dificultade de que non hai un consenso total a hora de definir as unidades que están por debaixo da `parroquia`, que normalmente é entendida máis como unha unidade de estrutura social.

Coma exemplo de esta indefinición, o autor Pazo Labrador (1995), no seu texto “La trama de los asentamientos rurales en las Rias Bajas gallegas” fala de que a parroquia ten unha “estructuración que se conformará físicamente mediante

aldeas e as aldeas, nalgúns casos, organizaranse en lugares. A parroquia, en casos excepcionais, poderase configurar directamente en lugares, debido fundamentalmente á dispersión que fai que estes non se podan aglutinar en aldeas” (p. 35). Poderíamos facer, neste caso, un paralelismo entre estas `aldeas` e os `barrios` dos que falaba Fernández de Rota (1984).

Sen embargo, o mesmo autor equipara a `aldea` co `lugar` cando di: “A aldea ou o lugar, entidade de poboación de pequeno tamaño que acolle a varias familias, xeralmente, cuns vínculos lonxanos de parentesco común” (Pazo Labrador, 1992, p. 154).

A propia administración fuxe as veces das definicións xeográficas, antropolóxicas, culturais ou urbanísticas, para diferenciar os conceptos por unha mera diferenza cuantitativa, segundo Fumega Piñeiro (1995):

No nomenclátor de 1887 advírtese que non existe diferenza algunha entre os calificativos lugar e aldea, e aínda caserío, empregándose polos naturais indistintamente por non ter marcada a súa categoría. Por esta razón se consideran en dito nomenclátor en concepto de caserío as entidades que oscilan entre 1 e 9 casas; a aldea o asentamento que oscila entre 10 e 19 casas; e o lugar ás entidades que superen este número de casas e non obteñan a categoría de vila ou cidade. (p. 711)

Aínda con estas dificultades, a maioría de autores definen a `aldea` coma a célula básica de poboamento, coas características comúns do seu reducido tamaño e os vínculos de unión dos seus habitantes.

Fariña Tojo (1980) considera a `aldea` coma a célula básica de asentamento e a define coma a “concreción física da estrutura parroquial, sempre que esta concreción física fose de carácter rural” (p. 35).

Para Armas Diéguez (1997), as `aldeas` son: “formas de agrupamento, asentamentos minúsculos, onde os homes –e sobre todo as mulleres- viven do traballo directo agrario, pesqueiro ou mixto; aínda que cada vez máis pecuario, forestal ou industrial. En calquera caso un traballo moi vinculado ao entorno” (p. 112).

Fumega Piñeiro (1995) di que a `aldea´ é a unidade básica do hábitat galego e, esta, está “formada pola agrupación de casas de maneira compacta nun só núcleo ou ben de forma polinuclear caracterizada por ter, dende o punto de vista funcional, unha orientación unicamente agraria centrada en torno ao espazo inmediato onde se ubica” (p. 726).

Precedo Ledo (1987), define a `aldea´ coma a unidade mais elemental do hábitat, coma unha agrupación de casas con función agraria e ligadas a un espazo agrario de pequenas parcelas como soporte económico e de territorio. Souto González (1995) lembra tamén a función residencial destas casas, ademais da laboral.

A concepción da `aldea´ como unidade básica é maioritaria pero non unánime, algúns autores defenden como tal o caserío, casal ou casa (pequeno grupo de casas, moitas veces da mesma familia). Souto González (1995) presenta a `casa´ como a unidade básica de consumo e produción, con carácter residencial de persoas e animais, servía de almacén para as ferramentas e xunto a ela situaríanse as terras de cultivo.

Por ultimo, outros autores defenden o concepto de `lugar´ como a célula básica de asentamento, que pode ser asociado a unha `aldea´ ou ser tomado como unha parte dela (Fariña Tojo, 1980). Sánchez Pardo considera o concepto de `lugar´ máis útil que o de `aldea´ ou `casal´, xa que “ten maior flexibilidade para acoller formas especialmente dispersas de poboamento, e de feito, é actualmente unha das categorías oficiais para a organización do hábitat rural” (Sánchez Pardo, 2013, p. 80). Pazo Labrador, debido á dificultade de definir ou illar a `aldea´ en certas zonas da Galiza, di que é mellor usar o termo `lugar´, aínda que defende que se poden usar os dous termos, equiparándoos, “pese a que a denominación de `aldea´ non ten unha significación única en Galicia, podemos sen embargo adoptar este termo para o modo de asentamento rural en Galicia xunto co de lugar” (Pazo Labrador, 1995, p. 15).

A `parroquia´ é o outro grande compoñente da organización poboacional do rural galego, esta ten unha significación mais de organización social que as anteriores, tal como describimos anteriormente, pero tamén ten gran significado na organización territorial a unha maior escala. A `parroquia´ é o nivel de

organización mellor delimitado e de significado máis claro entre os habitantes do mundo rural (Pazo Labrador, 2005), polo que a inmensa maioría de autores a consideran clave na articulación espacial do territorio galego.

García Pazos insiste na `parroquia´ coma unha unidade xeográfica, social e cultural ben delimitada, e engade que pon “de relevo a importancia dos apegos, sentimentos colectivos e de identidades existentes dentro dun marco territorial que forma parte dun sistema cultural” (García Pazos, 2008, p. 1).

A orixe da `parroquia´ está na “organización espacial eclesiástica, pero pronto asume un papel esencial como articuladora do poboamento en Galicia, con funcións económicas, sociais, simbólicas e incluso políticas (aínda que estas non foran recoñecidas nunca oficialmente)” (Sánchez Pardo, 2013, p. 80). A última afirmación de este autor debería ser matizada co caso das Entidades Locais Menores, que si teñen certa entidade política propia, tal é o caso da parroquia de Bembrive, na que se fará o estudo de caso da presente disertación.

A `parroquia´ é, segundo Souto González (1995), unha entidade de poboación que enxire no seu funcionamento a vida das `aldeas´, `barrios´ e `lugares´ que a compoñen; comportándose coma un chanzo superior a estas unidades na estrutura de asentamentos poboacionais que están baixo a súa xurisdición moral, “encarnando a reunión de veciños que evoca etimoloxicamente a palabra grega `paroikía´” (Pazo Labrador, 2005, p. 80). Esta organización parroquial funciona coma un sistema de elementos, células de asentamento, que se relacionan en función dun obxectivo, que historicamente era o da autosuficiencia.

En canto ás características físicas dunha `parroquia´, Torres Luna e Lopez Andión (2000), sinalan que cada `parroquia´, en valores medios, contén 8 `aldeas´ e ten unha superficie de 7,7 Km², sendo estas cantidades moi variables. A división parroquial depende en grande medida da demografía, nas zonas máis poboadas as `parroquias´ tenden a ser máis pequenas, tentando igualar o número de habitantes de cada unha, así nas zonas costeiras as `parroquias´ soen ser máis pequenas que no interior. A maioría das `parroquias´ teñen unha poboación de entre 200 e 500 habitantes.

Nunha visión actual sobre a `parroquia`, García Docampo, Dalda Escudero e González Harguindey (2005), expoñen que no pasado a xestión parroquial corría a cargo dos propios veciños, que despois tamén executaban as decisións tomadas, pero aínda que:

a estruturación do territorio en entidades parroquiais perviviu ata a actualidade. Non obstante, os intensos procesos de cambio social sufridos polas sociedades contemporáneas, minaron a funcionalidade tradicional da parroquia como institución. Xa dende mediados do primeiro terzo do século XIX, a creación e delimitación dos municipios como unidades territoriais e os seus órganos político-administrativos, así como o posterior desenvolvemento do Estado Moderno, como órgano executor das infraestruturas públicas, e, máis recentemente, a sucesión de políticas e inercias socioeconómicas que minaban as economías autoorganizativas do uso dos espazos agrarios, trouxeron consigo un declive progresivo da devandita institución (p. 43).

Para estes autores, unhas das características estruturais da `parroquia` e a súa correspondencia co último grao de colonización e explotación do territorio. Esta estaría baseada nunha rede de cursos de auga moi extensa, e sería esa propia rede capilar a que delimitaría os ámbitos dos territorios parroquiais. Concluindo que:

A circunscripción parroquial resulta ser unha tipoloxía espacial absolutamente necesaria para a análise e o entendemento do modelo de asentamento poboacional de Galicia en termos morfolóxicos e estruturais, e non debe entenderse soamente como nunha entidade territorial residual ou vinculada exclusivamente á ruralidade. A súa vixencia e dinamismo nos arredores das maiores cidades constitúe unha clave explicativa das formas de urbanización difusa (Dalda Escudero & González Harguindey, 2005, p. 43).

Continuando coa xerarquía da estrutura territorial galega, o seguinte chanzo sería o municipio ou concello, institución potenciada dende o Estado Central. Os municipios foron creados, coma xa foi comentado, a través da unión de parroquias, coa excepción de algúns municipios urbanos, procurando unha

uniformidade poboacional, “dando como resultado unha institución que foi repetidamente caracterizada como artificial. En todo caso, o fortalecemento político recente da territorialidade municipal constitúe un feito notorio” (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, p. 53).

Fernández de Rota (1984) describe a división administrativa en municipios coma arbitraria e falta dun auténtico significado social. Esta división parece responder máis a un intento de uniformación por parte do Estado Central, construíndo un modelo de división administrativa único para todo o territorio estatal, sen atender as peculiaridades de cada rexión ou nación do mesmo. Os municipios son, hoxe en día e sobre todo os urbanos, o actor principal na planificación urbana, eliminando toda posibilidade de decisión das parroquias sobre o seu propio espazo.

2.4.3. Tipoloxía dos asentamentos poboacionais tradicionais na Galiza.

Unha vez recoñecidas as células básicas do asentamento tradicional e/ou rural na Galiza, pasarase a analizar as tipoloxías dos mesmos, a través dos estudos de diferentes autores.

Fariña Tojo (1980) fala de tres grandes conxuntos espaciais no territorio galego, diferenciados pola natureza da maioría dos seus asentamentos, estes conxuntos corresponderían a zona costeira, o interior agrícola e a zona de montaña. Clasifica en 7 tipos a natureza morfolóxica dos asentamentos, tomando á `aldea´ e a `parroquia´ coma referencias:

- 1- Aldea nuclear con caserío denso: O asentamento forma un núcleo unido que se diferencia claramente dos demais, dentro do mesmo, o caserío é compacto, con pouco espazo libre entre as diferentes casas que o compoñen. A poboación está concentrada.
- 2- Aldea nuclear con caserío claro: Diferenciase do anterior por un espazo mais amplo entre as casas do caserío, podéndose chegar a diferenciar diferentes caseríos que conforman a aldea, estes poden formar lugares diferentes dentro da mesma aldea. A poboación está diseminada.

- 3- Aldea polinuclear con caserío denso: Teñen dous ou mais núcleos diferenciados, xeralmente con diferente rango de importancia, pero dentro dun contorno único que os diferencia do resto de asentamentos. Os caseríos son compactos e a poboación concentrada. Case na totalidade dos mesmos diferéncianse distintos lugares.
- 4- Aldea polinuclear con caserío claro: Difire do anterior nun maior espazo libre entre as casas que conforman o caserío.
- 5- Aldea nuclear en nebulosa: Formacións de caserío claro, de menor tamaño que as anteriores, conservan a súa identidade e independencia de conxunto e teñen un tamaño uniforme. A poboación está diseminada.
- 6- Parroquias en enxame con aldea-núcleo: Presenten normalmente formacións de caserío claro, estas están subordinadas a unha aldea-núcleo. Aparecen multitude de formas intermedias e a súa poboación está dispersa.
- 7- Parroquia en enxame: Diferéncianse das aldeas nucleares en nebulosa por un menor tamaño das entidades, substituíndo o concepto de aldea ou lugar polo de barrio. A poboación está dispersa e ten coma referente de identidade territorial á parroquia.

Baseándose en parte na terminoloxía de Fariña Tojo, Fumega Piñeiro (1995), realiza unha clasificación tipolóxica dos asentamentos en función do predominio dunha trama do habitar:

- 1- Aldea pequena mononuclear: A trama constitúese por aldeas de pequeno tamaño de menos de 26 casas, sendo normalmente de menos de 10 casas. Predomina a estrutura agrupada e concentrada nun único núcleo.
- 2- Aldea mediana mononuclear: Similar a anterior pero constituída por asentamento medianos de entre 26 e 50 casas.
- 3- Aldea grande mononuclear illada: Dúas variantes en función do tamaño das aldeas, se predominan as de entre 76 e 100 casas ou as de entre

101 e 150 casas. Trama de aldeas grandes e dispersas no espazo pero sen diseminación, é dicir, cada aldea agrúpase nun só núcleo.

- 4- Aldea grande mononuclear reitora das aldeas menores próximas: Trama constituída por aldeas grandes con predominancia da estrutura pechada. As aldeas reitoras aparecen distribuídas equilibradamente no espazo e rodeadas dunha aureola de aldeas menores. Dúas variantes en función do tamaño das aldeas reitoras, se predominan as de entre 76 e 100 casas ou as de entre 101 e 150 casas.
- 5- Aldeas pequenas compactas e próximas enxertadas nunha malla regular de aldeas grandes: A relación entre as aldeas reitoras, de entre 51 e 75 casas, coas aldeas menores, establece dúas tipoloxías morfolóxicas correspondentes a dúas realidades xeográficas diferenciadas.
- 6- Aldea polinuclear en nebulosa: Conxunto de lugares concentrados en torno a un núcleo principal, cun maior tamaño. Os lugares están individualizados entre si e entre outras aldeas nebulosa.
- 7- Aldea polinuclear en enxame: Conxunto de numerosos asentamentos diseminados ao redor de lugares centrais, intercalándose entre estes sen que existan discontinuidades entre as distintas aldeas enxame.

Pazo Labrador (1995) clasifica os asentamentos en 8 tipos, que se poderían separar en dous grandes grupos, os de estrutura mononuclear e os de estrutura polinuclear, que define da seguinte maneira:

Estrutura mononuclear, cando a entidade de poboación reúne as súas edificacións nun único grupo, independentemente da disposición e asociación interna das mesmas.

Estrutura polinuclear, cando o que ocorre é a existencia de dous ou máis núcleos correspondentes a agrupacións máis ou menos ben definidas de edificacións (as veces separadas por un accidente topográfico pequeno, ou en ocasións simplemente disociadas sen máis), e igualmente tendo en conta que a súa vez a asociación e a dispersión

das células elementais pode ser diversa incluso dentro dos distintos núcleos que forman unha mesma entidade (Pazo Labrador, 1995, p. 83).

Os 8 tipos de asentamentos que presenta, clasifícanse conforme a súa estrutura e a súa distribución no territorio, da seguinte maneira:

- 1- Mononuclear moi compacta: Asentamento cos límites ben definidos, con casas moi próximas ou pegadas entre si. Rúas estreitas e, en moitas ocasións, cubertas polos saíntes das propias edificacións. Morfoloxía común no sueste da provincia de Ourense, debido as condicións climáticas extremas.
- 2- Mononuclear pouco compacta: Asentamento con límites mais ou menos definidos, con casas separadas por pequenos baleiros no terreno, empregados en moitas ocasións como hortas das propias vivendas.

Estes dous tipos corresponden as tipoloxías mais antigas de asentamento na Galiza.

- 3- Mononuclear laxa: Asentamento sen límites definidos, as edificacións están dispersas cunha separación de entre 25 e 75 metros. Esta tipoloxía é común en núcleos fragmentados por unha vía de comunicación de certa importancia ou algún accidente topográfico.
- 4- Mononuclear dispersa: Asentamento sen límites definidos, as edificacións están dispersas e moi separadas entre si. Os grupos de casas son, normalmente, fragmentados por unha vía de comunicación de certa importancia e se asentan nun val ou na ladeira dun río. Esta tipoloxía esta asociada ao crecemento do asentamento ao longo dunha rúa ou estrada.
- 5- Enxame: Asentamento polinuclear con límites difusos, con conxuntos de edificacións separadas entre si, estas vivendas están soltas e intercaladas. Consumen grande superficie de territorio, nunha topografía pouco accidentada e co crecemento do asentamento ao longo de rúas e estradas. Tipoloxía común nas Rias Baixas e a costa




de Lugo; unha parroquia pode conformarse por varias aldeas de este tipo.










- 6- Polinuclear bastante compacta: Asentamento con límites difusos, formado por dous ou mais núcleos que están separados por algún accidente topográfico de pouca relevancia, terrenos de cultivo, etc. Presenta unha ocupación sobre o territorio menor que na tipoloxía de enxame, e ten unha morfoloxía pouco definida. As veces é fragmentada por unha estrada que atravesa o asentamento.
- 7- Polinuclear laxa: Asentamento cos límites non definidos, os núcleos que conforman o asentamento teñen un configuración laxa. Conforma unha aldea de caserío claro con crecemento ao longo de camiños e estradas.
- 8- Núcleo compacto: Asentamento con límites pouco claros, as edificacións están diseminadas conformando o núcleo orixinal, con crecemento aleatorio ao longo das vías de comunicación. Pódese confundir con asentamentos veciños e ten unha morfoloxía mais ou menos circular.





Para unha mellor comprensión das clasificacións anteriores e nunha tentativa de trasladar ás mesmas ao caso de estudo da parroquia de Bembrive, presentamos a continuación unha táboa resume das tipoloxías referidas, acompañada dunha segunda táboa na que identificamos as tipoloxías existentes na parroquia de Bembrive.

TIPOLOXIA DOS ASENTAMENTOS TRADICIONAIS GALEGOS			
Nº	Fariña Tojo (1980)	Fumega Piñeiro (1995)	Pazo Labrador (1995)
1	Aldea nuclear con caserío denso	Aldea pequena mononuclear	Mononuclear moi compacta
2	Aldea nuclear con caserío claro	Aldea mediana mononuclear	Mononuclear pouco compacta
3	Aldea polinuclear con caserío denso	Aldea grande mononuclear illada	Mononuclear laxa
4	Aldea polinuclear con caserío claro	Aldea grande mononuclear reitora das aldeas menores próximas	Mononuclear dispersa
5	Aldea nuclear en nebulosa	Aldeas pequenas compactas e próximas enxertadas nunha malla regular de aldeas grandes	Enxame
6	Parroquias en enxame con aldea-núcleo	Aldea polinuclear en nebulosa	Polinuclear bastante compacta
7	Parroquia en enxame	Aldea polinuclear en enxame	Polinuclear laxa
8			Núcleo compacto

Táboa 2. Táboa resume das tipoloxías das células básicas de asentamento, dos autores Fariña Tojo, Fumega Piñeiro e Pazo Labrador.

Fariña Tojo	Fumega Piñeiro	Pazo Labrador
1- Tipoloxía non identificada na parroquia de Bembrive	1- Tipoloxía non identificada na parroquia de Bembrive	1- Tipoloxía non identificada na parroquia de Bembrive
		
2- Mosteiro 1943	2- Mosteiro 1943	2- Mosteiro 1943

 <p>3- Segade 1943</p>	<p>3- Tipoloxía non identificada na parroquia de Bembridge.</p>	 <p>3- Chans 1943</p>
 <p>4- Xestoso 1943</p>	<p>4- Tipoloxía non identificada na parroquia de Bembridge.</p>	 <p>4- San Cibrán 1985</p>
 <p>5- Xestoso zona Freires 1943</p>	<p>5- Tipoloxía non identificada na parroquia de Bembridge.</p>	 <p>5- Segade, zona Recaré 1985</p>
 <p>6- Mosteiro e entorno 1943</p>	 <p>6- Outeiro e entorno 1943</p>	 <p>6- Xestoso 1985</p>

 <p>7- Outeiro, Carballal e Chans 1985</p>	 <p>7- Mosteiro, Baruxáns, Segade, Outeiro 1985</p>	 <p>7- Carballal 1943</p>
		 <p>8- Mosteiro 1985</p>

Táboa 3. Identificación de tipoloxías de asentamento poboacional tradicional en Bembrive.

Fig. 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18 e 19. Estratos dos planos de edificacións e vías de comunicación de 1943 e 1985.



Fig. 20. Asentamento poboacional no barrio de Cháns en 1956.

2.5. Evolución dos asentamentos rurais nas ultimas décadas.

A maioría de autores sitúan o comezo das grandes mudanzas sufridas polos asentamento rurais na Galiza na segunda metade do século XX, concretamente entre os anos sesenta e setenta. Este feito pon de manifesto un certo atraso na implantación dos novos modelos de expansión urbana con respecto a outras rexións peninsulares ou europeas.

Para Sequeiros Tizón (1986), este retraso respecto ao resto da península Ibérica está relacionado cun problema de desenvolvemento económico. Os seus estudos sitúan á complexidade da dispersión poboacional e o consecuente hábitat disperso no centro do problema; esta impide que as cidades galegas teñan un forte impulso demográfico rural-urbano. Como explicación para esta teoría, o autor fala do forte arraigo dos galegos ao rural e da importancia da agricultura coma base do sustento familiar.

Rodríguez González (1999) afirma que con frecuencia establécese nos anos setenta a grande variación no espazo rural galego e no modelo de aproveitamento do mesmo, deixando a incógnita da data exacta e do factor principal deste cambio, que segundo o autor pon de manifesto dous feitos:

O primeiro, o esforzo dunha sociedade campesiña para adaptar a súa estrutura produtiva e as situacións definidas por un exixente mercado, onde os limiares de competitividade veñan marcados por conxuntos rexionais máis avanzados que Galicia. O segundo, como neste proceso sucédense de modo integrado no espazo numerosas transformacións nos modos de relación económica, de organización do territorio e de comportamento social. (p. 20)

Lois González e Torres Luna (1995a) afirman que: “na Galiza non pode falarse dun proceso de urbanización até as últimas décadas. De feito, a nosa rexión asociouse tradicionalmente a unhas elevadas densidades demográficas no campo” (p. 732). Esta asociación da Galiza coa ruralidade, na actualidade xa non é real, xa que o territorio orbita ao redor dos núcleos urbanos “que dirixen todo o espazo da comunidade. A saturación de ditos centros fixo que xurdan, a

partir de finais da década dos setenta, unha serie de espazos periurbanos en torno a eles” (Formigo Couceiro & Aldrey Vázquez, 1999, p. 317).

Os novos procesos demográficos e socioeconómicos que xurdiron a finais do anterior século, impulsaron o crecemento dos núcleos urbanos tradicionais cara estes espazos periféricos, dando lugar a fenómenos de suburbanización e desurbanización de xeito paralelo, á aínda existente, concentración na cidade compacta (Hall, 1986, citado por García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005). Estes novos fenómenos apoiáronse na trama tradicional polinuclear galega, para a difusión de procesos ligados á cidade. Os mesmos autores sitúan o comezo da expansión das cidades nos anos sesenta, nun proceso de suburbanización consecuencia da terciarización das propias urbes e da poboación suburbana, establecendo coma paradigma deste fenómeno, no caso galego, as cidades da Coruña e Vigo. Así, na actualidade, “a cidade real implica aos municipios periféricos que, nos últimos anos teñen maior dinámica demográfica, inmobiliaria, residencial e urbanística relativa ás cidades centrais” (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, p. 86); e continúan o razoamento dicindo que:

Neste aspecto, sendo o fenómeno urbano galego no seu conxunto un proceso non só de suburbanización, senón tamén de aglomeración, parasitario da crise agraria e do aforro, as tendencias de suburbanización empezan a diferenciar con certa claridade dous modelos: o das áreas urbanas e o das rexións urbanas con carácter metropolitano (p. 86).

Xa na década dos setenta do pasado século, “definírase a oportunidade ou conveniencia de delimitar dúas áreas metropolitanas bipolares, A Coruña-Ferrol e Pontevedra-Vigo, como espazos complexos a ordenar con formas de crecemento e modelos de desenvolvemento de maior equilibrio e ambición territorial” (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, p. 85). O noso caso de estudo, a parroquia de Bembrive, sitúase, dentro destes modelos, na área urbana de Vigo e na rexión urbana con carácter metropolitano de Vigo-Pontevedra, respectivamente.

Ferras Sexto e Lois González son claros ao sentenciar que na Galiza só é posible afirmar con rotundidade a existencia de dúas áreas metropolitanas: A da Coruña e a de Vigo. Ao seu modo de ver “son as únicas cidades galegas que posúen funcións industriais e terciarias capaces de establecer lazos de dependencia directa sobre uns importantes continxentes poboacionais localizados nun amplo territorio adxacente” (Ferras Sexto & Lois González, 1993, p. 116).




Fig. 21. Área metropolitana de Vigo.

Formigo Couceiro e Aldrey Vázquez expoñen que dende os anos setenta, tanto en Vigo como na Coruña, comeza este proceso de crecemento nas áreas próximas ás mesmas, que podería ser cualificado como de periurbanización. Pero debido ás peculiares características do territorio e da propia periurbanización, complica-se o estudo do proceso, xa que se trata de “áreas xa densamente poboadas onde será difícil detectar estatisticamente un crecemento por expansión dende o núcleo urbano” (Formigo Couceiro & Aldrey Vázquez, 1999, p. 320), presentándose dificultades para distinguir os crecementos endóxeos nos núcleos tradicionais dos procesos de periurbanización.

Segundo Lois Gonzalez de Torres Luna (1995a), o crecemento das grandes cidades galegas superou os límites dos municipios onde se localizan, situación existente sobre todo en Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela. Sendo a conformación de espazos periurbanos a principal característica da urbanización destas áreas dende os anos setenta, e de todo o sector das Rias Baixas. Como consecuencia deste fenómeno atopámonos ante unha construción indiscriminada con resultado dunhas densidades superiores aos 300 habitantes/Km² e a transformación dos modos de vida e a estrutura ocupacional da poboación, así coma o aumento dos fluxos de mobilidade cotiás entre as cidades e as súas periferias.

De este xeito xorden sectores onde predominan as vivendas unifamiliares con finca propia, nun continuum de edificacións de funcións variadas que reflexa a pluriactividade destas rexións. As novas edificacións residenciais en forma de chalés ou `urbanizacións´ que acollen á poboación recibidas dos núcleos centrais, conviven coas tradicionais vivendas de orixe campesiño. O exemplo mais destacado deste fenómeno é a periferia viguesa (Lois González & Torres Luna, 1995a).

O aumento do parque de vivendas unifamiliares e urbanizacións de adosados nas periferias das tres grandes cidades galegas (Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela) foi dunha intensidade pouco previsible. Nalgúns casos este aumento edificatorio produciuse tomando como base entidades de poboación xa existentes e consolidadas. “Si o núcleo orixinario era unha aldea tipicamente rural, pode suceder que o seu crecemento se materialice na proliferación de chalés rodeados dun pequeno xardín, xeralmente en terrenos de antigas parcelas de vocación agraria” (Lois González & Torres Luna, 1995b, p. 442).

Este novo modelo de urbanización das periferias galegas vai asociado a unha perda do sentido arquitectónico das vivendas tradicionais e a expansión espacial das áreas urbanizadas a través das novas vías de comunicación que dan servizo ás novas residencias; sen unha planificación previa e con resultado, en moitas ocasións, dunha urbanización caótica (Pazo Labrador, 1995).

O proceso de superación dos límites da cidade compacta dáse nun contexto de estancamento ou regresión demográfica, polo que o resultado é a contención do núcleo central en favor da expansión das parroquias situadas na primeira coroa periférica, situadas dentro ou fora dos propios termos municipais, dependendo do caso; e dando lugar a unha urbanización difusa da área urbano-metropolitana (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005).

No caso de Vigo, o núcleo urbano está rodeado por 17 parroquias, do mesmo concello, “de apreciable extensión e volume poboacional que, morfoloxicamente, constitúen coroas de territorios onde se inicia a formación da cidade difusa” (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, p. 55). Debido á grande superficie do municipio, a periurbanización dáse dentro do propio termo municipal, onde se pode:

diferenciar un centro urbano consolidado e unha serie de parroquias periféricas de características rururbanas (Bembrive, Matamá, Cabral, etc.), que explican que nos atopemos ante o territorio con máis habitantes da Galiza e, ao mesmo tempo, o que contabiliza un maior número de titulares de explotación agraria (Souto, 1985, citado por Lois González & Torres Luna, 1995, p. 437).

Formigo Couceiro e Aldrey Vázquez (1999) sosteñen que nalgúns destas parroquias danse dous fenómenos inversos; por un lado existe unha perda de poboación agraria tradicional, e polo outro un aumento da poboación que se pode encadrar dentro dun proceso de periurbanización. Nestas zonas non se observa unha grande variación demográfica que normalmente se asocia a periurbanización, o que podería estar relacionado coa forte ocupación preexistente xa mencionada anteriormente, e con que o fenómeno de urbanización destas periferias efectuase sobre esa poboación previa, observándose máis un cambio de actividades e tipoloxías construtivas que de desprazamentos poboacionais.

García Docampo, Dalda Escudero e González Harguindey (2005), defenden que:

A todas luces estase producindo unha nova tendencia na distribución dos asentamentos e no concepto de cidade, que no seu ámbito central –a cidade compacta- acolle maioritariamente a residencia e amplía notablemente a súa oferta de servizos, pero estende actividade, emprego e residencia ao seu territorio de influencia. Na primeira coroa do ámbito de influencia -a periferia metropolitana ou cidade difusa- o crecemento está asociado á expansión da vivenda permanente e secundaria, ao desenvolvemento industrial e á formación dunha economía de servizos (p. 87).

Dentro deste fenómeno de expansión do urbano, obsérvanse diferencias entre os diferentes sectores afectados pola periurbanización; existindo “áreas especializadas en acoller familias de clase media ou acomodada mediante a proliferación de vivendas unifamiliares ou urbanizacións de adosados” (Lois González & Torres Luna, 1995b, p. 443), que se poden asociar con esa primeira coroa de parroquias pertencentes ao municipio vigués; mentres que para os “colectivos con menos recursos queda a posibilidade de adquirir un piso nos núcleos satélites que creceron moi preto da cidade, en municipios de maior permisividade urbanística” (p. 443), que no caso de Vigo pódese identificar cos concellos próximos de Porriño, Salceda ou Ponteareas. Neste segundo caso “é frecuente que a función residencial sexa complementada coa localización de almacéns, naves industriais ou algunhas empresas” (p. 443); reproducíndose así “os procesos de segregación socioespacial característicos das nosas urbes” (p. 443).



Fig. 22. Zona de chalés no barrio de Mouteira na parroquia de Bembrive.

2.6. A ordenación do territorio.

Tal como foi comentado en puntos anteriores, o espazo urbano medra a costa do espazo rural, en relación a isto, Gómez Orea (1992) di que é evidente que o ideal é orientar este crecemento urbano dende unha visión global do territorio que teña en conta o rural e o urbano, de xeito que repercuta da maneira menos agresiva posible sobre os recursos do espazo rural, entendidos estes coma o propio solo, as fontes acuíferas, a vida silvestre, a paisaxe, etc. O obxectivo sería o de garantir as oportunidades de desenvolvemento para os dous hábitats, o rural e o urbano, a través dunha organización racional do territorio, que fuxa de tendencias espontáneas que privilexian o interese particular e o corto prazo, “onde o rural e o urbano aparecen coma aspectos ou dimensións dunha mesma realidade, onde o verdadeiramente importante é esa realidade complexa, interactuante, dinámica: o sistema rexional” (Gómez Orea, 1992, p. 25). Para este autor, unha das razóns polas que o rural se presenta coma un soporte pasivo, é a falta de técnicos especializados na xestión dos recursos físicos do solo rural, xunto a outras cuestións coma as súas características históricas, culturais, didácticas e científicas.

Para a consecución destes obxectivos, a Ordenación do Territorio xoga un papel fundamental. A Carta Europea de Ordenación do Territorio de 1983, define este concepto coma “unha disciplina científica, unha técnica administrativa e unha política concibida coma un enfoque multidisciplinario e global cuxo obxectivo é un desenvolvemento equilibrado das rexións e a organización física do espazo segundo un concepto reitor” (1983, p. 2).

Para Gómez Orea (1992), a Ordenación do Territorio “é a proxección espacial dunha estratexia de desenvolvemento económico e social; integra, polo tanto, a planificación económica e a física a través dun enfoque interdisciplinario” (p. 35). Esta pode operar en todos os niveis de división territorial administrativa (estatal, nacional ou rexional, provincial, comarcal ou municipal); aínda que o propio autor da un maior valor ao que el considera o nivel intermedio, o rexional en sentido xeográfico, polo que podemos relacionar a Ordenación do Territorio coa Planificación Rexional, “cando a esta se lle descarga da inclinación económica cos calificativos de integral, espacial ou territorial” (Gómez Orea, 1992, p. 35).

Os instrumentos de Ordenación do Territorio son empregados polas administracións públicas e poden ir dende unha macroescala na que se busque “a transformación óptima do espazo rexional, e da distribución desta transformación e da poboación total en núcleos urbanos con funcións e xerarquías diferentes, con vista a súa integración en áreas supranacionais” (Buruaga 1969, citado por Font & Pujadas, 1998, p. 11), a escalas máis achegadas ao ámbito municipal coma é o Planeamento Urbano.

En canto á planificación económica e social, segundo Gómez Orea (1992), a ordenación do territorio propón como producir o desenvolvemento a longo prazo de cada unidade territorial: tomando coma base as súas propias características étnicas, culturais, sociais, económicas e físico-naturais; e en harmonía coas unidades do seu mesmo nivel para conseguir unha boa integración en niveis superiores. Incluindo os obxectivos sociais de calidade de vida e actividades para o desenvolvemento do individuo “como ser social e como produtor de bens e servizos” (Gómez Orea, 1992, p. 36).

E en canto á organización espacial, continua o autor, a ordenación do territorio propón a distribución espacial das actividades da poboación e o xeito na que estas actividades son desenvolvidas. Esta organización debe de ser “acorde coas características físicas, biolóxicas e perceptuais do territorio: relacións home-territorio (aspectos físicos)” (Gómez Orea, 1992, p. 36); e debe de conseguir “un sistema funcional en termos das relacións internas de cada actividade e dunhas actividades con outras: relacións home-home (aspectos económicos e sociais)” (p. 36).

Gómez Orea (1992) conclúe que: “á ordenación territorial asígnanselle obxectivos de desenvolvemento dende unha perspectiva intrínseca á unidade territorial, nos planos humano, social, económico e espacial” (p.36), así como tamén, obxectivos de “vertebración, coordinación e amortiguación de desequilibrios entre unidades territoriais, dende unha óptica externa, para a integración vertical na unidade territorial superior” (p. 36).

En moitas ocasións a Ordenación do Territorio é confundida con unha Planificación que integra diferentes sectores, sen embargo a Ordenación do Territorio non depende da elaboración formal dun Plan. “Estase ordenando un

territorio cando se ditan leis ou disposicións administrativas, e en xeral cando se deciden e executan actuacións privadas ou públicas, que antes ou despois, directa ou indirectamente, teñen incidencia sobre el” (Gómez Orea, 1992, p. 36).

Unha das figuras máis importantes da Ordenación do Territorio, e que máis nos interesa no presente traballo debido á natureza do estudo de caso, é o Planeamento Urbano.

O planeamento urbano é o instrumento de ordenación do territorio máis cercano ao cidadán, emanado dos gobernos municipais e no que se regula o xeito de urbanización dunha maneira máis directa; nel defínense as infraestruturas que vertebran a urbanización e as ordenanzas de zonificación, que desenvolven “un patrón de distribución das actividades urbanas, vinculadas co fomento dunha base económica produtiva” e “unha morfoloxía dos espazos públicos que facilite a identificación do cidadán coa cidade e eleve a súa calidade de vida” (Colmenares, Gobernabilidad, diseño y gestión urbana, 1998).

A autora Roitman (2008) relaciona o Planeamento Urbano, dende unha óptica tradicional, co papel do Estado, nos seus diferentes niveis administrativos, na intervención do deseño, administración e mantemento das cidades. Neste proceso aténdese a datos sobre o crecemento dos asentamentos, as súas funcións e os instrumentos empregados no planeamento da dinámica urbana. Nunha perspectiva máis ampla, o estado non é o único actor do Planeamento Urbano, senón que tamén intervén a sociedade civil e a iniciativa privada. Ademais de dar forma a cidade o Planeamento intervén na estruturación social e económica, polo que debe de ser entendida como algo mais que un cúmulo de regras e regulacións.

O Planeamento Urbano é un proceso moi politizado onde cada un dos actores intervincentes defenden uns intereses propios e en moitas ocasións enfrontados, polo que a negociación é unha parte importante do mesmo. Ao mesmo tempo o corpo técnico que desenvolve o planeamento debe de manterse ao marxe destas loitas e intereses partidistas (Roitman, 2008).

Continua Roitman (2008), subliñando que até fai poucas décadas o Planeamento Urbano era de carácter vertical, sendo o Estado o que determinaba a actuación das rexións e estas a dos municipios, impondo a estratexia do estado á sociedade civil. Pero nas últimas décadas, con diferentes tempos dependendo do Estado, o Planeamento Urbano tende cara a horizontalidade, chegando incluso a situacións nas que a comunidade consegue trasladar os seus intereses ao Planeamento; e sobre todo cobrando máis importancia o papel dos municipios como actores principais. No Estado español este protagonismo dos concellos xorde nos anos oitenta, unha vez que os Plans Xerais de Ordenación Municipal comezan a ser redactados dende os propios municipios; Gómez Orea (1992) descríbneos como a “figura máis típica e empregada” no Planeamento, na que “se clasifica o solo en urbano, urbanizable e non urbanizable, manifestando con estes termos o papel pasivo e residual que atribúe ao solo rústico” (p. 37).

2.6.1 Lexislación da Ordenación do Territorio.

A continuación faise unha breve aproximación ás Leis e Normas, mais importantes, que regulan ou regularon a Ordenación do Territorio durante o período no que se analizarán os procesos urbanísticos da parroquia de Bembrive, é dicir, dende o ano 1943 até o ano 2008.

A primeira grande lei que regulou a urbanización na época estudada é a Ley del Suelo de 1956, de carácter estatal e na que non se teñen en conta as especificidades das diferentes rexións do Estado. Esta lei apenas distinguía o solo en urbano, urbanizable e non urbanizable, sendo este último, o solo que por diferentes características do mesmo non era apto para urbanizar. A lei de 1956 cualificaba o rural de Vigo como non urbanizable, polo que quedaba fora de calquera valoración inmobiliaria (Souto González, 1994). Un aporte interesante desta lei é que aproba o uso dos Plans Xerais de Ordenación Urbana por parte dos concellos, aínda que non obriga a súa formulación.

Sen embargo, a interpretación que a nivel local se fixo do artigo 59 da Ley del Suelo de 1956, que permitía acollerse á excepción de vivenda illada de apoio á explotación agropecuaria, e tendo en conta que a lei consideraba que a

parcela mínima cultivable na comarca das Rias Baixas era de 2000 m², derivou na concesión de licencias indiscriminadamente para construír vivendas en calquera parcela de 2000 m² ou mais. O resultado foi a proliferación de vivendas unifamiliares “camufladas” legalmente como de apoio á explotación agraria, implantadas no territorio sen ningún tipo de planificación, a través dunha interpretación abusiva da lei e gracias a permisividade do Concello ante a súa propia incapacidade de xestionar e programar o solo urbanizable (Souto González, 1994).

A Ley del Suelo de 1956 foi substituída pola nova Ley del Suelo de 1975, texto refundido nun Real Decreto no ano 1976, que sigue o esquema básico da anterior e mantén a cualificación do solo en urbano, urbanizable e non urbanizable. Tamén mantén a posibilidade de acollerse á licencia de vivenda de apoio a explotación agraria, gracias ao seu artigo 85. Para Gómez Orea, tanto a lei de 1956 como a de 1975, teñen unha visión do territorio dende a cidade. “Os principios, a partir dos cales opera, fan referencia, sempre, á distribución e expansión das cidades , á localización das industrias, ás redes de transporte e infraestruturas enerxéticas e de comunicacións” (Gómez Orea, 1992, p. 37).

Estas dúas primeiras leis foron promulgadas durante o réxime ditatorial franquista. Coa fin do mesmo e a transición á democracia, as Comunidades Autónomas xorden coma un novo actor no campo da Ordenación do Territorio. Segundo Gómez Orea (1992):

As transferencias de competencias en materia de ordenación territorial ás Comunidades Autónomas, mudaron substancialmente o panorama; a política de ordenación do territorio estase formulando de xeito diverso nas distintas rexións e o papel dos organismos citados cara o futuro é incerto. Coas lóxicas peculiaridades, as Comunidades Autónomas adoptan tres tipos diferentes de ordenación territorial:

- As Directrices no ámbito rexional, de carácter fundamentalmente físico.
- Os Plans infrarexionais ou supramunicipais de carácter integral.

- Os Plans territoriais sectoriais de carácter temático (resíduos sólidos, transportes, etc.) e ámbito variable.

En todos os casos destaca a importancia do medio físico e a indisociabilidade da consideración e xestión ambiental. (p. 49)

A partir deste novo panorama político e administrativo, o nivel galego basta para describir a situación lexislativa, xa que a lexislación galega é subsidiaria da española, polo que cumprindo coa primeira cúmprese coa segunda.

A primeira lei específica de ordenación do territorio na Galiza é a Lei de Adaptación a Galicia da Lei estatal sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana de 1976, do ano 1985. Esta lei organiza o sistema de planificación urbanística a diferentes niveis, adaptando a lexislación do solo á natureza polinuclear do territorio galego. Presta especial atención aos ámbitos supramunicipais e a “urbanización dos pequenos asentamentos nucleares, flexibilizándose as técnicas urbanísticas de recoñecemento, clasificación e tratamento dos núcleos; pero a Lei non adopta unha posición normativa en relación cos ámbitos supramunicipais, nin introduce un nivel de planificación superior ao ámbito municipal” (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, p. 56).

A seguinte grande lei a nivel galego é a Lei de Ordenación do Territorio de Galicia de 1995, esta recoñece as limitacións das anteriores leis, coma a de 1985, tal como expresa o propio texto da lei cando di:

Os instrumentos tradicionais de ordenación ofrecidos pola lexislación urbanística amosáronse insuficientes á hora de abordar a corrección dos desequilibrios territoriais de carácter socioeconómico, ou de coordinar actuacións territoriais supramunicipais, considerándose necesario completar o sistema de planificación urbanística con outro sistema, o de ordenación territorial, que veña colmar as súas insuficiencias (Lei de Ordenación do Territorio de Galicia de 1995, citada por García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, pp. 56, 57).

No ano 1997 promulgase a Lei do Solo de Galicia, a cal innova completamente o corpo legal urbanístico. Esta nova normativa pretende perfeccionar o “réxime xurídico do solo en función do seu grao de urbanización e matiza e innova o sistema de plans municipais, pero renuncia á abordaxe de figuras intermunicipais de planificación, que se conciben enmarcadas na lexislación de ordenación do territorio” (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, p. 57).

A lei de 1997 é revisada nos anos 2002 e 2004, dando coma resultados a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Esta nova lei acentúa o obxectivo de conservación do solo rústico ou non urbanizable e potencia unha nova clase de solo que xa fora presentada na lei de 1997, o solo de núcleo rural, que é máis detallado para avanzar cara a súa consagración. Nesta revisión legal “sorprende que non se abordase, por vía de Lei, unha tipificación funcional daqueles núcleos con orixe territorial que manifestan unha problemática inserción nas dinámicas e ámbitos de expansión das cidades” (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, p. 57).

Entre o carácter conservacionista desta lei e un certo baleiro en canto á cooperación entre municipios, xorde a dificultade de construír unha política de ordenación do territorio nos ámbitos de influencia das cidades, que están fora dos termos municipais das mesmas.

Coma apuntamento na cronoloxía da lexislación urbanística e de ordenación do territorio, e aínda que non ten grande influencia na mesma a día de hoxe, no ano 1996 é aprobada a Lei de Desenvolvemento Comarcal, e no ano 1997 o Decreto que establece o mapa comarcal da Galiza. Esta lei concibe a comarca coma “un ámbito territorial intermedio entre a provincia e o municipio, formada por un conxunto de municipios contiguos que teñen cohesión interna, baseada en feitos xeográficos, históricos, económicos e funcionais” (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, p. 57). Dando corpo legal a unha división territorial de profundo calado na historia e cultura galega, pero deixándoa orfa de competencias e entidade xurídica.




Fig. 23. Mapa de comarcas galegas co grado de urbanización.

O que pode ser mais interesante desta lei é a cualificación das comarcas, diferenciando as que rodean as cidades de Vigo e A Coruña coma comarcas metropolitanas e as das cinco cidades galegas restantes, coma comarcas urbanas. O resto de comarcas son denominadas coma rururbanas ou rurais dependendo do peso dos sistemas urbanos.

Como xa foi introducido, o caso de estudo da presente disertación é a parroquia de Bembrive, inserta dentro do límite municipal do Concello de Vigo, polo que moitas das regras que aportan estes textos legais son superadas, sempre cun carácter máis restritivo, polos Plans Xerais de Ordenación Urbana ou Municipal, PXOU ou PXOM, do Concello de Vigo. A continuación farase unha moi breve aproximación a estes instrumentos de Planeamento Urbano, ampliando a información sobre os mesmos a través da posterior análise do estudo de caso.

Tal como din González Pérez e López González (2003), aínda que a primeira lei estatal que contempla a posibilidade de realización dun PXOM por parte dos concellos data do ano 1956, o Concello de Vigo non mostrou demasiado interese inicial na formulación dun Plan propio, e baseaba o seu crecemento

nunha serie de plans parciais e aliñacións que derivaron nun tratamento urbanístico fragmentado e a un planeamento de infraestruturas e servizos deficitario. Non foi até o ano 1961 que se comezou a traballar no primeiro PXOM de Vigo a requirimento e iniciativa do Ministerio de la Vivienda español.

Debido a desacordos entre o corpo técnico e a corporación municipal, que tiña unha visión moito mais mercantilista do Plan, e despois da aprobación no ano 1969 e a posterior denegación por parte do Ministerio, así como o troco de equipo técnico; o Plan non ten unha aprobación definitiva ate o ano 1972. O Plan caracterízase pola desmesura nas previsións de crecemento demográfico e urbano, prevé 480.000 habitantes, redondeados polo propio PXOM até os 500.000, para o ano 2000, que pretende absorber ensanchando a cidade cara o oeste (Coia, Navia, Samil); e é moi permisivo coa especulación urbanística. “O resultado é unha notable densificación do espazo residencial urbano, un aumento das infraccións urbanísticas e un agravamento dos problemas de dispersión do hábitat rural” (Souto, 1990, citado por González Pérez & López González, 2003, p. 181).

A aprobación da Ley del Suelo de 1975 e o posterior texto refundido da mesma no ano 1976, obriga a comezar a redacción dun novo plan xeral que se adapte as modificacións da nova lei. Despois dunha primeira aprobación parcial no ano 1984, o novo PXOM é aprobado definitivamente no ano 1988. Este plan é menos desmesurado que o anterior, pero o peso do espírito desenvolvista dos anos sesenta aínda está presente. Por primeira vez recoñece dúas realidades diferentes dentro do concello: a cidade central e o resto do territorio municipal. Para a cidade central segue planeando un crecemento cara o oeste e para o resto do municipio, ao que non deixa de atribuír un crecemento esaxerado, ten un carácter conservacionista, buscando que o crecemento previsto sexa asimilado polos núcleos con potencial para este fin e delimitando os núcleos obxecto de protección.

A Xunta de Galicia, que é o goberno da Comunidade Autónoma da Galiza, foi constituída no ano 1981, despois da transición democrática española. Durante os seus primeiros anos de existencia foi recibindo competencias do estado central, entre elas, algunhas relativas á ordenación do territorio. A primeira grande lei galega neste campo foi a Lei do Solo de Galicia de 1985; o PXOM

de 1988 foi aprobado contendo incompatibilidades con esta lei, polo que dende o seu nacemento xa era obvio que habería que reformulalo.

Debido a estas incompatibilidades legais, en 1990 é aprobado un novo PXOM que só atende ás zonas rurais do Concello de Vigo para adaptarse a nova lei galega. Este é tan efémero como o anterior, xa que en 1991 son aprobadas as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento por parte da Xunta de Galicia; o que obriga á redacción dun novo Plan.

No ano 1993 apróbase un novo PXOM adaptándose as novas normas, xa de carácter xeral para todo o municipio, aínda que con base no de 1988 para o núcleo urbano consolidado. O PXOM de 1993:

centra a súa atención no espazo rururbano. No seu tratamento opta por un modelo territorial nucleado, ben relacionado e equilibrado no que se complementen as funcións de habitar, traballar e ocio, compatibilizándoas coa protección das áreas de maior calidade do territorio. (González Pérez & López González, 2003, p. 182)

Ten unhas previsións de crecemento moito mais realistas que os anteriores Plans e muda o espírito desenvolvista polo obxectivo dunha maior calidade urbana e contención. Tal como describen González Pérez e López González (2003):

Entre os obxectivos máis destacados deste novo instrumento de planeamento estaban a protección dos recursos naturais; a potenciación, estruturación e mellora dos núcleos existentes; propónse consolidar, completar e conservar os núcleos periurbanos; controlar o crecemento do medio rural, evitando accións incompatibles co mesmo. Nunha palabra, un planeamento cheo de boas intencións, tentando que un dos grandes problemas da cidade de Vigo, como é o anárquico crecemento nunha coroa periurbana extraordinariamente diseminada, fose solucionado respectando no posible o carácter rural das parroquias aínda non totalmente absorbidas pola dinámica urbana da cidade. (p. 182)

A Xunta de Galicia aproba unha nova Lei do Solo no ano 1997, o que forza a comezar coa redacción dun novo PXOM que se adapte á mesma. O resultado é o PXOM de 2008, que aínda está en vigor na actualidade sendo o marco no que se desenvolve o urbanismo no Concello de Vigo e por consecuencia o da parroquia de Bembrive. Polo xeral, o PXOM do 2008 continua co mesmo modelo do ano 1993, e caracterízase por un maior estudo do medio rural e unha maior atención na súa ordenación e planeamento.

Na seguinte páxina preséntase un cronograma coa principal lexislación no campo do urbanismo, que afecta á parroquia de Bembrive. Nel, sitúase no tempo a aprobación e período de aplicación das leis e normas que regulan o urbanismo e a edificación, tanto as de ámbito estatal que rexen en todo o territorio español, coma as de ámbito autonómico que son de aplicación exclusivamente no territorio galego. Tamén son situados no tempo, co seu período de aplicación, os Plans Xerais de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, para a planificación e ordenación do territorio no ámbito local do municipio vigués.




Fig. 24. Plano de ordenación do solo do PXOM do 2008, correspondente ao barrio do Mosteiro.




Fig. 25. Cronograma da principal lexislación urbanística.

3. Contextualización.

3.1. Vigo

3.1.1. Introducción.



Fig. 26. Panorámica de Vigo dende a ría



Fig. 27. Panorámica de Vigo dende o alto da Madroa.



Figura 28. Bandeira do Concello de Vigo.



Figura 29. Escudo do Concello de Vigo.

Vigo é un concello pertencente á comarca de mesmo nome, dentro da provincia de Pontevedra, na Comunidade Autónoma de Galiza, no Estado Español. Está localizado na beira sur da ría máis meridional das Rías Baixas, a 42°13'51" de latitude norte e a 8°44'03" de lonxitude oeste, limita ao nordés co concello de Redondela, ao sueste cos concellos de Mos e O Porriño, ao suroeste cos

concellos de Gondomar e Nigrán e ao noroeste coa ria de Vigo no océano Atlántico.




Fig. 30. Localización da Comunidade Autónoma de Galiza.




Fig. 31. Localización do Concello de Vigo.




Fig. 32. Termo municipal de Vigo, con mancha construída e límite da parroquia de Bembridge.

O termo municipal de Vigo ten unha superficie de 109,1 Km², sendo este o territorio máis urbanizado de toda a provincia de Pontevedra, o que resulta nunha densidade de 2.704,91 hab./Km², cunha poboación de 294.997 habitantes, segundo censo do 2014. Esta densidade de poboación só é superada na Galiza polo Concello da Coruña, que conta cunha superficie menor.

En termos absolutos Vigo é o municipio con maior poboación da Comunidade, os seus case que trescentos mil habitantes supoñen o 31,5% da poboación da provincia de Pontevedra e o 10,5% da Comunidade Autónoma.




Fig. 33. Evolución demográfica de Vigo 1842-2014.

Como se ve na gráfica da evolución da poboación do concello de Vigo, a partir do ano 1900 prodúcese un incremento notable da poboación, até o ano 1950 que sofre un pequeno estancamento para volver experimentar unha grande subida nas décadas dos sesenta, setenta e oitenta. Unha vez chegados os anos noventa, a poboación estabilízase, continuando un lixeiro incremento até o ano 2011 no que comeza a decaer.

O nomenclátor da Galiza contabiliza 495 entidades singulares de poboación dentro do termo municipal de Vigo e un total de 291 núcleos de poboación repartidos en parroquias.

O número de parroquias varía se se consideran as parroquias eclesiásticas ou as tradicionais, xa que co aumento de poboación no centro do núcleo urbano o número de parroquias eclesiásticas multiplicouse nas últimas décadas, pola política de relación entre límites parroquiais e poboación que segue a Igrexa Católica, até chegar a 30; estas parroquias pertencen á diocese de Vigo-Tui.




Fig. 34. Parroquias eclesiásticas do Concello de Vigo

Sen embargo, na presente disertación só se terán en conta as parroquias tradicionais ou históricas, xa que son as que representan a distribución espacial máis permanente e son as de referencia para as administracións públicas e na propia cultura colectiva dos vigueses. Esta escolla non ten consecuencias no presente estudo de caso, a parroquia de Bembrive, xa que os seus límites son iguais en ambos casos. Así, a partir de agora, sempre que se fale de parroquia entenderase coma tal á parroquia tradicional.

Hai que ter en conta, que dado que as parroquias carecen de poder administrativo, a excepción de Bembrive que se constitúe en Entidade Local Menor con certas competencias administrativas, e sendo o seu estudo de carácter antropolóxico ou xeográfico, non existe un acordo unánime sobre o número e límites territoriais das mesmas, sobre todo nas que se desenvolve a cidade compacta. Tómase coma referencia a división parroquial efectuada por Xosé Manuel Souto (1994) no libro *“Vigo: proxecto e realidade do medio periurbano”*. Segundo este, as parroquias de Vigo son: Alcabre, Beade, Bembrive, Bouzas, Cabral, Candean, Castrelos, Coia, Comesaña, Coruxo, Freixeiro, Lavadores, Matamá, Navia, Oia, Saians, Sárdoma, Teis, Valadares, Vigo centro




Fig. 35. Mapa das parroquias históricas de Vigo na actualidade.

3.1.2. Medio físico.

O relevo de Vigo está determinado polas súas dúas principais unidades xeomorfolóxicas, a propia ría de Vigo e o val do Fragoso. Entre elas existe un conxunto de elevacións de pouca importancia.

A costa de Vigo formouse a través da erosión marítima da ría, resultando nunha sucesión de entrantes e saíntes en forma de areeiros, cun total de 20 entre Saiáns e Teis, e espazos rochosos. Dende a orla de costa, onde se localiza unha sucesión de zonas chairas, as cotas de terreo van subindo até o monte do Castro (147 m) e sigue ascendendo progresivamente até o alto de Candeán (340 m), límite nororiental do municipio. As cotas mantéñense até o alto de Puxeiros, que é o límite oriental. Ao sur desta serie de cumes localízase a

segunda gran unidade xeomorfolóxica, o val do Fragoso, formado polo leito do río Lagares. Máis ao sur o val do Fragoso pechase coa serra do Galiñeiro, co maior cume do municipio de mesmo nome (705 m), situado entre os concellos de Vigo, Gondomar e O Porriño. Nesta mesma serra están situados o cume do monte Cepudo (526 m) e o monte Alba (524 m), segundo e terceiro cume d municipio por altura (Concello de Vigo, 2008).

Así, no termo municipal de Vigo pódense distinguir tres zonas diferenciadas nas que encadrar as parroquias e asentamentos do espazo periurbano:

As zonas litorais, conformadas por un espazo profundamente modificado pola man humana, a través de peiraos e recheos gañados ao mar nas parroquias de Teis, Bouzas e Alcabre; e unha zona onde predomina unha imaxe mais turística ou de esparcemento, nas parroquias de Navia, Coruxo, Oia e Saiáns.

As zonas do val do Fragoso, situadas sobre as concas dos afluentes do río Lagares, nas parroquias de Candeán, Cabral, Matamá e Bembrive; e a zona baixa do propio val, relativa as parroquias de Lavadores, Sárdoma, Castrelos, Comesaña e Navia.

Zonas de cumes e outeiros nos bordes do val do Fragoso, que fan de división entre as diferentes concas hidrográficas, relativas ás parroquias de Candeán, Cabral, Valadares, Zamáns, Coruxo e Bembrive. Estas son zonas de grandes pendentes e ocupación forestal do solo (Silverio Cañada, 2011).

Hai que ter en conta que as divisións parroquiais non coinciden coas divisións físicas, podendo repartirse barrios da mesma parroquia en diferentes zonas das anteriores (Souto González, Vigo: Proxecto e realidade do medio periurbano, 1994).




Fig. 36. Mapa topográfico de Vigo e proximidades.

Outro grande condicionante do relevo vigués é a rede hidrolóxica formada por numerosos ríos e arroios, que conforman once pequenas concas hidrográficas en tres sistemas hidrográficos principais: O do río Lagares, o do río Zamáns e a rede que desemboca directamente na ría. O río Lagares é o principal do municipio e atravesa a este de suroeste a noroeste, e ten coma principais afluentes o río Barxa e o río Eifonso, que transcorre principalmente sobre a parroquia de Bembrive. Entre os interfluvios destes sistemas sitúanse a sucesión de pequenos outeiros descritos anteriormente, cercanos á liña de costa, que forman o característico relevo do centro urbano vigués inzado de rúas con un forte desnivel.

A rede hidrográfica de Vigo pode definirse como corta e extensa ao mesmo tempo, debido a grande cantidade de regos, regueiros e regatos de pouco caudal e dimensións, que se suman aos tres sistemas hidrográficos principais xa mencionados. (Concello de Vigo, 2008)




Fig. 37. Rede hidrolóxica do Concello de Vigo. Conchas hidrolóxicas do termo municipal.

3.1.3. *Clima.*

Segundo a clasificación Köppen, o municipio de Vigo estaba catalogado dentro do clima de tipo oceánico de veráns suaves, pero debido ao incremento das temperaturas nos últimos anos, na actualidade o clima vigués pode catalogarse dentro do tipo oceánico de veráns secos. Este tipo de clima consiste nunha transición entre o clima oceánico e o clima mediterráneo, e caracterízase por posuír unha estación seca e temperaturas máis elevadas que no tipo oceánico de veráns suaves (Silverio Cañada, 2011).

Tanto Meteogalicia (Unidade de Observación e Predición Meteorolóxica de Galicia) coma o CSIC (Consejo Superior de Investigaciones Científicas),

defenden que Vigo comparte rasgos cos climas subtropicais, xa que a vila é atravesada por fronte de orixe tropical.

Segundo a Agencia Estatal de Metereología, a ría de Vigo é un dos puntos con maior pluviosidade da Galiza, con rexistros de 1.918 mm anuais; sendo a terceira cidade de Europa en precipitacións despois de Trondheim en Noruega e Santiago de Compostela na propia Galiza. Sen embargo, Vigo ten unha cantidade de días despexados superior a da maioría de municipios galegos e comparable a de Tarifa, Málaga ou Valencia.

O mar ten un efecto moderador da climatoloxía viguesa, suavizando as temperaturas e permitindo que existan poucas variacións, así en verán non se alcanzan temperaturas excesivas e en inverno as xeadas son escasas.

Periodo: 1981-2010 - Altitud (m): 261
 Latitud: 42° 14' 19" N - Longitud: 8° 37' 26" O - Posición: [Ver localización](#)

Mes	T	TM	Tm	R	H	DR	DN	DT	DF	DH	DD	I
Enero	8.6	11.9	5.4	208	84	14.0	0.1	1.1	10.9	1.7	6.3	114
Febrero	9.6	13.3	5.8	162	78	11.7	0.2	0.8	7.3	0.9	5.9	131
Marzo	11.5	15.7	7.3	141	73	11.6	0.1	0.7	7.2	0.3	7.4	178
Abril	12.4	16.6	8.2	157	73	13.5	0.0	1.9	7.0	0.0	5.0	193
Mayo	14.6	18.8	10.4	127	73	12.4	0.0	2.6	8.2	0.0	5.0	228
Junio	17.9	22.5	13.2	62	71	6.9	0.0	1.1	7.6	0.0	9.4	273
Julio	19.6	24.4	14.8	44	71	5.0	0.0	0.8	9.0	0.0	11.7	296
Agosto	19.8	24.7	15.0	45	71	4.7	0.0	0.9	9.5	0.0	11.8	287
Septiembre	18.3	22.8	13.8	102	74	7.8	0.0	0.9	9.1	0.0	9.1	212
Octubre	15.0	18.8	11.2	231	81	13.1	0.0	1.4	10.8	0.0	5.5	154
Noviembre	11.5	14.9	8.2	246	84	13.1	0.0	1.2	10.7	0.1	5.0	112
Diciembre	9.3	12.4	6.3	262	84	15.1	0.1	1.8	11.1	0.8	6.8	101
Año	14.0	18.0	9.9	1791	77	129.2	0.5	15.3	107.4	3.8	88.9	2269

Leyenda

T Temperatura media mensual/anual (°C)
 TM Media mensual/anual de las temperaturas máximas diarias (°C)
 Tm Media mensual/anual de las temperaturas mínimas diarias (°C)
 R Precipitación mensual/anual media (mm)
 H Humedad relativa media (%)
 DR Número medio mensual/anual de días de precipitación superior o igual a 1 mm
 DN Número medio mensual/anual de días de nieve
 DT Número medio mensual/anual de días de tormenta
 DF Número medio mensual/anual de días de niebla
 DH Número medio mensual/anual de días de helada
 DD Número medio mensual/anual de días despejados
 I Número medio mensual/anual de horas de sol

Fig. 38. Valores climatolóxicos de Vigo 1981-2010, fonte AEMET. Hai que ter en conta que as mostras son tomadas na zona do aeroporto en Peinador, esta caracterízase por ter un clima mais frío e húmido que a zona do núcleo urbano.

3.1.4. Rexión Urbana e Área Metropolitana.

O concello de Vigo encadrarse dentro da Rexión Urbana binuclear de Vigo e Pontevedra. Aínda sendo Vigo o principal polo da mesma, esta Rexión Urbana caracterízase por unha marcada continuidade espacial dos asentamentos humanos, que varia a súa densidade, pero non ofrece zonas deshabitadas ou non urbanizadas. Dentro desta rexión, existen dúas áreas urbanas correspondentes as cidades de Pontevedra e de Vigo.

A Área Urbana de Vigo atópase na actualidade nun proceso de formación da Área Metropolitana de Vigo, con esta cidade coma núcleo da mesma. A Área Metropolitana de Vigo sitúase no centro xeográfico da Eurorexión Galiza-Norte de Portugal. Segundo o PXOM 2008 de Vigo, na súa memoria xustificativa:

O fenómeno metropolitano maniféstase por un dinamismo demográfico e económico que sobre pasa os lindeiros municipais. As crecentes relacións entre os distintos municipios que constitúen a aglomeración metropolitana de Vigo, están a provocar un aumento tendencial dos fluxos de persoas e mercadorías entre eles. (Concello de Vigo, 2008, p. 58)

O caso de estudo da parroquia de Bembrive, atópase encadrado dentro da Área Metropolitana de Vigo, localizándose dentro do termo municipal vigués.



Fig. 39. Vista aérea da ribeira de Vigo coa ría de fondo, a área metropolitana esténdese ao longo das dúas beiras da ría de Vigo




Fig. 40. Rexións urbanas de Vigo e áreas metropolitanas de Vigo, Pontevedra e Vilagarcía.

3.1.5. Comunicaci3ns.

O sistema de transporte en Vigo apoiasse na rede viaria, a rede de ferrocarrís, o transporte marítimo e o transporte aéreo.




Fig. 41. Sistema xeral de transportes do Concello de Vigo, con límite da parroquia de Bembrive en verde.

A cidade conta cun aeroporto de pequenas dimensións, o Aeroporto de Peinador, situado no límite mais oriental do concello a 9 Km do centro de Vigo, as súas instalacións están implantadas en solo dos concellos de Vigo, Redondela e Mos. Este aeroporto programa voos nacionais, na súa maioría, e internacionais, mais o fluxo de viaxeiros é reducido debido a proximidade dos aeroportos de Porto (Portugal) e Santiago de Compostela que teñen mais peso.

No ano 2014 acadou a cifra de 678.000 pasaxeiros, o que proba a recesión que está sufrindo nos últimos anos, xa que no ano 2007 a cifra era de 1.405.968 pasaxeiros.

En canto ao transporte marítimo, Vigo conta cun dos principais portos pesqueiros a nivel mundial e un dos principais portos de mercadorías a nivel estatal, no apartado de economía afondarase nos motivos. Tamén ten un considerable fluxo de viaxeiros, xa que se atopa dentro das principais escalas do transporte de pasaxeiros en cruceiros turísticos, aínda que este sector é moito menor que o da pesca ou mercadorías.

A rede de ferrocarrís permite o transporte de pasaxeiro e mercadorías a través de dous eixos principais, o eixo atlántico que vai dende Ferrol até Porto e o eixo que comunica coa zona sur da Galiza en dirección a Madrid. Na actualidade Vigo conta con dúas estacións de ferrocarril, unha delas temporal, xa que esta en proceso de desenvolvemento da rede de alta velocidade que substituirá a antiga mantendo eses dous eixos de comunicación.

O principal sistema de transporte da cidade é o rodoviario. As principais vías para a comunicación co exterior do municipio son as constituídas polas estradas de alta capacidade, autovías e autoestradas.

A autoestrada AP-9 comunica todo o eixo atlántico urbano galego, de norte a sur. As principais vilas que comunica son: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo e Tui, conectando despois co sistema de autoestradas de Portugal.

A autovía A-52 comunica Vigo co sur galego, sendo as principais vilas polas que pasa: Ribadavia, Ourense, Xinzo de Limia e Verín, para posteriormente continuar cara a meseta castelá en dirección a Madrid.

Outra vía de comunicación co exterior do municipio destacable é a AG-57, que comunica a Vigo cos concellos ao sur de Baiona, Nigrán e Gondomar.

No interior do municipio a comunicación rodoviaria efectúase a través de rúas urbanas, estradas que comunican as diferentes parroquias e circunvalacións

de alta capacidade que permiten o transporte nun sistema de radios ao redor do núcleo urbano.

No mapa de vías da Área Metropolitana preséntanse tamén as vías en proxecto, as relativas á parroquia de Bembrive serán tratadas no capítulo de análise dos Plans Xerais de Ordenación Municipal.




Fig. 42. Principais vías de comunicación rodoviaria da Área Metropolitana de Vigo. Inclúe vías en proxecto.



Fig. 43. Aeroporto de Peinador en Vigo.



Fig. 44. Porto de mercadorías de Vigo.



Fig. 45. Estado actual das obras da nova estación de ferrocarrís de Vigo.

3.1.6. Economía.

Vigo é considerado o motor industrial da Galiza e na actualidade conta cunha grande diversidade produtiva, con capacidade de internacionalización e liderado económico. O desenvolvemento deste poder económico fraguouse de costas a unha administración que privilexiou historicamente as capitais cabeceiras das provincias e vilas próximas de maior peso histórico coma Baiona, polo que o motor do mesmo foi a iniciativa privada.

A economía viguesa sobresaíu na protoindustrialización a través da industria da salga de peixe, posteriormente esta transformouse na industria conserveira e foi xermolo da industria conxeladora de peixe. A riqueza natural da ría de Vigo atraeu até a cidade ao capital catalán, que foi o impulsor da grande industria mariñeira. A falta de comunicación coa meseta ibérica foi un hándicap que non permitiu un maior crecemento industrial da cidade e dificultou o comercio, aínda así Vigo converteuse nun dos grandes portos de pesca a nivel mundial (Silverio Cañada, 2011).



Fig. 46. Industria conserveira en Vigo, a mediados do século XX .

Como consecuencia deste crecemento da industria pesqueira, foron xurdindo numerosas empresas estaleiras, dedicadas sobre todo a construción de embarcacións para a pesca, até consolidarse coma un dos piares fundamentais da economía viguesa; chegando na metade do século XX a

construír o 80% das novas embarcacións de pesca de todo o Estado español. Nesta época de esplendor fundase en Vigo unha das grandes empresas galegas da actualidade, Pescanova, que revolucionou o mercado co seu sistema de procesamento e conxelación do peixe en alta mar. A consecuencia do éxito de Pescanova potenciouse enormemente a industria estaleira.



Fig. 47. Botadura dunha embarcación nos estaleiros vigueses no ano 1961.

A partir da crise do petróleo de 1973 a industria do mar viuse moi afectada, chegando nos anos oitenta os procesos de reconversión industrial nos que pecharon numerosas empresas de construción naval. As que resistiron diversificaron o seu mercado na construción de todo tipo de embarcacións civís e na especialización e sofisticación das súas embarcacións; situándose na actualidade nun período de estancamento e tentativa de recuperación.

Debido ás crises referidas a economía viguesa tivo que diversificarse e potenciar sectores como a farmacéutica (Zeltia), a cerámica (Álvarez), etc.

O outro grande pilar da economía foi a implantación na cidade da industria automobilística abandeirada pola factoría da marca Citroën, que se instalou na

cidade no ano 1958, en talleres provisionais do porto de Vigo até a instalación na localización actual da Zona Franca de Balaidos no ano 1959, atraída polas vantaxes fiscais da Zona Franca Portuaria concedida a Vigo, no ano 1947, pola súa grande industria do mar e mais pola boa comunicación con Lorient na Francia, país de orixe de Citroën, e con Marrocos, grande consumidor da marca. A implantación da industria automobilística, na chamada terceira reindustrialización, foi un forte pulo para a economía da cidade, desenvolvéndose unha grande rede de provedores para a factoría da firma francesa. Na actualidade o sector da automoción é o principal motor da industria viguesa e galega (Silverio Cañada, 2011).



Fig. 48. Cadea de montaxe de Citroën en Vigo nos anos sesenta.

Así o potencial económico de Vigo baseouse nestes tres sectores, o da alimentación, a través da industria pesqueira, o da construción naval e o da automoción. Considerándose aos dous primeiros coma autóctonos e o terceiro como dependente de capital alleo (Silverio Cañada, 2011).

Nas últimas décadas, debido aos procesos de desindustrialización da sociedade posindustrial occidental, deuse un forte incremento do sector

terciario. Xurdiron na cidade unha cantidade importantes de centros comerciais, empresas de servizos, turismo e lecer, etc. Vigo tampouco foi allea ao bum construtivo das pasadas décadas, que rematou co chamado derrube da burbulla inmobiliaria e deixou na cidade un parque enorme de vivenda baleiras.

Durante todo este proceso descrito viviuse a perda de vigor do traballo agrícola que se reformulou como labor a tempo parcial, da poboación que abandonou o traballo agrícola polo industrial, na periferia viguesa e que na actualidade segue minguando cara un sector residual (Silverio Cañada, 2011).

3.1.7. Proceso de formación do municipio.

A comezos do século XX, no actual termo municipal de Vigo existían tres concellos, o de Vigo, o de Bouzas e o de Lavadores, sendo os dous últimos anexionados progresivamente ao primeiro.

O proceso socio-político que resultou no actual concello de Vigo é importante para darse conta da autonomía política da que gozaban as parroquias. A primeira anexión foi a de algunhas parroquias pertencentes ao concello de Bouzas. As parroquias de Matamá e Coia foron as primeiras en solicitar a integración dentro do concello de Vigo. Así demostrase a autonomía das parroquias cando os veciños de Matamá solicitan a segregación do concello de Bouzas para anexionarse a Vigo (acta do pleno do 11 de abril de 1900). Os veciños de Coia comezan un proceso similar a través da solicitude plasmada nas actas do pleno do 3 e 19 de xullo de 1901. Polo tanto foron as propias parroquias as que comezaron o proceso de conformación do actual concello de Vigo (Souto González, 1994).

As razóns para estas solicitudes de troco de concello eran referentes a unha maior prestación de servizos por parte do concello de Vigo. Ao mesmo tempo, o propio Concello de Vigo mostrou o seu interese en anexionar parroquias próximas na acta da sesión plenaria do 11 de abril de 1900.

Neste proceso de anexión do concello de Bouzas, foron os veciños da parroquia cabeceira, Bouzas, os que máis se resistiron, “unha postura que

aínda é perceptible en moitas persoas do núcleo mariñeiro” (Souto González, 1994). A vila cabeceira e o resto de parroquias que aínda pertencían ao concello de Bouzas foron definitivamente anexionadas por Vigo no ano 1904, a través dun Real Decreto do rei español Alfonso XIII, publicado o día 6 de xaneiro na Gaceta Oficial do Estado.

O proceso de anexión do concello de Lavadores foi diferente, xa que se encadrou na Guerra Civil española. Aínda así existen semellanzas, coma o interese de Vigo na anexión e a solicitude de algunhas parroquias interesadas no proceso. A primeira que solicitou a segregación do concello de Lavadores e a súa integración no de Vigo foi a parroquia de Beade, seguida posteriormente por Teis e Bembrive. Pero foi o contexto da Guerra Civil o que precipitou a anexión final do concello de Lavadores, cando en 1941, xa na posguerra, o Consello de Ministros do ‘Nuevo Estado’ aproba a integración do concello de Lavadores no concello de Vigo, conformando o actual termo municipal de Vigo (Ávila y la Cueva, 2003).



Fig. 49. Mapa dos antigos concellos de Lavadores, Bouzas e Vigo sobre a trama parroquial.

Este proceso serve para confirmar que as parroquias constituían un verdadeiro poder local que participaba na organización territorial. Ademais das tres parroquias cabeceiras de cada un dos antigos concellos (Vigo, Bouzas e Lavadores), había outras que gozaron de poder local autónomo en diferentes momentos do período comprendido entre os anos 1800 e 1940, eran as parroquias de Cabral, Teis, Valadares, Zamáns e Bembrive. No caso de Bembrive, a parroquia aínda goza na actualidade do estatuto de Entidade Local Menor, cun goberno local propio subsidiario do de Vigo e con certas competencias moi reducidas (Ávila y la Cueva, 2003).

De este xeito, as parroquias preséntanse como a unidade territorial mais estables, resistindo as mudanzas na organización administrativa do territorio. A organización parroquial xorde en torno aos séculos XI e XII, agrupando núcleos de poboación en torno ás entidades eclesiásticas existentes; e servindo de soporte espacial á división en señoríos, coutos e abadengos do antigo réxime. Esta división permanece estable até o ano 1836, momento no que se establece a nova división administrativa do territorio en concellos e o actual termo municipal de Vigo é dividido nos tres concellos nomeados anteriormente. Así, as parroquias poden ser definidas coma células territoriais onde se configuran unhas relacións sociais cotiás que perduraron cos cambios institucionais.

3.2. Bembrive.

3.2.1. Introducción.

Bembrive é unha parroquia pertencente ao concello de Vigo, localizada no límite este do termo municipal vigués. Limita ao Norte coas parroquias de Lavadores e Cabral, pertencentes ao concello de Vigo, ao oeste coas parroquias de Tameiga e Cela, pertencentes ao concello de Mos, ao sur coa parroquia de Zamáns e ao este coas parroquias de Beade e Sárdoma, todas elas pertencentes ao concello de Vigo.

A superficie da parroquia é de 9,2 km² e ten unha poboación de 4.427 habitantes en censo do ano 2013, cunha densidade poboacional de 481,19 hab./Km², sendo a segunda parroquia con menor densidade despois de

Zamáns. É unha das parroquias con máis rasgos rurais dentro do termo municipal de Vigo, cun pasado eminentemente labrego. O nomenclátor da Galiza contabiliza 38 Lugares ou entidades de poboación dentro da parroquia de Bembrive, estes estarían dentro dos oito barrios históricos da parroquia.




Fig. 50. Localización de Bembrive no concello de Vigo.



Fig. 51. Ortofoto de Bembrive con parroquias limítrofes.



Fig. 52. Mapa de estradas principais que atravesas a parroquia de Bembrive.




Fig. 53. Mancha construída e rede de estradas de Bembrive. Cartografía do PXOM do 2008.

3.2.2. Entidade Local Menor.

Bembrive é unha parroquia singular dentro do concello de Vigo, xa que posúe o rango administrativo de Entidade Local Menor (ELM) dende o 12 de xullo de 1945, catro anos despois da súa anexión ao Concello de Vigo xunto co resto do Concello de Lavadores. Este rango administrativo só o posúen outras oito parroquias no territorio galego,

No acta inaugural da ELM consta que esta nace para:

la gestión y cuidado de los montes de San Ciprián, Aradas y otros (...) ya que desde hace tiempo y de modo continuado viene los vecinos de Bembrive dedicando dichos montes al pastoreo y aprovechamiento, ejerciéndose dichos actos sin oposición alguna, considerándose por tanto tales terrenos de exclusiva propiedad de la parroquia, y así consta en acta de 4-1-1932 en la que el Distrito Forestal y una comisión del Ayuntamiento de Lavadores hicieron entrega de los referidos montes a los representantes del pueblo de Bembrive. (Entidade Local Menor de Bembrive, 2005)

A Entidade Local Menor é un organismo público de administración rexida por un equipo de goberno constituído por un alcalde pedáneo e catro vogais. A elección deste equipo de goberno faise de xeito simultáneo e paralelo á elección do goberno municipal de Vigo da seguinte maneira: Os votantes de Bembrive, nas eleccións municipais, votan en dúas urnas diferenciadas, unha para as municipais viguesas e outra onde se escolle ao alcalde pedáneo da ELM. e os catro vogais repártense segundo resultados das eleccións municipais no ámbito da parroquia.

A ELM ten certas competencias organizadas a través das distintas vogalías, como son a vogalía de montes, a vogalía de relacións cidadás, a vogalía de obras e servizos e a vogalía de urbanismo. Todas estas competencias son subsidiarias do Concello de Vigo e basicamente as súas funcións consisten na xestión do monte parroquial (246 Ha.) e a administración e mantemento de certas infraestruturas e servizos. De este xeito a ELM actúa coma un axente de representación da veciñanza da parroquia ante outras institucións. Grande

parte do financiamento da ELM proven da administración e explotación da súa masa forestal.

Coma administración propia da parroquia, a ELM conta con un edificio a xeito de “casa consistorial”, situado no barrio do Mosteiro, cabeceira da parroquia. Así mesmo ten unha simboloxía propia, consistente nunha bandeira e un escudo. O Escudo da ELM de Bembrive foi aprobado o 3 de maio do 2001 no Diario Oficial de Galicia nº 85 e a bandeira o 15 de maio de 2002 no Diario Oficial de Galicia nº 93.



Fig. 54 e 55. Bandeira e escudo da Entidade Local Menor de Bembrive





Fig. 56, 57 e 58. Edifício sede da Entidade Local Menor de Bembrive.

3.2.3. Relevo.

Bembrive ten un relevo irregular, sen accidentes xeográficos de relevancia. As cotas van dende os 50 metros sobre o nivel do mar até os 500 m. As máis baixas localízanse no extremo máis noroccidental da parroquia, no barrio de Baruxáns, coincidindo cos terrenos máis chairros da parroquia; e as cotas máis altas localízanse no extremo sur da parroquia, nos terreos máis accidentados, en zonas despoboadas correspondentes ao monte das Campanas e próximas a Cidade Universitaria de Vigo, fora xa do límite parroquial.

As cotas de altitude dos terrenos da parroquia van ascendendo dende o extremo noroccidental, de xeito continuado, até os extremos norte, este e sur, elevando as cotas a medida que se achegan aos límites parroquiais, configurando o espazo de transición entre as zonas altas do val do Fragoso e as zonas máis chairas do mesmo.

As zonas chairas gardan a maior densidade de asentamentos humanos, dende o extremo noroeste até o centro norte da parroquia, e comprenden altitudes entre os 50 e os 130 metros, con pendentes maioritariamente inferiores ao 5%, Aproximadamente entre as cotas 130 e 150 o terreno comeza a gañar inclinación, presentando pendentes superiores ao 10% , elevando o terreno de xeito constante até os límites parroquiais, e nas que existen algunhas zonas intermedias máis chairas onde predominan as pendentes inferiores ao 5%, como poden ser as correspondentes cos barrios de Xestoso ou Chans.

A excepción a esta aceleración na altimetría das cotas é o val do río Eifonso, onde se contén o aumento das pendentes, formando unha lingua de terreno dende a zona centro-norte até a zona centro-sur, na beira este deste pequeno val, a máis chaira, localízanse os barrios do Outeiro, Carballal e San Cibrán. Máis aló da cota 250 os asentamentos humanos son máis escasos e predomina o uso forestal do solo, sobre todo na parte sur de Bembrive.

En canto ás orientacións, a maioría do territorio parroquial ten unha orientación que vai dende a sur até a noroeste, localizándose estas orientacións na beira este do río Eifonso; na beira oeste do río os terrenos teñen, maioritariamente, unha orientación que vai dende a sueste á nordés.




Fig. 59. Plano topográfico de Bembrive.




Fig. 60. Plano de pendentes de Bembrive.




Fig. 61. Plano de orientacions de Bembrive.

3.2.4. Hidrografía.

A parroquia de Bembrive esta inzada de pequenos regueiros e regos, xa que é unha zona de transición entre as partes altas do val do Fragoso e as zonas mais chairas onde estes cursos de auga converxen en ríos de mais entidade. Por ese mesmo motivo, os ríos existentes na parroquia son poucos e de importancia relativamente baixa.

Podemos distinguir coma ríos da parroquia ao río Mosteiro e ao río Eifonso, do que é afluente o primeiro. O río Mosteiro formase a partir de dous cursos de auga, un que nace na zona do barrio de Xestoso e outro que nace na zona da Pedra Aguda, converxendo ambos na zona dos Freires para pasar polo barrio do Mosteiro, do cal toma o nome, e desembocar no barrio de Eifonso no río de mesmo nome que o barrio.

O río Eifonso é o máis importante da parroquia de Bembrive e o único ao que non se lle discute o estatus de río, aínda que non é un río nin extenso nin caudaloso, a súa importancia radica en ser un dos principais afluentes do río Lagares, que é o río máis importante do concello de Vigo. Dentro do territorio parroquial, o val polo que transcorre ten a súa importancia a nivel de relevo, pendentes e orientacións, tal coma describimos no apartado anterior.

O río Eifonso nace nas zonas mais altas da parroquia, no extremo sur, onde o monte das Campanas, e segue o seu curso en dirección norte até o barrio do San Cibrán, a partir dese punto continua en dirección noroeste até o barrio de Mourelle, onde o río pasa a delimitar a fronteira oeste de Bembrive ate que o seu curso abandona a parroquia.

Este río e o seu entorno inmediato, constitúe un dos espazos naturais con maior valor ecolóxico do concello de Vigo, atesorando unha grande diversidade de especies naturais, sobre todo na súa primeira metade dentro da parroquia; ademais deste valor ecolóxico ten tamén un importante valor etnográfico, debido ao patrimonio hidrográfico existente no seu curso, do que falaremos máis adiante.

Ao longo do seu curso entre as casas da Fraga e o barrio de Mourelle, existe un sendeiro coñecido como o sendeiro do Eifonso, sendo este un dos atractivos etnográficos e naturais máis importantes da parroquia.



Fig. 62. Río Mosteiro ao seu paso polo barrio do Mosteiro.



Fig. 63. Río Eifonso ao seu paso polo barrio de Baruxáns.



Fig. 64. Fervenza do río Eifonso, no tramo entre o San Cibrán e Mourelle.



Fig. 65. Sendeiro do río Eifonso, no tramo entre o San Cibrán e Mourelle.




Fig. 66. Plano hidrográfico de Bembrive, inclúe regatos en concas hidrográficas clave.

3.2.5. Unidades poboacionais.

A parroquia de Bembrive subdivídese en unidades denominadas barrios e por debaixo destes están os lugares. Os barrios son unha subdivisión ligada aos asentamentos poboacionais, e xorden nas zonas onde aparecen asentamentos humanos, pola contra os lugares non están estritamente relacionados co asentamento humano.

En Bembrive existen oito barrios históricos, estes son os barrios de Baruxáns, Carballal, Chans, Mosteiro, Outeiro, San Cibrán, Segade e Xestoso. Nas últimas décadas foron aparecendo novos barrios a medida que foi aumentando a ocupación do territorio, polo que a día de hoxe as administracións públicas engadiron, aos barrios históricos, os barrios de nova denominación de Xesteira, Recaré, Mouteira, Freires, Arieiro, Eifonso, Mourelle e nalgúns casos Lameiro, aínda que este último non se considera na maioría dos casos xa que correspondería máis á parroquia veciña de Sárdoma.

Todos estes novos barrios poden encadrarse dentro dos oito barrios históricos, xa que na maioría deles existiu o asentamento humano antes da denominación de barrio, a excepción do barrio do Arieiro, onde os asentamentos aparecen nas últimas décadas. De este xeito, cando se fale dos barrios de Bembrive, analizarase a división en barrios a través de dous enfoques, o que ten en conta só os barrios históricos cos novos incluídos nos primeiros e o que comprende os barrios actuais, os históricos máis os novos. Hai que ter en conta que a enumeración dos barrios actuais faise en moitas ocasións dende as administracións co obxectivo de estudar o territorio a nivel estatístico e non asegura un estudo profundo do territorio, polo que na presente disertación óptase polo emprego da división histórica.

Para a análise da división en unidades poboacionais da parroquia de Bembrive a través dos barrios históricos ou tradicionais, terase en conta a inclusión dos novos barrios nos tradicionais. Móstrase a continuación que barrios actuais estarían comprendidos en cada barrio histórico.

Barrios Históricos	Barrios actuais
Baruxáns	Baruxáns, Xesteira e Lameiro
Carballal	Carballal
Chans	Chans
Xestoso	Xestoso e Freires
Mosteiro	Mosteiro, Eifonso e Mouteira
Outeiro	Outeiro e Mourelle
San Cibrán	San Cibrán
Segade	Segade, Arieiro e Recaré

Táboa 4. Barrios históricos e actuais



Fig. 67. Vista aérea do barrio histórico de Outeiro, agora dividido en Outeiro e Mourelle.



Fig. 68. Barrios históricos e de nova denominación de Bembrive.

Os lugares dividen a parroquia en unidades máis pequenas que os barrios, pero non se debe entender esta estrutura coma unha xerarquía, senón como subdivisións paralelas, pois un mesmo lugar pode pertencer a mais de un barrio, e incluso a diferentes parroquias. Cando se tenta localizar e denominar os lugares, aparece a dificultade de que non existe consenso nin na denominación, nin na localización, nin nos límites dos mesmos. Esta diferenza de criterio atópase entre administracións, estudos e entre os propios veciños da parroquia.

Santiago de Bembrive.

Índice dos lugares.

Monteiro y Ferreira	5.	Chans y Trages
Eifonso	8.	Loureiro y S. Ciprian
Seme y Gattiera	11.	Moura Bría y Cordeyro
Marijanes	14.	Carballal y Pedrona
Lameiro	18.	Mourell y Marina
Legade	18.	Cruz y Lariu
Recare	19.	Outeiro
Pastorcha	19.	
Moselas		
Mandín y Frexes	21.	
Gutón y Nabadoz	22.	
Pardo y Negadoz	25.	
Pardo y Memelina, Casas bellas y Lago	27.	

Fig. 69. Listado dos lugares de Bembrive no ano 1762.

A continuación preséntase un mapa dos lugares da parroquia de Bembrive onde se propón unha toponimia con limitación xeográfica, a investigación que levou á confección do mapa e propio mapa foi realizado por Diego Pérez Davila.




Fig. 70. Plano de lugares da paróquia de Bembrive, elaborado e proposto por Diego Pérez Davila. Relativo as zonas da paróquia con asentamentos humanos.

3.2.6. Datos estadísticos.

A través dos datos estadísticos pódese facer unha aproximación a natureza da parroquia de Bembrive a nivel social na actualidade. Os datos que se presentan a continuación proveñen do Instituto Nacional de Estadística de España e son todos eles relativos ao ano 2001.

Campo estatístico	Total	Porcentaxe
Poboación Total	4.030	100%
Poboación homes	1.846	45,8%
Poboación mulleres	2.184	54,2%
Menores de 16 anos	463	11,5%
Entre 16 e 64 anos	2.660	66%
Maiores de 64 anos	907	22,5%
Taxa de analfabetismo maiores de 16 anos	85	2,1%
Taxa de actividade		51,5%
Taxa de actividade homes		63,6%
Taxa de actividade mulleres		40,6%
Taxa de ocupación		45,2%
Taxa de ocupación homes		57,5%
Taxa de ocupación mulleres		33,9%
Taxa de ocupación en agricultura		1%

Taxa de ocupación en construción		9,8%
Taxa de ocupación en industria		30%
Taxa de ocupación en pesca		1,1%
Taxa de ocupación en servizos		58,1%
Taxa de paro		12,3%
Taxa de paro homes		9.5%
Taxa de paro mulleres		16,3%
Taxa de edificios construídos antes do 1950		16,1%
Taxa de edificios construídos entre 1951 e 1980		40,4%
Taxa de edificios construídos entre 1981 e 2001		43.5%

Táboa 5. Datos estatísticos de Bembrive.

Segundo os datos expostos, obsérvase que a maioría dos habitantes da parroquia son mulleres, algo natural debido aos datos de esperanza de vida. O dato mais importante relativo á demografía é a porcentaxe de menores de 16 anos e de maiores de 65, o segundo é o dobre que o primeiro, o cal pon de manifesto o envellecemento poboacional que sofre a parroquia.

A taxa de paro é do 12.3% superando á galega que é do 10,57%, mentres que a taxa de actividade é do 51,5%, maior ca galega de 49,51% e a taxa de ocupación é do 45,2% e a galega do 44,28%. Destes datos pódese concluír que Bembrive esta na media da Comunidade Autónoma, polo que non é unha zona deprimida nin excesivamente prospera, en relación co resto da Galiza.

En canto aos sectores onde se emprega a poboación, obsérvase que destaca sobre todo o sector servizos cun 58,1%, o cal apoia as teorías de terciarización que sofre a poboación da periferia urbana. O segundo sector que mais xente

emprega é o industrial cun 30%, consecuencia do proceso industrializador que viviu Vigo durante o século XX e que absorbeu man de obra do rural. A construción situase no 9,8%, como terceiro sector en emprego, debido ao que hoxe en día chamamos a burbulla inmobiliaria e que no ano 2001 estaba no seu apoxeo. A pesca presenta un 1,1%, de feito sempre foi residual nunha parroquia, coma a de Bembrive, onde o traballo no sector primario sempre se inclinou á agricultura. E por último, o dato máis revelador, un 1% de emprego agrario, este dato ratifica o abandono total da economía baseada na agricultura que caracterizou historicamente a Bembrive.

A poboación foi abandonando paulatinamente o traballo no campo, desviándoo ao traballo industrial nun primeiro momento e ao sector servizos nos últimos anos. O traballo agrícola foi desaparecendo, nun primeiro momento converteuse nun traballo complementario fora da xornada laboral ou dependente das mulleres que non accederon ao mercado laboral, para derivar nunha ocupación residual co obxectivo do autoconsumo.

Outro dato interesante que sacamos da estatística é o relativo ás porcentaxes de edificios construídos por épocas, onde se observa o grande aumento construtivo que se desenvolveu na parroquia a partir dos anos 50 de século XX. Só o 16,1% dos edificios existentes en Bembrive no ano 2001, foron construídos antes do ano 1950; o que supón que o 83,9% das edificación son da segunda metade do século XX.

3.2.7. Patrimonio Arqueolóxico.

Na parroquia de Bembrive existen varios xacementos arqueolóxicos que dan constancia da antigüidade da ocupación humana da rexión. Da época Neolítica (4.000 a.C. ao 2.200 a.C.) chegaron até os nosos días abundantes restos de monumentos funerarios, un total de 27 dolmenes ou mámoas rexistradas e encadradas nun total de 6 complexos funerarios megalíticos.

Todos este complexos funerarios do Neolítico están localizados nas zonas máis altas da parroquia, coincidindo cos límites parroquiais este e sur, e ao redor dos mesmos atopáronse, en prospeccións, restos cerámicos, ferramentas e

armas. Algúns deles foron trocados de lugar ou destruídos debido á construción de diferentes infraestruturas e a total falta de protección do patrimonio en épocas anteriores.

Os seis complexos funerarios rexistrados son: O do Rebullón, na fronteira coa parroquia de Tameiga no concello de Mos, as mámoas foron mudadas de lugar e reconstruídas no Centro Culturais As Pedriñas de Mos, próximo á localización orixinal; un conxunto de mámoas desaparecidas cando se construíu a autopista AP-9 dirección Tui e o complexo funerario das Plantas, tamén na fronteira con Tameiga; os dous complexos funerarios das Pereiras, un deles desprazado pola construción da cidade deportiva do Circulo Mercantil, situados na fronteira coa parroquia de Cela do concello de Mos; e o da Xunqueira, na fronteira coa parroquia de Zamáns do concello de Vigo (Entidade Local Menor de Bembrive, 2005).

Da Idade de Ferro (600 a.C. ao 100 d.C.) consérvanse restos de dous castros, un no Arieiro e outro en Xestoso, este último é un dos mais extensos dos rexistrados en todo o val do Frago e aínda é posible distinguir restos das estruturas e murallas defensivas. Na zona de Chans atopáronse tamén, restos do que podería ser un xacemento da Idade de Bronce, aínda sen confirmar. Así mesmo existen indicios do que podería ser unha Villa Romana, casa de campo da época romana, na zona da Parrocha, no barrio de Segade (tradicional). Neste xacemento atopáronse numerosos restos cerámicos de tégalas e ánforas, que poderían levar a interpretación do lugar como zona de paso dunha ruta comercial romana, hai que ter en conta que por este lugar pasaba a antiga estrada que comunicaba Vigo con Vínzios e servía de ruta de comunicación da comarca coa meseta (Entidade Local Menor de Bembrive, 2005).

Na zona da Fraga, no sur da parroquia, atópanse os restos dun antigo poboado medieval, coñecido polos veciños como As casas da Fraga e que alimenta algunhas lendas sobre a orixe da parroquia, desmentidas estas polos xacementos arqueolóxicos de máis antigüidade.

Relevante neste apartado pode ser tamén a Igrexa parroquial e a súa necrópole do século XII, asociadas a un mosteiro que deu nome ao barrio onde se localizan; falarase disto máis adiante de xeito pormenorizado.





Fig. 71 e 72. Mámoa das Pereiras, aspecto actual na cidade deportiva do Circulo Mercantil e aspecto en 1935 antes do traslado.



Fig. 73. Dolmen das Pereiras no seu emprazamento actual na cidade deportiva do Circulo Mercantil.



Fig. 74. Mámoa do Rebullón no se emprazamento actual no Centro Cultural As Pedriñas.



Fig. 75 e 76. Ruínas das Casas da Fraga.




Fig. 77. Plano do antigo poboado das casas da Fraga.




Fig. 78. Plano de localización do patrimonio arqueolóxicos de Bembrive.

3.2.8. Patrimonio relixioso católico.

A parroquia de Bembrive conta con varios cruceiros, unha capela, a dos Ramallos ou San Cibrán e unha Igrexa parroquial, a de Santiago de Bembrive.

A igrexa parroquial de Santiago de Bembrive está situada no Mosteiro, barrio cabeceira da parroquia, esta é considerada unha xoia do románico, sendo unha das tres igrexas románicas que se conservan no termo vigués. A igrexa foi iniciada polo mestre Arias e rematada polo mestre Rodrigo no ano 1185, e está construída sobre a base dun templo anterior de orixe prerrománico, teoría apoiada “na orde aleatoria e desordenada das pedras da fachada os contrafortes sobredimensionados do edificio, os símbolos de estilo prerrománico, os motivos ornamentais de tradición castrexa e rupestre; así como na mención da igrexa en documentos anteriores a ese ano de fundación” (Entidade Local Menor de Bembrive, 2005, p. 5).

Tamén existen documentos da diocese que apoian a existencia dunha igrexa anterior na mesma ubicación, onde se detalla a cesión realizada polo rei Alfonso V no ano 1024, dunha igrexa no bispado de Tui que ten por nome San Pedro de Benevivere, nome orixinal da parroquia que derivou en Bembrive. Xa no ano 1156, aparece citada por primeira vez en documentación eclesiástica a igrexa co seu nome actual, tanto da parroquia coma do patrón, Santiago de Bembrive, que localiza nas terras de Fragoso. No ano 1169, o rei Alfonso de Portugal concede o reguengo de Benevivere, coa igrexa de Santiago, ao bispo Juan de Tui, dotación que ratifica Fernando II de León no ano 1179 (Cunqueiro & Alvarez Blázquez, 1979).

Ligado a igrexa existiu un mosteiro, tal como reflexan documentos de século XVI e a propia toponimia do barrio onde se localiza o templo ou do lugar dos Freires, que na actualidade é considerado barrio e localízase cerca da igrexa.

A data de conclusión do edificio actual da igrexa aparece nunha inscrición na pedra do propio edificio, pódese ler: “ARIAS : E : M : CC : XXIII OBIIT RODERICUS” marcando o ano 1185 como data de finalización da obra. E noutra inscrición léese: “E : M : C C : L X I MARTINUS ABAS”, que marca a

data de consagración do edificio no ano 1223 (Cunqueiro & Alvarez Blázquez, 1979).

A Igrexa esta composta por unha única nave cunha ábsida semicircular no interior e semidecagonal no exterior. A fachada occidental é a que contén a porta principal de dúas arquivoltas en arco apuntado con chambrana de seis filas de tacos, con un tímpano de pedra postizo; sobre a porta sitúase un oco dun óculo sen decoración, que si existe en elementos coma os capiteis das columnas.



Fig. 79. Igrexa de Santiago de Bembrive, fachadas oeste e norte

A fachada sur ten dous contrafortes como continuación dos muros transversais da nave e outros dous contrafortes postizos no centro, falta o aleiro románico e os elementos decorativos están situados de xeito aleatorio, o que fai indicar unha reconstrución do muro con materiais primitivos. Nesta fachada abriuse unha pequena porta de construción moderna.

A fachada norte e igual á oposta, coa diferenza de que conserva unha porta, enfrontada a de nova construción da fachada sur. Esta porta ten un arco apuntado con chambrana de sete filas de tacos cunha cenefa de dentes de serra, que ao igual que na porta principal, descansa sobre columnas decoradas. O tímpano ten unha cruz de San Andrés e diversa decoración.

Na fachada oriental ou posterior sitúase a ábsida, que esta unida á nave sen ningún `codillo`, ten un primeiro tramo recto limitado por un contraforte a partir do cal comeza a parte pentagonal cunha columna en cada aresta. Existe diversa decoración nas columnas ou no aleiro. Na fachada sur da ábsida foi construída unha sancristía de planta rectangular e tellado a dúas augas, de orientación transversal ao da nave; esta sancristía ten comunicación directa coa zona interior do altar e co exterior cara a fachada posterior.

No interior da igrexa, a nave esta cuberta por un abovedado moderno, os muros laterais conteñen fragmentos de construcións anteriores e están divididos en tres partes por medio de dúas columnas. O arco triunfal é apuntado e dobrado, con chambrana de follas alanceoladas, paralelo a este existe outro arco de reforzo da bóveda, ambos apoian en columnas entregas, todas elas decoradas.



Fig. 80. Igrexa de Bembrive, fachadas este e sur con sancristía.



Fig. 81. Arcos sobre o altar.



Fig. 82. Fachadas este e norte.

O outro templo relixioso da parroquia é a capela dos Ramallos, que está situada no barrio de San Cibrán, o edificio actual data do ano 1962 e esta construído sobre unha capela anterior de orixe medieval que foi totalmente desmantelada, e da que se ten coñecemento xa no ano 1528 por un documento de herdanza que reza: “Tiene otra leira de heredad de longo a longo del castañal que limita a lo largo con el camino que sube junto a la heredad de la capilla” (Entidade Local Menor de Bembrive, 2005, p. 8).

Sítuase nunha carballeira centenaria, na que ademais da capela existe un adro para as festas, sendo a máis coñecida a romaría dos Ramallos, cun palco para as actuacións e unha das fontes mais emblemáticas de Bembrive, a fonte dos Ramallos. O edificio ten unha única nave rematada nunha ábsida hexagonal e unha cuberta a dúas augas na nave e circular na ábsida. Apenas presenta motivos decorativos a excepción dunha vidreira policromada situada no oco sobre a porta principal e unha pequena cruz de pedra que coroa a fachada principal. Trátase dun edificio sen apenas valor arquitectónico.



Fig. 83. Capela dos Ramallos co palco ao fondo.



Fig. 84. Capela dos ramallos, ábsida.




Fig. 85 e 86. Romaría dos Ramallos con capela actual en construción e capela orixinal dentro do novo perímetro, a orixinal foi demolida unha vez rematado o perímetro da nova, ano 1962.

Ademais de estes edificios de culto relixioso, en Bembrive existiron outras pequenas capelas que non chegaron até os nosos días. Estas son a Capela de San Blas no lugar de Rego de Auga-Miraflores, construída no ano 1667 e abandonada no ano 1778; a capela da Nosa Señora da Soidade no barrio de Recaré, construída no ano 1665 e abandonada no ano 1781; e a capela do Doce Nome de Xesús no lugar da parrocha, tamén no barrio de Recaré, construída no ano 1680 e abandonada no ano 1807.

Os cruceiros son outros elementos do patrimonio relixioso na parroquia de Bembrive, existen dous destacables. O cruceiro do Cacheno data do ano 1782, segundo inscrición na súa base “Mandó fazzer Frco/Frdez Patiño. Año de 1782”, localízase nun cruce de camiños no barrio de Baruxáns. Representa a crucifixión de cristo e a piedade coa virxe María.



Fig. 87 e 88. Cruceiro do Cacheno.

O segundo cruceiro destacable é o do adro da igrexa de Santiago de Bembrive, situado xunto á fachada principal, este cruceiro data do ano 1879. Como característica principal destaca a falta de fuste, estando apoiado directamente na base que ten forma de furna, o que fai pensar que se podía tratar dun antigo esmoleiro ou peto de ánimas. Este cruceiro moveuse uns poucos metros da súa posición orixinal, que era fronte por fronte da entrada principal da igrexa.



Fig. 89 e 90. Cruceiro do adro da igrexa de Santiago de Bembrive.

3.2.9. Patrimonio etnográfico e hidrográfico.

Os elementos do patrimonio etnográfico máis abundantes son os hórreos, unha construción rural de planta rectangular e sobre columnas, feitos, xeralmente de pedra e con numerosas aberturas para a ventilación, empregados para o almacenamento de gran. Na parroquia de Bembrive están catalogados un total de 137 hórreos. Consérvanse 12 hórreos de 8 pés, un hórreo de 10 pés e outro de 12 pés. Nas casas máis antigas da parroquia consérvanse algúns fornos de pedra, lagares e diferentes apeiros de labranza tradicionais.

En canto ao patrimonio hidrográfico, na parroquia de Bembrive contabilízanse 28 muíños hidráulicos onde tempo atrás móíase o gran de millo e centeo para facer fariña, unha das bases alimenticias da poboación; ademais estes muíños tiñan a súa importancia como lugar de reunión da veciñanza. Todos eles están situados nos cursos dos ríos Mosteiro e Eifonso. Nos últimos anos algúns destes muíños foron rehabilitados por parte da administración, nun proceso de recuperación do patrimonio da parroquia e de mellora das condicións do sendeiro do río Eifonso entre a capela dos Ramallos e o barrio de Mourelle.

Dentro do patrimonio hidrográfico, Bembrive conta con 11 lavadoiros, algúns deles restaurados ou reformados, aínda que coa chegada das lavadoras domésticas o seu uso viuse moi reducido. Outro elemento abundante son as fontes, un total de 25 na parroquia, as dúas máis importantes son a Fonte dos Ramallos, no barrio do San Cibrán e a fonte das Amieiras entre os barrios do Mosteiro e de Baruxáns. Por último, pódese destacar a existencia de ruínas dunha serraría hidráulica na parte alta do río Eifonso, testemuña das varias que existiron na parroquia (Entidade Local Menor de Bembrive, 2005).



Fig. 91 e 92. Muíño de Xeme antes e despois da restauración.



Fig. 93. Lavadoiro reformado no barrio de San Cibrán.



Fig. 94. Lavadoiro e muíño que aproveitan o mesmo canle de auga, no barrio de Baruxáns.



Fig. 95. Fonte das Amieiras no barrio do Mosteiro.



Fig. 96. Fonte dos Ramallos no barrio de San Cibrán.




Fig. 97. Plano de patrimonio hidrográfico.

3.2.10. Apuntamentos históricos.

As primeiras mencións á parroquia de Bembrive datan da Idade Media, naquela época a toponimia empregada era a de *Benevivere*, que deriva da expresión latina “bene vivere” que se pode traducir como bo vivir, topónimo común nas zonas con mosteiros. O primeiro texto histórico onde aparece Bembrive é un Documento Real do 1 de setembro do ano 915, onde o rei Ordoño II dona o poboado e a igrexa de *Benevivere*, en terra de Turonio, á Igrexa de Lugo (Cunqueiro & Alvarez Blázquez, 1979).

O 29 de outubro de 1024, o rei Alfonso V fai unha cesión de varias igrexas do bispado de Tui á Igrexa de Compostela, figurando entre elas a igrexa de San Pedro de *Benevivere*, igrexa orixinal sobre a que se construíu a actual de Santiago de Bembrive (Cunqueiro & Alvarez Blázquez, 1979).

En agosto do ano 1142, aparece, de novo, mencionada Bembrive nun Documento Real no que o rei de León, Alfonso VII, concede a Don Pelayo Menendez, bispo de Tui, o realengo de *Benevivere* (González Pérez C. , 2003). O documento Real reza:

Yo el mismo Emperador de las Hispanias Alfonso VII (...) os doi el realengo de Benevivere, tanto viñas como tierras cultivadas, tanto monte como poblado, así como fuentes; os concedo tambien que que vuestros animales y reses de ganado pazcan libremente tanto en esas zonas como en las restantes, excepto en lugares cultivados o reservados, con excepción de aquellos lugares destinados a vuestra alimentación o a la vestimenta de vuestros canónigos, y que no pague tasas o impuestos en todo el Imperio” (Documento Real de 1142, citado en Entidade Local Menor de Bembrive, 2005).




Fig. 98. Extracto do Documento Real do ano 1142.

O 1 de decembro do ano 1156, o mesmo rei Alfonso VII divide as terras do bispado de Tui e concede unha parte ao bispo de Tui e a outra ao cabildo da terra do Fragoso, no documento especificase a cesión da igrexa de Santiago de Bembrive, que naquel momento estaría en proceso de construción, e o seu couto ao bispo de Tui (Cunqueiro & Alvarez Blázquez, 1979).

O 28 de Marzo de 1169, o rei Alfonso I de Portugal, no tempo que tomou a cidade de Tui volveu a ceder a igrexa e o realengo de Benevivere ao bispo de Don Juan I. No mes de agosto do ano 1180, o rei Fernando II de León concede ao bispo de Tui Don Beltrán o couto de Benevivere (Cunqueiro & Alvarez Blázquez, 1979).

A nivel administrativo, a parroquia de Bembrive pertencía, na Idade Media, á xurisdición da Villa de Bouzas, a partir do ano 1501 convertida en concello de Bouzas. No ano 1836 pasa a formar parte do concello de Lavadores; posteriormente serán os propios veciños da parroquia os que soliciten a segregación deste concello co obxectivo de anexionarse ao concello de Vigo, nun proceso similar ao de varias parroquias dos concellos de Lavadores e Bouzas, no contexto da guerra civil e baixo os motivos de unha maior oferta de servizos de este último concello. Sería xa na posguerra, no ano 1941, cando o consello de ministros do “Nuevo Estado” aproba a integración da totalidade do concello de Lavadores no de Vigo, cando a parroquia de Bembrive pasou definitivamente a integrarse no concello de Vigo (Cunqueiro & Alvarez Blázquez, 1979).

A organización territorial da parroquia durante a Idade Media estaba conformada por casales, unidades poboacionais precursoras dos actuais barrios, que consistían nun pequeno grupo de casas en forma de aldea. Esta división confírmase nun documento do ano 1528, no que se mencionan os seguintes: A Fraga, O Valado, O Carballal, Recarei, a Baronda, Larín, O Couto, Baruxáns, Outeiro, Pousada, Mandín, Eifonso, Xestoso, Do Mosteiro de Bembrive e Mourelle (Entidade Local Menor de Bembrive, 2005).



Fig. 99. Documento de 1528.



Fig. 100. Barrio do Mosteiro no ano 1959.

Durante os séculos XVII e XVIII estes casales foron evolucionando cara os barrios actuais, sufrindo poucas variacións dende entón até a segunda metade do século XX, que comezan a xurdir novas denominacións de barrios que subdividen algúns dos históricos, debido ao incremento poboacional.

A continuación preséntase un plano cunha aproximación aos casais medievais da parroquia de Bembrive, elaborado por Diego Pérez Davila. Estes casais comprendían o núcleo habitacional e a súa área de influencia,




Fig. 101. Plano dos casales medievais.

Continúase a aproximación á historia de Bembrive xa no século XX, sendo a principios do mesmo cando se comeza a atopar unha maior cantidade de datos.

O século XX comeza en Bembrive coa construción da maior infraestrutura da parroquia creada até a data, a canalización de auga dende o monte de Bembrive para o abastecemento da cidade de Vigo. As augas eran recollidas nas minas de Champitiél, que tomaron o nome do enxeñeiro, de orixe francés, responsable do proxecto das mesmas; para ser levadas a través da traída até o monte do Castro no centro de Vigo, onde estaban situados os depósitos. Numerosos obreiros da contorna foron desprazados a Bembrive para traballar nunhas obras que finalizarían no ano 1904.

Durante estes anos a parroquia de Bembrive, como outras moitas galegas, sufriu un proceso de forte emigración ao continente americano, sobre todo a zona de Buenos Aires na Arxentina. Nesta cidade, veciños de Bembrive e Beade fundan a Unión de Residentes de Vigo e Lavadores en Buenos Aires, institución que aínda existe na actualidade.

Eran anos de grande actividade social, política e cultural, nos primeiros anos do século XX fúndanse diversas asociacións nestes campos, como son a “Sociedad de Agricultores de Bembrive”, a “Sociedad La Repobladora Forestal”, a “Sociedad de Pastoreo y vigilancia”, a “Unión Campesina de Derechos Autónomos”, o “Círculo Cultural de Estudios Científicos Sociales La Libertad” ou a “Protectora Mutua de Seguros de Ganado Vacuno”. Todas estas asociacións foron desaparecendo cos anos ou no contexto da guerra civil e posterior ditadura franquista (Entidade Local Menor de Bembrive, 2005).

Unha das máis importantes polo seu peso foi a Sociedad de Agricultores de Bembrive, fundada no ano 1900. No ano 1913 remátanse as obras da súa sede, actual sede da Entidade Local Menor, un edificio construído a través da colaboración veciñal en traballo e recursos, co fin de ter un espazo onde reunirse, non só a Sociedad Agraria, senón todos os veciños da parroquia, e levar a cabo actividades sociais dende a política ao ocio.

O obxectivo da Sociedad de Agricultores era dar axuda ao labrego, dende a formación até o fornecemento da loxística necesaria para o traballo no campo,

así como a representación das xentes da parroquia dedicadas ao agro en sociedades de ámbito xeográfico superior; na prensa histórica repítense as novas que falan de reunións de labregos no Concello de Lavadores ás que acudían representantes das diferentes parroquias. Co paso dos anos foi mudando a súa actividade cara o ámbito político, integrándose no grande movemento político-social do agrarismo galego, que perseguía coma principal obxectivo a redención dos foros (Entidade Local Menor de Bembrive, 2005).



Fig. 102. Sede da Sociedad de Agricultores de Bembrive no ano 1928.



Fig. 103. Selo e escudo da Sociedad de Agricultores de Bembrive.

Outra asociación de grande importancia na parroquia era a Sociedad “Helios”, que aínda existe baixo o nome de Sociedade Cultural Deportiva e Recreativa “Helios” de Bembrive, sendo coñecida popularmente coma Helios ou a Cultural. Oficialmente foi fundada o 21 de Abril de 1928, pero o nome de Helios xa estaba presente na parroquia anos antes, a través da coral Helios, xermolo da posterior sociedade cultural.



Fig. 104. Inauguración da Sociedad “Helios” en 1928.

Na súa fundación a Sociedad Helios contaba coa mencionada coral e un grupo de teatro, no ano 1930 crea unha escola para os fillos dos socios e nestes primeiros anos vaise construindo un espazo de desfrute da veciñanza, con biblioteca, piano, celebración de festas, conferencias, etc. A Sociedad “Helios” compartía edificio coa Sociedad de Agricultores.



Fig. 105. Inauguración da escola da Sociedad “Helios” no ano 1930.

Tras o alzamento militar que conduciu ao estado español á ditadura franquista a Sociedad Helios desaparece baixo a opresión que a ditadura exercía contra todo movemento popular, o 24 de Xullo de 1936 as tropas falanxistas asaltan o edificio da sociedade, tomando o control do mesmo e destruindo todo elemento cultural, dende a biblioteca aos símbolos de representación da veciñanza.

Nos anos 50 xorde a iniciativa de recuperar a Sociedad “Helios”, impulsada polo propio alcalde pedáneo de Bembrive, José Estévez Pinal, para potenciar a cultura e a unión dos veciños da parroquia. Así un grupo de veciños a refunda baixo o nome de “Sociedad Cultural de Educación y Descanso”, recuperando un espazo no seu antigo edificio que xa era naqueles anos a sede da recién creada Entidade Local Menor no ano 1945. Durante os anos 60 e 70 do século

XX a Sociedad converteuse no principal punto de reunión dos veciños de Bembrive, no ano 1981 presentouse a Sociedad no Rexistro Civil e a partir de ese momento retomou o seu antigo nome para pasar a chamarse oficialmente Sociedade Cultural Deportiva e Recreativa Helios de Bembrive. A partir de este momento, e xa en democracia, a Sociedade desprega o seu potencial e comeza a crear diversas agrupacións deportivas, musicais, asociativas, etnográficas, etc.



Fig. 106. Coral "Helios" en 1929, cesión da familia Benavides do estandarte da coral .

No ano 1996 a Sociedade muda de sede, compartida até entón coa Entidade Local Menor e trasládase a un novo edificio financiado e cedido temporalmente, durante 30 anos, polo Concello de Vigo. Esta nova sede localízase no barrio do Mosteiro, nuns terrenos coñecidos coma o torreiro, pois eran empregados coma espazo para a celebración das festas da parroquia de Bembrive.

O modelo administrativo de Entidade Local Menor foi introducido no punto 3.2.2., agora faremos uns breves apuntamentos históricos.



Fig. 107 e 108. Sede actual da SCDR Helios, situada no campo coñecido coma o torreiro de Bembrive, no barrio do Mosteiro.

A parroquia de Bembrive xa contaba dende o ano 1931, antes da creación da ELM e pertencendo a parroquia ao concello de Lavadores, cun rango administrativo peculiar, o de Pueblo Agregado. A finalidade desta peculiaridade administrativa era a de administrar o aproveitamento do monte comunal e traballar na súa repoboación; en xaneiro do ano 1932 as autoridades municipais de Lavadores entregaron a propiedade do monte comunal á Xunta Administrativa de Bembrive, presidida por Jerardo Cid Belmonte.

Así, a ELM nace como continuadora da Xunta Administrativa do Pueblo Agregado, derivando na xestión deste monte comunal e administrando e creando infraestruturas varias. Os alcaldes pedáneos dende a constitución da ELM foron: En 1945 Luis Alonso Abalde, primeiro alcalde pedáneo de Bembrive, en 1949 Antonio Alonso Alonso, en 1955 José Estévez Pinal, refundador da Sociedad Helios, en 1961 Amador Porto Novo, en 1968 Darío Vila González, en 1979 Domingo González Fernández, primeiro alcalde pedáneo elixido en democracia, en 1983 Amable Barros Abalde, en 1991 Roberto Ballesteros Serantes, en 1995 Julio Alonso Rodríguez, en 1997 Carlos Comesaña Abalde, en 2003 Benito Pérez González e dende 2011 á actualidade Roberto Ballesteros Costas (Entidade Local Menor de Bembrive, 2005).



Fig. 109. Inauguración de camiños veciñais no ano 1958.




Fig. 110. Compra do primeiro tractor da parroquia por parte da ELM.




Fig. 111. Primeiro tractor de Bembrive, propiedade da Entidade Local Menor.

4. Análise da evolución urbana de Bembrive (1943 – 2008).

4.1. Introducción e xustificación das técnicas empregadas.

A continuación introdúcese e xustifícase o método polo cal se analiza a evolución urbana da parroquia de Bembrive, baseado no estudo e comparación de datos rexistrados en diferentes datas do século XX e principios do século XXI.

En cada punto de control seleccionado, estúdanse datos relativos as edificación, as infraestruturas, a demografía, ás tipoloxías de asentamentos, a dispersión, etc. Tal e como se explica a continuación, en primeiro lugar xustifícase a elección dos puntos de control e despois íranse describindo as diferentes técnicas empregadas para a análise de cada un dos campos analizados en cada punto de control, así coma a xustificación das mesmas.

Despois da análise da evolución urbana a través dos puntos de control cronolóxico, presentarase un apartado onde se cruzaran os datos obtidos nos diferentes períodos para unha comparación e análise máis esquemático. Nel, empregaranse algunhas técnicas novas que se describirán e xustificarán no propio apartado de cruzamento de datos. Os cálculos que non sexan presentados na propia análise, poderán ser consultados no apartado de anexos.

4.1.1. Xustificación dos puntos de control cronolóxicos seleccionados.

Os puntos de control seleccionados corresponden ao anos 1943, 1956, 1985, 2000 e 2008; a elección destas datas resposta basicamente á dispoñibilidade de elementos cartográficos fiables e rigorosos do territorio relativo á parroquia de Bembrive, no concello de Vigo.

O primeiro punto de control corresponde ao ano 1943, neste ano o Instituto Geográfico y Catastral, antecesor do Instituto Geográfico Nacional, realizou unha cartografía a escala 1/50.000 de todo o territorio do estado español, converténdose na máis completa e fiable até a data.

O ano 1956 é o segundo punto de control seleccionado. Aínda que moi próximo ao punto anterior, sobre todo nunha época na que o crecemento urbano era

escaso e lento, esta data é importante por dous motivos: o primeiro é a elaboración do primeiro voo fotogramétrico de todo o territorio estatal por parte dos servizos cartográficos do exercito dos Estados Unidos de América, é dicir, neste ano tómanse as primeiras ortofotos da parroquia de Bembrive. Así, a partir deste ano a fiabilidade das diferentes cartografías aumenta considerablemente.

O segundo motivo polo que foi seleccionado o ano 1956 coma punto de control é que neste ano aprobábase a primeira Ley del Suelo de España, para todo o territorio estatal, sendo esta a primeira lei que regulara a edificación e polo tanto a urbanización da parroquia de Bembrive.

Despois deste dous puntos de control que describirán o contexto urbanístico de Bembrive, no que algúns autores denominan coma antigo réxime, pasarase ao ano 1985. A elección deste ano está tamén baseada na dispoñibilidade dunha boa cartografía, neste caso a cartografía realizada polo Concello de Vigo coma soporte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 1988, sendo a primeira cartografía municipal accesible, cun grande grado de fiabilidade e detalle nunha escala 1/1.000.

O ano 1985 tamén é un bo punto de control xa que durante as décadas dos anos sesenta e setenta do século XX, Bembrive, coma o resto da periferia viguesa, experimentou unha transformación, alo menos cuantitativa, de bastante importancia, no contexto do despegue económico experimentado pola apertura do réxime nos últimos anos da ditadura. Así, este punto de control servirá para observar a evolución urbana experimentada pola parroquia durante a ditadura franquista (1939 – 1975). No ano 1985 apróbase a primeira Lei do Solo de Galicia, redactada pola Xunta de Galicia.

Pasaran 15 anos até o seguinte punto de control no ano 2000, novamente a elección depende da cartografía dispoñible. Neste caso trátase da base topográfica galega realizada pola Dirección Xeral de Urbanismo da Consellaría de Política Territorial e Vivenda da Xunta de Galicia. Estes planos están realizados nunha escala de 1/5.000 e permiten estudar o urbanismo de Bembrive despois de 25 anos de democracia e na fin do século XX; así como

tamén, observar a incidencia que puido ter a Lei do Solo de Galicia de 1985 e o PXOM de 1972.

Finalmente, o derradeiro punto de control é no ano 2008, voltando a empregar a cartografía municipal do Concello de Vigo, desta vez realizada para o PXOM do ano 2008. Esta é a día de hoxe a última cartografía realizada a unha escala 1/1.000 do territorio en estudo, a parroquia de Bembrive. Polo que será tomado coma punto final do estudo da evolución urbana da parroquia.

4.1.2. Estrutura dos asentamentos poboacionais.

O xeito no que os asentamentos poboacionais se distribúen sobre a parroquia e a tipoloxía destes asentamentos ou núcleos poboacionais, está determinado por diversos factores físicos ou topográficos, económicos, sociais ou culturais. O estudo destas tipoloxías axuda a entender as evolucións pasadas dos asentamentos e as posibles evolucións futuras.

Neste apartado farase unha aproximación á estrutura da parroquia de Bembrive e ás diferentes tipoloxías dos asentamentos poboacionais. Para isto, empregaranse as clasificacións tipolóxicas desenvolvidas polos autores Fariña Tojo (1980), Fumega Piñeiro (1995) e Pazo Labrador (1995), das que xa se falou na Fundamentación Teórica da presente disertación, no apartado relativo aos sistemas de asentamento poboacional na Galiza.

Presentarase un plano coa mancha construída da parroquia en cada un dos puntos de control cronolóxicos e identificaranse as tipoloxías, relativas as clasificacións dos autores citados, presentes na parroquia de Bembrive. Observando tamén como foi a evolución e o crecemento dos diferentes asentamentos.

4.1.3. Densidade da edificación.

Analizar a densidade edificatoria e a súa evolución é un modo practico de presentar a evolución dos asentamentos, de este xeito estudarase que zonas

da parroquia sufriron un maior crecemento. A vantaxe de este método fronte aos censos poboacionais radica en que os datos son máis directos, número de edificacións, e non dependen das políticas de análise demográfico das administracións, que varían os seus baremos en moitas ocasión para buscar os resultados máis adecuados para apoiar os proxectos políticos, ou simplemente varían por mudanzas na consideración de número de barrios ou límites xeográficos dos mesmos.

Así, obteranse datos sobre as zonas que máis aumentaron a súa densidade, por ser un punto de maior atracción e que polo tanto poden ter máis potencial de desenvolvemento no futuro; así como aquelas nas que o aumento da densidade é menor, estudando e concluíndo os motivos polos cais o desenvolvemento urbano efectúase dese xeito.

Presentarase un plano da parroquia por cada punto de control, no que se sobrepoñen unha cuadrícula de medio quilometro por medio quilometro, é dicir, de 0.25 Km²; facendo os cálculos necesarios para as cuadrículas que se sitúan na zona fronteiriza e non ocupan un cadro enteiro. Na cuadrícula a densidade estará representada pola intensidade do sombreado.

4.1.4. Accesibilidade dos Barrios.

A accesibilidade é un dos factores que máis inflúen no desenvolvemento dos diferentes asentamentos poboacionais, sobre todo dentro dunha parroquia na que os movementos pendulares cotiás son moi importantes, debido sobre todo aos desprazamentos por motivos laborais dentro da zona metropolitana.

Neste apartado estudarase a accesibilidade a través dun cálculo da centralidade dos barrios da parroquia de Bembrive, para concluír cales son os máis accesibles e como esta xerarquía puido variar no tempo polas mudanzas na rede viaria, xa que a construción dunha nova ruta pode afectar á accesibilidade de todos os barrios da parroquia e en consecuencia afectar ao crecemento relativo dos mesmos (Haggett, 1988) . Hai que ter en conta que só se estudarán os movementos internos da parroquia e non a accesibilidade destes barrios con respecto a localizacións externas, así mesmo, analizarase

a centralidade tendo en conta todos os barrios actuais, aínda que estes non foxen considerados nos tres primeiros puntos de control, para ter unha visión máis global da centralidade na parroquia de Bembrive.

A centralidade será estudada a través da topoloxía, unha rama da xeometría que estuda a calidade da conectividade entre os obxectos. Empregarase para isto a teoría dos grafos desenvolvida por Euler; nesta teoría non se teñen en conta nin a distancia nin a dirección, senón que se analiza se unha traxectoria é posible ou non.

Deste xeito, o que se fixo foi reducir a rede de infraestrutura viaria interna da parroquia a grafos, nos que se representan os nodos entre as vías, os cruces de estradas, e as conexións entre os nodos, as propias estradas. A partir de aquí, calculouse a centralidade de cada un dos barrios da parroquia, neste caso só foi calculada a centralidade de cada un dos barrios e non de todos os nodos da estrutura, para isto tomouse o punto que consideramos central de cada barrio e o tratamos coma un nodo máis.

Preséntase a continuación un exemplo esquemático de como funciona a teoría de grafos: Na seguinte rede de exemplo hai cinco nodos (A, B, C, D e E) e cinco conexión entre os mesmo representadas por liñas rectas que os unen, estas unións corresponderían as estradas que unen os nodos. Segundo a representación, entendemos que dende o nodo C existe unha estrada sen cruces até o nodo A, B e D, pola contra para chegar dende C até E tense que atravesar un nodo. Terase sempre en conta o traxecto máis curto, é dicir, aquel que atravesase menos nodos.

Lévanse estes datos até unha táboa na que se suma o número de traxectos que dende un nodo se deben de realizar para chegar aos outros nodos, o nodo que acade o resultado máis baixo, é dicir, con menos traxectos, será o punto de maior centralidade e así sucesivamente.




Figura 112 e táboa 6. Exemplo da teoría de grafos.

Neste exemplo o nodo C sería o de maior centralidade, seguido do D, os nodos A e B compartirían a terceira posición e o E sería o de menor centralidade. A suma total, 34, denomínase valor de dispersión do grafo, este valor serve para comparar diferentes redes, ou neste caso, para comparar a dispersión entre a mesma rede a través das variacións que sufra a mesma.

Na análise dos puntos de control cronolóxicos presentaranse os resultados do estudo de centralidade a través dos resultados dos cálculos e unha representación gráfica sobre o plano de barrios da parroquia, na que canto maior sexa o radio do queixo, maior será a centralidade do barrio.

4.1.5. Demografía.

4.1.5.1. Censos de poboación.

A evolución demográfica é un dato significativo para entender a urbanización pasada dun territorio e planear a urbanización futura. Este dato demostra cales son os barrios da parroquia con un maior ou menor poder de atracción, que depende de moitos factores, coma poden ser a accesibilidade, os servizos, os equipamentos ou as propias ordenanzas municipais do PXOM, que ditan que lugares teñen un uso residencial e permiten a construción de novas vivendas.

Hai que ter en conta que os datos dos censos de poboación por barrios son moi variables, tal como foi relatado no apartado de densidade edificatoria, están suxeitos a intereses políticos que aumentan ou diminúen os varemos a conveniencia da liña político-urbanística do Concello, deste xeito, se a tendencia política é a de aumentar a superficie de solo edificable, buscarán

apoiar a mesma a través dun aumento de poboación que pode ser manipulado, por exemplo contabilizando persoas que están emigradas.

Ao mesmo tempo, no caso de Bembrive, como noutras parroquias, os límites xeográficos dos barrios non están definidos en ningunha cartografía oficial, polo que en cada censo estes poden variar modificando a poboación dos barrios. Outro factor que fai que estes censos sexan pouco fiables é a consideración de novos barrios, nun estudo evolutivo da demografía xorde a dificultade de establecer que barrios novos estarían encadrados nos históricos, para poder facer unha análise evolutiva sobre uns elementos estables.

Preséntase a continuación unha táboa na que se determina este parámetro, pero hai que ter en conta que estes novos barrios, nacidos a partir de lugares dos barrios históricos, nun censo puideron ser encadrados dentro dun barrio e no seguinte censo nun barrio diferente.

Barrios Históricos	Barrios actuais
Baruxáns	Baruxáns, Xesteira e Lameiro
Carballal	Carballal
Chans	Chans
Xestoso	Xestoso e Freires
Mosteiro	Mosteiro, Eifonso e Mouteira
Outeiro	Outeiro e Mourelle
San Cibrán	San Cibrán
Segade	Segade, Arieiro e Recaré

Táboa 4. Barrios históricos e actuais.

Destas observacións, pódese chegar a concluír que a análise demográfica da parroquia de Bembrive a partir dos censos realizados polo Instituto Nacional de Estadística e o Instituto Galego de Estatística, non teña un valor técnico adecuado para acadar unhas conclusións acertadas.

Presentarase un plano por cada punto de control cronolóxico onde se representarán graficamente sobre os barrios uns queixos de poboación, canto maior sexa o radio do queixo, maior será a poboación do barrio.

4.1.5.2. Densidade poboacional.

Debido ás deficiencias na análise da evolución demográfica a través dos censos de poboación, presentadas no apartado anterior, realizamos unha análise demográfica paralela apoiada no número de edificacións e na poboación total da parroquia, que é un dato moito mais fiable que a dos barrios debido a que os límites do territorio parroquial si que están ben definidos e son estables no tempo, deste xeito eliminase un dos factores que restan fiabilidade ás estatísticas.

O método consiste en dividir a parroquia nunha cuadrícula de medio quilometro por medio quilometro e contabilizar o número de edificacións existentes na cuadrícula. Por outra banda, divídese a poboación total da parroquia entre o número total de edificacións da mesma, obtendo a media de habitantes por edificación, para despois multiplicar o numero de edificacións de cada cuadrícula por esa media de habitantes por edificación. Unha vez calculado o número de habitantes en cada unha das cuadrículas, dividirase entre a superficie de territorio da parroquia abarcado pola cuadrícula, obtendo así a densidade poboacional.

Hai que ter en conta que este dato obtense a través dunha media de habitantes por edificación, polo que será un dato aproximado. Tamén hai que considerar que se contabilizan todas as edificación, sabendo que non todas son dedicadas a residencia, aínda que na parroquia de Bembrive a práctica totalidade das edificacións existentes son de uso residencial unifamiliar, sendo totalmente residual a vivenda plurifamiliar.

Presentarase un plano coa densidade poboacional de cada sección da cuadrícula por cada punto de control, que permitirá analizar dun xeito mais fiable a evolución demográfica dentro do territorio da parroquia. Nesta representación gráfica da densidade poboacional a intensidade do sombreado

determinará a densidade de poboación. As táboas cos cálculos realizados son expostas nos anexos.

4.1.6. Usos do solo.

Os planos de usos do solo son unha ferramenta moi útil para estudar a evolución urbana dun territorio, neles pódese observar como os diferentes usos do solo (urbano, forestal, equipamentos, agrícola, etc.), van modificando as súas áreas de influencia sobre o territorio. A través da evolución das superficies de cada tipoloxía de uso do solo é posible analizar as mudanzas urbanísticas e sociais acaecidas na unidade territorial en estudo.

Así, os planos de usos do solo, compórtanse como unha radiografía da realidade da parroquia, permitindo un achegamento á natureza da mesma e permitindo observar como a iniciativa pública (leis, planeamento, infraestruturas, etc.) e a iniciativa privada foron modificando esa realidade parroquial.

Hai que ter en conta que os planos de uso do solo no territorio estudado, son unha ferramenta relativamente recente, polo que na cartografía empregada nos primeiros puntos de control, os datos de uso do solo son moi reducidos e básicos, diferenciando, na maioría dos casos, apenas entre uso agrícola e uso forestal. Debido a esta falta de datos, optouse por elaborar mapas propios dos usos do solo, a través dos poucos datos recollidos nas cartografías combinados co estudo exhaustivo da evolución urbana da parroquia de Bembrive. O primeiro plano completo de usos do solo, ao que se tivo acceso está elaborado polo SIOSE, Sistema de Información sobre Ocupación del Suelo de España, no ano 2005.

As tipoloxías presentadas nos planos de uso do solo son:

Urbano: Para manter unha coherencia evolutiva, nas fases anteriores ao 2005 determinamos o solo urbano nas superficies con maior densidade edificatoria dentro da mancha de solo urbano representada no plano do SIOSE de 2005.

Agrícola: Nesta tipoloxía encádrase o solo, cualificado nas diferentes cartografías, coma de labor agrícola ou solo rústico sen uso concreto. Na realidade parroquial é un mosaico de terrenos de cultivo, de pasto e terrenos sen traballar, porque foron abandonados os dous anteriores usos ou por que nunca o tiveron.

Forestal: Esta tipoloxía corresponde aos solos de uso forestal presentados nos diferentes mapas de usos do solo.

Mosaico urbano e agrícola: Cualifica as zonas onde atopamos unha densidade de edificación, similar ou lixeiramente máis baixa ca do solo urbano no plano do SIOSE, pero fora dos límites de solo urbano determinados por este. As edificacións están rodeadas ou intercaladas entre terrenos de natureza agrícola, que na altura, poden estar traballados ou non.

Equipamentos: Tipoloxía reservada para as superficies onde se localizan equipamentos de servizo público ou comerciais de dimensións considerables (fora de solo urbano), como son escolas, hospitais, centros culturais, grandes talleres, tanatorios, cemiterios, etc.

Grandes infraestruturas viarias: Coma o seu nome indica, nesta tipoloxía representase o solo dedicado a vías de comunicación rodoviaria de alta capacidade; autovías e autopistas.

Presentaranse planos de uso do solo para os puntos de control relativos aos anos 1943, 1985, 2000 e 2008, xa que as ortofotos empregadas para o punto de control de 1956 non permiten diferenciar de xeito adecuado os diferentes usos do solo, debido a súa baixa resolución, ademais os cambios producidos nos usos de solo entre os anos 1943 e 1956 son insignificantes.

4.2. Ano 1943.

4.2.1. Estrutura dos asentamentos poboacionais.

No ano 1943, na parroquia de Bembrive existían 8 barrios, os que denominamos históricos, estes son: Baruxáns, Segade, Carballal, Xestoso,

Outeiro, San Cibrán, Cháns e Mosteiro, barrio cabeceira da parroquia, onde está situada a Igrexa parroquial de Santiago de Bembrive. Dentro destes barrios existían lugares que co paso do tempo e o aumento demográfico dos mesmos, pasaron anos máis tarde a ser considerados barrios tamén.

Na estrutura de asentamentos poboacionais da parroquia, no ano 1943, pódense atopar bastantes das tipoloxías dos asentamentos tradicionais galegos referidas na fundamentación teórica.

No conxunto da parroquia pódese estar fronte ao modelo de parroquia en enxame con aldea-núcleo de Fariña Tojo (1980), que presenta formacións de caserío claro, isto é, con un espazo amplo entre as casas do caserío. Estes caseríos ou conxuntos de vivendas, estarían subordinados a unha aldea-núcleo, que se identifica co barrio do Mosteiro, onde existía unha maior concentración de vivendas e se atopaban os escasísimos equipamentos de servizos dos que gozaba a parroquia de Bembrive, como eran a igrexa parroquial ou a Sociedade “Helios” coa súa escola infantil. Neste modelo aparecen multitude de formas intermedias entre os diferentes asentamentos e a poboación caracterízase pola súa dispersión.

En canto aos núcleos que conforman os barrios, neles atópanse diferentes exemplos das tipoloxías citadas na fundamentación teórica, no apartados relativo aos asentamentos tradicionais galegos. Presentanse a continuación algúns exemplos destas tipoloxías presentes na parroquia de Bembrive.

O barrio do Mosteiro pode encadrarse dentro das tipoloxías de aldea nuclear con caserío claro de Fariña Tojo (1980), aldea mediana mononuclear de Fumega Piñeiro (1995) ou mononuclear pouco compacta de Pazo Labrador (1995). O barrio de Segade pertence á tipoloxía de aldea nuclear con caserío denso de Fariña Tojo, o de Cháns á mononuclear laxa de Pazo Labrador, o de Xestoso á aldea polinuclear con caserío claro de Fariña Tojo, neste mesmo barrio, o lugar dos freires que se converterá en barrio máis adiante, pertence á tipoloxía de aldea nuclear nebulosa de Fariña Tojo. O barrio de Outeiro pode encadrarse na tipoloxía de aldea polinuclear en nebulosa de Fumega Piñeiro e o do Carballal na de polinuclear laxa de Pazo Labrador.




Fig. 113. Plano de edificacións e vías de comunicación de 1943.

4.2.2. Densidade da edificación.

No ano 1943 a parroquia de Bembrive ten unha densidade de edificación media de 34,67 edificacións/Km².

Analizando a densidade de edificación a través da cuadrícula, obsérvase que a zona con maior densidade é a correspondente ao centro do barrio do Mosteiro, na cuadrícula 3C, cunha densidade 156 edif./Km², algo de todo lóxico co visto anteriormente cando definimos a parroquia baixo a tipoloxía de parroquia en enxame con aldea-núcleo, xa que ese núcleo sobre o que orbita a parroquia é o Mosteiro.

O cadro A1, ofrece unha densidade moi superior, pero isto débese a que está na fronteira e coinciden nunha superficie moi reducida dúas edificacións, o que fai que o resultado do cálculo se dispare, enténdese que este resultado débese a unha eiva do método e non se terá en conta.

As zonas que seguen ao Mosteiro en densidade, corresponden ao barrio de Baruxáns, cadro A2 con 124,91 edif./Km² e A3 con 149,45 edif./Km², hai que ter en conta que a eiva detectada no método, observada no cadro A1, pode ter influído no calculo destas, pero de xeito menos intenso. O resto das zonas cunha densidade edificatoria relevante coinciden cos núcleos dos barrios da parroquia, e as zonas intermedias entre barrios sitúanse nun rango máis baixo de densidade. O sur da parroquia, así coma o norte-centro, teñen unha densidade nula.

Pódese concluír, a través do estudo da densidade, que no ano 1943 as edificacións estaban relativamente concentradas ao redor dos núcleos ou lugares primixenios dos barrios, cunha tendencia a aumentar a densidade na zona noroeste do territorio parroquial.

Outra conclusión que podemos obter é que a densidade é bastante parella entre os diferentes núcleos, a excepción do cadro relativo ao Mosteiro, que destaca sobre o resto, remarcando o seu papel de barrio cabeceira da parroquia.




Fig. 114. Mapa de densidade de edificación na parroquia de Bembrive no ano 1943.

4.2.3. Accesibilidade dos barrios.

As vías de comunicación existentes no ano 1943 eran escasas, existindo unha única estrada asfaltada, que viña dende a parroquia de Lavadores e remataba na parroquia de Beade; esta estrada, co nome de Estrada de Bembrive no seu paso pola parroquia, segue sendo na actualidade a principal arteria de comunicación interna dentro de Bembrive. O resto de vías consistían en camiños de carros e camiños peonís con firme de terra. No plano anterior de mancha construída represéntase a estrada asfaltada e os camiños de terra para carros.

Deste xeito a comunicación coas parroquias adxacentes facíase por estrada asfaltada e a comunicación interna da parroquia, a excepción dos núcleos comunicados pola vía asfaltada, era por camiños de terra. Esta vía asfaltada pasaba polo barrios de Segade, Mosteiro e Outeiro.

A través dos cálculos de centralidade realizados para os barrios da parroquia de Bembrive, obsérvase que o barrio cunha maior conectividade interna na parroquia é o do Mosteiro, o cal ven a reafirmar o papel de cabeceira ou aldea-núcleo sobre o que orbitan o resto dos barrios da parroquia.

O segundo barrio é o de Eifonso, que no ano 1943 aínda non tiña a consideración de barrio, sendo simplemente un lugar, que ademais estaría encadrado dentro do barrio do Mosteiro. O terceiro barrio con maior accesibilidade é o de Outeiro, que é un dos máis compactos e importantes da parroquia nesta época, e o cuarto é o de Mourelle, que tampouco tiña a consideración de barrio e estaría encadrado no de Outeiro. Este feito reafirma a centralidade dos barrios do Mosteiro e de Outeiro por enriba do resto.

Se só tivesen en conta os barrios históricos, o terceiro con mellor conectividade sería o de Segade, considerando que Recaré está en quinta posición e este barrio non era tal en 1943, senón un lugar pertencente ao barrio de Segade.

Pola contra, os barrios con peor accesibilidade ou conectividade, son ,de abaixo para arriba, San Cibrán como o barrio con peor conectividade da parroquia, o que explicaría a existencia dunha capela no seu termo para evitar os desprazamentos da poboación. O segundo con peor conectividade é o de

Lameiro, barrio cunha condición peculiar, pois só foi contemplado como tal no censo de 1991 e o terceiro con peor accesibilidade é o Arieiro, algo lóxico dado que en 1943 non existía ningunha edificación nel.

Considerando só os barrios históricos, o segundo barrio con peor conectividade sería o de Xestoso e o terceiro o de Carballal. Xunto co de San Cibrán, estes dous barrios están situados nas zonas elevadas da parroquia, cun relevo mais accidentado que os que se sitúan nas primeiras posicións, ademais de estar máis alonxados da cidade de Vigo.

Calculo da centralidade 1943		
Barrios	Resultado	Posición
Baruxáns	82	11
Carballal	86	12
Cháns	74	7
Xestoso	88	13
Mosteiro	52	1
Outeiro	65	3
San Cibrán	117	16
Segade	77	8
Eifonso	63	2
Mouteira	66	4
Recaré	68	5
Xesteira	81	10
Freires	78	9
Mourelle	68	5
Lameiro	94	15
Arieiro	90	14
Total	1249	

Táboa 7. Resultados do calculo de centralidade en 1943, cálculos completos en anexos.



Fig. 115. Mapa de centralidade dos barrios da parroquia, históricos e actuais, de Bembrive en 1943. En gris os barrios históricos.

4.2.4. Demografía.

4.2.4.1. Censos de poboación.

Bembrive é, na actualidade, a segunda parroquia con menos poboación do concello de Vigo despois da de Zamáns. Para achegarse á progresión demográfica da parroquia antes de chegar ao punto de control de 1943, preséntanse os seguintes datos: No ano 1887 a poboación da parroquia era de 1.194 habitantes, en 1900 era de 1.335 habitantes, no ano 1910 era de 1.489 habitantes, no 1920 de 1.819 habitantes, en 1930 era de 2.005 habitantes e no ano 1940 chagaba até os 2.241 habitantes.

Preséntase a seguinte táboa cos habitantes totais e por barrios da parroquia, elaborada calculando a progresión de poboación cos datos de 1940 e 1950, pois naquela época só se realizaban censos cada 10 anos.

Poboación por barrios en 1943			
Baruxáns	476 hab.	Mosteiro	515 hab.
Carballal	142 hab.	Outeiro	293 hab.
Cháns	103 hab.	San Cibrán	148 hab.
Xestoso	265 hab.	Segade	336 hab.
Total parroquia de Bembrive			2278 hab.

Táboa 8. Demografía de Bembrive por barrios en 1943.

O barrio cunha maior carga demográfica é o Mosteiro, barrio cabeceira da parroquia, seguido de Baruxáns. O menos poboado é o barrio de Cháns, seguido do barrio do San Cibrán.

Os barrios máis poboados son os tres máis cercanos ao núcleo urbano de Vigo, situados no noroeste da parroquia, o Mosteiro é o que se localiza máis ao leste dos tres, pero ao ser cabeceira é o máis poboado; na demografía destes tres barrios tamén inflúe o relevo, que é o máis suave da parroquia. Os menos poboados son os tres situados máis ao sur da parroquia, nunha zona de menor accesibilidade e de relevo máis accidentado.




Fig. 116. Mapa de poboación por barrios da parroquia de Bembrive no ano 1943.

4.2.4.2. Densidade poboacional.

No ano 1943 na parroquia de Bembrive, segundo a cartografía, existían 319 edificacións cunha poboación de 2.278 habitantes, polo que teríamos unha media de 7,14 habitantes por edificación, dato lóxico tendo en conta que as unidades familiares da época eran numerosas. A densidade de poboación da parroquia era de 247,72 hab./Km².

Na cuadrícula de densidade poboacional que se presenta, obsérvase que o cadro de maior densidade é o C3 relativo ao barrio do Mosteiro, con 1.114,49 hab./Km². Óbvase de novo o cadro A1, por erro no método explicado no apartado de densidade de edificación.

Os cadros A2 e A3 do barrio de Baruxáns son os seguintes con maior densidade, 870,95 hab./Km² e 1.067,70 hab./Km² respectivamente. O cuarto cadro en densidade é o C4, no barrio de Outeiro, con 714,42 hab./Km².

Con respecto aos menos poboados, contando so os relativos a núcleos de poboación, o que ten unha menor densidade é o E5 no barrio de Cháns, con 314,34 hab./Km², seguido do E7 no barrio de San Cibrán, con 428,65 hab./Km² e o terceiro sería o D5 no Carballal, con 514,38 hab./Km².

Os datos resultantes de está análise son bastante similares aos obtidos polos censos de 1940 e 1950, a partir dos que se realizou a progresión de poboación no apartado anterior. As conclusión que se poden sacar do estudo da cuadrícula de densidade poboacional é similar á exposta no estudo das densidades de edificación.

Obsérvase que a rexión da parroquia que arroxa maior densidade de poboación é a noroeste, debido á maior cercanía do núcleo urbano de Vigo e a un relevo mais suave ca no resto do territorio parroquial.




Fig. 117. Mapa de densidade poboacional da parroquia de Bembrive no ano 1943.

4.2.5. Usos do solo.

A cartografía do ano 1943, á que se tivo acceso, cualifica os usos dos solo en só dous tipos, o agrícola e o forestal. A partir desa base, desenvóléronse dúas tipoloxías máis, presentes na parroquia, a urbana e o mosaico urbano e agrícola.

O uso de solo urbano restrínxese ao núcleo principal do barrio do mosteiro. O resto de núcleos principais dos barrios e algún dos seus lugares, encádranse dentro da tipoloxía de mosaico urbano e agrícola.

Segundo a cartografía de 1943, practicamente todo o territorio da parroquia de Bembrive estaba dedicado a uso forestal, quedando reservado o noroeste da mesma para uso agrícola. Aínda que entendemos que os cultivos máis extensos estarían situados no noroeste pola natureza do relevo, parece excesiva a simplificación dos solos agrícolas e forestais. A economía da veciñanza baseábase no traballo do agro, baixo o modelo do minifundio, deste xeito, entendemos que polo menos as zonas onde se localizan as vivendas estarían rodeadas de terrenos de uso agrícola.



Fig. 118. Núcleo do Mosteiro en 1956.




Fig. 119. Mapa de usos do solo na parroquia de Bembrive no ano 1943.

4.3. Ano 1956.

4.3.1. Estrutura dos asentamentos poboacionais.

A estrutura dos asentamentos poboacionais no ano 1956 é practicamente igual ca no ano 1943, como resultado dun momento histórico de escaso, ou practicamente nulo, avance urbanístico, debido en grande medida á profunda depresión económica sufrida no estado español despois da Guerra Civil (1936 - 1939). Ademais da crise estatal, na Galiza hai que sumar a súa característica dispersión poboacional coma motivo da escasa evolución urbana (Sequeiros Tizón, 1986).

A poboación de Bembrive continua a ser maioritariamente labrega, non existen mudanzas económicas ou sociais de calado, consecuentemente o urbanismo da parroquia segue os ritmos do antigo réxime, non apreciando aceleración no proceso.

As edificacións novas (marcadas no plano en vermello), son escasas e concéntranse, sobre todo no barrio do Mosteiro, aparecen tamén algunhas edificacións novas nos barrios de Xestoso, Segade, Carballal e San Cibrán, pero estas non modifican a estrutura dos barrios debido ao seu escaso impacto cuantitativo.

En canto ás tipoloxías dos asentamento, estás son exactamente iguais as de 1943. Aumenta un pouco a concentración no barrio do Mosteiro e aparece un novo núcleo de escasas dimensións, no barrio do Carballal. Pódese dicir que despois do barrio do Mosteiro o que máis medra é o do San Cibrán, feito que chama a atención, pois na evolución posterior é o que menos medrará. Este barrio, seguramente debido a ser o máis illado dentro da parroquia, tiña un funcionamento cotiá máis autónomo ca o resto; proba disto é a existencia dunha capela na zona dos Ramallos, polo que podería ser considerado coma un Anexo, segundo a clasificación de unidade de asentamento desenvolvida por Fernández de Rota (1984), que define os Anexos coma barrios con ermida ou capela onde se celebraba misa en determinados días e posuían festa ou festas propias, condicións que cumpría e cumpre o barrio do San Cibrán.




Fig. 120. Plano de edificacións e vías de comunicación de 1956, en vermello as edificacións e vías que aparecen no período 1943 -1956.

4.3.2. Densidade da edificación.

No ano 1956 a densidade de edificación da parroquia de Bembrive apenas varía dende o anterior punto de control cronolóxico, sendo de 37,39 edif./Km², fronte aos 34,67 edif./km² de 1943.

Analizando a cuadrícula de densidades, obsérvase que todos os cadros continúan nos mesmos rangos, excepto os cadros B3 e D6, que superan o límite das 50 edif./Km².

As conclusións que se poden sacar desta nova cuadrícula son practicamente iguais ca no ano 1943, observando que a tendencia de aumento de densidade na zona noroeste da parroquia segue progresando e que a zona intermedia entre os barrios do Carballal e de San Cibrán aumenta a súa densidade.



Fig. 121. Núcleo de Xestoso en 1956.




Fig. 122. Mapa de densidade de edificación na parroquia de Bembrive no ano 1956.

4.3.3. Accesibilidade dos barrios.

No período de 1943 a 1956 apenas aparecen tres camiños novos, segundo a cartografía á que se tivo acceso, dous no barrio do Mosteiro e un no de Outeiro.

Debido ás escasísimas mudanzas na rede viaria, os resultados dos cálculos de centralidade realizados para os barrios da parroquia de Bembrive apenas varían, obsérvase que o barrio cunha maior conectividade interna na parroquia segue a ser o do Mosteiro.

O segundo barrio con máis accesibilidade continua sendo o de Eifonso, integrado no Mosteiro, o terceiro é Mouteira tamén pertencente ao Mosteiro na época. Isto reafirma aínda máis a centralidade do Mosteiro.

Ao igual que se fixo no anterior punto de control, se só se teñen en conta os barrios históricos, o segundo con mellor conectividade sería o de Outeiro, xa que Mourelle estaría integrado nel e ocupa a cuarta posición, e o propio barrio de Outeiro a sexta. O terceiro barrio histórico en conectividade sería o de Segade a través do seu lugar de Recaré, que despois será considerado barrio.

San Cibrán continua sendo o barrio con peor conectividade da parroquia, Lameiro o segundo e Carballal o terceiro. Se se fai o cálculo só cos barrios históricos o posicionamento sería igual que en 1943, sendo Xestoso o terceiro.

As centralidades varían pero dentro dos mesmos barrios, o que deixa o posicionamento igual que no anterior punto de control.

Calculo da centralidade 1956		
Barrios	Resultado	Posición
Baruxáns	86	10
Carballal	95	14
Cháns	82	8
Xestoso	90	12
Mosteiro	59	1
Outeiro	75	6
San Cibrán	124	16
Segade	81	7
Eifonso	67	2
Mouteira	71	3
Recaré	73	5
Xesteira	86	10
Freires	84	9
Mourelle	72	4
Lameiro	100	15
Arieiro	90	12
Total	1334	

Táboa 9. Resultados do calculo de centralidade en 1956, cálculos completos en anexos.



Fig. 123. Núcleo de Segade en 1956




Fig. 124. Mapa de centralidade dos barrios da parroquia de Bembrive en 1956. En gris os barrios históricos.

4.3.4. Demografía.

4.3.4.1. Censos de poboación.

Dende o ano 1943 até o ano 1956 a parroquia de Bembrive ten un saldo demográfico positivo de 103 habitantes, isto é un incremento do 4,51%. En crecemento anual estaríamos falando de 7,91 habitantes, un 0.35% por ano. Un incremento baixo pero lóxico, tendo en conta a grave crise económica da posguerra.

Preséntase a continuación unha táboa coa poboación da parroquia e de cada barrio da mesma, calculada por unha progresión entre os datos de 1950 e 1960.

Poboación por barrios en 1956			
Baruxáns	443 hab.	Mosteiro	537 hab.
Carballal	153 hab.	Outeiro	314 hab.
Cháns	135 hab.	San Cibrán	126 hab.
Xestoso	309 hab.	Segade	366 hab.
Total parroquia de Bembrive			2383 hab.

Táboa 10. Demografía de Bembrive por barrios en 1956.

Os tres barrios máis poboados seguen sendo na mesma orde, Mosteiro, Baruxáns e Segade e os tres con menos poboación seguen sendo os mesmos ca en 1943, pero con outra orde. San Cibrán pasa a ser o barrio menos poboado, cunha perda de 22 habitantes, mentres que Chans gaña 32 habitantes e pasa a penúltima posición, o terceiro con menos habitantes volta a ser Carballal, a pesar de que gaña 11 habitantes.

Cabe destacar a perda de 34 habitantes no barrio de Baruxáns, o segundo máis poboado da parroquia.




Fig. 125. Mapa de poboación por barrios da parroquia de Bembrive no ano 1956.

4.3.4.2. Densidade poboacional.

Segundo a cartografía empregada, no ano 1956, na parroquia de Bembrive existían 344 edificacións cunha poboación de 2.383 habitantes, polo que se tería unha media de 6,93 habitantes por edificación, cunha densidade de poboación da parroquia de 259,02 hab./Km². Os datos son moi similares aos do anterior punto de control.

Na cuadrícula de densidade poboacional obsérvase que o cadro de maior densidade segue sendo o C3 relativo ao barrio do Mosteiro, con 1.330,04 hab./Km² fronte aos 1.114,49 hab./Km² que tiña no ano 1943.

Os cadros A2 e A3 do barrio de Baruxáns seguen sendo os seguintes en densidade, aínda que esta baixa un pouco debido a que non hai novas edificacións e baixa a media de habitantes por edificación. Teñen unha densidade de 844,51 hab./Km² e 1.035,29 hab./Km² respectivamente. O mesmo sucede co cuarto cadro en densidade, o C4, no barrio de Outeiro, con 692,73 hab./Km².

Os de menor densidade, contando os que están sobre núcleos de poboación, seguen sendo o E5 no barrio de Cháns, con 304,80 hab./Km² baixando a densidade de 1943 e o E7 no barrio de San Cibrán, con 443,34 hab./Km². Pero no terceiro posto obsérvase un cambio con respecto a 1943, pasando a ocupalo o cadro E3 no barrio de Xestoso, con 526,47 hab./Km².

As tendencias son moi similares ao ano 1943, o cal revela que é unha etapa de escasas mudanzas na parroquia. Comparando as cuadrículas de densidade poboacional dos anos 1943 e 1956 apenas se advirten mudanzas. Aumenta a densidade no cadro C2 de Segade e no C6, debido a novas edificacións na zona oeste do barrio do Carballal.

Algúns cadros perden densidade debido a que non hai novas edificacións e baixa a media de habitantes por edificación, de 7,14 a 6,93.




Fig. 126. Mapa de densidade poboacional da parroquia de Bembridge no ano 1956.

4.4. Ano 1985.

4.4.1. Estrutura dos asentamentos poboacionais.

Neste punto de control faise evidente a forte evolución urbana sufrida pola parroquia de Bembrive no período que vai dende o ano 1956 até o ano 1985. Tal como foi relatado na fundamentación teórica, a maioría de autores sitúan nas décadas dos anos sesenta e setenta as grandes mudanzas urbanas nos asentamentos rurais galegos.

Unha das principais características do novo sistema urbano é a aparición dos espazos periurbanos, neste caso o espazo periurbano de Vigo, onde se localiza a parroquia de Bembrive. Os procesos demográficos e socioeconómicos da cidade de Vigo influíron en Bembrive, incrementando e acelerando o proceso de urbanización. A poboación abandona o traballo agrícola polo industrial, aumentan os desprazamentos cotiás por motivos laborais e a melloría económica repercute no intensivo crecemento da edificación. Ademais da forte ampliación do parque de vivendas, comezan a aparecer na parroquia novos equipamentos, sobre todo educativos, e algún taller industrial.

O crecemento urbano da parroquia localízase sobre todo na metade norte da mesma, aparecendo bastantes asentamentos novos na zona máis ao norte da parroquia. Nos espazos entre os asentamentos existentes xurde unha especie de nebulosa de edificacións desconcentradas que van ocupando o territorio.

A parroquia de Bembrive pode encadrarse, a nivel global e no ano 1985, dentro da tipoloxía de parroquia en enxame de Fariña Tojo (1980), xa que, aínda que o Mosteiro segue sendo o núcleo máis importante da parroquia, a seu rango de aldea-núcleo sobre o que orbita o resto da parroquia xa non é tan evidente, debido ao forte crecemento experimentado por barrios coma Baruxáns e Segade.

Nos barrios da parroquia aparecen novas tipoloxías coma poden ser no lugar de Recaré do barrio de Segade, que se poden encadrar na tipoloxía de enxame de Pazo Labrador (1995), a tipoloxía polinuclear bastante compacta do mesmo autor é visible en barrios coma Xestoso; os barrios de Segade e Baruxáns

poden encaixar dentro da tipoloxía de aldea polinuclear en enxame de Fumega Piñeiro (1995).

A conclusión que se extraen a través das novas tipoloxías que xorden nos asentamentos poboacionais da parroquia, parecen coincidir na tendencia dunha imposición dun novo modelo que tende cara a tipoloxía de enxame. Deste xeito os barrios tradicionais son desdebuxados nunha mancha construtiva de baixa densidade que ocupa grande parte da metade norte da parroquia.



Fig. 127. Barrio do Carballal entre os anos 1973 e 1986.




Fig. 128. Plano de edificacións e vías de comunicación de 1985, en vermello as edificacións e vías que aparecen no período 1956 -1985.

4.4.2. Densidade da edificación.

A densidade de edificación da parroquia de Bembrive sofre un salto cuantitativo moi grande, triplicando a densidade con respecto ao ano 1956. En 1985 hai unha densidade de 117,82 edif./Km² fronte aos 37,39 edif./Km² de 1956.

O aumento do número de edificacións no total da parroquia é patente na cuadrícula de densidades, ademais de aumentar a densidade dos cadros, na zona norte-centro xa se rexistran edificacións. O cadro con maior densidade continua sendo o relativo ao núcleo do barrio do Mosteiro, cun aumento da densidade moi elevado, chegando no ano 1985 ás 472 edif./Km².

O segundo cadro con máis densidade é no barrio de Baruxáns, o A3 cunha densidade de 409,34 edif./Km², tal como era nos puntos de control anteriores, pero o terceiro cadro con maior densidade pasa do A2 ao B2, entre Baruxáns e Segade, cunha densidade de 384 edif./Km². Mentres que nos anteriores puntos de control, a excepción do Mosteiro, as maiores densidades parecían localizarse na fronteira oeste, pola maior proximidade do núcleo urbano de Vigo; neste punto de control xorde un elemento que vai mudar esta tendencia, falamos da autovía A-55 (Vigo-Ourense-Madrid), principal arteria de comunicación da cidade coa meseta e co estado veciño de Portugal, que os veciños de Bembrive empregarán a partir da súa construción coma principal vía de comunicación coa cidade de Vigo, modificando a atracción das diferentes zonas da parroquia.

Esta infraestrutura de comunicación xoga un papel primordial na localización de equipamentos e servizos na zona norte da parroquia, o que deriva nunha atracción por esta zona á hora de localizar as edificacións. Como resultado disto, cadros coma o D1, D2 e E1, que até este punto de control non contaban con ningunha edificación, superan agora o límite das 100 edif./Km².

A tendencia de maiores densidades na zona noroeste mantense, pola nova autovía e a proximidade do núcleo urbano de Vigo, pero agora esténdese por toda a zona norte debido a que o traxecto da autovía bordea toda a fronteira norte da parroquia. No resto do territorio aumenta a densidade nos núcleos dos barrios e nas zonas intermedias dos mesmos.




Fig. 129. Mapa de densidade de edificación na parroquia de Bembrive no ano 1985.

4.4.3. Accesibilidade dos barrios.

Na etapa en estudo, que vai dende o ano 1956 até o ano 1985, a rede de comunicación da parroquia de Bembrive experimenta grandes mudanzas.

Aparecen numerosas estradas novas que ligan os barrios (en vermello no plano de edificacións e vías de comunicación) e as antigas vías de comunicación pasan de ser camiños de terra a estradas ou rúas asfaltadas. A principal novidade é a construción da autovía A-52, que comunica a Vigo con Ourense e Madrid, sendo tamén enlace para a conexión con Tui e Portugal; esta Autovía pasa polo interior da parroquia e bordea todo o límite norte de Bembrive. A importancia desta autovía para Bembrive radica en que a partir da súa inauguración, convertese na principal vía de comunicación da parroquia co núcleo urbano de Vigo, existindo varios enlaces coa mesma dentro do territorio parroquial.

Co calculo da centralidade dos barrios de Bembrive, obsérvase que en posicións absolutas Eifonso ten a maior centralidade, o Mosteiro a segunda maior e Mourelle a terceira. Se se fai o posicionamento relativo aos barrios históricos, Mosteiro sería o primeiro, xa que Eifonso estaría dentro del, Outeiro sería o segundo a través de Mourelle, e o terceiro barrio histórico con maior conectividade sería Segade. O posicionamento dos barrios históricos non varía a pesar das novas vías, aínda que se despraza a centralidade dentro deles.

Os barrios con peor conectividade en termos absolutos sería, San Cibrán coma o peor, seguido de Arieiro e Cháns. No posicionamento relativo aos barrios históricos, San Cibrán seguiría sendo o de peor conectividade seguido de Chans e Xestoso. Neste caso, coas novas estradas construídas, o barrio de Cháns perdería centralidade na parroquia en favor do barrio do Carballal.

Calculo da centralidade 1985		
Barrios	Resultado	Posición
Baruxáns	91	9
Carballal	107	12
Cháns	116	14
Xestoso	111	13
Mosteiro	72	2
Outeiro	88	5
San Cibrán	146	16
Segade	85	4
Eifonso	71	1
Mouteira	90	8
Recaré	89	6
Xesteira	89	6
Freires	101	10
Mourelle	80	3
Lameiro	106	11
Arieiro	118	15
Total	1560	

Táboa 11. Resultados do calculo de centralidade en 1985, cálculos completos en anexos.



Fig. 130. Núcleo do Mosteiro entre os anos 1973 e 1986




Fig. 131. Mapa de centralidade dos barrios da parroquia de Bembrive en 1985. En gris os barrios históricos.

4.4.4. Demografía.

4.4.4.1. Censos de poboación.

Dende o ano 1956 até o ano 1985 a parroquia de Bembrive ten un saldo demográfico positivo de 1.429 habitantes, isto é un incremento do 59,96 %. En crecemento anual estaríase falando de 49,27 habitantes, un 2,06 % por ano. Este é un incremento moito mais alto ca na anterior etapa.

Preséntase a continuación unha táboa coa poboación da parroquia e de cada barrio da mesma, calculada por unha progresión entre os datos de 1981 e 1986. Nesta época os censos eran realizados cada cinco anos.

Poboación por barrios en 1985			
Baruxáns	355 hab.	Mosteiro	1.265 hab.
Carballal	254 hab.	Outeiro	386 hab.
Cháns	247 hab.	San Cibrán	129 hab.
Xestoso	626 hab.	Segade	550 hab.
Total parroquia de Bembrive			3.812 hab.

Táboa 12. Demografía de Bembrive por barrios en 1985.

Coma dato máis destacable obsérvase o fortísimo incremento demográfico do barrio do Mosteiro, que gaña no censo 728 habitantes. Despois de moitas análises chegouse a conclusión de que este dato, só se pode deber a un erro na elaboración do censo ou a consideración dos límites dos barrios de xeito totalmente diferente aos anteriores censos.

Como proba disto temos as densidades de edificación que non apoian esta variación, simplemente observando o mapa de edificacións; nel vese como no barrio de Baruxáns hai un forte crecemento edificatorio, sen embargo, no censo perde 88 habitantes con respecto ao ano 1956. É obvio que mudaron os límites dos barrios e asignaron ao Mosteiro casas pertencentes a outros barrios.

Ademais de erros graves coma o sinalado, parece que os criterios de asignación dos novos núcleos aos vellos barrios non son acertados. O novo núcleo de poboación que aparece no Arieiro, no límite norte-centro da parroquia, parece ser asignado ao barrio de Xestoso, que gaña 317 habitantes, pero segundo as investigacións realizadas, o Arieiro, como lugar que xa existía

aínda que deshabitado, pertence ao barrio histórico de Segade, que ocupaba toda a franxa norte da parroquia.

Observando estes erros na metodoloxía do censo, concluímos que os datos extraídos dos mesmos non poden ser tomados en consideración.



Fig. 132. Barrio de Baruxáns entre os anos 1973 e 1986.




Fig. 133. Mapa de poboación por barrios da parroquia de Bembrive no ano 1985.



Fig. 134. Barrio de Xestoso entre os anos 1973 e 1986.

4.4.4.2. Densidade poboacional.

No ano 1985 na parroquia de Bembrive, segundo a cartografía, existían 1.084 edificacións cunha poboación de 3.812 habitantes, resultando unha media de 3,52 habitantes por edificación, cunha densidade de poboación da parroquia de 414,35 hab./Km².

Evidénciase un forte aumento no número de edificacións, que non é seguido do mesmo xeito pola poboación, resultando unha media de habitantes por edificación que se sitúa nos números habituais da sociedade desenvolvida actual. A mellora económica das familias permitiu que as novas xeracións tivesen a oportunidade de construír a súa propia vivenda, abandonando a casa matriz.

Na cuadrícula de densidade poboacional obsérvase que o cadro de maior densidade segue sendo o C3 relativo ao barrio do Mosteiro, con 1.659 hab./Km² fronte aos 1.330,04 hab./Km² da etapa anterior.

O cadros A3 do barrio de Baruxáns segue sendo o seguinte en densidade, tendo un aumento bastante considerable, cun resultado de 1.439,57 hab./Km² fronte aos 1.035,29 hab./Km² do ano 1956. De feito, aproxímase á densidade do núcleo do Mosteiro, isto é debido a que no barrio de Baruxáns, ao igual que no Mosteiro, as edificacións tenden a concentrarse.

A partir de aí, a parroquia sofre unha mudanza na localización dos cadros con maiores densidades, pois estes comezan a concentrarse na zona noroeste de maneira máis significativa ca en etapas anteriores. O terceiro cadro en densidade pasa a ser o B2 entre segade e Baruxáns, cunha densidade de 1.350,37 hab./Km², o cuarto é o A2 con 1.0393, 21 hab./Km² e o quinto o B3 con 1.004,45 hab./Km².

Os de menor densidade, contando os que están sobre núcleos de poboación, seguen sendo o E5 no barrio de Cháns, con 323,52 hab./Km² e o E7 no barrio de San Cibrán, con 365,72 hab./Km², que diminúe bastante a densidade. Sen embargo o E3 en Xestoso abandona as posicións de baixa densidade ao chegar ate os 886,18 hab./Km².

As tendencias observadas nos anteriores puntos de control non varían en rasgos xerais, pero nesta etapa acentúanse sobre maneira. Definitivamente a densidade de poboación aumenta considerablemente en toda a zona norte da parroquia de Bembrive, pero sobre todo na zona noroeste. A construción da autovía que pasa polos barrios de Segade e Baruxáns, e bordea toda a zona norte da parroquia parece definitiva para consolidar a tendencia que xa ten tres factores de apoio: A cercanía do núcleo vigués, o relevo suave e a conectividade coas grandes infraestruturas viarias.




Fig. 135. Barrio de Recaré entre os anos 1973 e 1986.




Fig. 136. Mapa de densidade poboacional da parroquia de Bembrive no ano 1985.

4.4.5. Usos do solo.

A cartografía empregada para a elaboración do mapa de usos do solo de 1985, corresponde ao Mapa Topográfico Nacional de España do ano 1979. Este mapa só cualifica o tipo de solo forestal, deixando sen asignar tipoloxía de uso do solo ao resto de superficie da parroquia. A partir desa base, desenvóléronse cinco tipoloxías máis, presentes na parroquia: a urbana, a agrícola, o mosaico urbano e agrícola, os equipamentos e as grandes infraestruturas viarias.

A extensión de solo de uso forestal vese moi reducida, esta superficie parece máis achegada a realidade que a mostrada na cartografía de 1943. Agora o solo forestal localízase maioritariamente nas zonas altas da parroquia.

O uso urbano multiplícase na parroquia; ademais do incremento no núcleo do Mosteiro, son incluídos dous novos núcleos do barrio de Xestoso, ao este da parroquia, e o núcleo de nova construción do Arieiro, ao norte da parroquia.

A tipoloxía de mosaico urbano e agrícola esténdese por boa parte dos lugares próximos aos núcleos orixinais de cada barrio; debido ao forte crecemento construtivo experimentado na parroquia entre os anos 1943 e 1985.

Aparece a autovía A-55, esta cruza os polos barrios de Baruxáns e Segade, encadrándose na tipoloxía de grandes infraestruturas viarias.

O uso agrícola do solo, enténdese polo remanente das outras 5 tipoloxías. Hai que lembrar que denominase coma agrícola, tanto as terras de cultivo coma as de mato que foron agrícolas anos atrás, pois se entende que teñen a mesma natureza e só as diferencia o uso practico do solo.

A derradeira tipoloxía corresponde aos equipamentos, este uso do solo aparece sobre todo na fronteira norte da parroquia, a beira da autovía A-55. No interior da parroquia existen tres zonas de equipamentos relativas a centros docentes e unha cuarta, moi próxima ao núcleo urbano do mosteiro, que corresponde ao cemiterio municipal. Hai constancia de que este cemiterio existía no ano 1943, pero a cartografía empregada non permitía a súa representación no plano.




Fig. 137. Mapa de usos do solo na parroquia de Bembrive no ano 1985.

4.5. Ano 2000.

4.5.1. Estrutura dos asentamentos poboacionais.

No período que vai dende o ano 1985 até o ano 2000, o forte impulso construtivo que caracterizou ás décadas dos sesenta e setenta do século XX vese freado en certa medida, isto pode deberse a unha estabilización das condicións socioeconómicas da poboación da parroquia. Éntrase nun contexto no que a industrialización da poboación vai mudando cara a terciarización da mesma.

Co aumento demográfico e edificatorio, algunhas administracións públicas comezan a considerar algúns lugares co rango de barrio, a partir dos anos noventa do século XX, os censos de poboación conceden a denominación de barrio ao Arieiro, Eifonso, Mouteira, Recaré e Xesteira, nunha decisión controvertida, pois non existe consenso ao respecto. Así mesmo, a partir do século XXI, tamén son considerados os barrios de Freires e Mourelle. Mención aparte merece o Lameiro, só considerado coma barrio no censo de 1991.

As novas edificacións seguen o modelo descrito no período anterior, estendendo máis a mancha construída, outra vez, maioritariamente na metade norte da parroquia; pero neste período a intensidade é menor. Pola contra, os equipamentos multiplícanse, aparecendo equipamentos sanitarios, deportivos, culturais e residenciais. Estase ante unha etapa na que, unha vez freado o forte impulso construtivo de iniciativa privada, a administración pública comeza a construír na parroquia certos equipamentos de primeira necesidade, dos que carecía até o momento. Isto pode entenderse coma unha proba de que o crecemento urbano da parroquia foi principalmente impulsado polos veciños, que non agardaron a que a parroquia foxe provista das condicións urbanas, das que de todos xeitos, aínda parece lonxe.

Se no anterior período (1956 – 1985) falébase dunha tendencia cara a tipoloxía de enxame na parroquia, agora podemos afirmar que esta tendencia convértese en feito. As novas edificacións non se concentran nos núcleos existentes, senón que se estenden de xeito moi disperso ao redor deles. Os barrios evolucionan definitivamente cara a polinuclearidade, rodeados dun enxame en forma de mancha indefinida e desconcentrada.




Fig. 138. Plano de edificacións e vías de comunicación do 2000, en vermello as edificacións e vías que aparecen no período 1985 -2000. Barrios históricos en gris.

4.5.2. Densidade da edificación.

A densidade de edificación na parroquia de Bembrive continua aumentando, pero cun ritmo menor ao da etapa anterior, no ano 2000 é de 135,76 edif./Km² fronte aos 117,82 edif./Km² do ano 1985.

Analizando a cuadrícula, obsérvase que as densidades seguen aumentando de xeito global, o cadro relativo ao Mosteiro continua sendo o de maior densidade, agora con 536 edif./Km², fronte as 472 edif./Km² que tiña no ano 1985. A centralidade deste barrio na parroquia a nivel de densidade edificatoria non varía.

Seguindo a tendencia de aumento de densidade do cadro B2, este situase na segunda posición cun escaso marxe sobre o A3, 436 edif./Km² e 435,35 edif./Km² respectivamente. É evidente que o feito de que a conexión coa autovía A-52 esté situada nos límites deste cadro B2, é un factor decisivo que aumenta a atracción desta zona.

Os maiores incrementos na densidade de edificación continúan correspondendo aos cadros localizados na beira noroeste da parroquia, polos factores de proximidade e conectividade co núcleo urbano de Vigo, e no cadro relativo ao núcleo do Mosteiro.

A zona sur da parroquia estanca o crecemento da densidade de edificación, sendo nulo ou de baixo calado, os motivos poden ser que a súa conectividade non mellora e que o relevo dificulta a expansión dos núcleos.

No mapa de edificacións e vías de comunicación obsérvase a creación de unha nova autoestrada, a AG-57 (Vigo-Baiona), que pasa polo territorio da parroquia e enlaza coa descrita anteriormente fora dos límites de Bembrive, pero próxima á beira nordeste. O feito de que esta nova infraestrutura non contribúa a mellorar o poder de atracción dos núcleos cercanos ao seu trazado, radica en que non existen entradas ou saídas da mesma en todo o seu recorrido pola parroquia, polo que os barrios de Cháns, Carballal ou San Cibrán non obteñen ningún beneficio pola súa cercanía.




Fig. 139. Mapa de densidade de edificación na parroquia de Bembrive no ano 2000.

4.5.3. Accesibilidade dos barrios.

No período entre 1985 e 2000, a rede de estradas muda pouco, sendo escaso o número de estradas e rúas novas, hai que ter en conta que neste estudo, e no propio plano de edificacións e vías de comunicación que se presenta (construción nova en vermello), só se teñen en conta aquelas infraestruturas viarias que poden repercutir no funcionamento global da parroquia, obviando as rúas de servizo e acceso a parcelas.

A principal novidade nesta etapa 1985- 2000, é a construción dunha nova autopista que pasa polo territorio parroquial, a autoestrada AG-57 que enlaza Vigo con Baiona bifurcando a autoestrada AP-9 (A Coruña-Vigo) cara o sur da provincia de Pontevedra, esta nova vía fai tamén a función de circunvalación exterior do concello de Vigo, dende a parroquia de Teis até a de Baiona. A importancia desta autopista para a parroquia de Bembrive é relativa, pois en todo o seu transcurso por Bembrive non existe ningunha entrada nin saída da mesma, a conexión coa AP-9/AG-57 máis próxima está no Alto de Puxeiros, cerca do límite parroquial nordeste, nunha zona de maioritario uso industrial.

No ano 2000, todos os núcleos en estudo xa son considerados coma barrios, a excepción de Lameiro que so ten este rango no censo de 1991, de todos xeitos analizaranse igualmente as posicións absolutas e relativas aos barrios históricos.

Os resultados obtidos no calculo de centralidade dos barrios para o ano 2000 mostran que en resultados absolutos o barrio de maior centralidade é o Mosteiro, o segundo é Eifonso e o terceiro Mourelle. En termos relativos aos barrios históricos o primeiro sería Mosteiro, o segundo Outeiro e o terceiro Baruxáns.

En canto aos barrios con peor conectividade, o que ten peores resultados en termos absolutos é novamente San Cibrán, no segundo posto están tres barrios que acadaron o mesmo resultado, estes son Cháns, Arieiro e Lameiro. En termos relativos aos barrios históricos o posicionamento colocaría na peor situación de centralidade ao San Cibrán, seguido de Cháns e Xestoso.

Calculo da centralidade 2000		
Barrios	Resultado	Posición
Baruxáns	88	4
Carballal	112	11
Cháns	121	13
Xestoso	114	12
Mosteiro	71	1
Outeiro	91	5
San Cibrán	151	16
Segade	92	6
Eifonso	72	2
Mouteira	92	6
Recaré	92	6
Xesteira	97	9
Freires	101	10
Mourelle	84	3
Lameiro	121	13
Arieiro	121	13
Total	1620	

Táboa 13. Resultados do calculo de centralidade no 2000, cálculos completos en anexos.



Fig. 140. Núcleo do Mosteiro entre os anos 1999 e 2003.




Fig. 141. Mapa de centralidade dos barrios da parroquia de Bembrive en 2000. En gris os barrios históricos.

4.5.4. Demografía.

4.5.4.1. Censos de poboación.

Dende o ano 1985 até o ano 2000 a parroquia de Bembrive ten un saldo demográfico positivo de 136 habitantes, isto é un incremento do 3,56 %. En crecemento anual estaríamos falando de 9,06 habitantes, un 0,23 % por ano. O crecemento demográfico baixa moitísimo comparándoo coa anterior etapa, despois dunha etapa de forte crecemento económico, no estado español ao igual que en todo o occidente europeo, entramos nunha etapa de estancamento demográfico.

A partir dos anos 90, nos censos de poboación de Bembrive comezan a considerarse coma barrios antigos lugares pertencentes aos barrios históricos, este feito complica aínda máis a análise demográfica, tendo en conta os erros observados nos censos da anterior etapa, que continuarán na presente.

Preséntanse a continuación os datos de poboación por barrios, tal como se presentan nas táboas do Instituto Galego de Estatística cos barrios actuais.

Poboación por barrios actuais no 2000			
Baruxáns	470 hab.	Arieiro	359 hab.
Carballal	363 hab.	Eifonso	60 hab.
Cháns	209 hab.	Mouteira	90 hab.
Xestoso	360 hab.	Recaré	266 hab.
Mosteiro	492 hab.	Xesteira	139 hab.
Outeiro	252 hab.	Freires	252 hab.
San Cibrán	118 hab.	Mourelle	222 hab.
Segade	296 hab.	Total parroquia	3.948 hab.

Táboa 14. Demografía de Bembrive por barrios actuais no 2000.

Ao segregar os barrios históricos dando rango de barrio a lugares dos mesmo, a análise comparativa da evolución demográfica faise moi complicada, isto engádese ao problemas dos límites dos barrios. Obsérvase que o barrio máis poboado é o Mosteiro e o menos poboado é o de Eifonso.

A continuación preséntase o calculo de poboación relativo aos barrios históricos, sumando a estes as poboacións dos barrios novos que estarían incluídos nos mesmos, nun intento de dar coherencia á evolución demográfica para posibilitar a comparación de datos entre os diferentes puntos de control cronolóxicos.

Poboación por barrios históricos no 2000			
Baruxáns	609 hab.	Mosteiro	642 hab.
Carballal	363 hab.	Outeiro	474 hab.
Cháns	209 hab.	San Cibrán	118 hab.
Xestoso	612 hab.	Segade	921 hab.
Total parroquia de Bembrive			3.948 hab.

Táboa 15. Demografía de Bembrive por barrios históricos no 2000.

Unha vez realizada a adaptación dos datos, obsérvase unha maior coherencia dos mesmos, pero estes continúan tendo o problema relativo as mudanzas nos límites entre barrios.

O barrio de Segade sería o mais poboado; ten certa lóxica se pensamos en que abarca toda a franxa norte da parroquia, sendo o máis extenso. O segundo sería o do Mosteiro e o terceiro o de Baruxáns. Os menos poboados continúan sendo os localizados na zona sur. O de menor poboación sería San Cibrán, seguido de Cháns e Carballal.

Móstranse a continuación dous planos de poboación por barrios, o primeiro corresponde ás poboacións de todos os barrios considerados no censo, o segundo presenta a poboación relativa aos barrios históricos, unha vez feita a conversión dos datos.




Fig. 142. Mapa de poboación por barrios actuais da parroquia de Bembrive no ano 2000.




Fig. 143. Mapa de poboación por barrios históricos da parroquia de Bembrive no ano 2000.

4.5.4.2. Densidade poboacional.

No ano 2000 na parroquia de Bembrive, segundo a cartografía, existían 1.249 edificacións cunha poboación de 3.948 habitantes, resultando unha media de 3,16 habitantes por edificación, cunha densidade de poboación da parroquia de 429,35 hab./Km².

A evolución demográfica e edificatoria da parroquia de Bembrive estáncase comparándoa coa etapa anterior. Sube lixeiramente o número de edificacións, poboación e densidade de poboación, baixa un pouco a media de habitantes por edificación.

O cadro de maior densidade segue sendo o C3 do barrio do Mosteiro, con 1.694,25 hab./Km², cunha mudanza á alza case imperceptible. O cadro B2, situado entre os barrios de Segade e Baruxáns pasa a ser o segundo en densidade de poboación, aínda que esta baixa, con 1.378 hab./Km², no seu impulso e probable que axude o feito de que nese cadro se sitúe un enlace coa autovía. O cadro A3, situado no barrio histórico de Baruxáns, pero agora situado no novo barrio da Xesteira é o terceiro con 1.376,12 hab./Km². Os de menor densidade sitúanse sobre os núcleos localizados ao sur da parroquia.

A perda de densidade de algúns dos cadros con maior densidade, pode ser un indicativo de que as novas edificacións na parroquia tenden máis a dispersión por todo o territorio, o cal tería sentido nun proceso de contraurbanización.

Segue acentuándose a tendencia de concentración de poboación no noroeste. A mobilidade parece un factor definitivo para a localización da poboación, toda a zona norte próxima a autovía, e os seus accesos de enlace coa cidade e destinos exteriores, monopoliza os cadros de maior densidade, o barrio de Xestoso, cunhas condicións de relevo similares á zona sur da parroquia consegue situarse na zona alta de densidade gracias á proximidade dunha conexión coa autovía mais alo do límite nordeste da parroquia. Pola contra a nova autoestrada dirección Baiona que ten o seu trazado próximo aos barrios de Cháns e San Cibrán, non aumenta a súa atracción ao non existir accesos na parroquia.

Outro factor destacable é referente aos novos barrios, é evidente que estes barrios sitúanse na zona norte da parroquia, a excepción de Mourelle. Esta zona é a de maior densidade de poboación, o aumento demográfico levou ás administracións a segregar os barrios tradicionais en novas e máis abundantes entidades.



Fig. 144. Barrio de San Cibrán entre os anos 1999 e 2003.




Fig. 145. Mapa de densidade poboacional da parroquia de Bembrive no ano 2000.

4.2.5. Usos do solo.

Ao igual que a cartografía empregada no anterior punto de control, a correspondente ao ano 2000, só representa o uso forestal do solo. Neste caso utilízase coma base o Mapa Topográfico Nacional de España do ano 2001. A partir dela, desenvólvense as mesmas tipoloxías que na fase anterior.

O solo forestal redúcese no centro da parroquia en comparación co mapa de 1985, empurrado cara os bordes parroquiais polo empuxe dos asentamentos poboacionais.

Amplíanse as superficies de solo urbano nos núcleos do Mosteiro, Arieiro e Xestoso, onde os dous núcleos diferenciados converxen nunha soa mancha.

O solo de mosaico urbano e agrícola esténdese coas edificacións a través das vías de comunicación, formando manchas continuas de barrio a barrio, de xeito máis evidente ca no ano 1985.

Aparece unha nova autoestrada que transcorre pola beira este e o sur da parroquia, a AP-9/AG-57. Ao igual que a autovía A-55, é encadrada no uso de solo de grandes infraestruturas viarias.

O uso agrícola do solo perde superficie en beneficio do solo de mosaico urbano e agrícola. A agricultura de autoconsumo, abundante na década dos anos oitenta do século XX unha vez abandonado o agro coma ocupación principal, vai perdendo peso na parroquia.

O solo de equipamentos aumenta considerablemente no norte da parroquia, debido á construción dunha residencia xeriátrica e, sobre todo, ao novo hospital xeral do Meixoeiro, que localiza parte do seu edificio principal e algúns edificios de apoio en terrenos da parroquia de Bembrive. Na fronteira centro-oeste aparece unha nova superficie de equipamentos pola construción dun pavillón deportivo no monte de Bembrive.




Fig. 146. Mapa de usos do solo na parroquia de Bembrive no ano 2000.

4.6. Ano 2008.

4.6.1. Estrutura dos asentamentos poboacionais.

Na etapa que vai dende o ano 2000 até o 2008, derradeira desta análise, a velocidade de edificación parece estabilizarse, tendo en conta que estamos ante unha etapa de tan só 8 anos. Non se aprecian variacións significativas na tendencia urbanística da parroquia de Bembrive.

A estrutura en enxame é xa a tipoloxía que define o urbanismo da parroquia, continúaase construíndo case en exclusiva edificacións illadas que teñen a función de vivenda unifamiliar, nun proceso de incremento do parque de vivendas, que pode respostar a un crecemento endógeno dos núcleos tradicionais ou a un proceso de periurbanización da área metropolitana de Vigo, que pode resultar nun fenómeno de contraurbanización ou suburbanización da parroquia.

Esta tendencia á tipoloxía de enxame segue sendo máis evidente na metade norte da parroquia, que é a que ten unha maior ocupación do espazo por parte das edificacións. Na metade sur aínda é posible distinguir os núcleos orixinais que poderían presentar tipoloxías diferentes á de enxame. O barrio do San Cibrán pode encadrarse dentro da tipoloxía de aldea polinuclear con caserío claro de Fariña Tojo (1980) ou na de polinuclear laxa de Pazo Labrador (1995), o barrio do Carballal tamén podería incluírse nesta última tipoloxía.

A razóns de que estes barrios conserven unhas tipoloxías máis achegadas á orixinal son, por un lado a súa localización, pois son os máis alonxados do centro da cidade e por outro lado, pero cun maior peso, o relevo que na metade sur da parroquia é moito máis accidentado ca no norte, o que dificulta enormemente a expansión da mancha urbana.




Fig. 147. Plano de edificacións e vías de comunicación do 2008, en vermello as edificacións e vías que aparecen no período 2000 - 2008. Barrios históricos en gris.

4.6.2. Densidade da edificación.

No ano 2008 a densidade de edificación da parroquia de Bembrive elévase até as 146,30 edif./Km², fronte ás 135,76 edif./Km² do ano 2000, mantendo unha progresión constante dende o punto de control de 1985, tendo en conta que esta última etapa é de tan só 8 anos.

As tendencias mantéñense e non se observan grandes mudanzas con respecto ao anterior punto de control. O cadro de maior densidade segue sendo o C3 do núcleo do Mosteiro con 556 edif./Km², o segundo é o B2, con 472 edif./Km² e máis distancia sobre o terceiro, o A3 con 448 edif./Km².

Os cadros con menor densidade, dentro dos relativos aos núcleos de poboación, seguen localizándose na zona sur da parroquia.

A densidade de edificación continua a súa progresión de xeito estable no resto da parroquia, sendo maior no norte ca no sur. A tendencia á concentración das edificacións cara a zona noroeste parece xa unha constante, atraídas polo núcleo urbano da cidade de Vigo e os enlaces coas grandes infraestruturas viarias.



Fig. 148. Zona de equipamentos do Meixueiro no 2008, o barrio do Arieiro ao este e Recaré ao oeste.




Fig. 149. Mapa de densidade de edificación na parroquia de Bembrive no ano 2008.

4.6.3. Accesibilidade dos barrios.

Entre o ano 2000 e o ano 2008, non se constrúen na parroquia de Bembrive estradas de importancia, polo que a centralidade dos barrios sería igual ca no ano 2000. Na cartografía empregada para analizar este punto de control si que aparecen numerosas rúas novas, pero todas elas son de escasa importancia, rúas de servizo e de acceso a parcelas privadas onde se localizan as edificacións, polo que consideramos acertado obviaslas no propio plano de edificacións e vías de comunicación presentado anteriormente, xa que non aportan novidades relevantes e só servirían para dificultar a lectura do plano.

4.6.4. Demografía.

4.6.4.1. Censos de poboación.

Dende o ano 2000 até o ano 2008 a parroquia de Bembrive ten un saldo demográfico positivo de 395 habitantes, isto é un incremento do 10,01 %. En crecemento anual estaríamos falando de 49,37 habitantes, un 1.25 % por ano. O crecemento demográfico sube con respecto á anterior etapa.

Ao igual que no censo do ano 2000, no do 2008 considéranse os novos barrios. Preséntanse a continuación os datos de poboación por barrios, tal como se presentan nas táboas do Instituto Galego de Estatística cos barrios actuais.

Poboación por barrios actuais no 2008			
Baruxáns	476 hab.	Arieiro	604 hab.
Carballal	348 hab.	Eifonso	64 hab.
Cháns	247 hab.	Mouteira	99 hab.
Xestoso	406 hab.	Recaré	272 hab.
Mosteiro	494 hab.	Xesteira	137 hab.
Outeiro	248 hab.	Freires	257 hab.
San Cibrán	115 hab.	Mourelle	252 hab.
Segade	324 hab.	Total parroquia	4.343 hab.

Táboa 16. Demografía de Bembrive por barrios actuais no 2008.

Continua a dificultade engadida de facer unha análise comparativa da evolución demográfica con elemento que varían dunha etapa a outra, polo que seguírase a mesma estratexia que no punto de control anterior.

A continuación preséntase o calculo de poboación relativo aos barrios históricos, sumando a estes as poboacións dos barrios novos que estarían incluídos nos mesmos.

Poboación por barrios históricos no 2008			
Baruxáns	613 hab.	Mosteiro	657 hab.
Carballal	348 hab.	Outeiro	500 hab.
Cháns	247 hab.	San Cibrán	115 hab.
Xestoso	663 hab.	Segade	1200 hab.
Total parroquia de Bembrive			3.948 hab.

Táboa 17. Demografía de Bembrive por barrios históricos no 2008.

Obviando que os datos proveñen de censos con pouca fiabilidade, pasarase a súa análise. O barrio de Segade segue sendo o máis poboado, pero agora aumenta notablemente a diferenza co resto, debido ao forte incremento poboacional no novo barrio do Arieiro. Aínda que non se observa no plano de edificacións un incremento de edificios, este aumento de poboación pode deberse á natureza do asentamento. A construción de vivendas no Arieiro produciuse nos anos 80 a través da ocupación ilegal do monte comunal, nun proceso que nalgúns casos podería denominarse incluso de chabolismo, polo que os habitantes do barrio non estarían empadroados nas súas residencia. Co paso dos anos e a legalización da súa situación os veciños entrarían dentro do padrón e dos censos. O segundo barrio en poboación sería Xestoso e o terceiro o Mosteiro, o feito de que Xestoso teña máis poboación ca o Mosteiro é probablemente debido un erro nos límites dos barrios, aínda que Xestoso é dos barrios onde se observa un maior incremento de edificacións. Os barrios con menor poboación seguen sendo os situados no sur da parroquia, San Cibrán, Cháns e Carballal.




Fig. 150. Mapa de poboación por barrios actuais da parroquia de Bembrive no ano 2008.




Fig. 151. Mapa de poboación por barrios históricos da parroquia de Bembrive no ano 2008.

4.5.4.2. Densidade poboacional.

Segundo a cartografía empregada, no ano 2008, na parroquia de Bembrive existían 1.346 edificacións cunha poboación de 4.343 habitantes, resultando unha media de 3,23 habitantes por edificación, cunha densidade de poboación da parroquia de 472,07 hab./Km².

A evolución demográfica e edificatoria progresa en termos similares á anterior etapa, cun aumento de poboación un pouco máis forte, o que fai aumentar máis a densidade de poboación.

A orde dos cadros de maior densidade non varia, pero si aumenta a densidade. O cadro C3 do barrio do Mosteiro, sube aos 1.793,98 hab./Km², o cadro B2, situado entre os barrios de Segade e Baruxáns pasa a ter unha densidade de 1.522,95 hab./Km², o cadro A3 en Baruxáns/Xesteira acada unha densidade de 1.446,65 hab./Km².

Os de menor densidade seguen estando localizados na parte sur da parroquia, o de menor densidade é o E5 no barrio de Cháns, con 322,65 hab./Km². Hai que ter en conta que esta cadro recolle a parte menos densa do barrio de Chans, estando o núcleo no cadro D5 cunha densidade de 774,38 hab./Km², que sigue sendo un dos de menor densidade sobre núcleo de poboación e é compartido co barrio do Carballal. O segundo con menor densidade é o E7 de San Cibrán cunha densidade de 413 hab./Km². De isto, pódese concluír que o núcleo de barrio histórico con menor densidade é o de San Cibrán, o cal apoia a teoría da conectividade como factor fundamental da concentración de poboación.

As conclusións xerais que se poden sacar da análise da densidade poboacional na etapa que vai dende o ano 2000 até o ano 2008, son iguais que as expostas para a anterior etapa de 1985 ao 2000. As tendencias mantéñense e progresan de xeito natural.




Fig. 152. Mapa de densidade poboacional da parroquia de Bembrive no ano 2008.

4.2.5. Usos do solo.

No ano 2005 elabórase o mapa de usos do solo do SIOSE, este é o mapa de usos do solo máis completo ao que se tivo acceso. Debido á elaboración propia dos mapas para os anteriores puntos de control, considerouse máis coherente continuar co mesmo modelo para o ano 2008. O mapa do SIOSE foi empregado coma base para algunha das tipoloxías.

Na parroquia non se aprecian grandes mudanzas do ano 2000 ao 2008. O solo forestal non sofre variacións.

Os núcleos de solo urbano foron extraídos do mapa do SIOSE, obsérvanse máis edificacións dentro do solo urbano, pero a superficie deste non medra.

O solo de mosaico urbano e agrícola continua estendéndose, de xeito máis tenue nesta etapa, aumentando o continuo referido no ano 2000.

A tipoloxía de grandes infraestruturas viarias non sofre cambios e o solo agrícola redúcese moi lixeiramente polo avance do mosaico urbano e agrícola.

En canto ao solo de equipamentos, existen algúns avances debido á construción dun tanatorio na fronteira norte-este da parroquia. Tamén se aprecia unha nova superficie de equipamentos na esquina máis oriental de Bembrive, esta corresponde a parte dun polígono industrial que ten a maioría do seu terreno no veciño concello de Mos.




Fig. 153. Mapa de usos do solo na parroquia de Bembrive no ano 2008.

4.7. Cruzamento de datos dos diferentes puntos de control cronolóxicos.

4.7.1. Estrutura dos asentamentos poboacionais.

Até os anos noventa do século XX, na parroquia de Bembrive eran considerados 8 barrios, denominados históricos, estes son: Baruxáns, Segade, Carballal, Xestoso, Outeiro, San Cibrán, Cháns e o Mosteiro. A partir dese momento comezan a considerarse lugares dos barrios históricos coma novos barrios, estes son: Arieiro, Eifonso, Mouteira, Recaré e Xesteira, e a partir do século XX engádense os barrios de Freires e Mourelle. Mención aparte merece o Lameiro, só considerado coma barrio no censo de 1991.

A estrutura e tipoloxía dos asentamentos foi mudando co paso dos anos. Nos anos 1943 e 1956, a estrutura dos asentamentos a nivel parroquial podía encadrarse dentro da tipoloxía de parroquia en enxame con aldea-núcleo definida por Fariña Tojo (1980), a aldea-núcleo sobre a que orbitaban o resto dos asentamentos era o barrio do Mosteiro. A partir do ano 1985, obsérvase que a tipoloxía xeral da parroquia muda cara a parroquia en enxame, definida polo mesmo autor, e referendada na análise dos anos 2000 e 2008; xa que se vai perdendo o concepto de aldea e gañando peso o de barrio, ao mesmo tempo a identidade da poboación pasa do lugar/aldea á parroquia.

Isto é debido a que os núcleos orixinais, que deron lugar aos barrios, vanse desdebuxando e perdendo a definición primixenia que permitía a identificación do veciño co barrio e a diferenciación das tipoloxías dos asentamentos tradicionais galegos, expandíndose no territorio baixo o modelo de enxame, nunha mancha construtiva de baixa densidade que vai ocupando grande parte da parroquia, sobre todo na metade norte.

As vías de comunicación rodoviaria preséntanse como estruturantes dos asentamentos, acollendo as edificacións ao longo dos seus percorridos. Os núcleos lixeiramente compactos dos primeiros anos van perdendo o poder de atracción sobre unha poboación, que tende cada vez mais á dispersión.




Fig. 154. Plano de evolución das edificacións e vías de comunicación entre os anos 1943 e 2008, na parroquia de Bembrive.

4.7.2. Densidade da edificación.

Tanto no ano 1943 como no 1956, as edificacións estaban relativamente concentradas ao redor dos núcleos ou lugares primixenios dos barrios, cunha tendencia a aumentar a densidade na zona noroeste do territorio parroquial. A pesar desta tendencia, obsérvanse datos de densidade bastante semellantes en todos os núcleos, a excepción do Mosteiro como asentamento cabeira da parroquia.

No ano 1985 faise patente o grande salto no numero de edificacións experimentado nas décadas dos sesenta e setenta do século XX. A zona norte da parroquia é a que máis densidade de edificación gaña, sobre todo a noroeste, apoiada en tres factores decisivos: a maior cercanía do núcleo urbano da cidade de Vigo, o relevo máis suave na zona noroeste e a nova autovía que conecta coa cidade e destinos exteriores, esta pasa polos barrios de Baruxáns e Segade, onde ten accesos, e bordea toda a fronteira norte fora do límite parroquial.

Nos anos 2000 e 2008 continua a mesma tendencia, incrementos na metade norte, localizando os mais fortes no Mosteiro e zona noroeste. A metade sur da parroquia ralentiza o aumento da densidade de edificación, as razóns son a baixa conectividade e o relevo accidentado que dificulta a expansión dos núcleos.



Fig. 155. Núcleo do Mosteiro no ano 2015.




Fig. 156. Mapa da evolución da densidade de edificación entre os anos 1943 e 2008, na parroquia de Bembrive.

4.7.3. Accesibilidade dos barrios.

No ano 1943 só existía unha estrada asfaltada, que servía para comunicar a Bembrive coa cidade e as parroquias veciñas, as restantes vías de comunicación consistían en camiños de terra para carros ou peonís. No ano 1956 a situación non varía e é no ano 1985 onde se reflexa a grande mudanza das dúas décadas anteriores a nivel de infraestruturas viarias, aumenta considerablemente o numero de vías, pero sobre todo melloran as existentes, aumentando a accesibilidade de toda a parroquia.

Antes do 1985 constrúese a primeira autovía que pasa pola parroquia, entre o ano 1985 e 2000 a primeira autoestrada, aínda que esta non ten a repercusión da primeira, xa que non ten accesos dentro dos límites parroquiais.

En canto a centralidade dos barrios na estrutura interna da parroquia, nos anos 1943 e 1956 os barrios de maior centralidade sitúanse no centro da parroquia, destacando o barrio do mosteiro. No punto de control de 1985, os barrios do centro da parroquia, Mosteiro, Eifonso, Mourelle e Outeiro, seguen mantendo as centralidades máis altas, pero se aprecia unha tendencia de aumento nos barrios situados ao noroeste do grupo central e unha diminución da centralidade nos barrios emprazados ao sueste do grupo central.

No ano 2000 obsérvanse unhas centralidades moi semellantes, diminuindo a dos barrios situados na coroa exterior do límite este. Durante toda a evolución o barrio do Mosteiro é o que mantén unha mellor conectividade interna na parroquia de Bembrive.

No punto de control do ano 2008 non aparecen novas vías de comunicación interna que modifiquen a centralidade.

Outro dato comparativo que se pode sacar do estudo da centralidade é o valor de dispersión do grafo, este valor é a suma dos resultados de centralidade de todos os barrios en cada etapa cronolóxica. O valor do grafo en cada punto de control é: 1.249 no ano 1943, 1.334 no ano 1956, 1.560 no ano 1985 e 1.620 no ano 2000. O valor do grafo aumenta en orde cronolóxico, isto quere dicir que a complexidade da rede viaria vai aumentando co paso do tempo, a medida que se van construíndo novas estradas, tamén aumenta a súa efectividade.




Fig. 157. Mapa de evolución da centralidade dos barrios entre os anos 1943 e 2008, na parroquia de Bembrive. En gris os barrios históricos.



Fig. 158. Barrios de Baruxáns e Segade no 2015.

4.7.4. Demografía

4.7.4.1. Censos de poboación.

No seguinte cadro preséntanse as poboacións por barrios e anos, relativos aos puntos de control. Nos anos 1943, 1956 e 1985, as cantidades aparecen con decimais por que son o resultado dun cálculo por progresión, pois os censos facíanse cada dez ou cinco anos. Nos anos 2000 e 2008 aparecen dúas columnas para cada ano, a primeira representa os datos tal cal están nos censos; na segunda calculouse a poboación dos barrios históricos contando coa poboación dos barrios que estarían encadrados en cada un deles, o código de cores identifica as sumas realizadas para este calculo. Así, no barrio de Baruxáns na columna histórica, a poboación é o resultado da suma de Baruxáns máis Xesteira da anterior columna.

POBOACIÓN	1943	1956	1985	2000	2000 Histo.	2008	2008 Histo.
BEMBRIVE TOTAL	2279,7	2382,6	3812,4	3948	3948	4343	4343
Baruxáns	476,7	443,2	355,2	470	609	476	613
Carballal	142,5	152,6	254,4	363	363	348	348
Chans	102,8	134,8	247,4	209	209	247	247
Xestoso	264,9	309	626	360	612	406	663
Mosteiro	515,3	536,6	1264,8	492	642	494	657
Outeiro	293,1	314,2	385,6	252	474	248	500
San Cibrán	148,6	126,2	129,2	118	118	115	115
Segade	335,8	366	549,8	296	921	324	1200
Arieiro				359		604	
Eifonso				60		64	
Mouteira				90		99	
Recare				266		272	
Xesteira				139		137	
Freires				252		257	
Mourelle				222		252	

Fig. 159. Táboa de evolución demográfica da parroquia de Bembrive dende o ano 1943 ate o ano 2008.

Como xa foi referido na análise por puntos de control, existen grandes eivas nos censos de poboación por barrios. O principal motivo destes erros parecen ser as constantes variacións nos límites entre barrios, obsérvase por exemplo, que o Mosteiro pasa de 536 habitantes en 1956 a 1.264 no ano 1985, para caer até 492 habitantes no ano 2000. Coa inclusión dos novos barrios a partir dos

anos noventa do século XX, a análise dos censos faise aínda máis complicada. Ao conflito cos límites hai que engadir o desacerto, na nosa opinión, á hora de asignar os novos asentamentos que xorden onde non existía poboación, aos barrios existentes. A única conclusión que se pode sacar de datos tan pouco fiables é que o aumento demográfico concéntrase no norte da parroquia, sendo escaso ou incluso negativo no sur, coma nos barrios de Carballal e San Cibrán.



Fig. 160. Barrio de Xestoso no ano 2015.




Fig. 161. Mapa de evolución demográfica por barrios históricos da parroquia de Bembrive, entre os anos 1943 e 2008. Óbvianse os barrios novos por falta de datos anteriores a 1991.

4.7.4.2. Densidade poboacional.

Unha vez concluído que non é posible apoiarse nos datos dos censos de poboación, a análise da densidade de poboación preséntase coma o método máis fiable de estudo demográfico da parroquia de Bembrive, ao que se ten acceso.

As conclusión que se poden sacar da análise poboacional son similares as arroxadas pola densidade de edificación, o cadro de maior densidade demográfica no estudo evolutivo é o relativo ao barrio do Mosteiro. As maiores densidades rexístranse na zona noroeste da parroquia, dende o primeiro punto de control.

A medida que se avanza na evolución, obsérvase que a metade norte da parroquia vai aumentando a diferenza de densidade de poboación con respecto a zona sur, que se vai estancando. Os factores que inflúen en que a evolución demográfica sexa así son a maior cercanía da cidade, a maior conectividade e o relevo máis suave da zona noroeste, a de máis densidade demográfica.

Emprégase a continuación unha clasificación de parroquias pola densidade demográfica, realizada polos autores García Docampo, Dalda Escudero e González Harguindey no texto de Cidade difusa en Galicia, do ano 2005.

A parroquia de Bembrive ten no ano 2008 unha densidade de poboación de 472,07 hab./Km². Segundo a clasificación dos autores citados, estaría encadrada no 6º intervalo, correspondente a densidades entre os 400 e os 800 hab./Km², onde:

a cidade difusa abarca xa unha parte do sistema de núcleos urbanos menores, pero, sobre todo, informa da densificación adquirida polos desenvolvementos asociados aos eixes de expansión das cidades cara ás súas parroquias periféricas, fóra ou dentro dos seus termos municipais, sobre todo en Ferrol e A Coruña, a ría de Arousa, Pontevedra e Vigo. (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, p. 66)

Parécenos interesante tamén presentar a descrición do intervalo 5º (200 - 400 hab./Km²), pois a densidade demográfica de Bembrive esta no chanzo mais baixo do 6º intervalo. Este 5º intervalo caracterízase de xeito pleno pola:

transición e consolidación emerxente dunha cidade difusa, onde aínda predominan os parámetros dun urbanismo informal e pouco gobernado pola planificación comprensiva; unha cidade rural se se quere”, tratándose “dunha formación espacial que demanda unha interpretación de base urbana nos seus comportamentos sociais actuais. (García Docampo, Dalda Escudero, & González Harguindey, 2005, p. 66)



Fig. 162. Barrio de Cháns no ano 2015.




Fig. 163. Mapa de evolución da densidade de poboación entre os anos 1943 e 2008, na parroquia de Bembrive.

4.7.5. Usos do solo.

Na evolución dos usos do solo no período histórico estudado, que vai dende o ano 1943 até o ano 2008, obsérvase como a natureza urbanística da parroquia vai gañando complexidade.

En 1943 só se define un pequeno núcleo de solo urbano no centro da parroquia, correspondente ao barrio do Mosteiro, o resto de núcleos, encadrados os máis densos na categoría de mosaico urbano e agrícola, ocupan pouca superficie da parroquia e preséntanse illados e independentes uns dos outros. O solo forestal ocupa a maior parte do territorio, confinando ao solo agrícola na zona noroeste. Tal coma foi expresado na análise por anos, esta proporción forestal/agrícola parece desproporcionada, pois a base económica da parroquia era o traballo no agro, polo que deberían de observarse áreas agrícolas xunto a todos os núcleos de poboación.

No ano 1985 apréciase un grande salto na evolución da parroquia. Dun núcleo de solo urbano pasamos a catro, o xa existente do Mosteiro, dous núcleos próximos entre si no barrio de Xestoso e un núcleo de edificacións novas no Arieiro.

O mosaico urbano e agrícola aumenta considerablemente a súa superficie, a mancha que o representa comeza a formar un continuo que une barrios diferentes. O solo forestal vese reducido polo empuxe edificatorio e o solo agrícola ten, neste punto de control, unha superficie máis achegada á realidade ca no mapa de 1943. Coa aparición da autovía A-55, que pasa polo noroeste da parroquia e segue polo exterior norte da mesma, xurde a tipoloxía de grandes infraestruturas viarias. A mellora da conectividade exterior da parroquia é determinante na aparición da tipoloxía de equipamentos no norte de Bembrive, así mesmo, no interior parroquial aparecen representadas as superficies de equipamentos relativas as escolas primarias da parroquia e ao cemiterio municipal, próximo ao núcleo do Mosteiro.

No ano 2000 aumentan as superficies relativas ao solo urbano nos núcleos existentes, o mosaico urbano e agrícola continua o seu avance a través das vías de comunicación creando manchas continuas entre barrios. Coa

construción da autoestrada AP-9/AG-57, que pasa polo este e sur da parroquia, temos unha nova superficie de grandes infraestruturas viarias. O solo forestal continua reducíndose en favor do solo de mosaico urbano e agrícola e do solo agrícola asociado ao anterior. A superficie dedicada a equipamentos aumenta no norte e aparece unha nova no centro-oeste, de carácter deportivo.

No ano 2008, non se observan grandes variacións, o solo de mosaico urbano e agrícola segue medrando e aparecen novas manchas de equipamentos pola construción dun tanatorio e un polígono industrial, pertencente ao concello de Mos, no nordeste da parroquia.



Fig. 164. Barrios de Recaré e Mouteira no ano 2015.




Fig. 165. Mapa de evolución dos usos do solo da parroquia de Bembrive, entre os anos 1943 e 2008.

4.7.6. Equipamentos de servizos na actualidade.

A continuación preséntase un mapa coa localización dos equipamentos de servizo existentes na parroquia de Bembrive na actualidade. Para a elaboración deste mapa non foi posible apoiarse nos datos estatísticos do Instituto Galego de Estatísticas, pois non existen datos relativos as parroquias. Así, o mapa foi elaborado a través da información existente en diferentes webs e o estudo in situ por medio de notas de campo. Do mesmo xeito, ao non existir datos estatísticos relativos a Bembrive, non é posible facer unha análise da evolución dos equipamentos de servizos na parroquia.

A cantidade e localización dos equipamentos de servizos é un dato importante para análise da natureza urbana da parroquia, pois é un factor clave para a clasificación dos procesos de urbanización estudados. Por exemplo, o factor servizos pode determinar se o urbanismo da parroquia resposta a un modelo de urbanización difusa ou de cidade difusa.

No mapa presentado, pódese observar que a maioría dos equipamentos de servizos localízanse na metade norte da parroquia. A maior concentración destes equipamentos sitúase no barrio do Mosteiro, que cumpre a función de barrio cabeceira de Bembrive, e como se comprobou con anterioridade, é o barrio con mellor conectividade interna.

Os barrios de Baruxáns e Segade teñen unha carga importante de equipamentos de servizos, debido a súa forte densidade demográfica e a súa boa conectividade co exterior da parroquia a través da A-55, tamén pola súa maior proximidade ao núcleo urbano de Vigo. A autovía A-55 é determinante tamén, na localización de servizos ao longo de toda a fronteira norte.

No centro e sur da parroquia aparecen algúns equipamentos de servizos localizados aleatoriamente e cunha densidade moito menor ca no norte da parroquia, a maioría deles corresponden a equipamentos de esparcemento, tales coma parques infantís e parques forestais.




Fig. 166. Mapa de equipamentos de servizos na parroquia de Bembrive na actualidade.

4.7.7. Funcionalidade do sistema urbano.

O xeito de se distribuír os asentamentos no territorio é un factor fundamental para entender a natureza do espazo analizado e para o seu posterior planeamento urbano. As características sociais, económicas e físicas do territorio, determinan a disposición dos asentamentos; estas inflúen tamén na morfoloxía deses asentamentos, levándoos cara a dispersión ou a concentración.

Para estudar a distribución espacial dos asentamentos pódese medir o grado de concentración ou dispersión que existe entre eles, unha ferramenta que se pode empregar para isto é o Índice Rn (Nearest-neighbour).

O valor do índice Rn oscila entre 0 e o 2,15, sendo 0 cando están moi concentrados, é dicir, cando están moi próximos uns dos outros. Pola contra, se o valor é 2,15 significa que os asentamentos están distribuídos de xeito uniforme polo territorio e están moi distanciados os uns dos outros. Se o resultado é próximo a 1, estaríase ante unha distribución aleatoria dos asentamentos, onde se poden dar os dous extremos (Godoy Gutiérrez, 2003).

Para obter o Índice Rn hai que seguir os seguintes pasos:

Primeiro calcúlase a distancia de cada asentamento, neste caso cada barrio da parroquia de Bembrive, ao seu veciño máis próximo e calcúlase a media das distancias. Faranse de xeito paralelo os cálculos para os barrios actuais, relativos ao anos 2000 e 2008, e para os barrios históricos, relativos aos anos 1943, 1956 e 1985.

Unha vez se obten a distancia media, aplícase a seguinte formula:

$$Rn = (2 \times Distancia\ media) \times \sqrt{(N \div S)}$$

Onde `N` é o número de asentamentos/barrios e `S` é a superficie da parroquia en Km².

A continuación preséntanse os cálculos para os barrios actuais e para os barrios históricos e as conclusións que se obteñen dos resultados.

Calculo do Índice Rn para os barrios actuais		
Barrios	Barrio máis cercano	Distancia en liña recta (Km)
Baruxáns	Xesteira	0,231
Carballal	Mourelle	0,539
Cháns	Carballal	0,601
Xestoso	Freires	0,417
Mosteiro	Outeiro	0,553
Outeiro	Mourelle	0,318
San Cibrán	Carballal	0,877
Segade	Recaré	0,504
Arieiro	Mouteira	0,750
Eifonso	Xesteira	0,547
Mouteira	Recaré	0,357
Recaré	Mouteira	0,357
Xesteira	Baruxáns	0,231
Freires	Xestoso	0,417
Mourelle	Outeiro	0,318
Distancia media		0,468
Superficie da parroquia en Km ² (S)		9,2
Número de barrios (N)		15
Índice Rn		1,19

Calculo do Índice Rn para os barrios históricos		
Barrios	Barrio mais cercano	Distancia en liña recta (Km)
Baruxáns	Segade	0,565
Carballal	Outeiro	0,587
Cháns	Carballal	0,601
Xestoso	Cháns	0,905
Mosteiro	Outeiro	0,553
Outeiro	Mosteiro	0,553
San Cibrán	Carballal	0,877
Segade	Baruxáns	0,565
Distancia media		0,651
Superficie da parroquia en Km ² (S)		9,2
Número de barrios (N)		8
Índice Rn		1,21

Fig. 167 e 168. Cálculos dos Índices Rn para os barrios actuais e históricos.

En ambos casos estaríase ante unha distribución aleatoria dos núcleos dos barrios, que se inclina máis cara a dispersión que á concentración. Poderíase dicir que o resultado do calculo dos barrios históricos indica unha tendencia maior á dispersión, pero a diferenza de dúas centésimas non parece moi salientable.

Outras ferramentas que se poden empregar no estudo da distribución dos barrios no territorio, son os centros de gravidade. Calcúlase a continuación o centro de gravidade simple e o centro de gravidade ponderado coa poboación.

Tratarase primeiro o centro de gravidade simple. Se os barrios están distribuídos de forma regular no territorio o centro de gravidade simple situarase no centro da parroquia, polo contrario, se tenden a localizarse en determinada zona do mesmo, o centro de gravidade simple desprazarase cara esa zona. De este xeito, o centro de gravidade simple mostrará o centro do sistema urbano da parroquia.

Para calcular o centro de gravidade simple, sitúase o plano da parroquia sobre uns eixos de coordenadas, despois mídense as distancias dos barrios aos eixos e fanse as medias destas distancias, que darán a localización do centro de gravidade simple. No noso caso realízase o calculo para os barrios históricos, que determinará o centro de gravidade simple para os anos 1943, 1956 e 1985, e para os barrios actuais, que determinará o centro de gravidade simple para os anos 2000 e 2008.

C. de G. simple barrios históricos		
Barrios	Estes	Nortes
Baruxans	0,381	4,048
Carballal	1,619	2,646
Chans	2,075	3,038
Xestoso	2,471	3,853
Mosteiro	1,343	3,738
Outeiro	1,393	3,187
San Cibrán	2,071	1,893
Segade	0,928	4,192
Total	12,281	26,595
Media	1,535	3,324

C. de G. simple barrios actuais		
Barrio	Estes (Km)	Nortes (Km)
Baruxans	0,381	4,048
Carballal	1,619	2,646
Chans	2,075	3,038
Xestoso	2,471	3,853
Mosteiro	1,343	3,738
Outeiro	1,393	3,187
San Cibrán	2,071	1,893
Segade	0,928	4,192
Arieiro	2,061	4,755
Eifonso	0,797	3,522
Mouteira	1,474	4,287
Recare	1,260	4,573
Xesteira	0,337	3,820
Freires	2,056	3,906
Mourelle	1,176	2,954
Total	21,442	54,412
Media	1,429	3,627

Fig. 169 e 170. Cálculos dos centros de gravidade simples para os barrios históricos e actuais.

O centro de gravidade simple non ten en conta a importancia ou peso de cada un dos barrios, polo que a continuación calcularase o centro de gravidade ponderado coa poboación, de este xeito incluírase no cálculo o peso demográfico de cada barrio.

Para calcular o centro de gravidade ponderado coa poboación, cóllense as distancias dos barrios aos eixos e as multiplicamos pola poboación de cada barrio, calculando a media dos resultados e dividíndoos entre a poboación total da parroquia. Obtendo o centro de gravidade ponderado coa poboación. Faise o cálculo para cada punto de control cronolóxico.

Centro de gravidade ponderado poboación 1943					
Barrios	Estes (X)	Nortes (Y)	Poboación (W)	XW	YW
Baruxans	0,381	4,048	477	181,737	1930,896
Carballal	1,619	2,646	142	229,898	375,732
Chans	2,075	3,038	103	213,725	312,914
Xestoso	2,471	3,853	265	654,815	1021,045
Mosteiro	1,343	3,738	513	688,959	1917,594
Outeiro	1,393	3,187	293	408,149	933,791
San Cibrán	2,071	1,893	149	308,579	282,057
Segade	0,928	4,192	335	310,880	1404,320
Total	12,281	26,595	2277	2996,742	8178,349
Media	1,535	3,324		1,316	3,592

Centro de gravidade ponderado poboación 1956					
Barrios	Estes (X)	Nortes (Y)	Poboación (W)	XW	YW
Baruxans	0,381	4,048	443	168,783	1793,264
Carballal	1,619	2,646	153	247,707	404,838
Chans	2,075	3,038	135	280,125	410,130
Xestoso	2,471	3,853	309	763,539	1190,577
Mosteiro	1,343	3,738	537	721,191	2007,306
Outeiro	1,393	3,187	314	437,402	1000,718
San Cibrán	2,071	1,893	126	260,946	238,518
Segade	0,928	4,192	366	339,648	1534,272
Total	12,281	26,595	2383	3219,341	8579,623
Media	1,535	3,324		1,351	3,600

Centro de gravidade ponderado poboación 1985					
Barrios	Estes (X)	Nortes (Y)	Poboación (W)	XW	YW
Baruxans	0,381	4,048	355	135,255	1437,040
Carballal	1,619	2,646	254	411,226	672,084
Chans	2,075	3,038	247	512,525	750,386
Xestoso	2,471	3,853	626	1546,846	2411,978
Mosteiro	1,343	3,738	1265	1698,895	4728,570
Outeiro	1,393	3,187	386	537,698	1230,182
San Cibrán	2,071	1,893	129	267,159	244,197
Segade	0,928	4,192	550	510,400	2305,600
Total	12,281	26,595	3812	5620,004	13780,037
Media	1,535	3,324		1,474	3,615

Centro de gravidade ponderado poboación 2000					
Barrio	Estes (Km)	Nortes (Km)	Poboación (W)	XW	YW
Baruxans	0,381	4,048	470	179,070	1902,560
Carballal	1,619	2,646	363	587,697	960,498
Chans	2,075	3,038	209	433,675	634,942
Xestoso	2,471	3,853	360	889,560	1387,080
Mosteiro	1,343	3,738	492	660,756	1839,096
Outeiro	1,393	3,187	252	351,036	803,124
San Cibrán	2,071	1,893	118	244,378	223,374
Segade	0,928	4,192	296	274,688	1240,832
Arieiro	2,061	4,755	359	739,899	1707,045
Eifonso	0,797	3,522	60	47,820	211,320
Mouteira	1,474	4,287	90	132,660	385,830
Recare	1,260	4,573	266	335,160	1216,418
Xesteira	0,337	3,820	139	46,843	530,980
Freires	2,056	3,906	252	518,112	984,312
Mourelle	1,176	2,954	222	261,072	655,788
Total	21,442	54,412	3948	5702,426	14683,199
Media	1,429	3,627		1,444	3,719

Centro de gravidade ponderado poboación 2008					
Barrio	Estes (Km)	Nortes (Km)	Poboación (W)	XW	YW
Baruxans	0,381	4,048	476	181,356	1926,848
Carballal	1,619	2,646	348	563,412	920,808
Chans	2,075	3,038	247	512,525	750,386
Xestoso	2,471	3,853	406	1003,226	1564,318
Mosteiro	1,343	3,738	494	663,442	1846,572
Outeiro	1,393	3,187	248	345,464	790,376
San Cibrán	2,071	1,893	115	238,165	217,695
Segade	0,928	4,192	324	300,672	1358,208
Arieiro	2,061	4,755	604	1244,844	2872,020
Eifonso	0,797	3,522	64	51,008	225,408
Mouteira	1,474	4,287	99	145,926	424,413
Recare	1,260	4,573	272	342,720	1243,856
Xesteira	0,337	3,820	137	46,169	523,340
Freires	2,056	3,906	257	528,392	1003,842
Mourelle	1,176	2,954	252	296,352	744,408
Total	21,442	54,412	4343	6463,673	16412,498
Media	1,429	3,627		1,488	3,779

Fig. 171, 172, 173, 174 e 175. Cálculos dos centros de gravidade ponderados coa poboación.

No plano dos centros de gravidade simples, obsérvase coma existe un desprazamento do centro de gravidade cara o noroeste, sendo mais forte cara o norte, a partir do ano 2000, isto débese á consideración dos novos barrios, que están situados na metade norte da parroquia e con tendencia á zona oeste.

No plano de centros de gravidade ponderados coa poboación, o desprazamento é principalmente cara o este, observando un salto cara o norte no ano 2000, polos novos barrios. O feito de que o desprazamento sexa para o este, e non para o oeste como cabería esperar, é resultado dos problemas sinalados na análise da demografía con respecto aos censos de poboación, nos que se foi restando poboación aos barrios de Baruxáns e Segade e beneficiando aos do Mosteiro e Xestoso respectivamente. O desprazamento norte si que é un dato fiable, pois aínda que a poboación dos barrios esta adulterada polas distintas consideracións dos seus límites, é evidente que a poboación medrou moito mais na zona norte da parroquia.

Atendendo aos datos obtidos co estudo das densidades de poboación da parroquia de Bembrive, o lóxico sería que o desprazamento do centro de gravidade ponderado coa poboación foxe principalmente cara o norte, con tendencia cara o oeste.

Ademais do calculo destes centros relativos ao sistema de asentamentos, é interesante estudar o radio de acción de cada un deles, que indicará as características da distribución dos barrios, é dicir, o grado de dispersión dos asentamentos con respecto aos centros.

Para o centro de gravidade simple calcúlase a desviación típica das distancias a través da seguinte formula:

$$\text{Desviación típica} = \sqrt{\left(\frac{\sum d^2}{n}\right)}$$

Onde `d` é a distancia de cada barrio ao centro de gravidade simple e `n` é o número de barrios. O resultado é un radio, con centro no centro de gravidade simple, canto máis amplo é o radio, máis dispersos están os barrios con respecto ao centro de gravidade simple.

Desviación típica barrios actuais	
Distancia a centro de gravidade simple (Km)	
Baruxans	1,128
Carballal	0,999
Chans	0,874
Xestoso	1,066
Mosteiro	0,141
Outeiro	0,440
San Cibrán	1,848
Segade	0,754
Arieiro	1,293
Eifonso	0,640
Mouteira	0,661
Recare	0,961
Xesteira	1,108
Freires	0,687
Mourelle	0,718
Total	13,318
Desviación típica	0,967

Desviación típica barrios históricos	
Distancia a centro de gravidade simple (Km)	
Baruxans	1,361
Carballal	0,682
Chans	0,611
Xestoso	1,075
Mosteiro	0,457
Outeiro	0,196
San Cibrán	1,527
Segade	1,059
Total	6,968
Desviación típica	0,971

Fig. 176 e 177. Calculo das desviacións típicas para barrios históricos e actuais.

Segundo os resultados obtidos na desviación típica, obsérvase que coa aparición dos novos barrios a concentración dos mesmos en torno ao centro de gravidade simple aumenta, aínda que a diferenza non é significativa, isto é normal xa que a estes novos barrios localízanse na metade norte da parroquia.

Para o centro de gravidade ponderado coa poboación calcúlase o radio dinámico coa seguinte formula:

$$Radio\ dinámico = \sqrt{\left(\frac{\sum w d^2}{\sum w}\right)}$$

Onde 'd' é a distancia dos barrios ao centro de gravidade ponderado coa poboación e 'w' é a poboación. O resultado é un radio, canto máis amplo é o radio, máis dispersa está a poboación con respecto ao centro de gravidade ponderado coa poboación.

As táboas cos cálculos dos radios dinámicos poden consultarse no apartado de anexos. Os resultados obtidos son: ano 1943 (0,806 Km), ano 1956 (0,784 Km), ano 1985 (0,612 Km), ano 2000 (0,906 Km) e no ano 2008 (0,941 Km).

Segundo este resultados, obsérvase que a poboación vaise concentrando nas proximidades dos centros de gravidade ponderados coa poboación até chegar

ao ano 2000, onde se observa unha forte dispersión que continua no 2008. Outra vez os erros nos censos de poboación son determinantes para dificultar a lectura da evolución urbana de Bembrive, pois no ano 1985 temos un dato de poboación totalmente inflado no barrio do Mosteiro, moi próximo ao centro de gravidade. Na realidade, en 1985 a tendencia xa é a dispersión, comezando un ciclo que se continuaría no 2000 e 2008.



Fig. 178. Barrios de Mourelle e Outeiro no ano 2015.




Fig. 179. Plano cos centros de gravidade simples e os respectivos radios de desviación típica nos distintos puntos de control cronolóxicos. Barrios históricos en gris.




Fig. 180. Plano cos centros de gravidade simples, relativos a cada etapa estudada, e os seus respectivos radios dinámicos. Barrios históricos en gris.



Fig. 181. Barrio de San Cibrán no 2015.

5. Análise dos Plans Xerais de Ordenación Municipal

5.1. Introducción e xustificación da análise dos Plans Xerais de Ordenación Municipal.

No seguinte capítulo será analiza a incidencia da ordenación do territorio sobre a parroquia de Bembrive. Para esta fin, o estudo centrarase nos Plans Xerais de Ordenación Municipal (PXOM), xa que representan a ferramenta máis pormenorizada e próxima á planificación e ordenación da parroquia. Co estudo dos PXOM, combinado coa anterior análise da evolución urbana, obteranse conclusións sobre a incidencia real do planeamento sobre Bembrive.

A decisión de analizar en exclusiva os PXOM, obviando o resto da lexislación, xustifícase no feito de que os PXOM están supeditados ás leis e normas autonómicas e estatais, por isto, no proceso de urbanización e edificación, se se cumpre co PXOM, estase atendendo a toda a lexislación superior.

Na historia do Concello de Vigo foron redactados un total de 5 PXOM, aprobados nos anos 1972, 1988, 1990, 1993 e 2008. Na análise que se presenta a continuación só se teñen en conta os dos anos 1972, 1993 e 2008, xa que o PXOM de 1993 é unha adaptación dos de 1988 e 1990, que foron modificados para adaptarse a Lei do Solo de Galicia de 1985 e as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento de Galicia de 1991, respectivamente. Por este motivo considérase innecesaria a análise dos PXOM de 1988 e 1990, ademais apenas tiveron incidencia na evolución urbana de Bembrive debido ao seu curto período de vixencia.

A estrutura da análise é dividida en tres partes, cada unha correspondente a un PXOM, en orde cronolóxica. A estrutura do estudo correspondente a cada PXOM é a seguinte:

5.1.1. Introducción.

Neste apartado preséntase unha caracterización xeral do PXOM en estudo, centrada no relativo á parroquia de Bembrive ou a zona periurbana do concello de Vigo.

5.1.2. Clasificación xeral dos solos.

A modo de introdución das normas urbanísticas, preséntanse os tipos xerais de solo e as súas características principais.

5.1.3. Normas urbanísticas.

Neste punto preséntanse todos os tipos de solo ordenados na parroquia de Bembrive, coas súas características e as normas urbanísticas específicas aplicables en cada un deles, que determinan o modelo de edificación, que na parroquia de Bembrive é un dos principais motores da urbanización.

5.1.4. Ordenación do solo.

Son presentados mapas coa clasificación xeral dos solos en toda a parroquia e unha ampliación sobre o barrio do Mosteiro, que permite observar a ordenación pormenorizada da zona, distinguindo as ordenanzas aplicables ou as figuras secundarias de planeamento. Cada mapa é acompañado dunha análise do mesmo.

5.1.5. Conclusión.

Neste apartado desenvólvense as conclusións elaboradas a partir da análise dos anteriores puntos, así coma unha análise comparativa cos anteriores PXOM.

Hai que ter en conta que até o ano 1972, non se redactou o primeiro PXOM, até ese momento o urbanismo e a edificación de Bembrive eran rexidos pola Ley del Suelo de España de 1956, que foi caracterizada no capítulo 2.Marco teórico, dentro do subcapítulo 2.6.Ordenación do territorio. Esta era unha lei de ámbito estatal que non contiña planeamento nin ordenación específica para a parroquia de Bembrive, para urbanizacións concretas usábanse Plans Parciais.

A continuación preséntase un diagrama no que se expón a incidencia temporal de cada un dos PXOM e da Ley del suelo de 1956, en cada un dos puntos de control cronolóxicos analizados no anterior capítulo.




Fig. 182. Diagrama de incidencia temporal da principal lexislación urbanística sobre os puntos de control cronolóxicos.

5.2. Plan Xeral de Ordenación Municipal de 1972.

5.2.1. Introducción.

O PXOM de 1972, ten coma antecedente o Avance de Planeamento aprobado o 20 de Abril de 1965, estando este, encadrado dentro dun estudo xeral dos municipios da Ría de Vigo (Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Gondomar, Mos e Porriño), denominado Estudo Xeral da Comarca, do que derivaron as Normas Urbanísticas da Comarca.

O planeamento de 1972 foi desenvolvido dende Madrid coa colaboración do Concello de Vigo, dentro dun marco centralista da ordenación do territorio.

No seu apartado de previsións demográficas, dentro da memoria, estimaba un crecemento que resultaría nunha poboación de 305.000 habitantes en 1980, de 395.000 en 1990 e de 500.000 no ano 2000. Comentando incluso: “a cifra que calculamos de 480.000 para fin de século, que agora redondeamos até os 500.000, convencidos de que o normal será que nos quedemos curtos” (Concello de Vigo, 1972, p. 26). Na realidade, no ano 2015 aínda non se superou a barreira dos 300.000 habitantes.

Na Memoria do PXOM de 1972, dentro da sección dedicada aos elementos urbanos, descríbese o hábitat rural de Vigo coas seguintes palabras:

Edificación diseminada do Termo Municipal.- Formada por vivendas rurais modestas de carácter agrícola, de unha ou dúas plantas, ao servizo de explotacións familiares de pequenas parcelas, socialmente con moi baixo nivel de vida. Desenvólvense en parte, ao longo dos camiños, pero con disposición moi irregular e discriminada, sen servizos urbanísticos nin apenas sociais, constituíndo dende este punto de vista un problema grave, xa que afecta a un volume importante de poboación cun rendemento económico moi baixo. A única base elemental dunha certa organización urbana, é a Institución Parroquial de fondo arraigo en Galiza. (Concello de Vigo, 1972, p. 24)

O plan prevía que a poboación rural de base agrícola, pasase a traballar na industria maioritariamente, e para os poucos habitantes que seguisen desenvolvendo traballo agrario, deberíase de facilitar a concentración parcelaria co obxectivo de aumentar a produtividade das explotacións e promover o cooperativismo. Nomea a constitución da Entidade Local Menor de Bembrive coma labor xa realizada neste sentido, con carácter de ensaio que debería de estenderse a todas as parroquias do termo municipal.

Outro punto deste plan sería o desenvolvemento de poboados de concentración no cinturón rural de Vigo, en Matamá, Beade, Comesaña e Bembrive (no barrio do Mosteiro). Situando un dos dous centros cívicos na parroquia de Bembrive, coma base para os Centros de Cooperativas Agrícolas. O plan era integrar as vivendas illadas existentes con vivendas colectivas de 3 ou 4 plantas, nestes poboados de concentración, formando un “anel de poboados tipo `Cidade Verde`” (Concello de Vigo, 1972, p. 33).

Segundo o estudo realizado na Fase Previa do PXOM de 1972, os equipamentos existentes en Bembrive, reduciríanse a igrexas, centros de alimentación, centro cultural, escola preescolar e primaria, unha feira e unha caixa de aforros.

5.2.2. Clasificación xeral dos solos.

A clasificación xeral dos solos no PXOM de 1972 é moi xenérica, distingue entre tres tipos de solo:

Solo Urbano: corresponde ao solo urbanizado que pode acoller a edificación.

Solo de Reserva Urbana: corresponde ao solo que se reserva para urbanización futura. Non existe esta categoría de solo na parroquia de Bembrive.

Solo Rústico: corresponde ao solo protexido pola súa natureza ou para intervencións futuras.

5.2.3. Normas urbanísticas.

As normas urbanísticas desenvolven a normativa a seguir na urbanización e edificación das distintas categorías do solo

5.2.3.1. Solo urbano.

A continuación preséntanse as ordenanzas e normas para o solo urbano, no caso de Bembrive o solo urbano límitase ao Polígono Residencial en Desenvolvemento no barrio do Mosteiro. Para isto elaborouse unha táboa para cada ordenanza ou norma aplicada na parroquia de Bembrive, nas que se expresan as condicións de edificación e urbanización para adaptarse ao planeado no PXOM.

As ordenanzas preséntanse con un número e unha letra, o número representa o tipo de edificación, a letra o grado de ordenanza, é dicir, as características específicas dentro da mesma tipoloxía de edificación.

ORDENANZA 2		RESIDENCIAL	GRADO B
Ámbito de aplicación		Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma 2B	
Características do ámbito		Corresponde a bloques illados de coxía sinxela, non superior a 10 metros, rodeados de espazos verdes.	
CONDICIÓNS DE IMPLANTACIÓN			
Graos		B	
Tipoloxía		Bloques illados, edificación aberta	
Parcela mínima		Non determinada	
Fronte mínima		Non determinada	
Retranqueos vía		5 m	
Retranqueos laterais		½ H, mínimo 3 m	
Retranqueos fondo		Non definido	
APROVEITAMENTO PARCELA			
Ocupación máxima		33% - 26%	
Edificabilidade		1,30 m²/m² e 3,50 m³/m²	
Altura máxima		12 m – 9 m	
Andares máximos		4 - 3	
Aparcadoiro mínimo		Non definido	
USOS			
Principais		Vivenda, Garaxe-aparcadoiro, comercio (até 10% da superficie total en superficie de vivendas), Oficinas profesionais anexas a vivendas (que non produzan molestias), Servizo público-social (nos emprazamentos sinalados en Plan Parcial), Hoteis e Pensións.	
Permitidos		Salas de reunión ou espectáculos (que non produzan conxestión ou molestias), Pequena industria ao servizo de vivendas (non molesta), Centros culturais, relixiosos ou Institucións (en emprazamentos previstos en Plan Parcial).	
Prohibidos		Todos os demais	
OBSERVACIÓNS			
Composición libre con plantación de arboredo (60% dos espazos libres) e xardíns. Cesión do 10% para zonas verdes e 5% para escolas ou igrexas.			

Táboa 18. Ordenanza 2B en solo urbano no PXOM de 1972.

ORDENANZA 5		RESIDENCIAL	GRADO B
Ámbito de aplicación		Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma 5B	
Características do ámbito		Corresponde a edificación unifamiliar agropecuaria suburbana	
CONDICIÓN DE IMPLANTACIÓN			
Graos		B	
Tipoloxía		Vivenda unifamiliar illada ou adosada de 2 en 2.	
Parcela mínima		200 m²	
Fronte mínima		Non definida	
Retranqueos vía		3 m	
Retranqueos laterais		3 m	
Retranqueos fondo		5 m	
APROVEITAMENTO PARCELA			
Ocupación máxima		50%	
Edificabilidade		0,60 m²/m² e 1,80 m³/m²	
Altura máxima		6,50 m	
Andares máximos		2	
Aparcadoiro mínimo		Non definido	
USOS			
Principais		Vivenda asociada a uso agropecuario, edificacións de usos agropecuarios e artesáns.	
Permitidos		Actividades complementarias con tolerancia de molestias inevitables.	
Prohibidos		Todos os demais	
OBSERVACIÓNS			
Composición ordenada.			

Táboa 19. Ordenanza 5B en solo urbano no PXOM de 1972.

ORDENANZA 7	COMERCIAL	GRADO -
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma 7	
Características do ámbito	Corresponde a edificación comercial de barrio	
CONDICIÓNS DE IMPLANTACIÓN		
Graos	B	
Tipoloxía	Comercial de barrio.	
Parcela mínima	250 m²	
Fronte mínima	Non definida	
Retranqueos vía	Non definida	
Retranqueos laterais	Non definida	
Retranqueos fondo	Non definida	
APROVEITAMENTO PARCELA		
Ocupación máxima	60%	
Edificabilidade	6,50 m³	
Altura máxima	A máxima das zonas colindantes	
Andares máximos	A máxima das zonas colindantes	
Aparcadoiro mínimo	Non definido	
USOS		
Principais	Comercial concentrada (alimentación e bebida, uso e vestido, electrodomésticos, mobiliario, transporte) bancos, oficinas, edificios administrativos, hoteis, salas de reunión, espectáculos, garaxes e aparcadoiros, servizos sociais e urbanos.	
Permitidos	Pequenas industria e almacenes de servizos dos usos previstos, que non sexan perigosos, vivenda e gardería de servizos, relixiosos, culturais e representativos en condicións especiais.	
Prohibidos	Todos os demais	
OBSERVACIÓNS		
Adaptada a disposición de conxunto.		

Táboa 20. Ordenanza 7 en solo urbano no PXOM de 1972.

ORDENANZA 13	ZONAS VERDES	GRADO A
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma 13A	
Características do ámbito	Corresponde a zonas verdes de uso público	
CONDICIÓN DE IMPLANTACIÓN		
Non definidas		
APROVEITAMENTO PARCELA		
Ocupación máxima	1%	
Edificabilidade	6,50 m³	
Altura máxima	Non definida	
Andares máximos	1	
Aparcadoiro mínimo	Non definido	
USOS		
Principais	Arboredo e xardíns coas instalacións necesarias para o repouso e espacemento.	
Permitidos	Servizos sanitarios, aloxamento gardería e enseres, xogos infantís, biblioteca.	
Prohibidos	Todos os demais	
OBSERVACIÓNS		
Son as zonas verdes primarias ou xerais, as forestais de protección de vías dentro do solo urbano. Propiedade municipal a través da expropiación ou da cesión obrigatoria.		

Táboa 21. Ordenanza 13 en solo urbano no PXOM de 1972.

ORDENANZA 14	ZONAS ESPECIAIS	GRADO H
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma 14H	
Características do ámbito	A regulamentación destas zonas, debe de establecerse en colaboración do Concello cos organismos correspondentes, con arranxo á lexislación aplicable a cada caso, procurando adaptarse ás ordenanzas municipais similares.	
Grado	H	
Tipoloxía	Zona funeraria.	

Táboa 22. Ordenanza 14H en solo urbano no PXOM de 1972.

5.2.3.2. Solo Rústico.

No PXOM de 1972 non existe unha descrición pormenorizada da natureza das categorías de solo rústico, introducíndose directamente as normas que rexen cada unha delas.

SOLO RÚSTICO	AGRO-PECUARIA	A (NORMAL)
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies sen grafar nos planos de ordenación.	
Características do ámbito	Corresponde solo rústico de protección agro-pecuaria	
CONDICIÓNS DE IMPLANTACIÓN		
Graos	A	
Tipoloxía	Vivenda unifamiliar asociada a explotación agropecuaria	
Parcela mínima	2.000 m²	
Fronte mínima	Non definida	
Retranqueos vía	5 m	
Retranqueos laterais	5 m	
Retranqueos fondo	5 m	
APROVEITAMENTO PARCELA		
Ocupación máxima	10%	
Edificabilidade	0,20 m²/m²	
Altura máxima	6 m	
Andares máximos	2	
Aparcadoiro mínimo	Non definido	
USOS		
Principais	Vivendas unifamiliares con dependencias agropecuarias	
Permitidos	Usos deportivos.	
Prohibidos	Todos os demais	
OBSERVACIÓNS		
Se a parcela non ten a medida mínima ou é expropiada, darase preferencia ao traslado a posto laboral industrial a cambio da cesión da parcela.		

Táboa 23. Normas urbanísticas en solo rústico de protección común e agropecuaria no PXOM de 1972.

SOLO RÚSTICO	FORESTAL	A (NORMAL)
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma SRF.	
Características do ámbito	Corresponde solo rústico de protección forestal	
CONDICIÓN DE IMPLANTACIÓN		
Graos	A	
Tipoloxía	Vivenda unifamiliar asociada a explotación forestal.	
Parcela mínima	50.000 m²	
Fronte mínima	Non definida	
Retranqueos vía	50 m	
Retranqueos laterais	50 m	
Retranqueos fondo	50 m	
APROVEITAMENTO PARCELA		
Ocupación máxima	1%	
Edificabilidade	0,20 m²/m²	
Altura máxima	6 m	
Andares máximos	2	
Aparcadoiro mínimo	Non definido	
USOS		
Principais	Vivendas unifamiliares con dependencias forestais, caza e pesca.	
Permitidos	Uso agropecuario e cámping.	
Prohibidos	Todos os demais	
OBSERVACIÓNS		
Se a parcela non ten a medida mínima ou é expropiada, darase preferencia ao traslado a posto laboral industrial a cambio da cesión da parcela.		

Táboa 24. Normas urbanísticas en solo rústico de protección forestal no PXOM de 1972.

SOLO RÚSTICO	COMUNICACIÓNS	B e D
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma SRP.	
Características do ámbito	Corresponde solo rústico de protección de comunicacións, relativo a vías rápidas (B) e vías locais (D).	
CONDICIÓNS DE IMPLANTACIÓN		
Graos	B	D
Tipoloxía	Edificación provisional.	
Parcela mínima	2.000 m² en zona agrícola e 50.000 m² en zona forestal	
Fronte mínima	50 m	Non definida
Retranqueos vía	30 m	10 m
Retranqueos laterais	5 m	5 m
Retranqueos fondo	5 m	5 m
APROVEITAMENTO PARCELA		
Ocupación máxima	Igual a agrícola ou forestal dependendo da zona	
Edificabilidade	Igual a agrícola ou forestal dependendo da zona	
Altura máxima	5,5 m	
Andares máximos	2	
Aparcadoiro mínimo	Non definido	
USOS		
Permitidos	Solo edificación provisional de servizo de pesca ou accesos, con concesión a precario mentres non se aprobe Plan Parcial.	
Prohibidos	Todos os demais	
OBSERVACIÓNS		
En situación de limitacións, preferencia de traslado a novos postos en zonas de servizo de ordenación turística.		

Táboa 25. Normas urbanísticas en solo rústico de protección de infraestruturas no PXOM de 1972.

5.2.4. Ordenación do solo.

Preséntase un mapa coa clasificación xeral dos solos da parroquia de Bembrive, segundo o PXOM de 1972, onde se observan as categorías xerais do solo nas que se ordenaba a parroquia.

Preséntase tamén, un mapa que recolle a ordenación pormenorizada do Polígono Residencial en Execución do Mosteiro, figura de desenvolvemento que contemplaba o PXOM para o planeamento de núcleos concretos. No mapa acótanse as superficies afectadas por cada ordenanza e sinálanse as vías programadas no polígono.

5.2.4.1. Ordenación da parroquia de Bembrive.

Coma se pode observar no mapa da clasificación xeral dos solos, a ordenación programada polo PXOM de 1972 para a parroquia de Bembrive é moi simple, existindo unicamente catro categorías xerais de solo, a primeira correspóndese co Polígono Residencial en Execución do Barrio do Mosteiro, onde a ordenación é máis rica e complexa, tal como veremos no seguinte punto.

No xeral da parroquia o solo divídese en solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección agraria, situando o agrario maioritariamente no norte da parroquia, nas zonas máis chairas e nas que rodean aos núcleos de poboación existentes. O forestal localízase no sur e nas zonas de relevo máis accidentado, onde apenas existen edificacións. Hai que ter en conta que a mancha urbana exposta corresponde ao ano 1956, pois a propia cartografía do PXOM de 1972 é moi pobre e a escala dos planos é de 1/10.000.

Nas dúas categorías (agrícola e forestal) é posible edificar vivendas unifamiliares asociadas a explotacións relativas á natureza do solo. Mentres que no solo forestal a parcela mínima é prohibitiva, pois é de 50.000 m², no solo agrícola muda a situación e a parcela mínima é de 2.000 m²; esta parcela mínima coincide coa superficie mínima de unidade de cultivo marcada polo Ministerio de Agricultura para as Rias Baixas.

O Concello de Vigo, na época, foi moi laxo á hora de aceptar as solicitudes de licencia para vivenda unifamiliar asociada a explotación agraria, o que derivou nun proceso de edificación de multitude de vivendas que se construíron baixo esta excepción, cando na realidade eran chales sen uso agrario ningún; convertendo o solo rústico de protección agraria, nun solo pseudo urbano.

Ademais destas dúas categorías principais e do Polígono Residencial en Execución, a cuarta categoría de solo é a relativa ao solo rústico de protección de infraestruturas, que advirte do proxecto de dúas estradas de certo peso. A situada máis ao norte correspóndese coa actual autovía A-55, aínda que no PXOM de 1972 estaba proxectada cun trazado máis ao sur do que se desenvolvería na realidade, pasando moi próxima ao núcleo do Mosteiro.

A segunda estrada correspóndese cun proxecto de conexión dos núcleos principais das parroquias exteriores do municipio, denominado Circunvalación de Poboados, esta saíría do Mosteiro en dirección sur cara a parroquia veciña de Beade. O proxecto nunca se levou a cabo na realidade.




Fig. 183. Plano de ordenación do PXOM de 1972, con Polígono Residencial en Execución do barrio do Mosteiro marcado en vermello. A escala 1/10.000 revela a sinxeleza do planeamento xeral do municipio. O planeamento dos polígonos facíase a través de figuras secundarias cun planeamento pormenorizado.




Fig. 184. Mapa de clasificación xeral dos solos no PXOM de 1972.

5.2.4.2. Ordenación do barrio do Mosteiro.




Fig. 185. Mapa de ordenación pormenorizada do Polígono Residencial en Execución, programado no PXOM de 1972 para o barrio do Mosteiro.

O Polígono Residencial en Execución mostrado no mapa de clasificación xeral dos solos, abarca grande parte do barrio histórico do Mosteiro, en canto aos barrios actuais abarcaría ao Mosteiro e Eifonso.

A propia cartografía do PXOM de 1972 contempla este polígono nun Plan Parcial cunha sección individualizada onde se trata a súa ordenación. É evidente o modelo racionalista que segue o proxecto, aloxando os servizos no centro e rodeándoos dunha coroa de edificación residencial.

No centro do polígono asígnase a ordenanza 7 (azul) de comercio de barrio, no norte e sur da zona comercial e ás beiras da nova estrada que conecta con Beade, a ordenanza 13 A (verde) de zonas verdes, e disposta de xeito aleatorio

no centro do polígono a ordenanza 20 (rosa), que aínda que resultou imposible de localizar na documentación á que se tivo acceso do PXOM de 1972, entendeuse que corresponde a equipamentos ao estar grafada a igrexa nesa ordenanza; existe outra zona de equipamentos ao sur do cemiterio, grafado na ordenanza 14 H (malva). O resto do polígono é de uso residencial, na ordenanza 2 B, de bloques illados, na zona da igrexa e no centro do polígono, e coa ordenanza 5 B na coroa exterior, que permite a edificación de vivenda unifamiliares illadas.

Outro dato a destacar é a multitude de novas vías proxectadas no polígono, das que a inmensa maioría nunca se desenvolveu.

5.2.5. Conclusión.

Estase ante un Plan Xeral de Ordenación Municipal excesivamente simple no que respecta a toda a periferia de Vigo e no caso concreto de Bembrive. O feito de que este PXOM foxe redactado dende Madrid, seguramente, agudizou a deficiencia constante de atención ao ámbito rural, polo que se pode concluír, coa excepción do polígono do Mosteiro, que non existe apenas ordenación do territorio, baseándose esta, na división da parroquia en rústico forestal e agrícola, segundo o uso real do solo forestal; é dicir, partindo da base forestal existente o resto é cualificado como agrícola.

A enorme cantidade de solo agrícola, sumada á excepción comentada para a edificación residencial agrícola e a permisividade do propio Concello para aterse á mesma, derivou nunha forte edificación indiscriminada na maior parte do territorio da parroquia, con un déficit total de urbanización, entendendo como tal a implantación de redes e servizos. O resultado é un urbanismo caótico e falta de racionalidade, que incrementou os problemas do poboamento disperso, que xa medraba ao amparo da Ley del Suelo de 1956; a cal permitía a mesma excepción de vivenda agrícola. Así, co PXOM de 1972 perdeuse a oportunidade de paliar os múltiples inconvenientes xerados por este modelo de asentamento, que encarece a implantación de servizos e absorbe unha cantidade enorme de solo.

En canto ao Polígono Residencial programado para o Mosteiro, practicamente nada do proxectado foi desenvolvido, nin a estrada principal de circunvalación con Beade, nin a inmensa maioría das rúas de servizo chegaron a construírse. A zonificación proposta foi outro fracaso, pois desenvolvemento real do núcleo non foi a través de sectores, senón que reproduce o caos urbanístico da parroquia de xeito máis concentrado. A ordenanza 2 B de bloques illados non se empregou en ningún caso, no Mosteiro só existen as vivenda unifamiliares illadas e as unifamiliares e multifamiliares en fieira.

A nivel xeral, o PXOM de 1972 presenta unha total falta de protección dos elementos singulares da parroquia, tales coma canles fluviais, elementos arqueolóxicos ou espazos naturais de relevancia, permitindo o deterioro progresivo dos mesmo. En canto ás infraestruturas, este non planea ningunha vía que mellore a comunicación interna da parroquia, afondando na tendencia de entender o ámbito rural coma un solo de reserva para o crecemento e necesidades da cidade compacta, sen atender ás necesidades internas de Bembrive.

En conclusión podemos afirmar que a pegada do PXOM de 1972 na parroquia é moi escasa ou nula, a excepción da autovía proxectada, e a permisividade na edificación indiscriminada e sen programar, que xa se producía antes do propio Plan. Ao noso parecer, consideramos que é un exemplo perfecto da falta de atención e estudo do territorio a planear, desenvolvido dende unha visión de gran escala e uniformante, que non atende ás peculiaridades da parroquia.

5.3. Plan Xeral de Ordenación Municipal de 1993.

5.3.1. Introducción.

Tal como foi relatado na fundamentación teórica no referente á lexislación da ordenación do territorio, o PXOM de 1993, é unha adaptación dos PXOM de 1988 e 1990, que contiñan incompatibilidades coa Lei do Solo de Galicia de 1985 e coas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento do ano 1991 respectivamente.

As previsións de crecemento non son tan desmesuradas coma no ano 1972, pero aínda é palpable o espírito desenvolvista da época, aínda que comeza a darse máis importancia á calidade da urbanización, fronte á cantidade.

O PXOM de 1993 apenas varía con respecto ao de 1988 en canto á cidade consolidada, e centra a súa atención na periferia da cidade, sendo a primeira vez que se distinguen as dúas grandes realidades urbanas do concello de Vigo, diferenciando á cidade consolidada e o resto do territorio. Os principais obxectivos que persegue o PXOM de 1993 no rural vigués son: a protección dos recursos naturais, a protección e mellora dos núcleos existentes a través da súa consolidación e control do crecemento e das actividades incompatibles coa natureza dos núcleos rurais (Concello de Vigo, 1993).

Por primeira vez, na memoria xustificativa do PXOM de 1993, distínguese entre os núcleos urbanos e rurais na zona periurbana de Vigo, que é a que nos interesa no presente estudo, expresando que as características que definen os núcleos rurais son a localización e a especial vinculacións ás actividades primarias, sen embargo puntualiza que:

Toda vez que a ubicación dos núcleos é similar para todos os núcleos polo tipo de poboamento do municipio, habería que considerar como definitiva a actividade, ligada ao sector primario, pero a peculiaridade do municipio vigués cunha poboación maioritariamente ocupada no sector secundario e terciario, converte á actividade primaria en marxinal, polo tanto, entendemos que son os servizos existentes os que dan o carácter de rural ou urbano, por ser estes os elementos fundamentais de definición do urbano. (Concello de Vigo, 1993, p. 9)

Aínda que na propia memoria xustificativa se propoña esta formula para a determinación dos núcleos rurais, no estudo do medio rural desenvolvido na memoria do PXOM do ano 2008, conclúen que o PXOM de 1993 clasificou os núcleos en urbanos ou rurais, basicamente, en función da cercanía ou lonxanía do núcleo central da cidade, considerando como rurais a maioría dos núcleos da cidade espallada, ademais de considerar como rurais de recente formación ás expansións dos anteriores (Concello de Vigo, 2008).

Na memoria xustificativa do PXOM de 1993 descríbese a parroquia de Bembrive do seguinte xeito:

É unha parroquia moi accidentada, exclusivamente chaira no sector noroccidental, cun carácter dinámico, e paradoxicamente na que predomina a ruralidade. O poboamento aparece concentrado entorno a un centro (Mosteiro) ou na beira dunha vía (Outeiro, Carballal), aparecendo a dispersión na zona máis próxima ao Núcleo Central como en Segade. (Concello de Vigo, 1993, p. 16)

5.3.2. Clasificación Xeral do Solo.

O PXOM de 1993, nas súas normas urbanísticas clasifica as categorías xerais de solo para despois describir as ordenanzas e normas que lexislan a súa urbanización e edificación. A modo de resumo, a clasificación xeral dos solos é a seguinte:

Solo urbano: corresponde ao solo urbanizado que pode acoller á edificación.

Solo urbanizable: corresponde ao solo que pode desenvolver a urbanización e transformarse en solo urbano

Solo Non Urbanizable: corresponde ao solo que é obxecto de protección por diversos motivos, preservar a súa natureza ou reservalo para futuras intervencións, e non pode nin debe ser urbanizado.

A continuación preséntanse de xeito máis pormenorizado as categorías de solo a través das normas urbanísticas que os regulan.

5.3.3. Normas urbanísticas

As normas urbanísticas desenvolven as descrições dos tipos de solo, así coma a normativa a seguir na súa urbanización e edificación.

5.3.3.1. Solo Urbano.

O PXOM de 1993 non distingue distintos tipos de solo urbano. Preséntanse a continuación as táboas das ordenanzas que se aplican no solo urbano, dentro do territorio da parroquia de Bembrive.

ORDENANZA 1.3		EDIFICACIÓN FAMILIAR		GRADO A, B, E
Ámbito de aplicación	de	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma 1.3 B ou 1.3 E		
Características do ámbito	do	Corresponde á edificación formada por conxuntos de vivendas familiares, illadas ou en fileira. O uso predominante é o de vivenda familiar.		
Densidade		30 viv/Ha	20 viv/Ha	40 viv/Ha
CONDICIÓN DE IMPLANTACIÓN				
Graos		1.3 A	1.3 B	1.3 E
Tipoloxía		Edificación illada de alta densidade	Edificación illada media densidade	Edificación en fileira
Parcela mínima		300 m²	500 m²	240 m² (max 400 m²)
Fronte mínima		10 m	15 m	5 m
Retranqueos vía		3 m	4 m	5 m
Retranqueos laterais		3 m	4 m	***
Retranqueos fondo		3 m	4 m	3 m
APROVEITAMENTO PARCELA				
Ocupación máxima		30 %	35%	55 %
Edificabilidade		0,6 m²/m²	0,5 m²/m²	1 m²/m²
Altura máxima		Segundo ancho de rúa.		
Andares máximos		2,5	2	3
Aparcadoiro mínimo		Non definido		
USOS				
Principais		Vivenda familiar		
Permitidos		Garaxe aparcamentos, artesanía, industria (para servizo dos demais usos), aloxamento colectivo, comercial, oficinas, espectáculos, lugares de reunión, relixioso, cultural, deportivo, sanitario e servizos xerais.		
Prohibidos		Todos os demais		
OBSERVACIÓNS				
Espazo non ocupado axardinado a lo menos no 50 %				

Táboa 26. Ordenanza 1.3 en solo urbano no PXOM de 1993.

ORDENANZA 2.2		INDUSTRIA	GRADO D.a.
Ámbito de aplicación		Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma 2.2 D.a.	
Características do ámbito		Corresponde á edificación de albergue daquelas actividades industriais que, de acordo co Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, poden situarse en zonas próximas a usos de vivenda e equipamento.	
CONDICIÓNS DE IMPLANTACIÓN			
Graos		2.2 D	
Tipoloxía		Industria xardín tamaño medio	
Parcela mínima		1.000 m² (máxima 5.000 m²)	
Fronte mínima		25 m	
Retranqueos vía		3 m mínimo	
Retranqueos laterais		5 m mínimo	
Retranqueos fondo		5 m mínimo	
APROVEITAMENTO PARCELA			
Ocupación máxima		50 %	
Edificabilidade		4 m³/m²	
Altura máxima		10 m	
Andares máximos		Non definido.	
Aparcadoiro mínimo		1 praza por cada 100 m² construídos	
USOS			
Principais		Industrial	
Permitidos		Vivenda (só gardería), garaxe-aparcamentos, artesanía, comercial, oficinas, espectáculos, lugares de reunión, relixioso, cultural, deportivo, sanitario e servizos xerais.	
Prohibidos		Todos os demais	
OBSERVACIÓNS			
Cerramentos da finca opacos até 0,5 m de altura, carga e descarga de mercancía en interior de parcela.			

Táboa 27. Ordenanza 2.2 en solo urbano no PXOM de 1993.

ORDENANZA 3.1	ZONAS VERDES E LIBRES	GRADOS A e B
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma 3.1	
Características do ámbito	Corresponde aos espazos e xeralmente arboredos e axardinados que se destinan ao lecer e repouso da poboación e a súa salubridade (A), así como ao illamento e protección de vías (B).	
CONDICIÓNS DE IMPLANTACIÓN		
Graos	A	B
Tipoloxía	Lecer e repouso	Protección de vías
Parcela mínima	1.000 m²	
APROVEITAMENTO PARCELA		
Ocupación máxima	2 %	6%
Edificabilidade	0,02 m²/m²	0,06 m²/m²
Altura máxima	4 m	
Andares máximos	1	
USOS		
Principais	Sanitario e servizos xerais.	
Permitidos	Vivenda (só gardaría en parcela de máis de 10 Ha.), industria (grado 1 e almacéns), comercial, oficinas, espectáculos, lugares de reunión, deportivo, sanitario e servizos xerais.	
Prohibidos	Todos os demais	
OBSERVACIÓNS		
Cerramentos da finca opacos até 0,5 m de altura, prohíbese a corta de árbores existentes		

Táboa 28. Ordenanza 3.1 en solo urbano no PXOM de 1993.

ORDENANZA 3.2	ZONAS DEPORTIVAS	GRADO ÚNICO.
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma 3.2	
Características do ámbito	Corresponde ás zonas destinadas a albergar edificacións e instalacións deportivas ou de espectáculos asimilables, así como os usos complementarios da actividade principal.	
CONDICIÓNS DE IMPLANTACIÓN		
Graos	ÚNICO	
Tipoloxía	Edificacións e instalacións deportivas	
Parcela mínima	Non definida	
APROVEITAMENTO PARCELA		
Ocupación máxima	35 %, 70% (edificacións + tratamentos superficiais)	
Edificabilidade	0,50 m²/m²	
Altura máxima	4 m, ou necesaria para a actividade deportiva.	
Andares máximos	Non definido.	
USOS		
Principais	Deportivo (locais pechados e aire libre)	
Permitidos	Vivenda (só gardaría en parcelas de máis de 5.000 m²), garaxe-aparcamentos, comercial, oficinas, lugares de reunión, sanitario e servizos xerais.	
Prohibidos	Todos os demais	
OBSERVACIÓNS		
Cerramentos da finca opacos até 0,5 m de altura, carga e descarga de mercancía en interior de parcela.		

Táboa 29. Ordenanza 3.2 en solo urbano no PXOM de 1993.

ORDENANZA 3.3	CULTURAL E SOCIAL	GRADO ÚNICO.
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma 3.3 e nas non grafadas que resulten destinadas a equipamentos deste tipo nos instrumentos de desenvolvemento do presente Plan Xeral.	
Características do ámbito	Corresponde ás zonas nas que se establezan dotacións culturais e sociais de carácter público.	
CONDICIÓN DE IMPLANTACIÓN		
Graos	ÚNICO	
Tipoloxía	Edificacións e instalacións deportivas	
Parcela mínima	Non definida	
APROVEITAMENTO PARCELA		
Ocupación máxima	Segundo necesidades específicas do servizo e as disposicións legais relativas ao mesmo.	
Edificabilidade	1,20 m²/m²	
Altura máxima	Non definida	
Andares máximos	5	
USOS		
Principais	Cultural	
Permitidos	Vivenda (só gardería), garaxe-aparcamentos, aloxamento colectivo, oficinas, espectáculos, lugares de reunión, relixioso, deportivo, sanitario e servizos xerais.	
Prohibidos	Todos os demais	

Táboa 30. Ordenanza 3.3 en solo urbano no PXOM de 1993.

ORDENANZA 4.5	OUTRAS INSTITUCIÓNS	GRADO ÚNICO.
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma 4.5.	
Características do ámbito	Corresponde ás zonas reservadas para institucións de uso público non recreativo que se porán ao servizo da cidade ou dos seus arredores.	
CONDICIÓNS DE IMPLANTACIÓN		
As adecuadas para o obxectivo que se propoña		
APROVEITAMENTO PARCELA		
Ocupación máxima	Segundo necesidades específicas do servizo e as disposicións legais relativas ao mesmo.	
Edificabilidade	Media 1,20 m ² /m ² , máxima 5 m ² /m ² (a través de PERI)	
USOS		
Segundo proposta presentada.		
OBSERVACIÓNS		
Na parroquia de Bembrive atopamos este uso do solo definido no adro da igrexa parroquial ou no monte do Arieiro, onde se construíu posteriormente o Hospital Meixueiro.		

Táboa 31. Ordenanza 4.5 en solo urbano no PXOM de 1993.

ORDENANZA 4.6		SERVIZOS URBANOS	GRADO ÚNICO.
Ámbito de aplicación		Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma 4.6.	
Características do ámbito		Corresponde ás zonas reservadas para a instalación de servizos urbanos (sociais, culturais, comerciais, sanitarios, institucionais, etc.) que, polo seu tamaño, necesidades de localización ou características de funcionamento, non podan ter cabida no interior de outras zonificacións.	
CONDICIÓNS DE IMPLANTACIÓN			
As adecuadas para o obxectivo que se propoña			
APROVEITAMENTO PARCELA			
Ocupación máxima		Segundo necesidades específicas do servizo e as disposicións legais relativas ao mesmo.	
Edificabilidade		Media 1,20 m²/m², (maior a través de PERI)	
USOS			
Segundo proposta presentada.			

Táboa 32. Ordenanza 4.6 en solo urbano no PXOM de 1993.

5.3.3.2. Solo urbanizable

O solo urbanizable é dividido en Solo Urbanizable Programado e solo Urbanizable non programado.

5.3.3.2.1. Solo Urbanizable Programado (SUP).

No solo cualificado coma urbanizable non programado, o proceso de urbanización será realizado a través do desenvolvemento dun Plan Parcial (PP). Os Plans Parciais consisten nunha folla de ruta para a urbanización dun sector determinado do territorio, neles establécense os servizos urbanísticos a desenvolver (vías de comunicación, alcantarillado, servizo de auga e de electricidade, etc.), as cesións de terreno para servizos urbanos e outras consideracións.

O Plan Parcial establece tamén as ordenanzas ou normas urbanísticas baixo as que se poderá edificar, unha vez completados os requisitos anteriores, na totalidade do sector, por iniciativa pública ou privada, individual ou colectiva.

Tal como describe o PXOM de 1993:

Os Planos Parciais non poderán modificar en ningún caso as determinacións do Plan Xeral dou do Programa de Actuación urbanística que desenvolvan.

Os planos parciais que se formulen en cada un dos sectores, do solo urbanizable programado conterán a súa división en polígonos e sinalarán o sistema de actuación correspondente a cada un deles, de conformidade, no seu caso, coas previsións do Plan Xeral.

As persoas propietarias de terrenos situados en solo urbanizable programado deberán executar os Planos Parciais de cada sector no prazo máximo dos catro anos de cada programa, debendo de ultimala constitución das entidades urbanísticas, colaboradoras que exixa o sistema de actuación elixido, executando a urbanización do sector, formalizando as cesións obrigatorias. (Concello de Vigo, 1993, p. 64)

5.3.3.2.2. Normas urbanísticas en Solo Urbanizable Non Programado (SUNP).

As características do solo urbanizable non programado son similares as do SUP. Pero neste caso non existe unha folla de ruta que describa como ten que ser o proceso de urbanización, senón que se dan uns parámetros mínimos a cumprir, como son os usos incompatibles cos previstos en cada clase de solo e coa estrutura xeral. De este xeito, no SUNP, establécense as “características técnicas e magnitudes mínimas que deben de reunir as actuacións nesta categoría de solo, en función dos distintos usos, e as dotacións, servizos e equipamentos que lles correspondan” (Concello de Vigo, 1993, p. 64).

A urbanización do SUNP faise a través dos Programas de Actuación Urbanística (PAU), para o desenvolvemento do PXOM, estes deberán tratar unha superficie comprendida entre 1,5 Ha e 150 Ha; nos Núcleos de Nova Creación a superficie pode variar segundo a súa ficha. Ao igual que no caso dos PP, os PAU deberán de executarse na súa totalidade antes de obter a consideración de Solo Urbano e poder acoller ás edificacións.

O PXOM de 1993 describe que os PAU:

A efectos de planeamento terán a consideración dun sector único, aínda cando a efectos de xestión se proceda á división poligonal, (...) A gran diferenza que se aprecia entre os límites inferior e superior das áreas susceptibles de desenvolverse mediante un PAU, débese a fragmentación extraordinaria dos tecidos urbanos existentes, os cales deixan entre fragmentos de Solo Urbano, outros fragmentos de SUNP e mesmo de Solo Non Urbanizable. (Concello de Vigo, 1993, p. 64)

En canto ás infraestruturas, estas desenvolveranse segundo o establecido nas distintas figuras de planeamento das normas urbanísticas do PXOM.

Mentres non sexa presentado e aprobado un PAU para o SUNP, este solo será tratado, para efectos de urbanización e edificación, coma Solo Non Urbanizable Común; sendo a parcela mínima para edificación, de 4.000 m², a menos que se fixe outra. Permitise o uso comercial de grado 1, vinculado a vivenda.

5.3.3.3. Solo Non Urbanizable (SNU).

No solo non urbanizable, o PXOM de 1993, establece unhas condicións xerais para a edificación que poden ser alteradas pola normativa específica de cada tipo de solo non urbanizable. Preséntanse primeiro as condicións xerais e despois as condicións relativas aos tipos de SNU presentes na parroquia de Bembrive.

5.3.3.3.1. Condicións xerais en Solo Non Urbanizable.

As normas urbanísticas do PXOM, contemplan a Lei de Adaptación do Solo de Galicia de 1985 (LASGA) con respecto aos espazos que deben de ser obxecto de protección, afirmando que “non poderán ser dedicados a usos que impliquen transformación do seu destino ou da súa natureza, ou lesionen o valor específico que se queira protexer” (Concello de Vigo, 1993, p. 65).

Un dos obxectivos do PXOM no SNU é evitar a creación de núcleos de poboación, entendendo que existe este risco cando se edifica fora dunha franxa de 100 metros ao redor dos núcleos existentes, rurais ou urbanos. A partir desta premisa, permítese a edificación de vivenda unifamiliares vinculadas a explotación agraria onde non exista risco de creación de núcleo de poboación.

Presentase na seguinte páxina unha táboa coas normas a cumprir para a edificación de vivenda vinculada a explotación agraria.

VIVENDA UNIFAMILIAR VINCULADA A EXPLOTACIÓN AGRÍCOLA	
Ámbito de aplicación	En SNU, onde non exista risco de creación de núcleo de poboación e a normativa específica do tipo de SNU non o prohiba.
Características do ámbito	Corresponde á edificación de vivendas unifamiliares vinculadas a unha explotación agrícola.
CONDICIÓN DE IMPLANTACIÓN	
Graos	ÚNICO
Tipoloxía	Vivenda unifamiliar illada
Parcela mínima	2.000 m ²
Fronte mínima	5 m
Retranqueos vía	5 m mínimo
Retranqueos laterais	5 m mínimo
Retranqueos fondo	5 m mínimo
APROVEITAMENTO PARCELA	
Ocupación máxima	15 %
Edificabilidade	0,10 m ² /m ²
Altura máxima	7,50 m
Andares máximos	2
Aparcadoiro mínimo	Non definido.
USOS	
Principais	Almacén, hórreos, invernadoiros, alboios, e outras construcións de apoio á actividade agrícola.
Permitidos	Vivenda unifamiliar, edificacións e instalacións de utilidade pública
Prohibidos	Todos os demais
OBSERVACIÓNS	
Para a concesión de licencia de edificación, a parcela debe de contar con acceso rodado (aínda sen pavimentar) e evacuación residual (rede ou fosa séptica). So é permitido o tratamento superficial do solo nun 10% da parcela, independentemente da superficie da vivenda.	

Táboa 33. Condicións xerais de edificación en solo non urbanizable no PXOM de 1993.

No solo non urbanizable común ou ordinario, só se contemplan as condicións xerais. Presentamos a continuación as condicións específicas para o resto de tipos de SNU, presentes en Bembrive.

5.3.3.3.2. Núcleos Rurais existentes en SNU.

No solo non urbanizable dentro dun núcleo rural existente, permítense os usos de almacén de apoio agrícola vinculado a vivenda, comercial de grado 1 vinculado a vivenda e industria vinculado a vivenda en tódolos seus grados.

5.3.3.3.3. Solo Non Urbanizable de Protección de Ríos e Xunqueiras (SNU 2).

Comprende os cursos de auga e as bandas de protección das súas marxes. Grafados a tal efecto nos planos de ordenación.

Prohíbese a modificación da natureza da zona e as actividades para o seu mantemento terán que ser aprobadas polo concello, a edificación está totalmente prohibida a menos de 5 metros de calquera leito fluvial, no caso do río Eifonso a prohibición chega até os 25 metros.

5.3.3.3.4. Solo Non Urbanizable de protección da paisaxe e masas forestais (SNU 4).

Comprende aqueles solos que polas súas características forestais e hidrolóxicas requiren unha especial protección. Grafados a tal efecto nos planos de ordenación.

Prohíbense todas as edificacións excepto as contempladas na LASGA, industria madeireira, áreas recreativas, instalacións ao aire libre para docencia agrícola e forestal coas edificacións de apoio necesarias e equipamentos.

5.3.3.3.5. Solo Non Urbanizable Agrícola (SNU 5).

Comprende os solos obxecto de protección pola súa capacidade produtiva, actual ou potencial, no sector agropecuario. Grafados a tal efecto nos planos de ordenación.

Os usos e edificacións permitidas, corresponden a construcións destinadas a explotación agropecuaria (silos, hórreos, invernadoiros, alboios, etc.) e vivendas unifamiliares baixo as condicións xerais de SNU, pero cunha parcela mínima de 4.000 m².

5.3.3.3.6. Solo Non Urbanizable de Vías (SNU 6).

Comprende os solos non urbanizables que constitúen as zonas de afección das estradas, grafados a tal efecto nos planos de ordenación.

As edificacións e instalacións non poderán situarse a distancias menores das determinadas pola Lei 25/1988 do 29 de Xullo de Estradas e a Lei 6/82 de Estradas non estatais de Galicia. No caso de Estradas Estatais gardaranse as distancias recollidas na Circular Nº 306/89 P e P/989.

5.3.4. Ordenación do solo.

Preséntase, ao seguir, un mapa coa clasificación xeral dos solos da parroquia de Bembrive, segundo o PXOM de 1993, onde se observan as categorías xerais do solo nas que se zonificaba a parroquia. Tamén se presenta, seguindo o modelo da análise do PXOM de 1973, unha ampliación relativa ao barrio do Mosteiro onde é amosada a zonificación dun xeito máis pormenorizado, xa que é neste núcleo onde atopamos un planeamento máis rico e complexo.

No mapa da parroquia de clasificación xeral dos solos, realizáronse unha serie de simplificacións da ordenación do PXOM para facilitar o entendemento do lector. Así, xuntáronse na mesma mancha todas as categorías de Solo de Núcleo Rural, sen diferenciar as ordenanzas e mesmo as bolsas de solo non

urbanizable dos núcleos rurais. Fíxose o mesmo no escaso Solo Urbano con respecto ás ordenanzas.

En canto ao solo urbanizable, representouse na mesma mancha o Solo Urbanizable Programado e o Solo Urbanizable Non Programado, baixo a premisa de que, aínda que o procedemento de urbanización non é igual, en definitiva é o solo que o PXOM determina para a ampliación do Solo Urbano e Solo de Núcleo Rural, no que se estenderá a mancha urbana.

Os equipamentos únense nunha única mancha, que contén o Solo de Sistemas Xerais, relativo a equipamentos de certa envergadura e de administracións exteriores ao Concello, e os equipamentos locais en solo urbano desenvolvidos por ordenanzas municipais.

Por último, os solos rústicos non foron simplificados, pois as características gráficas das manchas permiten un entendemento claro e directo.

5.3.4.1. Ordenación da parroquia de Bembrive.

O primeiro que chama a atención do mapa de clasificación xeral dos solos a través da ordenación do PXOM de 1993 e a complexidade do mesmo en comparación co do ano 1972.

O segundo é o feito de que todos os núcleos consolidados, ou que poderían entenderse como urbanos consolidados, son clasificados coma Solo de Núcleo Rural, excepto unha pequena zona na fronteira nordeste relativa a unha ampliación dun núcleo de Solo Urbano da parroquia de Cabral; este tema foi tratado na introdución do PXOM de 1993. Este tipo de solo non foi definido no apartado de Clasificación xeral dos solos, porque non ten normas urbanísticas específicas, sendo tratado coma solo urbano.

O solo urbanizable esténdese polos espazos libres entre o solo de núcleo rural en todo o noroeste da parroquia e formando un corredor continuo urbano-urbanizable ate o barrio do Carballal no centro do mapa. Os barrios máis elevados, e inconexos coa mancha continua urbana-urbanizable, de Xestoso,

Chans e San Cibrán teñen unha área de expansión cada un, a través de solo urbanizable; o único núcleo rural ao que non se lle asigna solo urbanizable é o de Miraflores, no barrio dos Freires, isto pode deberse a que é un núcleo pouco consolidado e de baixa densidade.

O solo rústico forestal permanece bastante estable con respecto ao mapa de 1972 e o rústico agrícola foi reducido considerablemente polo empuxe dos solos de núcleo rural e urbanizable, así coma por outras categorías de solo que xorden neste ordenamento. A posibilidade de construír unha vivenda asociada a explotación agrícola segue existindo, pero no solo agrícola a parcela mínima aumenta até os 4.000 m², aumentando tamén o control por parte do concello a hora de verificar a relación vivenda-explotación.

Aparece a categoría de solo rústico común ou ordinario, por primeira vez diferenciado do agrícola, neste, a parcela mínima continua nos 2.000 m² para a vivenda agraria, pero o control municipal evita a camuflaxe de chalés na excepción agraria, localízase na fronteira norte da parroquia. Outra categoría nova de solo rústico é a de protección de augas e canles, que neste caso protexe toda a ribeira do río Eifonso, o máis importante da parroquia.

O solo de equipamentos aumenta considerablemente en Bembrive, se no anterior plan restrinxíase ao polígono do Mosteiro, agora aparece diseminado pola parroquia, aínda que con maior presenza no Mosteiro, e concentrado nas fronteiras norte e sur.

O solo rústico de infraestruturas segue marcando as grandes vías de comunicación, a programada no anterior Plan de 1972, xa esta construída, máis ao norte do estipulado no 72, e neste novo PXOM prográmase unha nova vía de alta capacidade que atravesa a parroquia en dirección centro-oeste nordeste. Tal como se pode apreciar o trazado da mesma pasa á beira de varios núcleos e deixa ao barrio de San Cibrán, o localizado máis ao sur, separado do resto da parroquia.




Fig. 186. Mapa de clasificación xeral dos solos no PXOM de 1993.

5.3.4.2. Ordenación do barrio do Mosteiro.




Fig. 187. Mapa de ordenación pormenorizada do barrio do Mosteiro no PXOM de 1993.

No PXOM de 1993 o barrio do Mosteiro non é tratado de xeito diferenciado ao resto da parroquia, pero nel existe unha maior complexidade na ordenación e máis variedade de ordenanzas. Hai que ter en conta que as ordenanzas residenciais permiten os usos de comercio ou industria lixeira, polo que, aínda que non existen sectores diferenciados polo uso, os diferentes usos poden alternarse dentro da mesma mancha.

A zona de Solo de Núcleo Rural con uso residencial (gris) comprende o centro do barrio, baixo a ordenanza residencial 1.3 nos grados A, B e E. O grado A é de edificación unifamiliar illada de alta densidade, localizado no este e sur da igrexa (en rosa) no centro do núcleo, o grado B corresponde á edificación unifamiliar illada de densidade media, no sur e noroeste do núcleo, e o grado

E, relativo á edificación unifamiliar ou multifamiliar en fileira, comprende todo o núcleo central do barrio, onde se permite unha maior densidade.

O solo urbanizable está representado en cores marrón, este ten que ser urbanizado por sectores completos a través de figuras coma os Plans Parciais en SUP, os Programas de Actuación Urbanística en SUNP ou as Unidades de Actuación en Solo de Núcleo Rural. Chama a atención a cantidade de solo urbanizable na maior parte da contorna do núcleo rural consolidado.

O solo de equipamentos locais (rosa), baixo as ordenanzas 3.1, 3.2 e 3.3, repártese ao longo do núcleo rural, a superficie norte corresponde a unha escola de primaria existente, as dúas pequenas, de oeste a este no centro do núcleo, son relativas ao edificio da Entidade Local Menor e a Igrexa respectivamente. A cuarta superficie, situada ao este, é de reserva para equipamentos futuros. No mapa podemos observar o SNU de protección da autovía A-55, no norte do núcleo.

No sur e norte do barrio ordénase unha reserva de Solo Non Urbanizable de protección agrícola e no norte unha pequena superficie de SNU de protección forestal.

5.3.5. Conclusión.

A ordenación programada no PXOM de 1993 segue un modelo totalmente diferente ao do ano 1972. Esta encádrase na tipoloxía de ordenación imperante na actualidade, de carácter desenvolvista, á vista da cantidade de solo urbanizable.

A clasificación xeral dos solos é habitual na actualidade, dividindo o solo en urbano, urbanizable e non urbanizable; aínda que no caso, o urbano e substituído polo de núcleo rural, nun formalismo sen transcendencia, pois a edificación esta determinada por ordenanzas do Solo Urbano.

Todo o solo urbanizado consolidado é catalogado como núcleo rural e ao redor do mesmo, ordénanse grandes superficies de solo urbanizable. É aquí onde atopamos a principal característica do planeamento, o modelo proposto é o de

urbanización a través de sectores individualizados, que teñen que ser desenvolvidos na súa totalidade a través dunha figura de planeamento secundaria (PP, PAU ou UA), para ser considerados urbanos, ou de núcleo rural no caso.

Ante a falta de iniciativa pública no desenvolvemento destes sectores urbanizables, o peso da urbanización recae na iniciativa privada. Nesta situación terían que ser os propios veciños os que collesen a responsabilidade de presentar unha proposta de urbanización e unha vez aceptada, acometer a urbanización; outra posibilidade sería a de que axentes externos, promotores inmobiliarios, se fixeran cos terrenos e desenvolveran a urbanización, pero a situación de Bembrive, con grandes bolsas de solo urbanizable, é similar á de outras parroquias con maior capacidade de negocio urbanístico, polo que os axentes externos non dirixen as súas actividades ao territorio Bembrivés.

Nesta situación, os veciños que poderían estar interesados en desenvolver a urbanización atópanse con diferentes problemas, o primeiro é organizar a un grande número de propietarios, pois debido ao minifundismo a terra está moi dividida. Se conseguen ultrapasar o primeiro escollo, atópanse cunhas condicións de urbanización, estipuladas nos PP, PAU ou UA, que encarecen moito o proceso, debido ás cesións requiridas para o desenvolvemento das infraestruturas e equipamentos, que chegan en moitas ocasións ao 45% da superficie inicial. A obrigaón de construír vivendas de protección oficial e a cesión de parte da edificabilidade, contribúen a incrementar os custos.

O resultado de todo isto é, que o desenvolvemento dos sectores urbanizables faise practicamente inviable, polo que o proceso de urbanización estancouse totalmente a partir deste modelo. A consecuencia disto, a edificación na parroquia de Bembrive apenas medra nos solos de núcleo rural consolidado, onde é posible conseguir unha licencia de xeito directo e individualizado.

Ao respecto do Solo Non Urbanizable, aparecen novos solos de protección de recursos naturais, tales coma a protección do canle fluvial do río Eifonso, ou o solo de protección agraria, que aínda que xa existía no anterior PXOM, neste pasa a ter un carácter verdadeiramente proteccionista, polo xa referido anteriormente.

En conclusión, o PXOM de 1993 presenta unha ordenación da parroquia bastante máis complexa ca anterior e con mellores intencións, pois define moito mellor as áreas nas que pode desenvolverse o proceso urbanizador e delimita zonas de protección real da súa natureza.

Parece que ás áreas urbanizables son excesivas para a capacidade de acollida da parroquia, pero o propio modelo, auto regulado polo mercado inmobiliario, fixo que estas áreas non se desenvolvesen, polo que na práctica estancouse o proceso urbanizador que ía absorbendo ao territorio.

En canto a protección do medio, esta comeza a estar presente na ordenación, pero aínda é moi escasa, só se protexe un canle fluvial e non hai protección de espazos naturais nin arqueolóxicos.

Na protección do hábitat tradicional, o PXOM de 1993 apenas avanza, tipifícanse os núcleos consolidados como núcleo rural, sen que iso signifique unha maior protección, só conseguida polas trabas involuntarias na expansión dos núcleos. Ademais, a nova autovía proxectada non respecta de ningún xeito a estrutura tradicional da parroquia, trazándose practicamente sobre os núcleos rurais e dividindo a rede interna de núcleos ao seu paso.

Un punto positivo pode ser o relativo aos equipamentos, pois a ordenación contempla un forte incremento en superficie, o negativo é que a maioría situase na fronteira norte, asociada a autovía existente A-55, co fin de dar servizo á comarca, e na zona sur, nun PAU de ampliación do campus universitario, actualmente situado fora dos límites da parroquia. Aínda que os equipamentos programados estarían en terrenos de Bembrive, estes atenderían á parroquia de modo colateral.

5.4 Plan Xeral de Ordenación Municipal de 2008.

5.4.1. Introducción PXOM de Vigo do 2008.

O PXOM de 2008 é o último elaborado polo Concello de Vigo, a raíz da aprobación de diversas leis que desfasaron ao anterior plan de 1993, tales coma a Lei do Solo do ano 1997 ou a Lei de Ordenación e Protección do Medio Rural de Galicia de 2002.

Aínda que na memoria xustificativa deste novo PXOM, explícase que o obxectivo non é clasificar os núcleos segundo a súa natureza, que resulta moi difusa na cidade espallada, senón tentar conseguir integralos nun todo, de todos xeitos, diferencia as dúas realidades urbanas de Vigo cando expresa:

No territorio do termo municipal de Vigo advírtese a existencia de dúas zonas basicamente diferenciadas no que atinxe ós asentamentos poboacionais: por unha banda, o centro de maior actividade urbana: o “núcleo central” ou “cidade compacta”: e, pola outra, o resto do territorio, que se vai configurando de xeito complexo, gradando as intensidades das edificacións e os usos en función de parámetros de proximidade, accesibilidade, consolidación de actividades, condicións topográficas, zonas forestais e produtivas, etc.

Este espazo (no que a malla urbana é moito máis irregular e debedora de estruturas viarias establecidas orixinariamente en función doutro tipo de asentamentos e dunha relación cos recursos diferente), ao que o Plan Xeral comezou a denominar cidade espallada, estruturase en 17 parroquias entre as que se poden distinguir: unha primeira coroa a redor do núcleo central que da acubillo a usos e xeitos de ocupación territorial propios daquel, pero con menor consolidación e (...) o resto das parroquias, que poden caracterizarse –aínda que con matices e con diferencias entre elas- como de estruturación que aínda pode lembrar o carácter orixinariamente rural, por máis que esa predominancia sexa máis nidia canto máis altos se sitúen os asentamentos: Zamáns, parte alta de Coruxo, e en menor medida, Beade, Valadares, Candeán, Bembrive e Cabral. (Concello de Vigo, 2008, p. 164)

Ao respecto destas últimas parroquias, entre as que se atopa Bembrive, comenta que hai que incluílas dentro do concepto de cidade espallada, ao igual cas do primeiro anel, pois advírtese a existencia dunha malla cada vez mais urbana que se estende dende a cidade compacta, formada pola rede viaria.

O coidado polo medio rural na redacción do PXOM do 2008 é moito maior que nos anteriores PXOM, isto é evidente unha vez contén un anexo de máis de 300 páxinas de Estudo do Medio Rural; e, de xeito máis práctico, na ordenación diferenciada dos núcleos rurais con respecto ao resto de núcleos.

Para a denominación de núcleo rural, e o consecuente planeamento diferenciado, o PXOM de 2008 baséase na Lei de Ordenación e Protección do Medio Rural de Galicia de 2002, que describe os núcleos rurais dicindo que:

constitúen o solo de núcleo rural os terreos que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, en función das súas características morfolóxicas, tipoloxía tradicional das edificacións, vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación racional do núcleo co medio físico onde se sitúa. (Lei 9/2002, citada no Estudo do medio Rural do PXOM de 2008 de Vigo, p. 271)

O propio PXOM expresa que practicamente ningún núcleo do municipio, agás na parroquia de Zamáns, pode ser encadrado nesta definición, pero o feito de que algúns deles tampouco podan ser encadrados dentro da tipoloxía de núcleo urbano, levou á decisión de clasificalos como núcleo rural. A totalidade dos núcleos que se acollen a esta excepción están situados na parroquia de Bembrive. Estes son: San Cibrán, Chans, Xestoso e o núcleo de Miraflores, pertencente ao barrio actual de Freires ou ao histórico de Xestoso. No Estudo do Medio Rural do PXOM existen fichas pormenorizadas destes núcleos rurais.

5.4.2. Clasificación xeral do solo.

Nas normas urbanísticas do PXOM do 2008, o solo municipal é clasificado segundo a súa natureza urbanística, para despois establecer as normas aplicables en cada un dos tipos de solo. A clasificación xeral pode resumirse nas seguintes categorías:

Solo Urbano: aquel que pode acoller ás edificación urbanas porque está urbanizado.

Solo de Núcleo Rural: pode acoller ás edificacións pero a súa natureza é diferente da urbana, tal como se explica na introdución, ten normas propias.

Solo Urbanizable: aquel que pode desenvolver un proceso de urbanización para ser transformado en solo urbano.

Solo Rústico: Aquel que debe ser preservado dos procesos de urbanización por diversas razóns, de reserva ou de protección da súa natureza.

A continuación preséntanse os distintos tipos de solo e as súas características en canto á urbanización e edificación.

5.4.3. Normas Urbanísticas.

5.3.3.1. Solo Urbano.

O Solo Urbano divídese en dúas categorías: o Solo Urbano Consolidado (SUC) e o Solo Urbano Non Consolidado (SUNC).

5.4.3.1.1. Solo Urbano Consolidado (SUC).

Existen tres tipos de SUC:

O SUC de Ordenación directa, corresponde aos solos que teñen a condición de solar, polo que se pode edificar de xeito directo coa obtención da licenza urbanística.

O SUC incluído en Áreas de Planeamento Incorporado (API), neste solo asúmense as normativas do anterior planeamento, o PXOM de 1993.

O terceiro tipo é o de zonas delimitadas para Plans Especiais de Protección, que teñen por obxecto a protección do medio ambiente urbano e das edificacións incluídas dentro do seu ámbito.

O máis relevante dos tres tipos na parroquia de Bembrive é o primeiro, o SUC de Ordenación directa, neste tipo de solo a licencia é directa e para a edificación haberá que cumprir cunha serie de normas descritas na ordenanza e o seu grado. O tipo de ordenanza, e grado da mesma, que corresponde a cada parcela é definido de xeito gráfico nos planos de ordenación pormenorizada do PXOM.

Nas seguintes páxinas preséntanse unhas táboas coas normas particulares de cada ordenanza para solo urbano, presente na parroquia de Bembrive.

ORDENANZA 4	EDIFICACIÓN EN ALIÑACIÓN DE RÚA.	GRADO 3º
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma Solo Urbano Consolidado coa Clave 4, 3º.	
Características do ámbito	Corresponde ao conxunto de zonas edificadas entre medianeiras, noutros planeamentos como de couzada pechada, pero que non configuran couzadas senón só frontes de aliñacións de rúa.	
CONDICIÓNS DE IMPLANTACIÓN		
Graos	3º	
Tipoloxía	Edificación en fileira	
Parcela mínima	Que sexa capaz de acoller a vivenda mínima de 45 m²	
Fronte mínima	8 m	
Retranqueos vía	Coincidente coa aliñación oficial.	
Retranqueos laterais	3 m a parcelas con ordenanza diferente	
Fondo máximo	15 m	
APROVEITAMENTO PARCELA		
Ocupación máxima	Definida polas condicións de implantación	
Edificabilidade	Definida polas condicións de implantación	
Altura máxima	11,50 m (en rúa <14 m), 15,50 m (en rúa >14 m)	
Andares máximos	3 (en rúa <14 m), 4 (en rúa >14 m)	
Aparcadoiro mínimo	Por razón do uso e intensidade	
USOS		
Principais	Residencial Multifamiliar	
Permitidos	Residencial, hostaleiro, comercio, oficinas, recreativo, de reunión, dotacional, industria ordinaria e garaxe-aparcadoiro	
Prohibidos	Todos os demais	
OBSERVACIÓNS		
Esta ordenanza localízase exclusivamente no barrio do Mosteiro.		

Táboa 34. Ordenanza 4 en solo urbano no PXOM do 2008.

ORDENANZA 7	RESIDENCIAL DE MEDIA DENSIDADE	GRADO 3º
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coma Solo Urbano Consolidado coa Clave 7, 3º.	
Características do ámbito	Corresponde ao conxunto de zonas parcialmente consolidadas con simultaneidade de tipoloxías edificatorias con ou sen mantemento da aliñación a viario, entre medianeiras, ou con edificacións illadas, multifamiliares ou unifamiliares, intercaladas nos frontes das aliñacións.	
CONDICIÓN S DE IMPLANTACIÓN		
Graos	3º	
Tipoloxía	Edificación máis ou menos continua paralela ó viario	
Parcela mínima	180 m²	
Fronte mínima	9 m en multifamiliar e 6 m en unifamiliar	
Retranqueos vía	En aliñación de rúa ou (3 m < recuado < 9 m), segundo predominio na zona.	
Retranqueos laterais	Segundo entorno e condicións da parcela.	
Retranqueos fondo	1/3 H, cun mínimo de 3 m, fondo edificable de 15 m en planta baixa e 12 m nas superiores.	
APROVEITAMENTO PARCELA		
Ocupación máxima	Definida polas condicións de implantación e aproveitamento	
Edificabilidade	1,20 m²/m²	
Altura máxima	9 m	
Andares máximos	3	
Aparcadoiro mínimo	1 praza por cada 100 m² construídos.	
USOS		
Principais	Residencial Multifamiliar ou unifamiliar	
Permitidos	Residencial, hostaleiro, recreativo, de reunión, dotacional, industria ordinaria e almacén e garaxe-aparcadoiro	
Prohibidos	Todos os demais	
OBSERVACIÓNS		
Esta ordenanza localízase exclusivamente no barrio do Mosteiro.		

Táboa 35. Ordenanza 7 en solo urbano no PXOM do 2008.

ORDENANZA 9		VILAS E CHALES	GRADO 2º
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coa Clave 9, 2º.		
Características do ámbito	Corresponde a edificación illada ou pareada, admitíndose a tipoloxía acaroadada ou agrupada en fieira, nas condicións que para o efecto se regulan.		
CONDICIÓNS DE IMPLANTACIÓN			
Graos	2º		
Tipoloxía	Edificación illada, pareada, admítese en fieira e acaroadada		
Parcela mínima	500 m², podendo inscribir circulo de 10m de diametro.		
Fronte mínima	16 m para illada e 12 m para pareada		
Retranqueos vía	4 m		
Retranqueos laterais	4 m		
Retranqueos fondo	4 m		
APROVEITAMENTO PARCELA			
Ocupación máxima	40%		
Edificabilidade	0,60 m²/m²		
Altura máxima	9 m		
Andares máximos	3		
Aparcadoiro mínimo	1 praza por cada 100 m² construídos.		
USOS			
Principais	Residencial Multifamiliar ou unifamiliar		
Permitidos	Residencial, hostaleiro, comercio, oficinas, recreativo, de reunión, dotacional, industria ordinaria e almacén e garaxe-aparcadoiro		
Prohibidos	Todos os demais		

Táboa 36. Ordenanza 9 en solo urbano no PXOM do 2008.

ORDENANZA 10		RESIDENCIAL EXTERIOR	GRADOS 1º, 2º
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coa Clave 10, 1º e 10, 2º.		
Características do ámbito	Corresponde á edificación de zonas exteriores da zona Central, en antigos núcleos de diversas parroquias, cuxo proceso de crecemento e consolidación pode non ter sido consecuencia expresa de procesos planificados.		
CONDICIÓN DE IMPLANTACIÓN			
Graos	1º	2º	
Tipoloxía	Edificación illada, pareada, admítase en fieira e acaroadada		
Parcela mínima	600 m², circulo de 10 m de D.	350 m², circulo de 6 m de D.	
Fronte mínima	16 m para illada e 10 m para pareada	9 m para illada ou pareada e 6 m para acaroadada	
Retranqueos vía	4 m	3 m	
Retranqueos laterais	3 m		
Retranqueos fondo	3 m		
APROVEITAMENTO PARCELA			
Ocupación máxima	40%	45%	
Edificabilidade	0,55 m²/m²	0,75 m²/m²	
Altura máxima	7,50 m		
Andares máximos	2		
Aparcadoiro mínimo	1 praza por cada 100 m² construídos.		
USOS			
Principais	Residencial		
Permitidos	Residencial, hostaleiro, comercio, oficinas, recreativo, de reunión, dotacional, industria ordinaria e almacén e garaxe-aparcadoiro		
Prohibidos	Todos os demais		

Táboa 37. Ordenanza 10 en solo urbano no PXOM do 2008.

ORDENANZA 12	INDUSTRIAL	GRADO 3º
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación coa Clave 10, 3º.	
Características do ámbito	Corresponde a edificación industrial entre medianeiras ou en edificio illado.	
CONDICIÓNS DE IMPLANTACIÓN		
Graos	3º	
Tipoloxía	Edificación illada ou entre medianeiras	
Parcela mínima	1.000 m², máxima de 5.000 m²	
Fronte mínima	25 m	
Retranqueos vía	6 m	
Retranqueos laterais	5 m, posibilidade de edificación en fieira	
Retranqueos fondo	5 m	
APROVEITAMENTO PARCELA		
Ocupación máxima	70%	
Edificabilidade	1,00 m²/m²	
Altura máxima	15 m	
Andares máximos	3	
Aparcadoiro mínimo	1 praza por cada 100 m² construídos.	
USOS		
Principais	Industrial ordinaria e almacéns	
Permitidos	Usos terciarios compatibles co uso industrial	
Prohibidos	Todos os demais	

Táboa 38. Ordenanza 12 en solo urbano no PXOM do 2008.

5.4.3.1.2. Normas urbanísticas en Solo Urbano Non Consolidado.

Ao igual que sucedía no PXOM de 1993, no PXMO do 2008 as áreas de solo urbano non consolidado serán urbanizadas por sectores baixo un plan particular para cada un deles, a través de Plans Especiais de Reforma Interior (PERI), que nos planos de ordenación serán recollidos coma Ámbitos de Planeamento Remitido (APR). Cada APR conta cunha ficha individualizada na que se recollen as condicións de urbanización para o sector.

Tal como recollen as normas urbanísticas do PXOM do 2008:

As áreas de planeamento que teñan iniciado o seu desenvolvemento coas determinacións do anterior Plan Xeral de 1993, pero nas que non se dispón da condición de Solo Urbano Consolidado por non teren sido aínda cumpridos os deberes legais de cesión, equidistribución e urbanización, o Plan inclúeas como APR. (Concello de Vigo, 2008, p. 429)

Esta información é importante para comprender a grande cantidade de APR existente na ordenación do 2008, xa que estes APR veñen dos Plans Parciais (PP), Programas de Actuación Urbanística (PAU) e Plans Especiais de Reforma Interior (PERI) estipulados na ordenación de 1993, que foron aprobados pero nos que non se desenvolveu a urbanización. Así, a maioría do solo urbanizable da parroquia ven remitido do anterior PXOM de 1993.

5.4.3.2. Solo de Núcleo Rural.

A diferenza do PXOM de 1993, no do 2008, recóllense normas urbanísticas específicas para os núcleos rurais. O solo de núcleo rural é clasificado coma tal, cando se considera que son terreos que serven de soporte aos asentamentos de poboación singularizados dentro do termo municipal de Vigo, seguindo os parámetros recollidos na Lei 9/2002.

Responden ás “características morfolóxicas, tipoloxía tradicional das edificacións e vinculación coa explotación racional dos recursos naturais e

imbricación racional do núcleo co medio físico e figuran diferenciados administrativamente nos censos e padróns oficiais” (Concello de Vigo, 2008, p. 438).

A urbanización e edificación dos sectores catalogados coma núcleo rural, cumpriran unhas condicións particulares que buscan salvagardar a natureza dos mesmos, baixo unhas normas urbanísticas de carácter máis proteccionista. “Os tipos de construción deberán adaptarse ó ambiente en que estivesen localizadas, adecuándose á súa condición de edificacións propias do medio rural en que se localizan, quedando prohibidas as características das zonas urbanas” (Concello de Vigo, 2008, p. 439).

Para a urbanización dun sector de núcleo rural será necesario desenvolver un Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Mellora do Núcleo Rural.

Preséntase a continuación unha táboa coas características básicas das ordenanzas para núcleo rural, presentes na ordenación da parroquia de Bembrive.

ORDENANZA NR	NÚCLEO RURAL	GRADOS 1º, 2º
Ámbito de aplicación	Naquelas superficies grafadas nos planos de ordenación co código NR	
Características do ámbito	Corresponde á edificación dentro das zonas consolidadas dos Núcleos Rurais e nas zonas de Extensión dos mesmos nos que o Plan Xeral haxa establecido as aliñacións dos novos viarios e non sexa imprescindible a redacción e aprobación de plans especiais que regulen actuacións de carácter integral.	
CONDICIÓN DE IMPLANTACIÓN		
Graos	1º (Núcleo consolidado)	2º (Extensión do núcleo)
Tipoloxía	Edificación illada, pareada ou acaroadada. Seguindo a tipoloxía do núcleo rural.	
Parcela mínima	600 m²	800 m²
Fronte mínima	16 m para illada e 10 m para pareada	20 m para illada e 12 m para pareada
Retranqueos vía	4 m	3 m
Retranqueos laterais	3 m	
Retranqueos fondo	3 m (fondo máximo en acaroadas de 12m)	
APROVEITAMENTO PARCELA		
Ocupación máxima	50%	35%
Edificabilidade	0,50 m²/m²	0,40 m²/m²
Altura máxima	9 m	
Andares máximos	2	
Aparcadoiro mínimo	1 praza por cada 100 m² construídos.	
USOS		
Principais	Residencial	
Permitidos	Residencial, hostaleiro, comercio, oficinas, recreativo, de reunión, dotacional, industria ordinaria, almacén e garaxe-aparcadoiro e cemiterio (existente).	
Prohibidos	Todos os demais	
OBSERVACIÓNS		
Deberán de cumprir unhas condicións estéticas mais rigorosas para adaptarse ao entorno.		

Táboa 39. Ordenanza de Núcleo Rural no PXOM do 2008.

5.4.3.3. Solo Urbanizable.

O PXOM do 2008 clasifica como Solo Urbanizable os terreos que non tendo a condición de Solo Urbano, de Núcleo Rural ou Rústico, considera que poden ser obxecto de transformación urbanística nos termos da Lei e o contido da Normativa Urbanística.

Tal coma establece a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural do ano 2002, o solo urbanizable divídese en dúas categorías: A primeira é o Solo Urbanizable Delimitado (SUD), ou inmediato, que é o comprendido en Sectores delimitados e que teñen establecidos prazos de execución relativos á presentación de proxectos e as condicións para o seu desenvolvemento. A segunda é o Solo Urbanizable Non Delimitado (SUND), ou diferido, que sería o integrado polos demais terreos do solo urbanizable.

5.4.3.3.1. Solo Urbanizable Delimitado (SUD).

O SUD está dividido en sectores que se delimitan a través de límites físicos ou cambios de propiedade do solo. Os Sectores de SUD desenvolven a súa urbanización mediante Plans Parciais. Estes sectores poden ser clasificados coma Sectores de Planeamento Remitido ou coma Sectores con Ordenación Detallada (SOD).

Son considerados Sectores de Planeamento Remitido, aqueles sectores que se comezaron a desenvolver coas determinacións do PXOM de 1993 e que non chegaron á consolidación por non rematarse o proceso de equidistribución. Cada Sector de Planeamento Remitido conta cunha ficha individual coas normas mínimas coas que se debe desenvolver o Plan Parcial para a súa urbanización. Nos planos de ordenación están grafados coma Solo Urbano Non Consolidado de Ámbito de Planeamento Remitido (APR).

Os Sectores con Ordenación Detallada, difiren do anterior tipo en que xa están definidos tódolos parámetros e determinacións esixibles a un Plan Parcial co fin de facer innecesaria a redacción dun proxecto de desenvolvemento, podendo establecer condicións posteriores a través dun Estudo de Detalle, así

mesmo é posible solicitar mudanzas no Plan Parcial por iniciativa privada. “Os Sectores coa Ordenación Detallada desde o Plan Xeral teñen garantida a súa execución polos Convenios Urbanísticos polos que a Administración concertou cos particulares interesados a súa execución” (Concello de Vigo, 2008, p. 456).

5.4.3.3.2. Solo Urbanizable Non Delimitado (SUND).

O SUND non está dividido en sectores, polo que o desenvolvemento urbanístico deste tipo de solo, comeza pola redacción de Plans de Sectorización. Unha vez aprobados os Plans de Sectorización e establecidos os sectores, o SUND pasara a ser SUD e se actuará para a súa urbanización conforme as normas do segundo.

5.4.3.4. Solo Rústico.

Segundo a normativa urbanística do PXOM de Vigo de 2008, o solo rústico esta constituído polas areas do territorio municipal que:

deben de ser preservadas dos procesos de desenvolvemento urbano porque as súas condicións naturais, as súas características ambientais, paisaxísticas ou ecolóxicas, o seu valor produtivo agropecuario, forestal ou gandeiro, deban protexerse a fin da súa conservación e de facilitar as actuacións necesarias de recuperación dos seus valores intrínsecos. Así mesmo inclúense nesta clase de solo as zonas que presenten riscos naturais o tecnolóxicos incompatibles coa súa urbanización. (Concello de Vigo, 2008, p. 460)

As disposicións xerais dos solos rústicos permiten actividades e usos construtivos directamente relacionados coa natureza ou aproveitamento do solo rústico en cuestión; estando totalmente prohibida a parcelación dos terrenos con fines urbanísticos. O PXOM de 2008 non contempla entre os usos autorizables, aás edificacións residenciais asociadas a actividades permitidas.

Preséntanse a continuación as características xerais dos diferentes tipos de solo rústico presentes na parroquia de Bembrive.

5.4.3.4.1. Solo Rústico de Protección Ordinaria.

As normas urbanísticas o describen coma:

o constituído polos terreos que o Plan Xeral considera inadecuado para o seu desenvolvemento urbanístico, en razón ás súas características xeotécnicas ou morfolóxicas, o alto impacto territorial que comportaría a súa urbanización, os riscos naturais ou tecnolóxicos ou en consideración ós principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sostible. (Concello de Vigo, 2008, p. 465)

Este tipo de solo, maioritario no PXOM de 1972, e bastante presente no PXOM de 1993, é practicamente residual na parroquia coa aprobación do PXOM do 2008, nin sequera está presente na clasificación xeral dos usos do solo e temos que ir a ordenación pormenorizada para atopalo.

As únicas instalacións permitidas son as relacionadas coas redes de subministro e comunicación, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

5.4.3.4.2. Solo Rústico de Protección Especial Agrario Paisaxístico.

Son descritos coma “os espazos que configuran os elementos intrínsecos dunha paisaxe de orixe rural dispersa, que no momento actual definen os corredores paisaxísticos internos sobre os que gravitan os valores históricos e etnográficos de como o home configurou estas paisaxes” (Concello de Vigo, 2008, p. 466).

Permítese as mesmas instalacións que no Ordinario, e aquelas estritamente necesarias para desenvolver as actividades agrarias ou agropecuarias tradicionais.

5.4.3.4.3. Solo Rústico de Protección Especial Forestal.

Nesta categoría son incluídos os solos que estas destinados a:

explotacións forestais e os que sustentan masas arbóreas que deben ser protexidas por cumprir funcións ecolóxicas, produtivas, paisaxísticas, recreativas o de protección do solo, e igualmente por aqueles terreos de monte que, aínda cando non sustentan masas arbóreas, deban ser protexidos por cumprir ditas funcións e, en todo caso, polas áreas arbóreas formadas por especies autóctonas, así como por aquelas que teñan sufrido os efectos do lume nos cinco anos anteriores á data de entrada en vigor da Lei 9/2002. (Concello de Vigo, 2008, p. 467)

No solo rústico de especial protección forestal, son incluídos os montes públicos e os montes de propiedade comunal dos veciños, no caso de Bembrive son os montes de propiedade da Entidade Local Menor.

Permítese as instalacións de comunicación e distribución e as construción destinadas a apoio da gandeira extensiva, apicultura, explotación e defensa forestal, turismo rural (potenciadoras do medio e sobre estruturas existentes) e actividades complementarias de primeira transformación, almacenamento e envasado de produtos do sector primario, sempre que garden relación directa coa natureza do terreno.

5.4.3.4.4. Solo Rústico de Protección Especial de Augas, Canles e Ribeiras.

Nesta categoría compréndense todos os canles naturais de auga, as súas ribeiras, zonas húmidas e entornas inundables, aínda non estando grafados como tal non planos de ordenación.

Abarca unha franxa de 5 metros de perímetro ao redor destes elementos, que aumenta en 20 metros en todo río ou regato de nome coñecido no lugar.

Permítense as instalacións de comunicación e distribución e as construción destinadas actividades de turismo rural, potenciadoras do medio, sempre que estean sobre estruturas existentes.

5.4.3.4.5. Solo Rústico de Protección Especial de Espazos Naturais.

Corresponde a zonas nas que se deben de preservar os valores naturais, ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos, científicos ou recreativos dos espazos con maior valor natural do concello de Vigo.

Só son permitidas as construcións destinadas ao turismo rural ecolóxico, sen presenza humana permanente.

5.4.3.4.6. Solo Rústico de Protección de infraestruturas.

Comprenden as zonas destinadas á localización de infraestruturas e as súas áreas de protección ou servidume. Así como as infraestruturas existentes e as súas áreas de afección.

Permítese a instalación de redes de subministro e comunicación, sempre que non impliquen urbanización do terreno e as vinculadas ao funcionamento das estradas. Permítese a construción de instalacións de apoio á actividade agrícola, estacións de subministro de carburante, as infraestruturas públicas en xeral e as que podan establecer os instrumentos de ordenación do territorio.

5.4.3.4.7. Réxime Especial dos Espazos Arqueolóxicos.

O PXOM do 2008 considera como Solo Rústico de Protección Arqueolóxica aos perímetros de Protección Integral dos xacementos arqueolóxicos situados sobre Solo Rústico de outra índole.

As características de protección de cada xacemento arqueolóxico están descritas en fichas individualizadas.

5.4.4. Ordenación do solo.

Ao igual que para os PXOM de 1972 e 1993, preséntase a continuación un mapa coa clasificación xeral dos solos da parroquia de Bembrive segundo o PXOM do 2008. Seguindo o mesmo modelo, preséntase tamén unha ampliación relativa ao barrio do Mosteiro onde é amosada a zonificación dun xeito máis pormenorizado.

Neste caso realizouse unha simplificación semellante ao caso de 1993. Hai que ter en conta que no PXOM do 2008 a maioría de núcleos consolidados son definidos como Solo Urbano, abandonando a clasificación xenérica de núcleo tradicional realizada no ano 1993, e reservando a mesma para os núcleos que máis se achegan a natureza rural.

Deste xeito, o Solo Urbano é tratado na mesma mancha sen diferenciar ordenanzas e o de núcleo rural segue o mesmo modelo. O solo urbanizable é simplificado do mesmo xeito que en 1993, unindo na mesma mancha o Solo Urbanizable Delimitado, o Solo Urbanizable Non Delimitado e os Ámbitos de Planeamento remitido, que non son máis que os PP, os PAU e as UA herdadas do anterior PXOM.

Hai que ter en conta que a definición gráfica de Solo Urbano é mais precisa no 2008 que en 1993, isto é, no 93 as Unidades de Actuación (sectores urbanizables) eran encadradas dentro dos núcleos rurais, polo que no mapa presentado aparecían na mancha de núcleo rural, no 2008 son tratadas coma APR, que se herdan do PXOM de 1993, e son tratadas coma solo urbanizable, polo que pode parecer que nalgúns núcleos diminúe o solo consolidado, cando en realidade era un problema de sobredimensionamento na cartografía de 1993.

O solo de equipamentos e os solos rústicos seguen o mesmo tratamento do ano 1993.

5.4.4.1. Ordenación da parroquia de Bembrive.

O modelo de ordenamento é basicamente o mesmo ca no ano 1993, coas excepcións tratadas no anterior punto. O solo urbano e de núcleo rural aumentan a súa superficie, absorbendo parte dos solos urbanizables da anterior ordenación, ao redor dos núcleos consolidados, e superficies rústicas.

No xeral, a maioría de superficies de solo urbanizable, do anterior PXOM, son respectadas redefiníndoas coma APR, algunhas outras son substituídas por solos rústicos ou absorbidas polo solo urbano ou de núcleo rural, e xorde algunha nova á beira dos núcleos existentes. Na fronteira centro-este aparece unha grande superficie de solo urbanizable, ordenada para acoller un grande polígono industrial, sobre solos que eran de protección forestal na anterior ordenación.

O solo rústico ordinario desaparece en favor de tipoloxías existentes ou de nova cuña, tal como o Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais, no extremo noroeste da parroquia, á beira do último tramo do río Eifonso na parroquia.

O solo de protección de canles fluviais aumenta considerablemente, ademais de aumentar o tramo de protección do Eifonso até o seu nacemento, desta vez protéxese tamén o río Mosteiro en toda a súa extensión fora de núcleos consolidados. Aparece o solo de protección arqueolóxica sobre os castros do Arieiro e da Chan. O solo de protección agraria diminúe a súa superficie pola presión urbanística e o solo de protección forestal mantense estable, perdendo o reduto no norte do barrio do Mosteiro.

Aumenta tamén a superficie de solo para equipamentos na fronteira norte, absorbendo o solo rústico ordinario do asentamento ilegal do Arieiro, formando unha mancha continua que ocupa a metade do límite norte.

En canto ao solo rústico de infraestruturas, este sofre un grande aumento. Obsérvase que a autoestrada programada no anterior PXOM variou o seu trazado, desprazándose cara o sur e alonxándose dos núcleos poboacionais. Aparecen novas superficies desta categoría sobre estradas locais no norte e sur da parroquia, pero a principal novidade é unha nova vía de alta capacidade que atravesa a parroquia dende o noroeste até o barrio de San Cibrán no sur,

onde se converte nun túnel que atravesa o monte en dirección ao concello de Mos. Esta nova vía está programada sobre solo que se consideraba urbanizable, no anterior PXOM, no noroeste da parroquia e continua á beira dos núcleos existentes de Mourelle e Carballal, sobre o leito do río Eifonso, en forma de viaducto.




Fig. 188. Asentamentos poboacionais na parroquia de Bembrive na actualidade.




Fig. 189. Mapa de clasificación xeral dos solos no PXOM do 2008.

5.4.4.2. Ordenación do barrio do Mosteiro.




Fig. 190. Mapa de ordenación pormenorizada do barrio do Mosteiro no PXOM do 2008.

O modelo de ordenación pormenorizada non varia, na base, con respecto ao ano 1993. No barrio do Mosteiro é onde mais aumenta o Solo Urbano de toda a parroquia, para isto é absorbida grande parte do solo urbanizable do 93. Ante a imposibilidade de desenvolvemento dos PP e PAU, o PXOM ordena como urbana a coroa mais próxima ao núcleo consolidado.

En canto as ordenanzas en Solo Urbano, a 4 grado 3º e a 7 grado 3º, permiten a edificación en fileira con distintas edificabilidades, estas concéntranse no núcleo central do barrio. O resto do Solo urbano permite a edificación unifamiliar illada baixo as ordenanzas 10 grado 2º, maioritaria no barrio, e a 10 grado 1º, relegada ao oeste do Mosteiro.

O solo urbanizable diminúe, excepto no norte do barrio, substituíndo ao solo de protección agrícola e forestal. O maior descenso de superficie urbanizable prodúcese no oeste, debido ao trazado programado da nova autoestrada. A natureza do solo urbanizable continua igual que no anterior PXOM, a través de sectores urbanizables na súa totalidade; no centro do barrio imperan os APR herdados da anterior ordenación, no norte, mais alo da autovía A-55 existe unha bolsa de Solo Urbanizable Delimitado e no sur unha de Solo Urbanizable Non Delimitado.

As áreas de equipamentos non varían, a excepción da situada sobre o cemiterio municipal, que agora é considerada como equipamento local e no anterior PXOM estaba dentro dunha Unidade de Actuación.

O solo rústico agrícola diminúe e o forestal desaparece. Xorde unha nova superficie de protección do río Mosteiro que se suma á existente do río Eifonso.

5.4.5. Conclusión.

A ordenación do PXOM do 2008 continua co mesmo modelo de 1993, en rasgos xerais.

En canto ao Solo Urbano e de Núcleo Rural, obsérvase diferenza, pois agora só se cualifican como rurais os núcleos que máis se achegan a esta natureza, tal como foi relatado anteriormente. A principal novidade é que o Solo de Núcleo Rural ten un tratamento especial, con ordenanzas propias e un maior proteccionismo na expansión dos núcleos, na edificabilidade e na estética.

Aumenta a superficie do solo urbano e de núcleo rural para paliar o problema da urbanización programada por sectores, aínda que non se resolve o problema do solo urbanizable, pois se continua co mesmo modelo. A maioría de PP, PAU e UA son respectados dende a anterior ordenación e transformados en APR, sen mudar o problema de base; e aínda se constitúen novos sectores, perdendo a oportunidade de diminuír a esaxerada superficie urbanizable. Ademais, nos novos sectores aumenta a carga referente a vivenda de protección oficial, situándose nunha media do 40%, o que dificulta aínda

máis o desenvolvemento dos sectores urbanizables nunha parroquia onde prima a autopromoción para vivenda propia.

A razón de manter a maioría dos sectores urbanizables do anterior PXOM, está en que en moitos deles foron presentados plans ou programas de urbanización que foron aprobados, pero que non comezaron a desenvolverse. A supresión destes sectores levaría a perdas económicas das persoas que se embarcaron no proceso e os veciños dificilmente aceptarían que as súas parcelas pasasen de urbanizables a rústicas; aínda que a posibilidade de urbanizalas sexa practicamente nula e estean a pagar unha contribución de solo urbano.

En canto ao solo rústico, aparece unha nova categoría de solo de protección arqueolóxica, curiosamente, un dos solos así cualificados está localizado no barrio da Chan, xusto por onde estaba proxectada a autoestrada que finalmente foi desprazada cara o este nesa zona. O maior espírito proteccionista vese reflexado tamén no aumento das superficies de protección de canles fluviais, que agora protexen todo o transcurso dos dous principais ríos da parroquia, o Eifonso e o Mosteiro. Outra proba é a aparición dunha nova categoría de solo rústico na parroquia, a de protección dos espazos naturais, localizada unicamente no extremo noroccidental da parroquia, no barrio de Baruxáns.

Sen embargo, ao respecto da protección do medio, a nova ordenación da unha de cal e outra de area, pois no trazado programado da nova vía de alta capacidade, cométese os mesmos erros que no PXOM de 1993, pois o novo trazado volta a pasar á beira dos núcleos urbanos e o núcleo rural do San Cibrán. Non podemos deixar de apreciar a incoherencia de dar unha maior protección a un núcleo rural e despois proxectar o trazado dunha grande vía a escasos metros do mesmo, e o que é máis grave, protéxense os ríos cunha banda que impide a edificación a 25 metros da beira e despois trazase un grande viaduto sobre a metade de todo o transcurso do río Eifonso.

Poderíamos encadrar no mesmo problema a grande superficie de solo urbanizable programado, para a construción dun grande polígono industrial, sobre anterior solo de protección forestal no límite este da parroquia, aínda que ao noso parecer, neste caso a gravidade é menor.

En resumo, aumenta o solo urbano, non por un proceso de desenvolvemento do solo urbanizable, senón porque ante a imposibilidade de urbanizalo decídese darlle a categoría de urbano sen mudar as súas condicións. Ademais, non se resolve o problema do modelo de sectores urbanizables e se lle da continuidade aínda que sen aumentar demasiado os polígonos urbanizables.

Existe unha maior protección do medio natural, do patrimonio arqueolóxico e dos núcleos rurais, pero o proxecto da nova vía de alta capacidade estraga recursos e riqueza natural, xunto co núcleo rural de San Cibrán.

A superficie de equipamentos continua aumentando, pero non aumentan os equipamentos propios da parroquia, aqueles que mellorarían o funcionamento interno da mesma.

A conclusión é que o tratamento do rural en xeral e de Bembrive en concreto, mellorou moito dende o primeiro PXOM de 1972, pero aínda non se abandonou de todo, a idea de ordenar a parroquia dende a perspectiva da vila, existindo reminiscencias da idea do rural como solo de reserva para a cidade.



Fig. 191. Barrio do Carballal no ano 2015.

6. Conclusiones

A presente disertación ten por obxectivos o estudo da natureza e evolución urbana de Bembrive, contrastar a influencia que os Plans Xerais de Ordenación Municipal tiveron e teñen nesta evolución e poder establecer unha serie de recomendación ou rutas xerais para vindeiras actuacións urbanísticas sobre a parroquia. A estrutura das conclusións segue a seguinte orde: primeiro tratarase a evolución urbana experimentada, a través da análise do capítulo 4, despois abordarase a conclusión xerais do planeamento, elaboradas no capítulo 5, e finalizarase coa proposición de directrices para a intervención futura en cada un dos campos urbanísticos analizados.

6.1. Evolución urbana de Bembrive.

- Décadas de 1940 e 1950: permanece estable o modelo de poboamento iniciado no medievo.

A través da análise da evolución urbana da parroquia de Bembrive, obsérvase que no punto de partida, ano 1943, estase ante unha parroquia rural e labrega que apenas variou o seu urbanismo dende moitas décadas atrás. Nesta altura, as tipoloxías dos asentamentos poboacionais correspóndense coas tradicionais na maioría do territorio galego, concentrados en torno aos `lugares` primixenios, a economía baséase no traballo agrícola e gandeiro de subsistencia, as densidades de edificación e poboación sitúanse en valores baixos, normais dentro do rural galego, e as vías de comunicacións son escasas e de baixa calidade, apenas existe unha vía asfaltada para a conexión coas parroquias limítrofes e co centro da cidade de Vigo.

- Décadas de 1960 e 1970: novo marco económico, novo modelo de distribución do hábitat.

Todo permanece estable até as décadas dos anos sesenta e setenta do pasado século, onde, a través do despegue económico da cidade, o urbanismo da parroquia acelera notablemente o súa evolución. O traballo no agro é

substituído polo sector secundario, xurdindo movementos pendulares cotiás de desprazamento aos polos industriais. As novas edificacións multiplícanse co aumento da capacidade económica dos veciños, xorden novas vías de comunicación exterior e interior, pero, sobre todo, melloran as estradas e rúas de conexión interna da parroquia. Estas vías convértense nos elementos rétores do urbanismo de Bembrive, estendéndose ao longo das mesmas a mancha urbana de novas e numerosas vivendas.

A natureza da parroquia vai mudando dende a imaxe labrega inicial até a residencial actual. As tipoloxías tradicionais dos asentamentos vanse difuminando en favor dunha urbanización difusa na tipoloxía de enxame, que medra a partir dos núcleos existentes a través das estradas, ocupando cada vez máis extensión de territorio. A zona norte, que dende o inicio albergaba as maiores densidades de edificación e poboación, sobre todo a noroeste, vaise distanciando cada vez máis da sur nestes aspectos, apoiada en tres factores fundamentais: un relevo físico mais suave, unha maior cercanía da cidade concentrada e unha maior conectividade externa e interna.

- A partir da década de 1980: o modelo implosivo, a cidade expándese a costa do rural.

A partir dos anos oitenta do século XX, a velocidade de edificación perde forza, continuando o aumento nun ritmo mais baixo, pero que sigue acentuando o proceso. Neste punto, xorde un novo fenómeno urbanístico de contraurbanización, no que as clases medias foráneas instalan a súa residencia na parroquia de Bembrive, que se suma ao crecemento endógeno, aínda que nunca chega aos niveis deste.

Despois do forte impulso producido pola iniciativa privada, nas últimas décadas obsérvase certo incremento das condicións urbanas da parroquia, máis patente na zona norte, con novos equipamentos de servizo públicos e privados e novas infraestruturas de comunicación, sobre todo externa. Hai que destacar un forte aumento de equipamentos xerais na fronteira norte de Bembrive, ao amparo da autovía A-55, pero estes equipamentos non son programados para dar

servizo á parroquia, senón que procuran atender a toda a área metropolitana e incluso ás comarcas exteriores á mesma.

- Integración inacabada. Modelo urbano sen ter en conta ao rural.

A mudanza urbana da parroquia encádrase máis nunha evolución cuantitativa ca cualitativa, a tipoloxía xeral das edificacións non muda, sendo estas de natureza unifamiliar e illada, coa excepción de algúns casos no núcleo central do barrio do Mosteiro, que se distingue como cabeceira da parroquia durante todo o proceso de evolución urbana. O considerable aumento edificatorio vivido dende a metade do século XX, é acollido por unha rede de estradas preexistente, sen que estas acaden un grado de urbanización adecuado, antes da implantación das novas edificacións.

Baseándose nos datos referidos e nos estudados no capítulo de análise da evolución urbana da parroquia, e a través do estudo teórico da evolución dos asentamentos rurais na Galiza; pódese concluír que Bembrive segue o modelo xeral de urbanización das zonas periurbanas das grandes cidades, aínda que cun baixo nivel de acollemento de habitantes foráneos, polo que estamos máis ante unha mudanza de actividades e tipoloxías construtivas que de desprazamentos poboacionais. Isto demostrase a través dos censos, que non aumentaron de xeito significativo nas últimas décadas. O motivo deste crecemento edificatorio maioritariamente endógeno pode deberse a varios factores, que van dende o nivel de ocupación preexistente até a baixa atracción da parroquia por falta de condicións urbanas.

Neste modelo, as novas edificacións conviven coas edificacións labregas tradicionais, aínda que a imaxe destas estea desdebuxada por múltiples remodelacións. O crecemento urbano faise a partir dos núcleos existentes, nunha proliferación de chalés con pequenas fincas, que se implantan ao longo das estradas existentes sobre terrenos que eran empregados para a produción agraria, o déficit de planeamento deste crecemento resulta nunha imaxe urbana caótica.

6.2. Clasificación por tipoloxía urbana.

Nunha tentativa de clasificar as diferentes zonas de Bembrive segundo o seu grado de urbanización, tómake coma base o concepto de cidade difusa. Para elo, débese de partir do suposto de que a cidade de Vigo e o seu entorno constitúen unha cidade difusa, cunha cidade concentrada no seu interior, que se vai estendendo no territorio, de este xeito entendemos que a mesma está asimilando a Bembrive, en diferentes grados segundo as zonas da parroquia.

Débese atender ao feito de que na sociedade actual, co aumento de mobilidade auspiciado pola motorización da poboación, muda a idea de que os equipamentos e servizos deben de situarse ao pé das vivendas para ser efectivos. A parroquia en estudo é un exemplo deste fenómeno, pois a falta de algúns equipamentos básicos no seu territorio é corrixida pola cercanía dos mesmos en polígonos próximos a súa fronteira norte e ao aumento da mobilidade.

Baixo esta premisa, clasifícase á parroquia en tres sectores, que se diferencian pola súa natureza urbanística. Hai que considerar que esta clasificación é visible nunha escala parroquial, como a que segue a presente disertación; polo que en análises máis amplos a nivel de escala, sería moito máis complicado distinguir as diferencias.

Pódese considerar que a zona noroeste de Bembrive, encádrase xa, dentro da propia **cidade difusa**, debido a que posúe os niveis mais altos de equipamentos, conectividade exterior, densidades de edificación e poboación e solo urbano.

O resto da zona norte ten uns niveis de densidades e conectividade un pouco mais baixos, pero, sobre todo, ten moitos menos equipamentos que a zona noroeste, polo que é cualificada coma **urbanización difusa**, este é o estadio previo á concreción da cidade difusa, e no noso caso, concrétase coma unha zona de transición entre o noroeste máis urbano e o sur máis rural.

Por ultimo, a zona sur da parroquia está, ao noso entender, nun estadio anterior que se pode denominar de **rururbanización**, no que a imaxe rural convive coa urbana. As densidades son baixas, a conectividade interna e externa é moi

inferior ao norte e a oferta de equipamentos case inexistente, se se obvian os de natureza rural con función de esparcemento e repouso.




Figura 192. Mapa de sectores parroquiais por tipoloxía urbana.

6.3. Plans Xerais de Ordenación Municipal.

En canto á evolución dos Plans Xerais de Ordenación Municipal, obsérvase unha melloría notable, pero insuficiente respecto a Bembrive, dende o primeiro de 1972 até o derradeiro do 2008. Preséntase a continuación unha táboa na que avaliamos diversos factores na redacción e aplicación dos PXOM.

Factores\PXOM	PXOM 1972	PXOM 1993	PXOM 2008
Ordenación	Simplista e uniformante	Complexa	+ Complexa
Escala da ordenación	(1/10.000), excepto no PRE do Mosteiro	(1/2.000)	(1/2.000)
Influencia real	Case nula	Escasa	Escasa, en proceso
Estudo da parroquia	Inexistente	Moi escasa	Media baixa
Atención ás peculiaridades da parroquia	Inexistente	Moi escasa	Escasa
Estudo e protección do medio rural	Inexistente	Moi escasa	Media, fai estudo do medio rural pero non o aplica adecuadamente
Protección dos núcleos rurais	Inexistente, non recoñecidos	Escasa, recoñecidos pero sen protección específica	Media, non atende a peculiaridades
Protección do medio natural	Moi escasa, outorga certa protección pero permite a edificación	Escasa, non permite a edificación pero apenas avanza na cualificación de solos	Media, aumenta os solos específicos de protección, pero proxecta sobre algúns
Protección do patrimonio construído	Inexistente, a excepción da igrexa parroquial	Escasa	Media, pero insuficiente

Táboa 40. Cadro comparativo dos aspectos xerais, relativos a Bembrive, dos PXOM de 1972, 1993 e 2008.

De seguido, comentaranse polo miúdo as conclusións da análise dos PXOM de 1972, 1993 e 2008, do capítulo 5, para despois centrarse na proposta de directrices para futuras intervencións urbanísticas.

- PXOM de 1972: Déficit de planeamento urbano, análise territorial simplista.

No PXOM de 1972 obsérvase un grande déficit de planeamento urbano, a ordenación do territorio era excesivamente simple, o territorio foi cualificado coma forestal ou agrícola/común a partir da delimitación da masa forestal. A permisividade do PXOM sumada a do Concello permitiu que os veciños se acolleses á excepción de vivenda asociada a explotación agrícola en calquera parcela de máis de 2.000 m² para a construción de vivendas exclusivamente residenciais. A única zona cunha ordenación pormenorizada era o barrio do Mosteiro, no que se programou un polígono de urbanización, pero este nunca se chegou a desenvolver.

O acollemento á excepción da vivenda agrícola, propiciou a edificación dispersa e a implantación de vivendas en localizacións inadecuadas. A única traba que atopaban os veciños para edificar nas súas parcela era a natureza da propiedade do solo, pois o minifundismo dificultaba reunir a superficie necesaria. Para paliar este problema, realizáronse numerosas modificacións puntuais na ordenación, delimitando sectores nos que se permitiu construír en parcelas menores, pero sen apenas esixencias de urbanización. De este xeito as novas vivendas ubicábanse en parcelas que non tiñan as menores condicións urbanas, ao longo da rede de camiños e estradas. Esta dinámica de modificacións puntuais e reiterada nos seguintes PXOM.

- PXOM de 1993: Creación de solo urbano a partir de solo urbanizable.

O PXOM de 1993 virou totalmente a situación, circunscribiu o solo urbano aos núcleos existentes e delimitou numerosos sectores de solo urbanizable. A excepción de vivenda agrícola seguiu contemplada, no Solo Non Urbanizable Común e Agrario, aumentando a parcela mínima aos 4.000 m² no último; pero

o control real da natureza agraria da vivenda, por parte do Concello de Vigo, dificultou as residencias camufladas.

O modelo de urbanización mudou, a partir dese momento só sería posible edificar en **solo urbano**, e para acadar máis solo urbano sería necesario desenvolver o **solo urbanizable**, totalmente delimitado pola ordenación. O problema xurde polas condicións do solo urbanizable, pois este foi dividido en sectores que debían de ser urbanizados por completo por medio de figuras secundarias do planeamento, os Plans Parciais (PP), Programas de Actuación Urbanística (PAU) e Unidades de Actuación (UA). Os requisitos esixidos por estas figuras, eran tan esaxerados que non se desenvolveu absolutamente ningún dos sectores.

- PXOM do 2008: reproducése o modelo de urbanización de 1993 e xorde o proteccionismo na concepción urbanística.

No PXOM do 2008 continuouse co **mesmo modelo de urbanización**, respectando a inmensa maioría de sectores urbanizables por figuras secundarias do PXOM de 1993. Algúns sectores foron eliminados en favor de solos de **protección** e proxectáronse outros novos, en menor medida, baixo o mesmo modelo, incrementando as esixencias de urbanización. A día de hoxe, segue sen desenvolverse ningún destes sectores.

É obvio que este modelo non é adecuado para a parroquia, concédese unha grandísima superficie de solo urbanizable, pero nunhas condicións que imposibilitan a súa urbanización. O problema, unha vez máis, parece estar na falta de atención ás características específicas de Bembrive. Mentres este modelo de creación de solo urbano é efectivo noutras zonas periurbanas do concello cunha maior atracción para a promoción inmobiliaria (zona costeira), demostrando que é un modelo regulado polo mercado inmobiliario; no caso de Bembrive, ao non existir unha forte demanda de solo urbano, que permita encarecer os costes de desenvolvemento, resulta nunha paralización do proceso de urbanización.

O propio PXOM do 2008 recoñece a dificultade na urbanización dos sectores cando ordena novas superficies de solo urbano nos límites dos núcleos consolidados. O problema estriba en que este novo solo urbano non posúe as condicións urbanas adecuadas, polo que se reproduce a dinámica de primeiro edificar e despois urbanizar, sen asegurar que estas zonas cheguen a acadar unhas condicións urbanas aceptables.

6.4. Directrices para futuras intervencións urbanas en Bembrive.

A solución para o problema do modelo de sectores urbanizables é complexa, ao esixir unhas condicións de urbanización que aseguren a consecución de un solo urbano de alta calidade e a cesión de terrenos para fins sociais e comunitarios, encarécese demasiado o proceso, chegando a impedilo. Por outra banda, se se concede máis superficie de solo urbano na ordenación, os propietarios edificarán e non se conseguiran condicións urbanas aceptables.

- Redistribución dos sectores urbanizables.

Dende o noso parecer, a solución pode estar en combinar e adaptar os dous modelos, **redistribuindo o solo urbanizable e modificando as condicións de urbanización**. En primeiro lugar, se vamos a facilitar a urbanización, deberíamos de eliminar todas as superficies urbanizables que non se sitúen nas coroas exteriores inmediatas aos núcleos consolidados, para evitar a creación de novos núcleos inconexos, que aumentarían a dispersión e o consecuente estrago de solo. Os Núcleos Rurais Tradicionais deberían de quedar fora do xogo, evitando a súa expansión e protexendo a súa morfoloxía.

- Redución do tamaño dos sectores urbanizables.

Estas coroas, dividiríanse por sectores urbanizables a través de Plans Parciais que asegurasen unhas condicións urbanas adecuadas, a diferencia cos sectores actuais debería de basearse en varios factores. O primeiro sería o

tamaño, a **redución da superficie dos polígonos** facilitaría a posibilidade de desenvolves; os propietarios implicados reduciríanse facilitando o consenso, e de non ser posible o mesmo, sería máis doada a mudanza de propiedade por compra ou expropiación aos propietarios que non quixesen participar no desenvolvemento do sector. O tamaño dos mesmo debería de basearse no parcelario e no estudo de campo detallado.

- Rebaixa das cargas urbanísticas aos pequenos propietarios, no desenvolvemento dos sectores urbanizables.

O segundo factor sería a **rebaixa das condicións urbanísticas**. Se o valor das parcelas é menor, antes e despois da urbanización, que nas parroquias nas que si se desenvolven as actuais figuras secundarias, sería de xustiza que as contribucións foxen tamén menores; de igual xeito podería variar a contribución dependendo do tipo de promoción, esixindo **menores cotas na autopromoción para vivenda**. Estas rebaixas poderían basearse na redución ou eliminación dos porcentaxes de vivenda de protección oficial ou das cesións de edificabilidade, posibilidade que contempla o PXOM actual. Mantendo, iso si, os requirimentos relativos á calidade das condicións urbanas, infraestruturas e equipamentos.

- Implicación das administracións públicas no desenvolvemento dos sectores urbanizables.

O terceiro e último factor, consistiría nunha **maior implicación económica do Concello de Vigo e demais administracións públicas**, sexa cubrindo as rebaixas das cesións ou colaborando directamente na urbanización dos sectores. No centro da cidade son habituais as obras de mellora e mantemento das vías e equipamentos a través de financiación pública, polo que o xusto sería **redistribuír a financiación beneficiando tamén ao rural**. Desterrando as dinámicas de abandono e reserva do campo para o futuro da cidade concentrada, sobre todo agora que semella que este futuro vai cara a cidade espallada ou difusa.

- Maior aproveitamento edificatorio do Solo Urbano Consolidado.

A necesidade de urbanizar novos sectores pode ser rebaixada a través dun **mellor aproveitamento do Solo Urbano Consolidado**. Para mellorar o aproveitamento deberíase de mudar a titularidade dos camiños privados existentes, pasando a considerarse públicos, de este xeito permitiríase a edificación nas parcelas que son servidas polos mesmo. Outro factor que facilitaría o aproveitamento sería o de potenciar a reparcelación para aumentar o número de parcelas con fronte a vía pública, que acadarían o rango de solar.

Unha vez analizado o principal motor da urbanización, que no caso de Bembrive é a iniciativa privada baixo o modelo de autopromoción, pasaranse a tratar os elementos complementarios da mesma.

- Equipamentos públicos para dar resposta ás necesidades internas de Bembrive.

Os equipamentos públicos aumentaron considerablemente nas últimas décadas, sen embargo existe unha descompensación entre os que serven directamente a Bembrive e aqueles de servizo da área metropolitana, aumentado moito máis os segundos. Os solos reservados para novos equipamentos nos PXOM do 2008, localízanse na fronteira norte á beira da autovía A-55, onde se sitúan os equipamentos de servizo metropolitano, e na fronteira sur, nun plan de ampliación do campus universitario. É dicir, no solo reservado para esta función contémpanse equipamentos de ámbito metropolitano, estes darán servizo indirectamente a Bembrive, pero non cubriran as necesidades internas da parroquia.

Propónse a **reserva de solo e creación de equipamentos básicos de servizo directo á parroquia**, necesarios se se queren acadar unhas condicións urbanas adecuadas, tales como gardería, centro de día ou equipamentos deportivos para inverno. A gardería e o centro de día, fanse necesarios nunha parroquia de ámbito residencial e axudarían a paliar o problema do envellecemento poboacional. Débese prestar atención á **localización de equipamentos de financiación pública nos núcleos onde**

non se prevea solo urbanizable (Núcleos Rurais Tradicionais), pois non se poden beneficiar dos equipamentos creados a través da urbanización de sectores de iniciativa privada.

A maioría dos terrenos onde se localizan os equipamentos metropolitanos ou o solo de reserva para os mesmos, son de natureza forestal e eran ou son propiedade da Entidade Local Menor de Bembrive, que os cedeu ou vendeu a baixo prezo, practica que se repite coas infraestruturas de comunicación. Unha maneira de compensar esta colaboración sería a financiación dos novos equipamentos de servizo interno para a parroquia, sen desviar toda a responsabilidade ao desenvolvemento urbano de iniciativa privada.

- Reformulación das grandes infraestruturas, respectando e protexendo a natureza e singularidades de Bembrive.

O planeamento das grandes infraestruturas é outro punto, en calquera dos PXOM estudados, no que se antepón o ben común aos intereses da parroquia. Neste caso é algo habitual e en certo modo inevitable se se procura a mellora da comunidade. O único punto no que non estamos de acordo é na construción da nova vía de alta capacidade que atravesa a parroquia dende o barrio de Baruxáns ate o barrio de San Cibrán, onde comezaría un grande túnel. Esta vía, ademais de supor unha altísima inversión publica e o estrago de espazos naturais de importancia na parroquia, dobraría o servizo ofertado por unha autoestrada privada existente sen diminuír considerablemente os tempos de desprazamento; polo que nos parece máis racional a **recuperación da concesión da vía privada dando servizo gratuíto**.

Se esta opción é inviable, propónse a **reformulación do trazado da nova vía**, desprazándoo cara o sur ou aumentando o trazado en túnel, tal como aconteceu coa autoestrada AP-9 programada no PXOM de 93, que finalmente foi desviada protexendo aos núcleos rurais tradicionais. O cambio procuraría **impedir o estrago da contorna do río Eifonso** no seu transcurso entre Mourelle e o San Cibrán, considerada unha das zonas con máis valor ecolóxico

e etnográfico do concello. Ademais de prexudicar a contorna do Núcleo Rural Tradicional de San Cibrán.

- Planeamento proteccionista: unha necesidade para Bembrive.

No referente planeamento de carácter proteccionista, trataremos primeiro os Núcleos Rurais Tradicionais. Esta consideración non existía no PXOM de 1972, apareceu no de 1993 dun xeito xenérico, outorgándolle indiscriminadamente este rango a todos os núcleos consolidados de Bembrive, pero sen estipular unha protección especial dos mesmo. O PXOM de 2008 fai un estudo máis profundo neste campo e determina que só merecen tal consideración os núcleos de San Cibrán, Cháns, Miraflores nos Freires e Xestoso, aínda que, aclara que este rango se lle da máis por non poder encadralos na tipoloxía urbana que pola súa natureza rural. O PXOM de 2008 é o primeiro que considera unhas ordenanzas específicas para os núcleos rurais.

- Protección específica dos Núcleos Rurais Tradicionais.

Propónse a elaboración dun estudo máis detallado dos asentamentos de Bembrive para determinar con mais exactitude a natureza rural dos asentamentos, dende o noso punto de vista, non é comprensible que se cualifiquen coma rurais os núcleos de Xestoso e Miraflores (Freires) e non o de Carballal, xa que os primeiros experimentaron mudanzas máis profundas que o último, tales coma as densidades de edificación e poboación.

A través da análise realizada na disertación, obsérvase que a zona sur da parroquia é a que menos mudou a súa morfoloxía urbana, polo que é proposta a **cualificación de Núcleo Rural Tradicional para os asentamentos de San Cibrán, Carballal e Chans, exclusivamente**. Nestes núcleos debería de **conter a expansión** e realizar un estudo de campo pormenorizado que resultase na **creación de ordenanzas e normas propias para cada núcleo rural**, que respectasen a natureza propia de cada núcleo e recuperasen a estragada imaxe actual.

- Solos rústicos: aumento da protección e posta en valor.

No relativo aos solos rústicos de protección, propónse **incluir na protección de canles de auga aos regatos e regos que transcorren por concas hidrográficas claves** para o funcionamento da rede hidrográfica, evitando posibles problemas de inundacións e desaloxo de augas inadecuados. O grado de protección e as superficies incluídas no mesmo, serían o resultado dun estudo detallado das características hidrográficas e de relevo da parroquia. Así mesmo, propónse **aumentar a banda de protección nas localizacións do patrimonio hidrolóxico asociado aos ríos Mosteiro e Eifonso.**

Nos solos de **protección forestal** non se propoñen mudanzas na súa delimitación, pero se entende que é necesaria unha **posta en valor do monte veciñal**, a través de programas forestais de vixilancia, para evitar malas prácticas, e de reforestación con especies autóctonas, dun xeito compatible coa explotación madeireira, que é unha das bases de financiación da Entidade Local Menor. Compreendendo o monte coma un ben en si mesmo e non como unha reserva de solo para outros fins.

No solo de **protección agrícola** existe unha situación semellante, aínda que a protección desta clase de solo aumentou considerablemente en cada novo PXOM até chegar a unha situación na que a edificación está totalmente prohibida, a excepción da estritamente necesaria para a produción labrega; o solo agrícola sigue sendo empregado coma comodín para a reordenación en cada novo planeamento, entendéndoo coma un baleiro que permite o movemento dos solos urbanos e urbanizables. Propomos un estudo detallado para **delimitar os solos con mellores características para a explotación agraria** buscando un equilibrio coas posibles zonas de expansión dos núcleos. Unha vez delimitados, estes solos deberían de posuír unha **protección total que permita mantelos para xeracións futuras**, en previsión de posibles mudanzas no sistema económico produtivo.

Propónse tamén unha maior protección da zona do sendeiro de Eifonso, situada no transcurso do río Eifonso entre os barrios de San Cibrán e Mourelle, debido ao seu grande valor ecolóxico e etnográfico. Para isto, recoméndase a **ordenación dunha banda de solo de protección de espazos naturais que**

complemente á existente de protección de augas e canles no sendeiro de Eifonso. Asegurando unha protección adecuada da fauna e flora da zona, a través da creación dun corredor ambiental.

O solo de **protección arqueolóxica** só é contemplado, en Bembrive, no PXOM do 2008, pero cremos que as superficies delimitadas son insuficientes, xa que só protexen dous xacementos en toda a parroquia, o de Chans e o do Arieiro, e o entorno da igrexa parroquial. Proponse **delimitar zonas de protección de todo o patrimonio arqueolóxico citado na Contextualización de Bembrive, que permaneza no súa localización orixinal**, pois parte do patrimonio arqueolóxico foi desprazado do seu emprazamento para a construción de infraestruturas. Ademais de unha maior protección, é necesario o **desenvolvemento de programas de posta en valor do patrimonio arqueolóxico, que contemplen tamén ao patrimonio hidrolóxico.**

A continuación preséntanse unhas táboas resumo das directrices expostas:

MODELO DE URBANIZACIÓN		
Solo Urbanizable	Redistribución dos sectores urbanizable	
	Redución do tamaño dos sectores urbanizables	
	Rebaixa das cargas urbanísticas	
	Implicación das administracións publicas no desenvolvemento dos sectores urbanizables	
Solo Urbano	Maior aproveitamento edificatorio	Mudar os camiños privados a públicos
		Reparcelación dos terrenos para que dean a camiño público

Táboa 41. Directrices para o solo urbanizable e o solo urbano.

DOTACIÓNS URBANÍSTICAS	
Equipamentos públicos	Creación de equipamentos de servizo interno
	Financiamento público en contrapartida á cesión de terrenos
Grandes Infraestruturas	Protección medioambiental e da estrutura urbana
	Reformulación da nova vía de alta capacidade

Taboa 42. Directrices para equipamentos públicos e grandes infraestruturas.

PLANEAMENTO PROTECCIONISTA	
Núcleos Rurais Tradicionais	Cualificación dos núcleos de San Cibrán, Carballal e Cháns
	Contención da expansión dos núcleos
	Ordenanzas e normas específicas para cada núcleo
SOLOS RÚSTICOS	Aumento da protección e posta en valor
Canles de auga	Protección de canles sobre conchas hidrográficas clave
	Considerar o patrimonio hidrológico na banda de protección
Forestal	Reforestación con especies autóctonas, compatible coa explotación forestal.
Agrícola	Cualificación dos terrenos máis adecuados
	Protección total coma reserva para o futuro
Espazos Naturais	Ordenar banda de protección ambiental na contorna do sendeiro do río Eifonso
Arqueolóxicos	Zonas de protección para todo o patrimonio non desprazado
	Posta en valor do patrimonio arqueolóxico e hidrológico

Táboa 43. Directrices para os Núcleos Rurais Tradicionais e para os Solos Rústicos de Protección.

Coma conclusión final, dende a nosa perspectiva, entendemos que a maioría de deficiencias atopadas no planeamento pasado e actual teñen coma orixe os seguintes factores xerais:

O primeiro é un **déficit no análise da parroquia**, que deriva en decisións que non se adecúan ás características urbanas, socioeconómicas ou físicas dos espazos ordenados urbanisticamente. Cremos que parte da solución basearíase na realización de estudos de campo pormenorizados; o desenvolvemento dunha cartografía mais detallada e rigorosa; unha mellor comunicación, de ida e volta, coa Entidade Local Menor e os veciños de Bembrive e o estudo detallado do parcelario para unha delimitación máis racional das tipoloxías de solo e superficies de ordenanzas.

O segundo factor basease na idea, aínda remanécente, do **rural coma espazo de reserva para as actividades urbanas**. Mentres se contemple o rural coma un solo de natureza secundaria, o planeamento sobre o mesmo non cubrirá as necesidades internas. Na actualidade, o modelo de cidade concentrada como rexedora de todo o territorio periurbano debe de evolucionar asimilando o modelo da cidade espallada ou difusa; entendendo o territorio no que se encadra a parroquia de Bembrive, coma unha parte mesma do novo modelo de cidade, que debería de ter a mesma consideración que a cidade concentrada ou compacta, por parte das administracións públicas, respectando as características específicas de cada zona e a súa tipoloxía de urbanización.

7. Bibliografía.

7.1. Bibliografía específica.

Armas Diéguez, P. (1997). *Aldea y paisaje, Patria y patrimonio*. Recuperado de <http://hdl.handle.net/2183/8716>

Ávila y la Cueva, F. (2003). *Ciudad de Vigo, Villa de Bouzas*. A Coruña: ToxoSoutos

Baigorri, A. (1995). *De lo rural a lo urbano*. Comunicación presentada no V Congreso Español de Sociología, Granada. Recuperado de <http://www.eweb.unex.es/eweb/sociolog/BAIGORRI/papers/rurbano.pdf>.

Beiras Torrado, X. M. (1970). *Estructura y problemas de la población gallega*. A Coruña: Servicio de Estudios do Banco do Noroeste.

Bogdan, R., & Biklen, S. (1994). *Investigação qualitativa em educação*. Porto: Porto editora.

Colmenares, A. J. (1998). Gobernabilidad, diseño y gestión urbana. *Economía hoy*. Recuperado de: <http://www.arquitectura.com/historia/textos/abner.asp>

Comisión Europea de Territorio. (1983). Carta Europea de Ordenación del Territorio do 20 de Mayo de 1983. Torremolinos, España: Consejo de Europa.

Concello de Vigo (1972). *Plan General de Ordenación Urbana [PGOU]*. Recuperado de <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es>

Concello de Vigo (1993). *Plan General de Ordenación Urbana [PGOU]*. Recuperado de <http://www.planeamentourbanistico.xunta.es>

Concello de Vigo (2008). *Plan Xeral de Ordenación Municipal [PXOM]*. Recuperado de <http://hoxe.vigo.org>

Cunqueiro, A., & Alvarez Blázquez, J. M. (1979). *Vigo en su historia*. Vigo: Caixa de Aforros Municipal de Vigo.

Dantín Cereceda, J. (1925). *Distribución geográfica de la población en Galicia*. Madrid.

Dematteis, G. (1998). *Suburbanización y periurbanización: Ciudades anglosajonas y ciudades latinas*. Comunicación presentada en La ciudad dispersa: Suburbanización y nuevas periferias, Barcelona. Recuperado de <https://periferiaactiva.files.wordpress.com/2011/09/dematteis-suburbanizacic3b3n-y-periurbanizacic3b3n.pdf>.

Entidade Local Menor de Bembrive (2005). *60 anos de Entidade e Identidade*. Vigo: Entidade Local Menor de Bembrive.

Entrena Durán, F. (2005). Procesos de periurbanización y cambios en los modelos de ciudad. *Papers: Revista de Sociología*, (78), 59-88. Recuperado de <http://www.raco.cat/index.php/papers/article/viewFile/40273/40561>.

Fariña Jamardo, J. (1975). *La parroquia rural en Galicia*. Madrid: Instituto de Estudios de la Administración Local. Recuperado de

http://gigadrive.co/download.html?e=La_Parroquia_Rural_En_Galicia_%E2%80%93_Xose_Farina_.pdf#.

Fariña Tojo, J. (1980). *Los asentamientos rurales en Galicia*. Madrid: Instituto de Estudios de Administración Local.

Fernández de Rota, J. A. (1984). *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Madrid: Siglo XXI.

Ferras Sexto, C., & Lois González, R. C. (1993). Estructura urbana de las áreas metropolitanas gallegas: La estructura urbana de Santiago: ¿Un área metropolitana en proceso de formación?. *Papeles de Geografía*, (19), 115-124. Recuperado de <http://revistas.um.es/geografia/article/view/44261/42381>

Font, A. (1997). Anatomía de una metrópoli discontinua: La Barcelona Metropolitana. *Papers: Regió Metropolitana de Barcelona*, (26), 9-19. Recuperado de <http://www.raco.cat/index.php/PapersIERMB/article/view/101766/127794>.

Font, J., & Pujadas, R. (1998). *Ordenación y planificación territorial*. Madrid: Síntesis.

Formigo Couceiro, J., & Aldrey Vázquez, J. A. (1999). *Periurbanización y rururbanización en Galicia*. Comunicación presentada en Coloquio de Geografía Urbana, Málaga. Recuperado de <http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcjw>.

Fumega Piñeiro, F. (1995). *Dinámica espacial en la tierra de Carballiño (Tese de doutoramento, Universidade de Compostela)*.

García Docampo, M., Dalda Escudero, J. L., & González Harguindey, J. (2005). *Cidade difusa en Galicia*. A Coruña: Xunta de Galicia, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Dirección Xeral de Urbanismo.

García Pazos, F. (2008). La cartografía de la parroquia y el Catastro de Ensenada. *Revista Catalana de Geografia*, 13 (35). Recuperado de <http://www.rcg.cat/articles.php?id=133>

Gaviria, M. (1971). *Campo, urbe y espacio del ocio*. Madrid: Siglo XXI.

Ghiglione, R., & Matalon, B. (1997). *O Inquérito: Teoría e práctica*. Oeiras: Celta editora.

Gil, A. (1995). *Métodos e técnicas de pesquisa social*. São Paulo: Editora Atlas.

Gómez Orea, D. (1992). *Planificación rural*. Madrid: Editorial Agrícola Española.

González Pérez, J. M., & López González, A. (2003). La dinámica demográfica y el planeamiento urbano en Vigo desde 1960: Impacto del proceso de industrialización desarrollista. *Anales de Geografía de la Universidad Complutense*, (23), 163-185. Recuperado de: <http://revistas.ucm.es/index.php/AGUC/article/view/32236>.

Haggett, P. (1988). *Geografía: una síntesis moderna*. Barcelona: Omega.

Indovina, F. (1990). *La ciudad difusa*. Recuperado de <https://docs.google.com/file/d/0B1blmspM7rYBMnNWcm9saWN3Zmc/edit>.

Lefebvre, H. (1969). *El derecho a la ciudad*. Barcelona: Península.

- Lois González, R. C., & Torres Luna, M. P. (1995a). Claves para la interpretación del mundo urbano gallego. *Anales de Geografía de la Universidad Complutense*, (15), 731-740. Recuperado de <http://revistas.ucm.es/index.php/AGUC/article/download/AGUC9595220731A/31617>.
- Lois González, R. C., & Torres Luna, M. P. (1995b). Las periferias urbanas de Galicia. *Anales de Geografía de la Universidad Complutense*, (15), 435-444. Recuperado de <http://revistas.ucm.es/index.php/AGUC/article/download/AGUC9595220435A/31570>.
- Miralbés Bereda, M. R., & Torres Luna, M. d. (1976). Un criterio sobre la distribución del hábitat rural en Galicia y la división regional. *Boletín de la Real Sociedad Geográfica*, (112), 2. Recuperado de <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2323825>.
- Monclús, F. J. (1998). *Suburbanización y nuevas periferias: Perspectivas geográfico-urbanísticas*. Comunicación presentada en La ciudad dispersa: Suburbanización y nuevas periferias, Barcelona. Recuperado de <https://periferiaactiva.files.wordpress.com/2011/09/dematteis-suburbanizacic3b3n-y-periurbanizacic3b3n.pdf>.
- Marx, K. (2013). *El manifiesto comunista*. Madrid: Fundación de Investigaciones Marxistas.
- Otero Pedrayo, R. (1927). Problemas da xeografía galega: Notas encol das formas de poboazón labrega. *Revista Nós*, (45), 18. Vigo.
- Pazo Labrador, A. J. (1989). Notas para el estudio de los asentamientos rurales en Galicia. *Simposio Internacional sobre Otero Pedrayo y la Geografía de Galicia*, 149-180. Santiago: Consello da Cultura Gallega.
- Pazo Labrador, A. J. (1992). Análisis y representación cartográfica de los asentamientos rurales. *Adaxe: Revista de Estudios y Experiencias Educativas*, (8), 154-169. Recuperado de https://dspace.usc.es/bitstream/10347/450/1/pg_154-169_adaxe8.pdf.
- Pazo Labrador, A. J. (1995). *La trama de los asentamientos rurales en las rías bajas gallegas*. Pontevedra: Diputación Provincial, Departamento de Publicaciones.
- Pazo Labrador, A. J. (2005). La parroquia rural en Galicia: De espacio vivido a contenedor de habitantes. In *Homenaxe á Profesora Lola F. Ferro: Estudos de Historia, Arte e Xeografía*, 377-400. Ourense: Universidade de Vigo. Recuperado de <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1251963>.
- Precedo Ledo, A. (1987). *Galicia: Estructura del territorio y organización comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Ordenación del Territorio y Obras Públicas.
- Precedo Ledo, A. (1988). *La red urbana*. Madrid: Síntesis.
- Precedo Ledo, A., Míguez Iglesias, A., & Fernández Justo, M. I. (2008). Galicia: El tránsito hacia una sociedad urbana en el contexto de la Unión Europea. *Revista Galega de Economía*, 17 (extraord.), 1-20. Recuperado de https://www.usc.es/econo/RGE/Vol17_ex/castelan/art6c.pdf.

Roca, J. (2003). La delimitación de la ciudad: ¿una cuestión imposible?: Ciudad y Territorio. *Estudios Territoriales*, 35(135), 17-36. Recuperado de <http://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=761315>.

Rodríguez González, R. (1999). Monetización de la economía rural en Galicia. *Revista Eria*, (48), 19-30. Recuperado de <http://www.revistaeria.es/index.php/eria/article/view/440/421>.

